



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

X leislatura
Serie Pleno
Número 130

Sesión plenaria
8 de outubro de 2019

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPGjeXTyp3E14
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA

Punto 1. Texto legislativo

Debate de totalidade do proxecto de lei de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario (doc. nº 52558, 10/PL-000017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 507, do 18.07.2019

Publicación de emendas á totalidade, BOPG nº 536, do 24.09.2019

Punto 1 bis.

Debate e votación do límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, de conformidade co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira (doc. nº 56745 e 56976, 10/LGNF-000004)

Publicación no BOPG nº 542, do 04.10.2019)

Punto 2. Comparecencia

56743 (10/CPP-000110)

Do Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria, por petición propia, para dar conta da grave situación xerada en Galicia ante as políticas do Goberno central que están a provocar o peche das centrais térmicas das Pontes e de Meirama e a necesidade dunha transición enerxética xusta

Publicación da iniciativa, BOPG nº 450, do 1.10.2019

Punto 3. Moción

55719 (10/MOC-000157)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a mellora continua do sistema educativo galego. (Moción consecuencia da Interpelación nº 53912, publicada no BOPG nº 521, do 29.8.2019, e debatida na sesión plenaria do 10.9.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 533, do 18.09.2019

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 33899 (10/PNP-002566)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis

Sobre o Plan de normalización da lingua galega na mocidade e as medidas que debe adoptar o Goberno galego en materia de política lingüística entre a poboación infantil

Publicación da iniciativa, BOPG nº 349, do 31.08.2018



4.2 52240 (10/PNP-003907)**Grupo Parlamentario Mixto****Rodríguez Estévez, David**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa xestión dos xurros e residuos procedentes das explotacións de gandaría intensiva que se está a levar a cabo na comarca da Limia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 502, do 10.07.2019

4.3 52566 (10/PNP-003928)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e oito deputados/as máis**

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia destinadas á incorporación no Anteproxecto de lei reguladora dos xogos de Galicia dun artigo no cal se estableza a creación dun observatorio galego de xogos que teña entre as súas funcións elaborar un protocolo de menores en materia de xogo e un informe anual sobre o xogo na comunidade autónoma

Publicación da iniciativa, BOPG nº 508, do 19.07.2019

4.4 54445 (10/PNP-004031)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Porritt Lueiro, María Teresa**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa evolución que presentan os desequilibrios territoriais en Galicia e o despoboamento dalgunhas comarcas, así como a garantía do acceso aos servizos básicos ao conxunto da poboación na totalidade do territorio

Publicación da iniciativa, BOPG nº 524, do 04.09.2019

4.5 55264 (10/PNP-004086)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Vega Pérez, Daniel e trece deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para garantir a actividade dos centros produtivos e os postos de traballo das factorías de Alcoa en San Cibrao e un marco enerxético estable e competitivo, así como a aprobación dun estatuto de apoio ás empresas electrointensivas.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 528, do 11.09.2019

4.6 55437 (10/PNP-004101)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto das supostas irregularidades detectadas pola veciñanza de Sobrado dos Monxes en relación coas balsas de lodos de distinta procedencia existentes nos montes do concello

Publicación da iniciativa, BOPG nº 533, do 18.09.2019

4.7 55452 (10/PNP-004104)**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Angeles**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co custo económico que supón para as familias o inicio do curso escolar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 533, do 18.09.2019



4.8 55466 (10/PNP-004106)**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Chao Pérez, Luca e Quinteiro Araújo, Paula**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a actividade naval e os postos de traballo no estaleiro Vulcano, así como para abordar unha política conxunta para o sector

Publicación da iniciativa, BOPG nº 533, do 18.09.2019

4.9 55584 (10/PNP-004113)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas prazas de médicos internos residentes habilitadas polo Goberno central para o ano 2020

Publicación da iniciativa, BOPG nº 533, do 18.09.2019

Punto 5. Interpelacións**5.1 49605 (10/INT-001661)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa oferta de solo empresarial e a implantación e fixación de empresas en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 476, do 14.05.2019

5.2 52785 (10/INT-001749)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe realizar o Servizo Galego de Saúde en relación co concerto asinado con Povisa para garantir unha atención sanitaria de calidade á poboación que ten adscrita

Publicación da iniciativa, BOPG nº 512, do 29.07.2019

5.3 52802 (10/INT-001751)**Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar as actuais condicións laborais no sector do telemarketing, así como para evitar a deslocalización e a perda de postos de traballo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 512, do 29.07.2019

5.4 52893 (10/INT-001758)**Grupo Parlamentario de En Marea****Torregrosa Sañudo, Julia e Quinteiro Araújo, Paula**

Sobre as políticas de emprego que vai poñer en marcha o Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 512, do 29.07.2019



5.5 56086 (10/INT-001882)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Burgo López, María de la Concepción e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación co recoñecemento de universidades privadas dentro do Sistema universitario de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 538, do 27.09.2019

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**6.1 56658 (10/POPX-000164)****Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Sánchez García, Antón**

Sobre a política industrial do Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 450, do 1.10.2019

6.2 56741 (10/POPX-000165)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre a resposta que está a dar o Goberno galego á crise industrial que vive Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 450, do 1.10.2019

6.3 56742 (10/POPX-000166)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Caballero Miguez, Gonzalo**

Sobre a autocrítica que fai o Goberno galego da súa xestión para rectificar o rumbo político da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 450, do 1.10.2019

Punto 7. Preguntas ao Goberno**7.1 56049 (10/POP-006639)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pierres López, María Luisa e catro deputados/as máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da cobertura informativa dada pola CRTVG sobre a morte en Valga de tres mulleres vítimas da violencia machista

Publicación da iniciativa, BOPG nº 538, do 27.09.2019

7.2 53538 (10/POP-006315)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis**

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego en relación co trazado da Vía Ártabra para conectar os polígonos de Espírito Santo (Cambre) e Bergondo coa A-6

Publicación da iniciativa, BOPG nº 521, do 29.08.2019



7.3 54851 (10/PUP-000263)**Grupo Parlamentario de En Marea****Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego dos datos do investimento estranxeiro en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 524, do 04.09.2019

7.4 52365 (10/POP-006105)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia diante da diminución da actividade da central térmica das Pontes e das súas repercusións no sector auxiliar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 509, do 22.07.2019

7.5 54031 (10/POP-006414)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para evitar os efectos en Galicia da deslocalización de servizos de provisión e xestión de rede da empresa de telefonía R Cable

Publicación da iniciativa, BOPG nº 521, do 29.08.2019

7.6 54848 (10/PUP-000262)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Vega Pérez, Daniel e sete deputados/as máis**

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia diante do Goberno central para o mantemento da actividade da industria electrointensiva, en especial, a da planta de Alcoa en San Cibrao

Publicación da iniciativa, BOPG nº 524, do 04.09.2019

7.7 56668 (10/PUP-000265)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre as medidas que vai desenvolver a Xunta de Galicia para afrontar a crise da empresa Barreras na comarca de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 450, do 1.10.2019

7.8 56723 (10/PUP-000267)**Grupo Parlamentario Mixto****Casal Vidal, Francisco e tres deputados/as máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da posta e marcha dun grupo de traballo para o desenvolvemento do Mapa de transición sostible de Galicia (CLEW-Galicia) e a súa aplicación concreta na hipercomarca das Pontes-Ferrolterra-Eume-Ortegal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 450, do 1.10.2019



7.9 52620 (10/POP-006131)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rey Varela, José Manuel e dez deputados/as máis**

Sobre a situación en que se atopa o expediente e os prazos que manexa a Consellería de Sanidade para comezar as obras de remodelación do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol
Publicación da iniciativa, BOPG nº 513, do 30.07.2019

7.10 53097 (10/POP-006237)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia da actual situación no funcionamento de Povisa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 521, do 29.08.2019

7.11 56703 (10/PUP-000266)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e dous deputados/as máis**

Sobre a garantía polo Goberno galego do mantemento da calidade asistencial esixible e o emprego no Hospital Povisa, de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 450, do 1.10.2019

7.12 56735 (10/PUP-000268)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e sete deputados/as máis**

Sobre a información da Consellería de Sanidade referida á posible venda do Hospital Povisa, de Vigo, e, se é o caso, as medidas previstas ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 450, do 1.10.2019

7.13 55266 (10/POP-006562)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Oubiña Solla, Rosa e seis deputados/as máis**

Sobre os obxectivos fundamentais da Estratexia de dinamización económica, territorial e turística das comarcas vitivinícolas de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 533, do 18.09.2019



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

Debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación do proxecto de lei: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 14.)

Rolda de defensa das emendas á totalidade de devolución: *Sr. Rodríguez Estévez (M)* (Páx. 19.), *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 23.) e *Sr. Cal Ogando (GCE)*. (Páx. 27.)

Rolda dos grupos parlamentarios non emendantes para fixar a súa posición: *Sr. Álvarez Martínez (S)* (Páx. 31.) e *Sr. Trenor López (P)*. (Páx. 35.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Rodríguez Estévez (M)* (Páx. 40.), *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 41.) e *Sr. Cal Ogando (GCE)*. (Páx. 43.)

Votación do texto lexislativo

Votación da emenda á totalidade, de devolución, do G. P. Mixto, ao Proxecto de lei de medidas de garantía de abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario: *rexeitada por 18 votos a favor, 38 en contra e 13 abstencións*. (Páx. 45.)

Votación da emenda á totalidade, de devolución, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, ao Proxecto de lei de medidas de garantía de abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario: *rexeitada por 18 votos a favor, 38 en contra e 13 abstencións*. (Páx. 46.)



Votación da emenda á totalidade, de devolución, do G. P. do Grupo Común da Esquerda, ao Proxecto de lei de medidas de garantía de abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario: *rexeitada por 18 votos a favor, 38 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 46.)

Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor presidente comunica un cambio no desenvolvemento da sesión plenaria e anuncia que se van producir máis ao longo da sesión. (Páx. 46.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a mellora continua do sistema educativo galego. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 46.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 47.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Cuña Bóveda (GCE).* (Páx. 49.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Vázquez Verao (M)* (Páx. 51.), *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 53.) e *Sra. Antón Vilasánchez (P).* (Páx. 54.)

O señor Álvarez Martínez (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 56.)

Votación da moción

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a mellora continua do sistema educativo galego: *rexeitado por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 58.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, sobre o Plan de normalización da lingua galega na mocidade e as medidas que debe adoptar o Goberno galego en materia de política lingüística entre a poboación infantil. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 58.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 59.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Vázquez Verao (M)* (Páx. 62.) e *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 63.)



Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Cuña Bóveda (GCE)* (Páx. 65.)
e Sra. Vázquez Domínguez (P). (Páx. 66.)

A señora Rodil Fernández (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 68.)

Proposición non de lei do G. P. Mixto, por iniciativa de D. David Rodríguez Estévez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa xestión dos xurros e residuos procedentes das explotacións de gandaría intensiva que se está a levar a cabo na comarca da Limia. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 69.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Rodríguez Estévez (M)*. (Páx. 70.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 73.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 75.),
Sr. Cal Ogando (GCE) (Páx. 77.) *e Sr. Gómez Salgado (P)*. (Páx. 79.)

O señor Rodríguez Estévez (M) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 81.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e oito deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia destinadas á incorporación no Anteproxecto de lei reguladora dos xogos de Galicia dun artigo no cal se estableza a creación dun observatorio galego de xogos que teña entre as súas funcións elaborar un protocolo de menores en materia de xogo e un informe anual sobre o xogo na comunidade autónoma. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 83.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 84.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 87.),
Sra. Santos Queiruga (GCE) (Páx. 89.) *e Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 91.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Villares Naveira (M)*. (Páx. 93.)

A señora Prado del Río (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 95.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga e D^a María Teresa Porrit Lueiro, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa evolución que presentan os desequilibrios territoriais en Galicia e o despoamento dalgunhas comarcas, así como a garantía do acceso aos servizos básicos do conxunto da poboación na totalidade do territorio. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 97.)



Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Villares Naveira (M)* (Páx. 100.), *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 102.), *Sra. Santos Queiruga (GCE)* (Páx. 103.) e *Sra. Arias Rodríguez (P)*. (Páx. 105.)

Nova intervención do señor Fernández Leiceaga (S). (Páx. 107.)

Suspéndese a sesión ás tres e once minutos da tarde e retómase ás catro e quince minutos.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria, por petición propia, para dar conta da grave situación xerada en Galicia ante as políticas do Goberno central que están a provocar o peche das centrais térmicas das Pontes e de Meirama e a necesidade dunha transición enerxética xusta. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 109.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sr. Casal Vidal (M)* (Páx. 114.), *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 117.), *Sr. Sánchez García (GCE)* (Páx. 121.), *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 124.) e *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 127.)

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 131.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 137.) *Nesta rolda interveñen o señor Casal Vidal (M)* (Páx. 137.), *a señora Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 139.), *o Sánchez García (GCE)* (Páx. 141.), *a señora Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 143.), *o señor Tellado Filgueira (P)* (Páx. 145.) e *o Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 149.)

Interpelación de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e D. Abel Fermín Losada Álvarez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa oferta de solo empresarial e a implantación e fixación de empresas en Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)*. (Páx. 151.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 154.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)*. (Páx. 157.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 159.)

Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor presidente comunica o aprazamento da pregunta núm. 52365, por iniciativa da Sra. Presas Bergantiños. (Páx. 161.)



Interpelación de D^a Paula Quinteiro Araújo e dous deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar as actuais condicións laborais no sector de telemárketing, así como para evitar a deslocalización e a perda de postos de traballo. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Quinteiro Araújo (GCE)*. (Páx. 161.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 164.)

Réplica da autora: *Sra. Quinteiro Araújo (GCE)*. (Páx. 166.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 168.)

Interpelación de D^a Julia Torregrosa Sañudo e D^a Paula Quinteiro Araújo, do G. P. de En Marea, sobre as políticas de emprego que vai poñer en marcha o Goberno galego. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Torregrosa Sañudo (GCE)*. (Páx. 170.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 173.)

Réplica da autora: *Sra. Torregrosa Sañudo (GCE)*. (Páx. 175.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 177.)

Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica unha nova modificación no desenvolvemento da sesión plenaria consistente na acumulación de varias preguntas dirixidas ao Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López). (Páx. 178.)

Pregunta de D. José Manuel Lago Peñas e D^a Julia Torregrosa Sañudo, do G. P. de En Marea, sobre a valoración que fai o Goberno galego dos datos do investimento estranxeiro en Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sra. Torregrosa Sañudo (GCE)*. (Páx. 179.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 180.)

Réplica do autor: *Sra. Torregrosa Sañudo (GCE)*. (Páx. 181.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 182.)

Pregunta de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para evitar os efectos en Galicia da deslocalización de servizos de provisión e xestión de rede da empresa de telefonía R Cable. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 183.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 184.)



Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 185.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 186.)

Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que vai desenvolver a Xunta de Galicia para afrontar a crise da empresa Barreras na comarca de Vigo. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 187.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 189.)

Réplica do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 189.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 191.)

Suspéndese a sesión ás nove e dezaseis minutos da noite.



Ábrese a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Imos dar comezo á sesión.

Bos días, ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustificou a súa inasistencia a este pleno dona Concepción Burgo.

Entramos na orde do día co punto primeiro, que son textos lexislativos.

Debate de totalidade do proxecto de lei de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas á totalidade con petición de devolución por parte do Grupo Parlamentario Mixto, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Común da Esquerda.

Para a presentación do proxecto de lei ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, dona Éthel Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Bo día.

Grazas, presidente.

Señorías, traemos hoxe a esta Cámara o proxecto de lei de medidas de garantía de abastecemento en episodios de seca e nas situacións de risco sanitario. É a primeira lei para adaptar a xestión da auga ao contexto do cambio climático e blindar unha resposta áxil e coordinada entre todas as administracións públicas para garantir o abastecemento. É un texto lexislativo pioneiro, co que Galicia vai estar máis preparada para episodios de pouca choiva, de seca, e tamén de alerta sanitaria.

Hai tempo que vimos traballando. De feito, o texto lexislativo sae en outubro de 2018, e xa foi adiantado á Fegamp para abordar coa Fegamp este texto antes iniciar o trámite oficial. En febreiro foi publicado no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia e seguiu o trámite de audiencia ás diferentes administracións públicas e colectivos para que fixeran as súas achegas. O certo é que tan só 14 entidades presentaron observacións, que na súa meirande parte foron incorporadas. Logo deste proceso de participación pública e os informes sectoriais pertinentes, foi aprobado no Consello da Xunta o 4 de xullo, e está agora, unha vez remitido a esta Cámara, en trámite parlamentario.

Señorías, existía xa unha lexislación eficaz do ano 2010 en materia de augas, en materia de abastecemento. Pero con este proxecto de lei afondamos nun asunto importante. É un texto



normativo sobre a xestión do ciclo integral da auga como novo instrumento xurídico para planificar e para xestionar eventos de seca e de risco sanitario; eventos que, dende logo, pola súa importancia requiren de presteza e requiren de eficiencia e axilidade na súa resposta.

O texto lexislativo que hoxe traemos á Cámara nace da constatación de que Galicia necesita adaptar a xestión da auga ao contexto de cambio climático. Nos últimos anos vimos períodos de escaseza de precipitacións asociados ao cambio climático, e isto pon de manifesto que necesitamos, dende logo, prepararnos para evitar que estea comprometido o abastecemento de auga. E o que estamos a ver é que mudou a forma de chover. Hai períodos máis longos sen chover e períodos máis curtos con choiva máis intensa. Temos o exemplo do ano 2017 —o ano máis seco dos dez últimos anos—, choveu un 24 % menos; pero tamén temos que ter en conta que as precipitacións medias dese ano foron de 966 litros por metro cadrado e, polo tanto, o 24 % máis que en Murcia, por exemplo. Polo tanto, lévanos, dende logo, a concluír que temos que implantar ferramentas para avanzar nese cambio de cultura da auga e irnos acostumando a que non se pode desperdiciar auga. E dende logo que tamén, en materia de auga potable, cada gota conta.

Por suposto, as administracións públicas temos que actuar. É o obxecto desta lei. As administracións públicas somos as primeiras que debemos dar exemplo. O vivido en Galicia puxo en evidencia que debemos ser máis eficientes na xestión da auga, evitar perdas, evitar fugas nas redes e, dende logo, evitar consumos irresponsables. Hai que estar preparados e anticiparnos para establecer de antemán os mecanismos e os procedementos necesarios para dar unha resposta áxil e eficaz a estes eventos de seca e de risco sanitario.

Por iso dende a Xunta de Galicia impulsamos este texto lexislativo, unha lei destinada á prevención, á unha maior eficacia na xestión das reservas de auga e un uso responsable. Tamén ordena e delimita con claridade os protocolos de actuación para calquera situación deste tipo e para dar facilidades ás administracións públicas, que son as que teñen as competencias —as administracións locais principalmente—, para a adopción de medidas extraordinarias e maior coordinación para mellorar o funcionamento dos sistemas de abastecemento ante episodios como a seca e o risco sanitario.

Neste proxecto de lei temos moi presente que garantir a subministración de auga en cantidade e calidade á poboación precisa a colaboración de todas as administracións públicas responsables na materia. Saben que a xestión do dominio público hidráulico en Galicia ten diferentes entidades responsables: organismos de conca, Augas de Galicia, a conca da Demarcación Galicia-Costa. Pero tamén temos concas dependentes do Estado: a Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil, a Demarcación Hidrográfica do Cantábrico e a Demarcación Hidrográfica do Douro —competencia do Estado—. E as competencias no abastecemento de auga potable á poboación son fundamentalmente municipais, porque así o di a Lei de bases de réxime local.

Na Xunta de Galicia as competencias que temos directas en materia de augas, a través de Augas de Galicia, como organismo de conca, pois son velar polo coidado dos nosos ríos e, en relación co abastecemento, son as autorizacións de concesións para a captación dos seus caudais. Tamén como Xunta de Galicia temos a autoridade sanitaria a través da Consellería



de Sanidade. Pero, polo demais, as competencias directas en materia de abastecemento de auga son dos concellos, que deben ser apoiados polas deputacións. As deputacións teñen a obriga legal e un papel fundamental, pola Lei de bases de réxime local —reforzada coa Lei, de 2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración local—, no deber de auxiliar os concellos nas súas propias competencias, sobre todo aos concellos de menos de 20.000 habitantes. Pese a este papel que teñen atribuídas as deputacións, dende a Xunta de Galicia vimos prestando apoio técnico e financeiro aos concellos nas súas competencias municipais de abastecemento e saneamento dende o ano 2009. En concreto, acometemos unhas trescentas actuacións en materia de abastecemento para axudar, apoiar e auxiliar a 186 concellos con obras importantes —como en Cervo, en Ames-Brión ou tamén en Monforte—. E por suposto que na Xunta de Galicia seguiremos apoiando e axudando os concellos para exercer estas competencias de abastecemento e saneamento, como sempre o fixemos.

Esta Lei de medidas de garantías nace, pois, con tres obxectivos fundamentais: a prestación adecuada da subministración de auga no ciclo urbano da auga, asegurar a subministración en calidade e cantidade; o segundo é reducir a vulnerabilidade dos sistemas de abastecemento de auga; e, por último —o terceiro obxectivo—, a protección da saúde pública en caso de risco sanitario. Polo tanto, tres obxectivos importantísimos: a prestación adecuada dos servizos de abastecemento, reducir a vulnerabilidade e a protección da saúde pública.

En coherencia con este avance no novo cambio de cultura de non desperdiciar a auga, que debe implicar o conxunto da cidadanía, as administracións públicas —como dicía— debemos ser coherentes e tamén dar exemplo. Por iso este proxecto de lei fai especial fincapé na procura dun maior control e eficiencia na xestión dos sistemas de abastecemento fomentando o uso responsable.

O certo é que a día de hoxe hai moitas redes municipais que poden chegar a perdas na rede —é dicir, fugas na rede de abastecemento— de ata o 40 %. Eu creo que todos temos que concluír que non é nada eficiente e tampouco razoable. Señorías, eu creo que poden coincidir comigo en que non se pode pedir aos cidadáns un maior control no consumo da auga, condutas responsables, mentres que as administracións públicas que teñen competencias en xestionar o abastecemento teñan perdas que estean ao redor de entre o 30 % e o 40 % e non se lles poña remedio. Eu creo que non é coherente pedirilles aos cidadáns un consumo eficiente e responsable cando as redes municipais teñen as súas redes con perdas e fugas de ata o 40 %.

Miren vostedes este mapa —que son as perdas reais de subministración de auga en rede, subministración de auga potable, con datos do INE—. Vexan Galicia e o resto de comunidades autónomas. Galicia é a cuarta comunidade autónoma que máis perdas en rede ten. Son competencia municipal as redes de saneamento, como deben de saber vostedes. Son competencia municipal as redes de abastecemento, cunha auga que se capta, unha auga que se bombea, unha auga que se potabiliza —porque pasa pola estación de tratamento de auga potable—, que se leva aos depósitos e que logo se distribúe en rede, que é cando se perde. Dende logo que isto non é eficiente. Se atallamos isto, aforraremos auga —polo tanto, teremos máis reservas—, aforraremos enerxía e tamén aforraremos cartos aos cidadáns. *(Aplausos.)* Galicia perde un de cada cinco litros nas súas redes dese abastecemento



municipal e, polo tanto, somos a cuarta comunidade autónoma. Creo que é un asunto que debemos atallar. Temos que buscar medidas para atallar estas perdas e fugas en rede porque non é nada eficiente. Aínda é máis preocupante, ao ver estes datos do INE —os últimos son do ano 2016—, se vemos a historia dos datos do INE de perdas en rede. É o peor dato, a peor cifra, dende o ano 2004 —cunha tendencia irregular decrecente pero a peor cifra como consecuencia das perdas en rede municipal de abastecemento—.

Por este motivo creo que este texto lexislativo é importante que teña as medidas que ten, medidas concretas e directas para atallar a perda de auga nas redes municipais. Por unha banda establécese a obriga aos concellos dun control dos caudais que se destinan a cada uso de auga; priorizando, por suposto, o abastecemento de auga á poboación, o primeiro é o abastecemento de auga aos cidadáns. E para erradicar e atallar estas perdas de auga en rede propoñemos dous anos de prazo para que todos os concellos realicen as auditorías para detectar estas perdas nas súas redes. Sabemos que este labor pode ser complicado para os concellos, por iso damos eses dous anos para esas auditorías. Será obrigada a instalación de contadores do caudal en puntos de captación e en puntos de subministración final. Porque os contadores de caudal, os caudalímetros, supoñen un pequeno investimento pero moitísima información para atallar esas perdas en rede.

Dende a Xunta de Galicia prestaremos axuda aos concellos. Axudaremos como sempre viñemos axudando, cunha liña de apoio. Habilitaremos unha liña de axudas nos orzamentos do ano 2020 para axudar os concellos á instalación destes caudalímetros, estes contadores de caudal, no ano 2020; porque somos sensibles con este tema e queremos axudar os concellos nesta tarefa que debe ser de todos. Agardamos que as deputacións e as confederacións hidrográficas do Estado, que teñen tamén competencias como organismos de conca —co que estaremos de acordo todos—, tamén se impliquen nesta tarefa conxunta que temos todos.

Transcorridos estes dous anos disporase dun ano máis para executar as obras e corrixir estas deficiencias por debaixo do 20 %, para que as perdas estean por debaixo do 20 % en rede. Polo tanto, temos dous anos para elaborar os plans de redución de fugas de auga e un ano máis para executar as obras e que se reduzan por debaixo do 20 %. Na Xunta de Galicia gustaríanos menos tempo e con máis redución de perdas en rede, loxicamente —eu entendo que coma todos—, pero é un acordo coa Fegamp ter este cronograma, esta planificación de dous anos en auditoría e un ano para as obras, e evitar esas perdas excesivas en rede.

Superados estes tres anos, as perdas excesivas de auga en rede comezarán a ser obxecto dun gravame disuasorio, un gravame finalista, para renovar as perdas en rede. E non me entendan mal e non terxiversen. Estamos traballando para que non se recade nin un só euro con este gravame finalista para evitar perdas en rede. O que queremos non é recadar nin un euro, o que queremos é que non existan fugas en rede e realizar un uso responsable da auga. Por desgraza, temos que propoñer para todos conseguir este obxectivo, e temos que propoñer-nolo todas as administracións.

Por outra banda, esta lei promove tamén revisións de tarifas municipais para que animen ao uso eficiente, ao uso responsable, que sexan de fácil comprensión, que os tramos sexan



en función de volume de auga consumida real e que non teñan mínimos concretos exentos da tarifa senón que sexan directamente en función do consumo de auga.

Aínda que a mellora das redes de abastecemento nos fará menos vulnerables, como dicía, temos o obxectivo número 2, que é a redución da vulnerabilidade, prepararnos para minimizar aínda máis o impacto da escaseza de auga. Temos tres instrumentos: planificación, medidas de xestión e novas infraestruturas.

A planificación refórzase para conseguir máis eficacia e eficiencia. Temos que anticiparnos e pensar en frío as actuacións. Dende logo, as solucións improvisadas non son solución. E por iso obrigamos aos plans de seca a todos os niveis.

Primeiro, os plans de seca da propia Administración da Xunta de Galicia. E nos organismos de conca, como novidade, emitiremos anualmente un informe de seguimento do plan de seca de Augas de Galicia e actualizáremolo. Somos autoexixentes nós mesmos primeiro para exixir despois aos demais.

O plan de emerxencia municipal tamén é obrigado. Fixamos unha guía que lles sirva aos concellos para realizar eses plans de emerxencia de seca. Porque o certo, a día de hoxe, é que ningún concello —polo menos na Demarcación Galicia-Costa— ten un plan de emerxencia contra a seca. Por iso sacamos unha orde de axudas recentemente, no mes de xuño, para que se redacten estes plans de emerxencia. Presentáronse máis de 80 solicitudes, agardamos que as deputacións e as confederacións tamén se sumen.

O obxectivo número 2 é a xestión eficiente, habilitar ou facilitar esas obras do plan de seca, a reutilización de augas residuais, sendo o abastecemento primeiro, e tamén a execución de infraestruturas. Temos infraestruturas de urxencia, de emerxencia. As de emerxencia serán declaradas como tales para facelas de xeito inmediato. Prevalecerán como instrumento urbanístico; e tamén a protección da saúde pública, que clarifica as actuacións de sanidade.

En definitiva, señorías, un texto lexislativo completo, necesario, pioneiro, que espertou o interese doutras comunidades autónomas. Concentramos nun único texto legal a normativa de abastecemento para actuar con celeridade, e no que a Xunta de Galicia axudará os concellos a reducir as fugas de auga nas redes, co obxectivo de reducilas en tres anos un 20 %.

Señorías, é necesario blindar Galicia fronte aos desafíos do cambio climático. Eu agardo que no uso responsable da auga e na xestión eficiente deste recurso nos atopemos todos.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Rolda de defensa das emendas á totalidade de devolución e de posicionamento respecto do proxecto de lei.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Rodríguez Estévez.



O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

O Grupo Parlamentario Mixto no seu momento presentou a emenda de devolución do Proxecto de lei de medidas de garantía de abastecemento porque mostramos a nosa preocupación respecto de certos aspectos desta nova lei. Á parte de que pode contravir determinadas disposicións normativas, pois vemos como Augas de Galicia, que é unha entidade pública, segue sen desenvolver as tramitacións administrativas que no seu día lle foron outorgadas. Conscientes da necesidade de adopción de medidas en orde á debida protección dos nosos recursos hídricos, as medidas adoptadas nesta lei teñen que ir precedidas dunha profunda análise para os efectos de evitar accións que puideran afectar de modo irremediable o dominio público hidráulico. Para o cal resulta, primeiro, imprescindible que se sigan os procedementos legalmente establecidos coa intervención e, segundo, que exista o consenso de todas as administracións implicadas. Di a señora conselleira que esta lei de medidas tivo moita participación, pero houbo moitas organizacións que se enteraron pola prensa cando esas catorce aportacións que houbo xa estaban incluídas.

Dende o Grupo Parlamentario Mixto rexeitamos a creación dun réxime sancionador para os concellos. Porque vostede fala de que nesta lei —vostede non quere que nós terxiversemos— se fala de sancións. E fálase de sancións aos concellos. Entón, nós rexeitamos a creación dese réxime sancionador en función da existencia de perdas ou fugas. En lugar de sancionar ¿por que non se habilitan, se cadra, esas axudas efectivas que ten que dar a Xunta para mellorar as redes propias municipais e corrixir así esas eivas ou fugas que poida haber?

Dicía vostede —e dicía ben— que dende xaneiro do ano 2017 ata abril do ano 2018 tivemos un episodio de seca no noso país importante. Este non foi un feito illado, isto vai volver ocorrer por mor do cambio climático. Choveu un 27 % menos que outros anos, pero o resultado foi que tivemos moitos meses de chuvias escasas. Naquel 2017 rexistramos a mesma cantidade de choiva que precisabamos que caera antes de que rematara febreiro para evitar que a propia seca se enquistara. Estamos falando de que onde tiñan que chover 1.500 litros por metro cadrado choveron 650.

Isto tivo efectos na nosa economía no medio rural, no agro: a recolección de uva aquel ano mermou un 50 %, os gandeiros tiveron que recorrer aos pastos que estaban gardando para o inverno e a produción de castaña viuse sensiblemente reducida. Neste último caso, no da castaña, estímase unha redución da colleita tamén do 50 %.

A seca que se padeceu no ano 2017 non foi un fenómeno puntual nin extraordinario, senón o síntoma dun cambio climático que se está a producir en todo o planeta. O quecemento global é unha realidade cuxos efectos comezamos a sentir agora de xeito contundente. Por esta razón é preciso adoptar medidas preventivas a medio e a longo prazo co fin de atallalo e de minimizar os seus efectos negativos nas nosas vidas.

Nesta liña manifestouse o Consello Económico e Social, que no seu informe daquel ano 2017 instou a Xunta a impulsar plans que melloraran a xestión e uso da auga, clarificando com-



petencias, e a que ordenara a propia Xunta as competencias administrativas no uso deste ben público.

Por unha banda é preciso levar campañas de loita contra o propio cambio climático para evitar que o clima galego extreme aínda máis as súas condicións. O cambio climático xa non é unha ameaza abstracta da que moitas veces nos alertaban os científicos, senón que é unha realidade que temos que combater con medidas tamén a longo prazo. E, por outra banda, é necesario constituír unha mesa de diálogo. Vostede falaba da participación, e é algo que non ocorreu. Os principais actores afectados pola seca non estiveron para debater as propostas que permitan paliar estes efectos. Esta mesa tamén tiña que estar para deseñar as estratexias e os protocolos que permitan abordar situacións similares ás que vivimos no ano 2017.

Dende En Marea ¿cremos que hai razóns para preocuparse? Por suposto. ¿É necesaria esta lei? É necesaria esta lei. ¿Vemos con bos ollos a tramitación desta lei? Non, por iso metemos esa emenda de devolución na súa totalidade. E, á parte de que vemos moitas eivas, pensamos que pode ser unha ocasión perdida. Entón, unha vez que se fai, pois facelo ben.

Vemos mal o devir desta nova lei porque atopamos fallos de fondo moi potentes —aos que o Goberno galego moitas veces nos ten acostumados cando tramita estas cousas—, dende a falta de participación, como dicíamos, a coqueteos incluso coa privatización. E estamos a falar do espolio do recurso hídrico, ¿non? É, outra vez, unha carga máis de traballo para os concellos.

A lei recolle medidas para pór en marcha en caso de seca. Unha delas é que Augas de Galicia, organismo dependente da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, pode ordenar requisar os dereitos de augas privadas procedentes de fontes, pozos, chafarices ou minas de captación de auga, entre outras cousas. Iso si, só pode facelo na demarcación que é da súa competencia. Igualmente Augas de Galicia, no seu ámbito competencial, pode ordenar o abastecemento á poboación con caudais abastecidos para outros usos, polo que se pode, se cadra, restrinxir usos de actividades recreativas. Nós isto vémolos ben, xa que neste capítulo a lei prevé aprobar de forma urxente derivacións ou captacións de augas superficiais.

«A Xunta de Galicia, as confederacións e os concellos deben dispor de plans de emerxencia para saber como afrontar futuros períodos de seca. Estes deben dotarse de indicadores ou alertas que identifican a chegada da seca e ter previstas medidas de aforro e subministracións alternativas». ¡Claro!, eu cando lin este artigo tamén tiven un *déjà vu*: os plans de emerxencia municipais que a Consellería do Medio Rural ordenou facer pola vaga de lumes do ano 2017. ¿Cantos concellos hai hoxe cos plans de emerxencia? É que estes plans de emerxencia están recollidos xa na Lei de augas. Os concellos non teñen este plan e a Lei de augas así o exige. Os concellos que teñen menos de 20.000 habitantes e que non teñan recursos poden axudarse das deputacións para facer eses plans. Non sei noutras deputacións, pero na de Ourense van seguir os concellos tal cal están, van seguir os concellos sen plan; e, se non, ao tempo.

¿De que medios técnicos e económicos dispoñen os concellos para facer estes plans? Eu estou pensando na meirande parte dos concellos de menos de 1.000 habitantes que eu coñezo, aos que a Deputación de Ourense non lles vai botar unha man. E estes concellos van estar sen o plan que esta propia lei lles exige.



Despois a Xunta, en vez de axudar —ben, estamos acostumados tamén nos últimos anos—..., en vez de axudar, volve afogar os concellos. A norma dota a Administración autonómica de capacidade de actuación para garantir o abastecemento de auga se as entidades locais non son competentes. Iso si, despois falamos de sancións aos entes municipais cando non se dean cumprido as normas que saen nesta lei.

Tamén nos preocupa moito a flexibilización de trámites expropiatorios e administrativos que se contemplan nalgún capítulo en caso de realizar obras de urxencia, xa que nestas obras de urxencia non se van garantir certos trámites que blinden os dereitos nin da propiedade das persoas particulares nin das comunidades de montes veciñais en man común, e incluso que se respecten os trámites ambientais pertinentes. Entón, se queren flexibilizar os trámites, eu penso que aquí o que deberan facer é axilizalos. Axilizalos, si, pero ningún paso do trámite temos que saltar. Porque isto o que vai dar é que os trámites ambientais pertinentes non se leven a cabo. E a súa consellaría ten que ser unha das máis interesadas en que isto se cumpra.

Moi graves tamén nos parecen outros aspectos desta lei, como reducir os caudais ecolóxicos dos ríos —recólleo así literalmente— en caso de emerxencia. Isto é darlle a última estocada a ecosistemas existentes xa debilitados de por si, á parte de que pode dar lugar a que interpretemos que as compañías hidroeléctricas se vaian beneficiar desta norma.

Tiña que ser ao revés, a Xunta de Galicia debería de elaborar un plan —e cumprilo— no que, cando menos, se catalogue e cuantifique a biodiversidade fluvial, no que se desenvolvan estratexias de recuperación das propias especies que están ameazadas, no que se controlen as poboacións das especies invasoras, así como, nos ríos da súa competencia —que non todos son—, exercer as funcións que xa contempla a propia lexislación para o cumprimento dos caudais ecolóxicos nas presas hidroeléctricas, así como para o funcionamento e mantemento dos sistemas de escadas para especies migratorias. Ou sexa, todo o contrario do que nós pensamos recollérono vostedes nesta lei, como reducir os caudais ecolóxicos dos ríos en caso de emerxencia. Temos que blindar o consumo da poboación e dos animais, si, pero temos que protexer os caudais hidrolóxicos porque, se non, imos ter un problema.

Ordenar —aquí xa non reducimos, aquí ordenamos— o uso da auga rexenerada para usos industriais ou hidroeléctricos... Ás eléctricas non lles imos reducir, só lles imos mandar que ordenen.

Nós seguimos pensando que esta lei é necesaria, e é moi necesaria. O problema é que, á parte de chegar tarde —esta lei xa se anunciou no ano 2017 e estamos a finais do ano 2019—, seguimos dicindo que esta lei non tivo toda a participación que debería de ter, de colexios profesionais, técnicos do servizo autonómico e municipais, movementos sociais con interese no sector, e, en xeral, dos usuarios. O prazo do período de reflexión para a redacción desta lei non se abriu, e naqueles aspectos que foran necesarios para ser máis eficaces e máis económicos con este recurso non se deu esa participación.

Estamos no país dos mil ríos e non só non temos a auga que deberíamos de ter por mor do cambio climático, no país dos mil ríos a propia Xunta tamén é cómplice do lamentable estado



que presentan moitos destes ríos. Non temos máis que acercarnos á baixa Limia para ver o estado do encoro das Conchas. Dá noxo, dá rabia, dá impotencia mirar o lamentable panorama que alá puidemos observar. Isto só ten dous culpables: a Confederación e a Xunta.

Onte, luns, o comité de propaganda do Goberno galego xa se apresurou a redactar a nova para *La voz de Galicia*: «A gravidade da tesitura do ano 2017 sacou á luz a ausencia de medidas para enfrontarse a un episodio de escaseza de auga, o que obrigou a crear unha lei que non só recollese como actuar en caso de sequía senón que establecese medidas para mellorar a canalización e optimizar a subministración». Entre estas medidas figura a colocación de contadores homologados para a medición de consumo —téñenos que instalar os particulares—, a redacción dunha auditoría para cuantificar as perdas durante dous anos —os concellos—, a aprobación dun plan para minimizar as ditas perdas —os concellos— e a realización de obras de mellora na rede para que as fugas de auga non superen o 20 % —os concellos—. ¿Teñen os nosos concellos suficientes recursos técnicos e económicos para subsanar o que Augas de Galicia tampouco fixo nos últimos anos?

E, despois, veñen os plans de emerxencia dos que falabamos antes. Van ser obrigatorios —como dicía vostede— para concellos de máis de 20.000 habitantes. Os de menos poderán botar man das deputacións provinciais. Dígolle —e oxalá me equivoque— que, como pase cos plans de prevención de incendios forestais, imos pasar anos e os concellos non van ter capacidade para facer eses plans.

Pero eses plans aos que se refire esta lei que hoxe debatemos aquí xa eran —como xa dixemos— unha imposición que xa recollía a normativa de Augas de Galicia, e que ningún concello fixo. ¿Que fixo a Xunta de Galicia ou a que se dedicou Augas de Galicia nestes últimos anos? Vostedes converteron o dereito á auga das persoas nun negocio, e permitiron que empresas privadas cobren, a día de hoxe, por ese dereito —un dereito básico para a vida—, e foi coa aprobación da Lei de augas hai uns anos. Hoxe podían emendar un pouquiño esa situación na tramitación desta lei, pero non o fixeron. Temos que facer un uso responsable da auga, por suposto. Pero a auga é un ben público, é un ben da natureza e, polo tanto, non pode ser obxecto de negocio para ningún tipo de empresa. Ademais, a auga debe ser un ben gratuíto para a vida das persoas, dos animais e da sociedade.

Xa no seu tempo denunciámos que non se pode decidir por lei que sexa unha empresa de dereito privado, como Augas de Galicia, a que pase a xestionar un recurso básico para a vida, como pode ser a auga. E cando falamos de privatizar, non é que se privatice unha subministración, unha depuración ou un servizo, senón que se privatiza o propio elemento en si, que é a auga. Iso é o verdadeiramente grave. Claro, os dereitos de explotación —a rede de subministración— témolos que cobrar, claro que si, ou de depuración, das depuradoras, das EDAR, claro que si...;

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: ...pero o dereito de cobro sobre a utilización da auga, da choiva e do mar, ese é un dereito das persoas. O dereito á auga é un dereito básico da xente, e vostedes están a privatizar e a xogar ata con este ben.



Hoxe perdemos unha importante ocasión —e remato presidente— para poder avanzar cara á remunicipalización deste servizo. No noso país déixaselle toda a xestión das augas a unha empresa, a Augas de Galicia, que é pública, para que coa nova lei se converta ao dereito privado, o que supón unha aberración absoluta que vai contra os dereitos humanos. Porque a auga, como dicíamos, é un dereito humano, como establece a ONU, e vai contra o dereito fundamental á vida de persoas e animais privatizala.

Pola miña parte, de momento, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Estévez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Bo día, señora conselleira.

A súa intervención poderíase titular: «*Pasaba por aquí, ningún teléfono cerca y no lo pude resistir*». ¡É que vostede non pasa por aquí! Vostede leva desde o ano 2009 sendo a principal responsable das augas de Galicia. *(Aplausos.)* Vostede foi a presidenta de Augas de Galicia desde o ano 2009 e agora a culpa é do «cha, cha, cha», a culpa é dos concellos. Pero ¿que fixeron vostedes?

O que acaba de contar vostede desta lei pioneira —que non é unha lei pioneira, que é unha lei, en todo caso, do século pasado, porque vostedes a todas as leis lles poñen o cualificativo de «pioneira»; é absolutamente previsible, cando veñen aquí sempre traen unha lei pioneira—, isto que nos acaba de contar vostede aquí, é a constatación dun fracaso, o fracaso das políticas levadas a cabo polo Partido Popular ao longo de dez anos, é unha década de acusación, señora conselleira, é unha década perdida. Veñen vostedes aquí a descubrir as súas vergoñas, así, tan claramente; a descubrir o que tiñan que facer e que non fixeron. Porque, ademais, vostedes puxérono nos documentos e non o fixeron. E despois falaremos diso, que teño aquí bastante metralla.

Pero o peor non é iso, o peor é todo o que fixeron e que fixeron ao revés; todo o que fixeron ao revés, en contra das directivas europeas, en contra de toda a normativa ambiental. E aínda vén vostede aquí a falarnos de cambio climático. ¡Pero se nin sequera puxeron as palabras «cambio climático» nesta lei! ¿De que me está falando? Nin sequera falan na lei do cambio climático. E tampouco falan da prevención. Vostedes nesta lei non falan nin de cambio climático nin de prevención. Tiñan unha exposición de motivos marabillosa para facer unha disertación sobre as consecuencias gravísimas que está a ter o cambio climático sobre a nosa realidade, e sobre a auga e outras moitas cuestións sobre as que tamén falaremos.

E agora, despois de dez anos de desidia pola súa parte, de parálise e de desfeita, resulta que queren botarlles a pataca quente aos concellos —aos concellos de máis de 20.000 habitantes, porque os demais parece que non contan—.

Mire, a Directiva marco da auga... —que, por certo, agora está en proceso de revisión, vaise revisar inmediatamente, e ao mellor fanlle cambiar despois a lei, como lla fixo cambiar a



Asesoría Xurídica Xeral, que a converteu nunha lei irrecoñecible; o que mandaron vostedes e o que veu despois non ten nada que ver—. Pois ben, a Directiva marco da auga fala dos principios claros da política da auga, fala de participación. E vostede vénnos aquí presumindo de que houbo 14 alegacións a unha lei que ten tanta transcendencia na vida da xente. Pero ¿non lles dá vergoña?! É que a participación non chove do ceo, a participación hai que provocala, hai que facela posible, hai que facer procesos participativos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* O señor Trenor ponse nervioso coa participación. Tranquilo, que para vostede tamén teño, non se preocupe. *(Risos.) (Murmurios.)*

Pois si, é un balance moi pobre o de 14 achegas, 14 alegacións, nunha lei. Hai outros gobernos que abren procesos participativos e o que fan é convocar as entidades a reunións, convocar os concellos. Hai 22 concellos galegos directamente afectados por esta lei. Deberían falar con cada un deles. Porque ¿vostede cre que os concellos —o de Ribeira, por exemplo, ou o da Estrada— saben o que lles vén enriba con esta lei? ¿Cre que o saben? Cando o saiban van botar as mans á cabeza, asegúrollo. Algúns non, porque algúns fixeron os deberes.

Mire, á parte temos tamén que a directiva europea fala, por certo, de recuperación de custos, cousa da que vostedes tampouco falan e é unha das claves precisamente para as políticas de prevención. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* Non mire para atrás, mire para adiante, señora conselleira. Recuperación de custos, tarifas, estrutura tarifaria... ¿Sóalle? ¿Sóalle a estrutura tarifaria de referencia? ¿Sóalle o pacto local da auga? ¿Sóalle o que aprobamos neste Parlamento e que vostedes non foron capaces de levar a cabo? Esa é unha das claves da política da auga, a recuperación de custos. Dío claramente a Directiva marco da auga. ¿Que pasa? Que vostedes —xa llelo dixemos moitas veces— son un condutor kamikaze que vai en sentido contrario e pensan que os que van ao revés son os demais. Pero son vostedes os que van ao revés facendo políticas que van precisamente a agudizar as consecuencias do cambio climático.

Ademais, temos unha lei do ano 2006 de protección dos ríos. ¿E que fixeron vostedes con esta lei? Pois ignorala. ¿Por que? Porque era unha lei do Bipartito. ¡Vade retro, Bipartito malo! ¿Unha lei do Bipartito? Peor... Pois non. ¿Que fixeron con esta lei? Mire o que lle di esta lei: «Elaborarase un plan de educación ambiental relacionado cos usos doméstico, industrial e agrogandeiro da auga no que se priorizarán a redución do consumo e a prevención da contaminación, con atención específica tanto ao medio urbano como ao rural, coa finalidade de comezar a construír unha nova cultura da auga». Esta lei é do 2006, señora conselleira, e vostede mantívoo agachada, pechada nun caixón. E poñía claramente o camiño a seguir.

Pero, claro, vostedes non o fixeron e foron na dirección contraria. Enténdese que o fagan así nunha lei que fixo «o maldito Bipartito». Agora teñen vostedes un bipartito letal en Ourense, pero o bipartito letal de Ourense xa non é malo, é bo. Pero, ben, era esperable cunha lei do Bipartito, pero non coa súa propia lexislación, coa lei de augas que vostede aprobou sendo presidenta de Augas de Galicia e con todo o desenvolvemento normativo que tiña. Porque nós non estabamos de acordo con moitos aspectos desa lei, pero vostedes non foron nin sequera capaces de aplicala, de levala a cabo. E voulo explicar.

Mire, esa lei prevía o Consello para o Uso Sustentable da Auga. Estaba na lei de 2010. ¿Sabe que foi do Consello Sustentable da Auga? Estamos agardando a que se cree ese consello para



o uso sustentable da auga. ¿Non lle parece que é unha cuestión importante? Pois esa é a importancia que lle dan vostedes ao uso sustentable da auga, que nin sequera foron capaces en nove anos de crear un consello de participación social. E veñen aquí a falar de participación precisamente para que a sociedade se implique na resposta e na solución a ese problema. Son unhas mantas como xestores, son unha calamidade.

Segundo, o Plan galego de abastecemento e os plans locais, previstos na lei do ano... (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non... Non me veña aquí co Plan auga, que tamén falaremos do Plan auga. Non é o Plan auga. Tamén no regulamento de planificación do ano 2015... Por certo, vostedes fixeron unha lei no ano 2010 e tardaron cinco anos en facer un regulamento de planificación. Moi espabilados aquí tampouco foron. Non, non foron, señora conselleira. E está sen facer agora o Plan de abastecemento, o Plan xeral galego de abastecemento, que o puxeron vostedes como unha responsabilidade do Goberno galego. Non lles boten a culpa aos concellos. E hai, no Plan hidrolóxico Galicia-Costa, 500.000 euros para elaborar este plan. ¿Cando o van facer? ¿Cando o van facer, señora conselleira? Pregúntolle concretamente cando o van facer, que teñen 500.000 euros consignados no Plan hidrolóxico Galicia-Costa.

E ¿sabe o que di o regulamento de planificación do ano 2015? Pois di o seguinte, di que ese plan xeral de abastecemento hai que facelo para dispoñer dun programa de accións específicas dirixidas á racionalización do consumo da auga e o conseguente aforro de recursos hídricos. E ¿que fixeron vostedes, que se puxeron esta tarefa no ano 2015 por isto? ¿Que fixeron vostedes para accións específicas para a racionalización do consumo da auga e o aforro de recursos hídricos? ¡Nada, cero patatero!

Segundo. Este regulamento dicía tamén que o Plan xeral galego de abastecemento, que vostedes non fixeron, tiña que conter os criterios xerais en coherencia cos plans de seca para a elaboración polas corporacións locais dos seus plans de emerxencia. É dicir, que vostedes queren que os concellos fagan os plans de emerxencia pero vostedes non fixeron os criterios xerais que teñen que ter eses plans. E agora vénnos aquí a anunciar unha guía, unha guía que está facendo o Estado.

¡E que dicir do Pacto local da auga, que dicir do Pacto local da auga!, que vostedes anunciaron, reanunciaron, venderon e requetevenderon. Foi o inefable Agustín Hernández, o seu xefe daquela e antecesor, e agora premiado nada máis e nada menos que coa presidencia do Consello Económico e Social —debe ser pola súa preocupación pola boa saúde e o coidado dos ríos galegos—. Pois ben, fíxese. No 2013, no 2013, señora conselleira, ¿onde estaba vostede? Seguía estando en Augas de Galicia. Ano 2013: «*La Xunta se da un año de plazo para pactar un recibo único del agua*». Era no 2013, e un ano de prazo para pactar un recibo único da auga. Estamos en 2019, xa pasaron seis anos. Os seus anos parece que son moi longos. E o seu xefe, o señor Hernández, fixo unha comparecencia neste Parlamento no ano 2013, no mes de decembro, precisamente para anunciar a bombo e prato o Pacto da auga e a tarifa única para toda Galiza. E seguiron falando en 2014, en 2015, en 2016.... A señora Bea Mato tamén en 2017 anunciou que xa lle ían dar un impulso definitivo ao Pacto local da auga. E aínda por riba trouxeron aquí un acordo —o señor Trenor— presumindo de que eran capaces de chegar a acordos. Aprobaron un acordo, promoveron un acordo, que é papel mollado: «De-



terminación de criterios claros da prioridade nos investimentos en materia de obras hidráulicas». Pero, claro, isto non lles interesa aprobalo, porque así non poden levar a auga ao seu muíño e seguir financiando os seus concellos. E —segundo— ese acordo dicía: «Establecemento dunha estrutura tarifaria de referencia». E estamos agardando.

E, mire, xa a maior proba do fracaso da política hidráulica da Xunta de Galiza nestes nove anos, á parte da baixa execución orzamentaria —deixaron sen executar 200 millóns de euros neste período—, pois é a situación que temos no abastecemento na área de Vigo. Señora conselleira, había 7 millóns consignados no Plan hidrolóxico... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

Está whatsappeando (*Risos.*) Está consultando. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, pode, pode... Pode, porque ademais seguro que me pode atender ao mesmo tempo. Eu tamén o fago. (*Murmurios.*)

Sete millóns de euros, señora conselleira, no Plan hidrolóxico 2010-2015 para o abastecemento desde Eiras, e vostedes non investiron ese diñeiro. Levan anos pelexando nunha guerra absolutamente absurda e infantil co Concello de Vigo sen resolver esta cuestión. Agora van facer un estudo. Agora van facer un estudo moitos anos despois.

Pero, mire, o problema de fondo nin sequera é este, non é a súa mala xestión, o seu mal goberno, que non executaran os seus propios plans. O problema non é este, o problema de fondo é que non analizan vostedes o contexto precisamente no que estamos agora e non procuran solucións integrais. Vostedes van de novo ás solucións parche, ás solucións que analizan só a oferta e non analizan todo o ecosistema, toda a realidade que ten que ver coa auga. Non entenden que estamos precisamente nese novo contexto do cambio climático, do que vostedes non falan nesta lei; e do que si fala, por certo, o informe que acaba de publicar o Observatorio da Sostibilidade, que pinta un panorama realmente dramático para Galiza nas próximas décadas. Vostedes seguen coma o condutor kamikaze que vai en sentido contrario, porque vostedes —a Xunta de Galiza— son unha auténtica fábrica, a maior fábrica, de cambio climático que hai neste país con todas as súas políticas favorecedoras do cambio climático, coas políticas da auga, por suposto, pero tamén coas políticas de residuos, as políticas enerxéticas, as políticas de mobilidade, as políticas de infraestruturas —¿ou non?—, as políticas forestais... ¿Ou é que só se trata de captar a auga nos ríos ou en captacións subterráneas e levala? A cuestión da auga ten moito que ver con todas esas políticas sectoriais. E vostedes van no sentido contrario, señora conselleira.

Agora veñen con máis do mesmo, veñen vostedes cunha lei que pon solucións paliativas e solucións reactivas. Pon solucións reactivas, non solucións preventivas, que é do que habería que falar nunha lei coma esta que nos traen vostedes aquí. Vostedes só propoñen medidas para aumentar a oferta, cando do que tiñamos que falar, sobre todo, é de medidas que se precisan, por exemplo, para reducir a demanda —e para mellorar a eficacia, desde logo, da xestión—. E hai moitos lugares que están conseguindo isto. Porque vostede trouxo aquí un mapa que é precisamente unha acta de acusación. Vostede, con ese mapa, o que estaba dicindo é que Galiza é un desastre, é das peores comunidades do Estado español. E vostede non ten nada que ver, a culpa é dos concellos. ¿Como pode vir aquí a dicir iso, cando estamos



nos primeiros postos do ránking de consumo por habitante —e subindo—? ¿A vostede non lle preocupa iso? ¿Que estiveron facendo para evitalo cando había normativa que prevía actuar nesa cuestión?

E, ademais, vostedes actúan, coma sempre, con présas e con precipitación, con precipitación. Aquí non se trata de «precipitación», trátase, en todo caso, de «precipitacións». Pero vostedes están coa precipitación, e as présas son malas compañeiras. Non fixeron os deberes en tres anos en materia lexislativa, nesta lexislatura. E agora andan ás présas, a correr, a ver se aproban moitas leis no último ano. Pero así non se fan as cousas, señoras e señores do Partido Popular.

Mire, voulle ler un titular de prensa, a ver se se acorda: «Un plan de 823 millóns para garantir a subministración e reducir as fugas á metade». Este plan anunciouno a Xunta de Galiza no ano 2010, cando vostede era presidenta de Augas de Galiza. ¿Que foi dese plan? Porque vostedes ían resolver o problema no ano 2010. E vostede vén aquí a botarlles a culpa aos concellos, cando dixeron nese momento que tiñan que facelo vostedes. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: Por iso, desde logo, nós non aceptamos esta lei. Queremos outra lei, unha lei feita coa máxima participación e co máximo consenso para todo o territorio galego, para o abastecemento urbano pero tamén para as necesidades da actividade económica e industrial, agraria e gandeira, sustentábel, que diferencie as situacións de seca e os episodios puntuais de seca, con medidas eficaces de prevención, de preservación e uso sustentábel dos recursos, con medidas tamén —que non están aquí— de aforro, de reutilización e de redución do consumo, con medidas eficaces de redución das perdas na distribución na rede, como xa se está facendo, señora conselleira, nalgúns concellos, como está facendo o Concello de Pontevedra, que ten un 3,6 % de perdas na rede. Este é o exemplo. Este é o modelo. O modelo da vila —que é boa vila— que dá de beber a quen pasa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Polo Grupo Común da Esquerda, o señor Cal.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Como ben saben, o noso grupo presentou unha emenda á totalidade a esta proposición de lei, porque é unha lei que non serve para o propósito que se pon enriba da mesa, porque é unha lei negacionista, que nega o cambio climático, que non nomea o cambio climático. Nomeouno vostede aquí, pero a súa proposición de lei non ten en conta o marco de cambio climático en todas as súas propostas. Se quere, explícollo despois, explicareillo un pouco, pero non me dará tempo entrar en profundidade en todo.



É unha proposición de lei que non ten en conta o marco normativo, coa transposición da Directiva marco da auga, que claramente prioriza a conservación medioambiental no que é a conservación do ciclo da auga, que vostedes nesta proposición de lei tampouco teñen en conta. E porque incide e dá continuidade a un modelo fracasado. Vostede falaba dos datos que temos en Galicia. Evidentemente son os datos do seu modelo, o seu modelo fracasado, baseado na privatización, na mercantilización do servizo e no formigón. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

Non, por favor, vostedes parece que non gobernaron Galicia nunca. Ao mellor é culpa nosa. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

É un proxecto de lei que representa unha estratexia anticuada fronte á seca, ineficaz, irresponsable e insensata. Unha estratexia anticuada, pois seguen vostedes anclados no século pasado, aferrados a unha vella cultura do formigón e da privatización; unha estratexia que non é eficaz para dar resposta real aos novos episodios de seca —máxime no marco de cambio climático en curso, que vostedes obvian nesta lei—.

É un proxecto de lei que incorre na irresponsabilidade de non abordar a recuperación e conservación ambiental dos nosos ecosistemas acuáticos, incumprindo así os obxectivos da Directiva marco de auga.

É unha estratexia profundamente insensata, pois elude a aplicación do principio de precaución fronte ao cambio climático. Pasaron vostedes demasiado tempo negando o cambio climático, demasiados anos eludindo a responsabilidade de abordar as secas como algo propio da nosa climatoloxía, demasiado tempo mirando para o primo de Rajoy, sen abordar a seca como unha problemática real e cegados pola súa miopía negacionista. Aínda que xa parece que non se atreven a negar o cambio climático, si parece que se atreven —e seguen enganándonos unha vez máis, como fan con esta lei— a relanzar vellas políticas, promovendo negocios baseados en grandes transvasamentos, máis presas e privatización do servizo.

Pero, miren, a solución non pasa por promover novos encoros. Promover novos encoros como solución ás futuras secas nun escenario de cambio climático é unha estratexia inútil e errada. É como regalarlle un moedeiro a un pobre. O pobre xa ten moedeiro, o que non ten é cartos. Polo tanto, se facemos máis encoros e máis infraestruturas, poderemos ter máis infraestruturas sen auga. O que temos que facer é preservar o recurso, que é o que vostedes olvidan nesta proposición de lei. En futuras secas, se facemos máis infraestruturas, teremos máis presas sen auga, como temos aeroportos sen avións ou como autoestradas sen coches.

A solución tampouco pasa pola construción de novos transvasamentos. Os transvasamentos son igualmente inútiles en tempos de seca, porque as secas non son un fenómeno de carácter local, as secas teñen carácter rexional. Para que me entendan: cando o Tambre entra en seca, tamén entra o Ulla, o Sar ou o Xallas. E cando hai necesidade de abastecemento en Vigo, o Verdugo está tamén nunha situación de estrés hídrico. Polo tanto, non é unha solución para unha emerxencia de seca.

Do que se trata é de abordar unha transición hidrolóxica ante a situación actual. Temos a obriga de apostar por políticas públicas que reduzan a vulnerabilidade social e ambiental



ante períodos de seca. Abordar unha transición hidrolóxica, que se converte en exigencia legal coa transposición á lei estatal da Directiva marco de auga, pasa a ser, co cambio climático, unha realidade urxente e inaprazable. Temos, por tanto, que actuar con urxencia, pasar da vella cultura do formigón á intelixencia ambiental da sustentabilidade, recuperar os nosos ríos e os nosos acuíferos, que son os pulmóns hídricos que nos brinda a natureza, que son as nosas reservas reais e eficaces de auga de calidade en períodos de seca. E, sobre todo, cómpre pasar da suicida miopía negacionista á aplicación rigorosa do principio de precaución fronte ao cambio climático, cuestión que vostedes obvian nesta lei.

O cambio climático ten como vector xerador principal o vector enerxético, non cabe diso ningunha dúbida. Por iso precisamos acometer unha transición enerxética. Mais, no que se refire aos impactos socioambientais, a chave, o vector principal, é o vector auga. E é por iso que precisamos abordar o reto da transición hidrolóxica. Débese superar a equivocada concepción conxuntural e excepcional do que significan os períodos de seca, que é o que vostedes fan nesta obsoleta proposición de lei. Cómpre asumilos como un fenómeno recorrente, estrutural e inevitable, que implica necesariamente mudar o enfoque establecido. Débese afrontar a problemática dende unha óptica da escaseza crónica da auga. E, desde o seu negacionismo, isto non é posible.

Neste contexto supón un erro enorme apostar por vellas estratexias de oferta mediante novas presas, novos transvasamentos, en lugar de priorizar novas estratexias de xestión da demanda. Trátase dun despilfarro inconmensurable de fondos públicos para unha estratexia absolutamente errada e non eficaz, pois asume os ciclos de seca como fenómenos locais e non rexionais, polo que investir en transvasamentos e presas non aumentará a dispoñibilidade de recursos hídricos. Teremos transvasamentos tanto en orixe como en destino sometidos ao mesmo estrés hídrico, e teremos embalses baleiros.

E, antes de continuar, queremos deixar unha cousa clara. Non temos en esencia nada contra os transvasamentos, contra os embalses, como tampouco temos nada en contra dos aeroportos ou das autoestradas. Do que estamos en contra é dos embalses baleiros, dos transvasamentos baleiros, dos aeroportos sen avións e das autoestradas sen coches. *(Aplausos.)*

Debemos recuperar os nosos ríos e os nosos acuíferos como estratexia realmente eficaz para facer fronte á seca, tal como dita a Directiva marco de auga e tal e como é obriga da Xunta de Galicia. Un dos obxectivos fundamentais que fixa a Directiva marco de auga é a protección e a conservación da calidade ambiental de todas as augas, ríos, acuíferos, humidais, lagos e augas costeiras. Isto non é competencia dos concellos, señora conselleira, esta é a principal actuación. Vostedes non o están facendo e olvídanse disto na súa proposición de lei, que está dirixida unicamente a poñer a responsabilidade nos concellos.

Se queren facer algo realmente útil para previr e paliar os efectos da seca, deixen de incumprir sistematicamente a Directiva marco de auga, tomen en serio o saneamento dos nosos ríos e das nosas rías, aposten pola recuperación das centrais hidroeléctricas, deixen de apostar por proxectos contaminantes como o da mina de Touro —letais para a vida dos nosos ríos—. Tomen en serio, dunha vez por todas, a xestión dos residuos e acepten que o modelo de grandes vertedoiros vai facer dos nosos recursos de auga verdadeiras cloacas. Non per-



mitan que os *lobbys* empresariais diten as políticas forestais e convertan o monte galego nun gran deserto verde. En definitiva, fagan o seu traballo.

Se de verdade queren facer algo útil pola eficiencia das redes de abastecemento, se queren reducir a porcentaxe de fugas das redes, aposten pola xestión pública da auga. O proceso privatizador dos últimos anos inseriu a xestión da auga nun contexto de prioridade do beneficio privado fronte ao ben común, e así nolo indican os datos, así o indican os datos, señora conselleira.

As consecuencias deste modelo, o modelo que vostede defende para a xestión da auga, son claras: falta de investimento na rede de abastecemento, unha porcentaxe de fugas inadmisíble, a obsolescencia do sistema de captación, potabilización e depuración de augas e moita, moita, moita corrupción. ¡E vostedes disto saben moito!

Abandonen a senda da mercantilización... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Píllaos de sorpresa agora a corrupción do PP? ¿Píllouna de sorpresa, señora conselleira?

Abandonen a senda da mercantilización e da privatización da auga. Non se pode facer negocio co que é de todas, non se pode facer negocio cun dereito humano como é a auga. Non podemos deixar en mans do mercado o que o mercado non sabe xestionar, como veñen demostrando os datos; e como demostran os datos da comparativa entre onde hai xestión pública e onde hai xestión privada. É que vostede, señora conselleira, debería sabelo e non negar coa cabeza, porque os datos así o indican.

Entendan que a auga, que as utilidades que nos proporciona a auga, non son substituíbles por ningún ben de mercado. E deixen de botar balóns fóra, fagan o seu traballo, deixen de cargar contra os concellos, de cargarlles ás administracións locais as consecuencias da irracionalidade do seu modelo privatizador.

En definitiva, se queren paliar e prever os efectos da crise, aposten pola participación, pola transparencia, polos mecanismos de participación pública, para evitar as calamidades da corrupción. Anticípense, centren os esforzos en deseñar estratexias de prevención e xestión de novos ciclos, para que a zozobra e a alarma social en períodos de seca non sexa que nos leven a tomar malas decisións, como as que quixeron vostedes tomar hai dous anos co transvasamento do río Verdugo. Cumpran coa Directiva marco da auga, fagan unha aposta decidida pola recuperación e o bo estado ecolóxico de todas as nosas augas. É a súa principal responsabilidade, que non cumpren e que non teñen en conta nesta proposición de lei. Aposten polas estratexias de xestión da demanda, do aforro e da concienciación dende a racionalidade económica. Aposten pola xestión pública do ciclo integral da auga como un grande reto de país. Poñan en marcha medidas de ordenación urbanística e territorial dende criterios de sustentabilidade, para que as novas urbanizacións requiran dun certificado de dispoñibilidade de caudais con garantía de abastecemento en períodos de seca. Doten de instrumentos orzamentarios os nosos concellos e apliquen con rigor o principio de precaución ante o cambio climático. Todas estas son medidas que poden facer vostedes, que poden acometer vostedes, e deixen de atacar, de criticar e de cargar contra os concellos.



Vostedes pasaron demasiado tempo negando o cambio climático, señora conselleira, para entender realmente cales son as súas consecuencias. E por iso vostedes non entenden cal é a situación actual, e por iso traen unha proposición de lei que é unha proposición de lei que podemos entender válida como punto de arranque para unha situación que non sexa de cambio climático. Pero nun momento de cambio climático, evidentemente, é unha lei que está totalmente fóra de lugar.

Vostedes deixaron en mans do mercado as redes de abastecemento e xa saben cales son as súas consecuencias: ineficacia e corrupción, ¡moita corrupción! Vostedes non entenden o que hai que facer, non saben o que deben facer, porque as súas políticas están marcadas polos grandes *lobbys* empresariais.

Deixen de enganar a xente con esta proposición de lei, que non é útil, que non serve, que non afronta a problemática. Encárguense de facer o seu traballo, coas responsabilidades que ten a Xunta de Galicia, antes de que xa non haxa solucións que sexan válidas, antes de que sexa demasiado tarde.

Pola miña banda, máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cal.

Grupos non emendantes.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día, señora conselleira.

Señorías, permítanme, antes de nada, facer un recoñecemento explícito ao coñecemento da obra de Luís Eduardo Aute polo señor Bará Torres, por esa referencia a *Pasaba por aquí* que lle fixo á señora conselleira; referencia que entendo acertada porque vostede, señora conselleira, con todo respecto, o que veu facer aquí non foi a presentación dun proxecto de lei, veu facer unha comparecencia. Veu facer unha comparecencia na que, ademais, esqueceu totalmente falar do que entendemos que é unha das partes esenciais tamén deste proxecto de lei: a que se refire á garantía sanitaria do abastecemento de auga. Falou vostede creo que quince segundos ao final, obviando, polo tanto, unha parte fundamental tamén deste proxecto de lei.

O certo é que o Consello da Xunta de Galicia, xa en novembro —perdón, en marzo do ano 2018—, é dicir, hai un ano e medio, daba conta dun informe da que entón era a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para o sometemento á consulta pública previa dun procedemento de elaboración dun anteproxecto de lei de medidas en relación coa utilización dos recursos hídricos. Daquela transmitíase que a Xunta estaba a traballar en dous instrumentos normativos para garantir o abastecemento de auga en suficiente cantidade e coa suficiente calidade. Un era relativo a medidas ante eventos de seca e situacións excep-



cionais, e, outro, un plan especial de mellora da vixilancia da calidade da auga para o consumo humano. Agora isto preséntase como un único proxecto de lei; o cal, en si, tampouco é necesariamente malo.

O certo é que esta previsión normativa formaba parte do plan anual normativo do ano 2018, sen que fora cumprida tal previsión. É dicir, estamos a piques de rematar o ano 2019. Por certo —dito sexa de paso—, descoñecemos cal é o plan normativo do ano 2019 da Xunta de Galicia, que está sen publicar nin aprobar, pese á obriga legal que existe da publicación dese plan normativo, como vostede coñece perfectamente.

E as competencias e normativas sobre augas en Galicia recóllense fundamentalmente nesa lei á que se fixo referencia repetidamente polos voceiros que me precederon: a Lei 9/2010, de augas de Galicia, á que este grupo parlamentario naquel momento mantivo unha posición contraria; norma á que vostede se referiu como «unha lexislación eficaz». E, se esa lexislación eficaz é unha norma que sufriu 32 modificacións normativas a través de oito leis distintas, e que incluso este proxecto de lei contempla especificamente cinco novas modificacións —polo tanto, estaremos en 37 cambios normativos nun texto a través de nove leis distintas—, creo que é boa mostra de que non estabamos errados cando afirmabamos que esa lei, a Lei de augas de Galicia, non ía resolver problemas e que se tramitaba sen a necesaria reflexión e análise necesarias.

Pero isto forma parte, en xeral, da política de augas —tanto de abastecemento como de depuración— do Partido Popular, e polo tanto da Xunta de Galicia. Ían vostedes facer a redacción dun regulamento do ciclo integral da auga que prevese mecanismos de coordinación entre concellos e Administración autonómica, que analizase os estándares de calidade na planificación e na prestación de servizos, a regulación das traídas veciñais, os sistemas de depuración particulares e aspectos tarifarios e de recuperación de custos económicos. Nada diso se fixo, excepto unha norma, con rango de decreto, do ano 2015; polo tanto, unha norma de hai catro anos.

Ían vostedes potenciar o Pacto local da auga, ao que tamén se fixo referencia en repetidas ocasións —referencia necesaria, obviamente, no contexto deste proxecto de lei do que estamos a falar—. Ían vostedes, dentro desa potenciación do Pacto local da auga, proceder á sinatura dun convenio marco entre distintas administracións para acadar acordos e respetalos desde todos os ámbitos para o seu posterior traslado á normativa autonómica en materia de augas. ¿Cal é a realidade? ¿Cal é a realidade deste impulso, desta potenciación do Pacto local da auga? Bueno, a realidade é que o 4 de novembro do ano 2013 —polo tanto, hai seis anos— asinaron vostedes un protocolo, un protocolo hai seis anos —repítoo porque isto é relevante—. E resulta que, en seis anos, se mantiveron tres reunións da comisión institucional —a última en maio do 2015; polo tanto, hai catro anos e medio— e sete reunións da comisión técnica —a última en abril do ano 2016; polo tanto, hai máis de tres anos—.

Ían vostedes redactar unhas instrucións técnicas para o desenvolvemento de pequenos sistemas de abastecemento de auga e de depuración. ¿Onde están esas instrucións?

Ían vostedes regular a promoción de sendas fluviais de Galicia a través do establecemento dun selo de calidade. ¿Onde está?



Ían vostedes desenvolver un modelo único, financeiramente sostible, na explotación dos sistemas de depuración de Galicia. ¿Onde está? Bueno, é certo que polo menos o noso grupo parlamentario ten coñecemento a través da prensa de que están vostedes empezando a facer algo neste sentido. Porque parece ser que hai determinados medios de comunicación que coñecen á perfección o contido desa auditoría que vostedes deben de ter e que o noso grupo parlamentario tivo que solicitar a través do artigo 9 para que tiveran a ben remitirnos, como parlamentarios que somos, información que a prensa coñece xa co máximo detalle. Esta é a realidade. *(Aplausos.)*

Ían vostedes implantar un sistema tecnolóxico de mellora da eficiencia na xestión das infraestruturas hidráulicas de Galicia, medida absolutamente necesaria. ¿Onde está? E eu aquí teño que facer esta reflexión: se vostedes falan facendo, como se nos di aquí reiteradamente, creo que padecen un episodio severo no que están mudos. É dicir, están calados e, polo tanto, é mellor que empecen a facer para poder seguir dicindo que falan facendo.

Ían vostedes facer unha estratexia para a explotación internacional do modelo de xestión de Augas de Galicia. Señora conselleira, ¡espectacular! ¡De Galicia para o mundo! ¡De Galicia para o mundo! Ao mellor, de momento quedan calados ata que teñan algo que ensinarlle ao mundo, ou, polo menos, ao resto das comunidades autónomas. O que si lle recoñezo, si que llo recoñezo, é que esta lei é pioneira no Estado. Iso si que é certo. Pero, mire, non consta nada de todo isto que lle dicía. Xa non imos falar da estratexia de zonas inundables, que, máis alá de actuacións puntuais, non existe.

Resulta relevante, dentro deste debate, dar unhas pequenas pinceladas sobre os datos orzamentarios —é dicir, os cartos de todos os galegos que xestiona Augas de Galicia—: «Planificación e xestión hidrolóxica» —programa 542A— e «Infraestruturas e xestión de abastecemento e saneamento» —programa 542B—.

Nos últimos anos existe unha sistemática e permanente diminución das contías que a Xunta de Galicia lle transfere a Augas de Galicia, que son de signo contrario aos recursos propios de tal organismo. Loxicamente, e se analizáramos os datos, por exemplo no ano 2013 —hai seis anos— a Xunta transfería 47,5 millóns de euros; e, no ano 2019, 29,5 millóns. Signo contrario: os ingresos tributarios de Augas de Galicia no ano 2013 eran 55 millóns de euros; e no ano 2019 eran 61. E as principais fontes de ingresos tributarios son o arquicoñecido e mal empregado canon da auga, que pasou de 48 millóns no 2016 a 52 millóns no 2019; o coeficiente de vertedura, que mantén uns ingresos e unha previsión de ingresos constante; e taxas administrativas, que é o capítulo menos relevante destes ingresos.

Pero o certo é que nestes últimos catro anos —2016, 2017, 2018 e 2019— Augas de Galicia prevía uns ingresos tributarios de 236 millóns de euros, ¡que se di pronto! Son moitos cartos se se empregan ben. E, claro, como Augas de Galicia non forma parte dos orzamentos consolidados da Xunta de Galicia, non remite datos sobre a execución. E, polo tanto, temos que ir á conta xeral da Comunidade Autónoma dos anos 2016, 2017 e 2018 —que se acaba de coñecer— para saber cal é o nivel de execución dos orzamentos no capítulo VI de Augas de Galicia. E aquí temos que dicir necesariamente que nos produce un estupor absoluto comprobar como nestes tres últimos anos Augas de Galicia dispoñía de 160 millóns de euros no



capítulo VI, que contraeu obrigas por 49 millóns de euros, e que, polo tanto, deixou sen executar 111 millóns de euros en tres anos. Francamente, temos que concluír que isto é unha xestión nefasta da finalidade para a que están concibidos eses cartos, para o que están concibidos os investimentos de Augas de Galicia. Máxime cando todos sabemos —e sábeno vostedes tamén— que os investimentos levados a cabo cada ano teñen —imos utilizar un eufemismo— un alto grao de opacidade. É dicir, pode mencionarse que en moitas ocasións non se descoñecen os criterios de elección de determinados investimentos. Non existe unha planificación coñecida. Nunca existiu, non lles interesa. Aínda que parece que con esta lei pretenden vostedes que esa planificación exista. Pero ata este momento non lles interesou que existise unha planificación coñecida desas actuacións, que parecen, en moitos casos, obedecer a criterios partidarios.

O anteproxecto daba conta dunha modalidade impositiva —á que tamén se fixo referencia—, pero o proxecto de lei finalmente non incorpora esa figura impositiva. Remite á elaboración dun proxecto de lei, que se deberá presentar no prazo de tres anos, sobre esa figura. Parece que algo de respecto lles debe impoñer —neste momento case preelectoral con respecto ás eleccións autonómicas— crear unha figura impositiva, que tampouco se sabe moi ben sobre quen vai recaer directamente, é dicir, quen vai ser o suxeito pasivo dese novo imposto.

Este anteproxecto tiña que ser informado polo Consello para o Uso Sostible da Auga, de acordo co establecido na Lei de augas de Galicia. Pero o dito consello non está —logo de nove de anos da aprobación desta lei— constituído. Polo que, no seu defecto, parece que foi informado polo Consello Reitor de Augas de Galicia.

Máis alá de toda esta situación, con respecto ao proxecto de lei do que estamos iniciando o debate, nós entendemos a auga como un elemento potenciador, dinamizador e de cohesión do territorio para o desenvolvemento económico e social de Galicia, que cobra especial relevancia, evidentemente, na nosa comunidade, que se caracteriza —como todos os que estamos aquí sabemos— por unha gran dispersión poboacional que dificulta en gran medida a chegada destes servizos a toda a poboación. Entendemos que, para acadar ese obxectivo, é necesario modernizar as redes de abastecemento concedendo axudas tamén ás entidades veciñais, que foron en moitos casos as que construíron e manteñen as redes de subministración de auga; a automatización, innovación e modernización das plantas de tratamento de auga potable; acordos supramunicipais —estamos de acordo— co obxectivo de optimizar o aproveitamento das infraestruturas —especialmente, depósitos, estacións de tratamento de auga potable e bombeos—; a homoxeneización dun sistema tarifario no ciclo da auga conforme o artigo 9 da Directiva marco da auga, que fixa a importancia da recuperación dos custos e o feito de que os prezos deben servir como incentivo para mellorar a eficiencia do consumo da auga; e unha maior progresividade no cobro do canon da auga, e non vincular aos usos asimilados aos domésticos unicamente o volume da auga consumida senón tamén a actividade que se realiza por parte do negocio ou da empresa. Tamén poderíamos falar de depuración, pero, evidentemente, isto non é obxectivo deste proxecto de lei.

En definitiva, defendemos unha planificación hidrolóxica e unha xestión da política da auga adecuada —e adecuada á Directiva marco da auga europea— e que ademais cumpra suficientemente os obxectivos, e, polo tanto, que garanta suficiente auga potable a medio e longo



prazo no contexto de secas cada vez máis intensas e frecuentes provocadas polo cambio climático; unha xestión integral e eficiente das demandas de todos os recursos hídricos dispoñibles nos sistemas de explotación, tanto superficiais como subterráneos, e os procedentes da reutilización; uns prezos da auga que reflectan os custos do sistema no seu conxunto e que incorporen sobre todo a consideración do valor ambiental da auga e dos ecosistemas fluviais, así como as medidas de medición e control —que figuran, en certo modo, no proxecto de lei— do uso da auga e da súa calidade para poder previr e combater toda forma de malgasto; que se garanta o dereito ao acceso aos servizos básicos da auga e saneamento, considerando a auga como un ben común de dominio público imprescindible para a vida; e fomentar dende a Xunta de Galicia a adecuada xestión do ciclo integral da auga e promover medidas que garantan que non cheguemos a unha situación de pobreza hídrica.

Por estes motivos que acabo de expoñer, o noso grupo parlamentario aspira a mellorar, na tramitación deste proxecto de lei, este texto, ao que foron presentadas 183 emendas en total, o que dá conta de que é un proxecto mellorable, incluso tamén desde o punto de vista do Partido Popular. Porque —repito— son 183 emendas a unha lei que ten 31 artigos, 6 disposicións adicionais, 2 transitorias e 8 derradeiras. É unha lei necesaria —de feito, houbo grupos parlamentarios que me precederon que consideran que esta é unha lei necesaria— e é un proxecto mellorable. Polo tanto, nós non presentamos unha emenda de devolución porque entendemos que é absolutamente necesaria e —repito— aspiramos a melloralala fundamentalmente no seu trámite parlamentario.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Trenor López.

O señor TRENOR LÓPEZ: Bos días, señorías.

Señor Álvarez, da lei vostede falou pouco, pero eu alégrome de que non presentaran unha emenda á totalidade e que dalgunha forma vostede recoñecera algunha das bondades que ten esta lei, e tamén de que recoñecera que é unha lei pioneira, porque a verdade que negar cuestións como esa pois é entrar en debates ás veces un pouco absurdos.

Espero —como vostede tamén espera e desexa— que no trámite parlamentario poidamos chegar a acordos, e ademais poder tamén desfrutar dese humor que vostede ten, que eu aínda non tiven a posibilidade de poder desfrutar en traballo de comisión.

Pero vostede é coherente cos acordos que xa houbo no trámite previo desta lei. E a min iso tamén me parece que é de agradecer. En certa medida vostede tamén recoñece que esta lei chega despois dun diálogo, despois de chegar a acordos principalmente cos afectados desta lei. E, nese sentido, imos continuar ese camiño que xa se iniciou.

Señor Rodríguez, despois da súa intervención créame que non sei se vostede está de acordo coa lei ou non está de acordo coa lei. Non sei se realmente se arrepentiu de presentar unha



emenda á totalidade, non sei se pensaba que a través dunhas emendas parciais podía realmente reflectir mellor o que vostede pensa desta lei. Pero, bueno, sorprendeume que vostede fixera referencia na súa exposición á Constitución —agora non fixo referencia pero no Rexistro si que o fixo—, pero quero dicirle que nós respectamos en todo momento a autonomía local e as entidades responsables e competentes no sistema de abastecemento. Eu agradezo que vostede teña dúbidas de se estamos a invadir esas competencias, porque deixa claro, polo menos, que as competencias son dos municipios. Iso é así porque o di a Lei de bases de réxime local.

Tamén —como lle recordou a conselleira— as deputacións provinciais teñen a obriga de apoiar e axudar os concellos, sobre todo a aqueles que teñen menos de 20.000 habitantes. E tamén a Xunta de Galicia, a pesar das competencias que teñen os municipios e que teñen as deputacións, está a dar apoio técnico e financeiro —que case é máis importante— aos propios concellos. Desde o 2009 houbo máis de trescentas actuacións en materia de abastecemento, das que se beneficiaron máis de cento cincuenta concellos. Ademais, desde Augas de Galicia elaboráronse os plans de saneamento local, impulsouse a creación de consorcios, tanto para abastecemento como para saneamento e para o ciclo integral da auga —asumindo tamén a explotación de EDAR, o que non lle correspondía, señor Bará—. Préstanse tamén servizos de abastecemento dende Augas de Galicia a varios concellos. Fixéronse ordes de axuda para o desenvolvemento da planificación da auga dos concellos. E tamén, señorías, para que elaborasen os plans de emerxencia fronte á seca para garantir o abastecemento de auga á poboación. Esa é a finalidade desta lei, garantir a subministración de auga en calidade e cantidade. E iso pasa, ademais, pola colaboración entre todas as administracións que teñen responsabilidade na materia. Non serve de nada estar negando as competencias que cada unha ten, e non serve de nada renunciar e non exercer as competencias que teñen as diferentes administracións.

É necesaria a colaboración pero tamén é necesario ser responsable, non se trata só de contar coas infraestruturas, trátase tamén de mantelas e de investir os importes das taxas que se están a cobrar pola prestación de servizos en mantemento e en reposición das infraestruturas. Son os concellos os responsables das súas redes e son os que as coñecen mellor ca ningún. E por moito que se queira axudar, se os concellos non o toman en serio non hai nada que facer. Polo menos, aquilo que recadan no tema das augas que o invistan nas redes, que o invistan tamén na auga, e non que se saque para diferentes cuestións. Algunhas delas ao mellor son máis importantes, pero noutros casos estanse a utilizar os recursos da auga para festas ou para cuestións que francamente non son prioritarias para ningún municipio.

E logo fan vostedes referencia —e iso fano todos os grupos— a un réxime sancionador aos concellos, a medidas punitivas. E nós non podemos admitir ese enfoque, esa lectura que vostedes fan. Porque o máis parecido que hai ao que vostedes din é que se establece un mecanismo disuasorio para fomentar o uso responsable da auga, para contribuír a un uso eficiente deste recurso. Mire, dicía a conselleira que non é asumible o nivel de perdas que temos. Eu encontrei outro artigo onde poñía que as fugas de auga en Galicia equivalen ao consumo de Madrid e Cataluña nun mes. Moi ben, podemos entrar en debate respecto de quen é a competencia. Para vostedes é o recoñecemento dun modelo. Francamente, señor Bará, levan vinte anos gobernando en Pontevedra; en Lugo non sei cantos anos levan tamén, e en Vigo tres



cuartos do mesmo. Quero dicir que son moitos municipios onde vostedes levan gobernando máis de dúas décadas e onde non fixeron absolutamente nada. E lémbrolle que, cando falamos dun 40 %, é porque é a media de todos os concellos, onde vostedes están gobernando dende hai moitos anos e non fixeron absolutamente nada de nada. Co cal, cando a conselleira denuncia que se está a perder un 40 %, en vez de facer chascarrillos, en vez de rir, en vez de facer un pouco de algarabía, polo menos pensen o que fixeron mal e intenten emendalo. Sexan un pouco humildes. ¿O obxectivo? Situar as perdas de auga por debaixo do 20 %.

En relación coa mellora das redes de abastecemento, a lei establece que vai ser obrigatorio dispoñer de controis homologados de caudal tanto nos puntos de captación como nos puntos de subministración final. E estes contadores son mecanismos imprescindibles para coñecer as perdas da rede e actuar, para así prepararnos para situacións extremas de seca.

Pediron vostedes prazos máis amplos para a instalación de contadores. Pero esta medida tratouse, en particular, coa Fegamp e co resto dos axentes relacionados co sector da auga. E foron escoitados e foron, ademais, adaptados os prazos ás súas demandas e propostas. Co cal non sei se vostedes falaron ou non con estes axentes e coa Fegamp para vir con esta proposta que fan.

Tamén no noso grupo defendemos que non só os concellos teñen que reducir o consumo e controlar o consumo, senón que tamén aqueles grandes consumidores, como as empresas, contribúan consumindo menos auga. E por iso defendemos un canon disuasorio por consumo de auga para uso industrial.

Polo tanto, señorías, a lei non ten como finalidade sancionar, nin establece procedemento punitivo ningún. O único que se establece son obrigas de adopción de medidas que en moitos casos xa deberían de estar executadas e que soamente buscan acadar unha mellora da xestión que repercuta na consecución de obxectivos medioambientais.

Señor Cal, señores do Grupo de Podemos, dúas cousas. Plaxiar está moi mal, e copiar párrafos enteiros doutra persoa e simplemente traducilos do castelán ao galego é un burdo plaxio. (*Aplausos.*) Eu non sei se vostede debería dimitir, non o sei. Pero é verdade que, nun país onde o presidente é o primeiro en plaxiar, é moi difícil pedirlle a vostede unhas responsabilidades. Pero, mire, xa, de plaxiar, polo menos facelo ben.

O profesor Arrojo, que é o que inspira e o que lle serviu para copiar e pegar a súa intervención, cando defendía todo o que vostede traduciu fíxoo cunha finalidade, nun contexto diferente e nunha rexión que non ten nada que ver con Galicia. Para que todo o mundo o entenda, todo o que dixo o señor Cal foi escrito hai vinte anos en Zaragoza e coa finalidade de que non se construíran en Aragón 145 infraestruturas —presas, canalizacións e bombeos para poder transvasar máis de 1.000 hectómetros cúbicos da conca do Ebro ao longo do litoral mediterráneo—. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Polo tanto, señor Cal, se vai plaxiar, polo menos faga unha adaptación á nosa comunidade, léveo tamén a este tempo e non nos faga pasar por este bochorno. (*Aplausos.*) Porque —créame— cando eu atopei isto deume certa vergoña allea. Polo tanto, se toda a argumentación que fai o Grupo de Podemos para xustificar a súa emenda á totalidade é un plaxio da argumentación que fixo o seu grupo contra o transvasamento do Ebro, vaime permitir que dubidemos do seu rigor.



Pero, mire, si que quero puntualizar dúas cousas que vostede dixo. Descoñece completamente a lexislación e como está estruturada a normativa en materia de augas e a finalidade ou o obxectivo da lei da que estamos a falar. As medidas de prevención están establecidas na planificación hidrolóxica, están establecidas. O que estamos a facer nesta norma é establecer medidas que regulen unha situación excepcional que pode chegar a producirse incluso a pesar de toda a normativa xeral e da adopción das medidas preventivas que se establecen nela. Porque eu imaxino que, cando pasan esas cousas, vostede pensará —ou quero pensar que o cre así— que hai que garantir o abastecemento á cidadanía, entendo que vostede cre que hai que facelo. Pois disto é do que trata esta lei, non de todo ao que vostede fixo mención.

E no tema da participación, miren, volven vostedes confundirse. Non é o mesmo cauce de participación nas ferramentas de planificación que nun texto lexislativo. Pero, claro, vostede non se estaba referindo á nosa lei, senón que se estaba referindo ao Plan hidrolóxico nacional, por iso as críticas que vostede facía aos mecanismos de participación non eran a unha lei senón a un plan hidrolóxico.

Pero, mire, como xa lle lembrou a conselleira, en febreiro o texto foi publicado no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia. Despois fíxose un trámite de audiencia, e remitiuse o texto a todas as administracións implicadas —ministerios, delegacións, confederacións, á Fegamp, a diferentes departamentos da Xunta—, e tamén a diferentes colectivos, asociacións e organizacións sindicais. Máis de cincuenta entidades recibiron o texto no período de alegacións para que puideran facer as súas achegas, e, entre elas, tamén se acordou coa Fegamp —non entendo por que o negan—. Aquí está, por exemplo, a reunión que tivo a conselleira co presidente, e aquí está tamén outra xornada que houbo con todos os representantes da Fegamp onde se chegou a acordos, onde houbo aportacións concretas. (*O señor Trenor López amosa unhas fotos desde a tribuna de oradores.*) E a conselleira foi receptiva, escoitou o que lle dixeran os alcaldes e incorporouno ao texto que agora hoxe temos aquí.

Logo deste proceso, o proxecto de lei foi aprobado no Consello da Xunta e entra na Cámara. E na Cámara aínda nos queda todo o trámite parlamentario no que vostedes poderán facer alegacións parciais. E espero que fagan alegacións adaptadas a este texto e non alegacións que presentaron para o Plan hidrolóxico nacional. Seguramente que, se vostede fai iso, nós poderemos falar e poderemos aceptar ou transaccionar algunhas das súas propostas.

Señor Bará, respecto da participación, mire, do seu grupo aceptamos moi poucas recomendacións. Lémbrolle o teatrillo que fixeron vostedes na Praza da Constitución cando quixeron facer un parlamento paralelo que buscaba restar lexitimidade a este Parlamento, porque así é como vostede entende a participación. Cando están vostedes e as súas asociacións amigas e os seus amiguiños, entón si que hai participación. Cando resulta que é o Parlamento, que está lexitimado para aprobar as leis, o que toma as decisións, vostede, que ten seis deputados, considera que non é escoitado. (*Aplausos.*)

Mire, confunde vostede unha lei para as situacións de emerxencia extrema coas situacións de normalidade de abastecemento, nas que os procedementos deben ser complemente diferentes. Parece que vostede, ademais, ignora a propósito a figura da planificación hidrolóxica, que é o máximo expoñente da planificación, que engloba a planificación, os obxectivos



de saneamento e de abastecemento. Esta planificación hidrolóxica está vixente, está en vigor, permanece en revisión continua porque ten unha planificación que se vai modificando cada seis anos. Agora estanse a facer as diferentes planificacións que corresponden aos seis anos seguintes, mentres que se está a executar.

Pero, mire, antes de continuar permítame que lle diga que non é malo ser un pouco humilde e prudente. E cando un é concelleiro, cando foi concelleiro, como foi vostede, dun dos concellos que máis ten que mellorar en todo, en todo, absolutamente en todo o que afecta ao abastecemento e saneamento das augas, aínda é máis importante. Mire, a xestión da auga no Concello de Pontevedra lévaa a Concellería de Festas. É a única cidade de toda Galicia na que a depuración a fai a Xunta de Galicia, coa gravidade de que, cando a Xunta de Galicia asumiu a depuración porque vostedes eran incapaces de facelo, o que se estaba cobrando para depurar —que loxicamente cando xa non o facían vostedes non o ían cobrar— subírono vostedes no resto dos gravames para recadar exactamente o mesmo. Co cal, prestan un servizo menos pero ao cidadán estánlle a cobrar o mesmo que cando prestaban todos os servizos. *(Aplausos.)*

Mire, escoitábao o outro día gabarse de que baixaron dous puntos a perda de auga. Levan vostedes vinte anos gobernando, señor Bará, vinte anos gobernando en Pontevedra, e baixaron só dous puntos en vinte anos. É que lles vai levar douscentos anos máis deixalo sen perdas, ¡douscentos anos máis! *(Aplausos.)* Creo que non vai ser vostede o que o faga. *(Aplausos.)*

Do plan de emerxencia da súa cidade seguimos esperando. Supoño que vostede considerará que non ten que facelo. Penso francamente que, á parte de ser inútiles, son vagos, vagos, porque é increíble que unha cidade como a súa teña estas eivas. ¡Ah!, por non falar dos vertidos... Porque lle lembro os vertidos do río Gafos, que pensa vostede que con ocultalos, con botarlles un pouco de formigón enriba, non van chegar ao río.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Non, están a chegar e vai haber denuncias.

En definitiva, señorías, temos unha lei que é positiva —alégrome de que o Partido Socialista así o recoñeza—. Iniciamos agora o trámite parlamentario e espero poder chegar a acordos. Pero para iso tamén o que hai que facer é adaptarnos, baixar un pouco ao terreo e saber do que estamos a falar aquí en Galicia, que non é o mesmo que o que precisamos para Zaragoza.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Trenor.

Réplica dos grupos emendantes.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Rodríguez Estévez.



O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas de novo, presidente.

Señor Trenor, estou de acordo en que é necesaria esta lei, dixémolo desde o principio. Non estamos de acordo nin no trámite da mesma nin no contido desta. ¿Por que? Porque pensamos que imos perder unha oportunidade moi boa de garantir unha subministración de auga óptima. Perdemos unha oportunidade moi boa de protexer os nosos recursos hídricos.

Fíxome graza a denominación do señor Trenor para referirse ás sancións. «Nesta lei non se fala de sancións», díxonos a señora conselleira. O señor Trenor chamoulles «mecanismo disuasorio», ou «canon disuasorio», pero están recollidas as sancións para os concellos. Chámenlle polo nome, non inventen cousas novas que ao final todos sabemos o que hai.

Alá polo ano 2012 publicouse un decreto polo que se aprobou un regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura en sistemas públicos de depuración de augas residuais. Aínda que o propio presidente da Xunta, o señor Alberto Núñez Feijóo, anunciou que estarán exentos os titulares de pozos e traídas particulares e que se excluírá o canon da auga para os fins agrogandeiros, a día de hoxe demostrouse que isto é mentira. Estamos pagando todos, ¿ou non? Entón, non se pode dicir o que despois non se vai facer.

Nesta lei que debatemos hoxe tamén atopamos omisións importantes e que deberían estar moi presentes, como a minaría —a minaría compromete o acceso das xeracións futuras a este recurso—; a actividade extractiva e de transformación dos recursos xeolóxicos, particularmente da minaría metálica, que consome tamén grandes cantidades de auga e non se ve ningún tipo de gravame para este tipo de explotacións. A fractura hidráulica é unha actividade sobre a auga que supón unha das maiores agresións na contaminación do solo e dos acuíferos, e tampouco se contempla ningún canon disuasorio a estas actividades. Hai máis casos pero, en resumo, pouco se fala nesta lei de obrigacións ou sancións ás empresas que exercen estas actividades e si aos concellos —e ademais con prazos—.

A auga é un patrimonio das comunidades, dos pobos, da humanidade, e non é unha mercadoría. Por iso dende o Grupo Parlamentario Mixto, dende En Marea, defendemos que a xestión da auga debe ficar sempre, sempre, no espazo público e comunitario; e debe realizarse con participación, equidade e control social. A auga non pode ser un negocio, dixémolo xa no turno anterior, e o principio organizador debe ser o da recuperación do custo. Hai que repercutir os custos sobre o consumidor —abastecemento, saneamento, etc.—, pero a recadación debe ser destinada única e exclusivamente para ese medio e non, como dicía anteriormente, que se deixen sen executar creo que cento e pico millóns de euros. Eu penso que non estamos tan sobrados como para permitirnos ese luxo.

A Xunta de Galicia debe modificar o marco normativo que regula a auga e debe deseñar un novo plan plurianual de saneamento que combine diferentes solucións tecnolóxicas para o coidado ambiental dos ríos galegos, que dá pena velos.

Queremos unha lei que na súa exposición fale dun problema existente en todo o noso país, que é o do cambio climático. Non queremos unha lei que afogue aínda máis os concellos. Queremos unha lei de prevención no que atinxe á auga e ao seu ciclo, queremos unha lei que



protexa os nosos ríos e os nosos recursos hídricos. E queremos unha lei que teña participación. Unha foto da señora conselleira co presidente da Fegamp e outra foto da señora conselleira con dúas persoas da Fegamp —así lle chamou vostede— eu penso que non é suficiente. Queremos unha lei que non sexa propaganda institucional antes dunhas eleccións. E, polo tanto, eu síntoo, señora conselleira, pero ao Grupo Mixto, a En Marea, esta lei non lle vale. E non lle vale porque é unha lei que non vai ser útil nin para as persoas nin para o noso medio.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Estévez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Miren, este debate o que puxo en evidencia é que a política hidráulica do Partido Popular se pode definir con dúas palabras: fracaso e fiasco. Estas son as palabras que a caracterizan. E por iso, por este motivo, vostedes están tan mal valorados nos inquéritos, nesos inquéritos que tanto lle gustan ao seu secretario xeral, o señor Tellado, nos que suspenden en todo. ¿Viron a enquisa do outro día, do domingo? ¡Suspendo en todo! Non chegan ao 5 en ningunha área do Goberno. (*Aplausos.*) E, por certo, a de medio ambiente é unha das peor valoradas. Por algo será. Tamén a industrial e a de política social, as peor valoradas do Goberno. Así que tomen nota e aplíquense, que aínda lles quedan uns meses. A ver se melloran a nota, porque vai haber un exame final pronto, señor Trenor, señora Éthel Vázquez.

Claro, a vostedes dáselles moi ben vender fume. Venden fume embotellado a través da Televisión Galega, a través de todas as canles. Pero, claro, o fume pódese vender unha vez, dúas veces, tres veces, dez veces... Pero chega o momento en que cae o decorado, cae o envoltorio, a cosmética.

Vostedes non acaban de entender unha cuestión que lles dixemos aquí. Porque vostedes din que esta lei se refire a situacións de emerxencia extrema e que despois hai a situación de normalidade. Pois non, nós cuestionamos este marco, porque entre a emerxencia extrema e a normalidade está a situación de seca provocada polo cambio climático, que é o que non aparece nesta lei e que vostedes, en todo caso, analizaron no plan de seca, que é do ano 2010. Pero non estamos no ano 2010, estamos no ano 2019 cunha ameaza de cambio climático que mete medo, como dixo o estudo do Observatorio da Sostibilidade respecto do incremento das temperaturas en Galiza e da baixada das precipitacións nun horizonte de trinta anos se non se toman medidas, se non cambian vostedes as súas políticas. Porque —xa llelo dixen— o que está favorecendo o cambio climático é a súa política forestal, a súa política de megaminaría, a súa política de contaminación dos ríos e das rías, a súa política forestal de encher os montes de eucalipto ou a súa política de residuos, a de levar o lixo que se produce nas casas por toda Galiza a queimar en Sogama para producir enerxía eléctrica. Iso si que é fomentar o cambio climático, cando ese lixo, que maioritariamente, o 50 %, son residuos orgánicos, debe tratarse en proximidade e recuperar para facer compós e para recuperar os nosos montes. Esa é a política que hai que facer, e vostedes van no coche kamikaze en sentido contrario.



E, claro, o non vai máis xa é que se atreva vostede a criticar Pontevedra. E non lle consinto (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*), non lle consinto, señor Trenor, que fale con ese menosprezo da concelleira que leva o ciclo da auga en Pontevedra, que é química e que lles dá a vostedes mil voltas en materia de política hidráulica (*Aplausos.*) e de calquera política. Estivo aquí neste Parlamento. Non a menosprece, señor Trenor.

Por certo, mire... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Que pasa?, ¿non se pode ser concelleira de festas? ¿Iso é un demérito? Vostede veu aquí a mofarse de que era concelleira de festas. Pois si, é a concelleira de festas, do ciclo da auga, a portavoz do Grupo do BNG e de moitas máis cousas, porque lle dá para moito máis que a vostede a súa capacidade política. (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Fortes murmurios.*)

¡E que a veña criticar aquí xustamente cando esa concelleira acaba de dicir que Pontevedra ten o 3,6 % de perda na distribución da auga que se capta e da auga que chega aos fogares...! ¡O 3,6 %! ¡Vinte anos! Tamén levan vostedes corenta anos e mais os corenta anteriores gobernando e non o fixeron para mellorar a situación do noso país. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Vinte anos, pero vinte anos... Miren, vostedes no Plan director de economía circular de Galiza propoñen que no ano 2030 haxa un 20 % de perdas na rede, e Pontevedra está no 3,6 % xa agora no 2019. Debían vostedes botar foguetes, felicitar a Pontevedra e preguntarlle como fan para facelo nos demais sitios onde gobernan vostedes. E veñen aquí a criticar, ¡aínda se atreven!

E xa o colmo é que me diga que a Xunta de Galiza se encarga da depuración das augas de Pontevedra porque o Goberno de Pontevedra non o soubo facer. Pero, ¿sabe vostede cando se encargou Augas de Galiza da xestión da depuradora de Pontevedra, que lle presta servizo a catro concellos? ¡Nos anos 90, cando gobernaba o Partido Popular na Xunta de Galiza e no Concello de Pontevedra! (*Aplausos.*) Foi naquel momento, pero porque é unha depuradora supramunicipal. ¿Entende vostede o concepto «supramunicipal»? Catro concellos que verten as augas aí, e xa lles dixemos que Os Praceres non pode ser o funil polo que boten a merda de catro concellos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor,.

O señor BARÁ TORRES: Non aceptamos esa ampliación da depuradora, que lle quede claro, señora conselleira. Non aceptamos, hai que facer máis depuradoras na ría de Pontevedra. Non se pode concentrar a merda nunha única depuradora no fondo da ría de Pontevedra, porque a ría de Pontevedra ten tres depuradoras, a de Vigo ten nove e a de Arousa ten once. Isto non é admisible. Teñen que facer o seu traballo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará

O señor BARÁ TORRES: Xa remato...

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo, grazas.

(*O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará. Capacidade política supónsenos a todos; se non, apañados estabamos. *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Non, a todos, a todos! Ímolos deixar así, a todos.

Polo Grupo Común da Esquerda, o señor Cal.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

En primeiro lugar, quero dicirlle ao señor Trenor que se esqueceu de Ourense cando fixo repaso polas cidades que teñen problema na subministración. Esquéceo deliberadamente porque vostedes non queren recoñecer que este é un problema estrutural, e para o único que fan a lei é para poder atacar os concellos onde non gobernan. Cando falemos dos concellos, falemos tamén de Ourense, porque ten a mesma problemática.

E, despois, sinto chafalo, señor Trenor. Vouno chafar. Eu sei que vostede estaba moi feliz, e alédome de que vostede acuda aos traballos do señor Arrojo, alédome un montón, porque sería fantástico que os tiveran en conta nas súas propostas. Alédome de que o vise. Claro, vostede viu o filón e dixo: ¡Ostras!, teño parte deste discurso, xa teño eu como atacar o señor Cal e evadir todo o que nos poida dicir no seu discurso; e así xa escapo por aí. Pois sinto chafalo, señor Trenor. Evidentemente, a nosa exposición de motivos ten moitas partes dos traballos e das teses do señor Arrojo porque foi a persoa coa que nos asesoramos para facer este traballo. Por suposto, temos moitas partes das súas teses porque é a persoa que nos asesorou para facer este traballo.

Segue vostede facendo o ridículo. *(Risos.) (Murmurios.)* Non sei se vostede sabe... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(O señor Trenor López amosa uns papeis desde o escano.)* Deixe de facer o ridículo, señor Trenor. *(Murmurios.)*

Non sei se vostede sabe... *(O señor Trenor López amosa uns papeis desde o escano.)* *(Murmurios.)*

Está falando. ¿Pode falar mentres eu falo? ¿Pode falar mentres eu falo?

O señor PRESIDENTE: Non é cuestión de que vostede agora me recrimine a min algo do debate. O debate constrúeno vostedes. Eu non podoo ir en contra de que un señor ensine un papel.

O señor CAL OGANDO: Pero pídalle que cale.

O señor PRESIDENTE: Eu podoo gardar silencio nun momento determinado, pero non me bote a min a culpa de que o debate non vaia polo carril que quere vostede. Iso é outra historia. *(Murmurios.)*

¡Silencio!

O señor CAL OGANDO: Terá que facer algo, terá que chamalo á orde. Se non cala, terá que chamalo á orde, como fai con nós.



O señor PRESIDENTE: Non, non. Non percibía eu un ruído aquí agora neste momento que molestara.

O señor CAL OGANDO: Non para de falar.

O señor PRESIDENTE: Pero iso é outra cousa, señor, ¡por favor!

O señor CAL OGANDO: Pero ¡como que iso é outra cousa!

O señor PRESIDENTE: ¡Se todos falan entre vostedes nun ton baixo! Eu non teño culpa de que o debate non vaia como vostede quere, esa non é a miña culpa. Constrúa vostede mellor o debate. Non é culpa miña, ¡por favor! ¡Non é culpa miña!

O señor CAL OGANDO: A súa responsabilidade...

O señor PRESIDENTE: Eu estou neste momento..., pero eu non podoo...

(O señor Cal Ogando pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Eu non teño culpa de que un señor ensine un papel, iso é libre. Vostede vaia ao tema, que eu me encargo do meu.

O señor CAL OGANDO: Vostede faga o seu traballo.

O señor PRESIDENTE: Vostede vaia ao tema. *(Murmurios.)*

¡Silencio, por favor! Vale xa. ¡Silencio!

Continuamos.

O señor CAL OGANDO: Como lle digo, o señor Arrojo é unha persoa do noso espazo político. Foi deputado do noso espazo político, como ben sabe. É a persoa coa que nos asesoramos en temas de auga e unha eminencia internacional en conservación do ciclo da auga. Nós asesorámonos con el. Esa é a gran diferenza, nós asesorámonos con eminencias na conservación do ciclo da auga e vostedes asesóranse co primo de Rajoy. Ese é o maldito problema e por iso estamos nesta situación. *(Aplausos.)*

Miren, vostedes fan esta proposición de lei cun obxectivo moi claro: botar balóns fóra cando teñamos unha situación de seca nalgunha cidade; é dicir, o problema é do concello, cando vostedes teñen unha enorme e principal responsabilidade por non atender á conservación do ciclo da auga durante moitísimos anos, durante décadas. E se facemos algo, se hai que facer algo, que sexa un transvasamento ou un encoro para que tamén as empresas amigas da construción se enriquezan, aínda que non sirva para nada, aínda que non solvente o problema; e, por suposto, non tocar o modelo privatizador que tantos cartos está dando a uns poucos e que tantos casos de corrupción nos que está involucrado o Partido Popular nos deu durante todos estes anos. Esta é a realidade, isto é o que aconteceu durante todos estes anos. E veñen vostedes aquí a contarnos un conto que non cre ninguén.



Miren, o problema principal que temos coa auga é que cada vez temos menos recurso e que cada vez o temos en peor estado, máis contaminado. Ese é o principal problema e vostedes non se centran nesa problemática na proposición de lei. Pasan absolutamente desa problemática, non falan da importancia de conservar o bosque autóctono, de conservar as turbeiras, das cabeceiras dos ríos, do saneamento dos ríos, de rematar coa especulación e as verteduras constantes que están prexudicando e destrozando os nosos recursos hídricos. Non fala nada dos problemas dos montes, cos eucaliptos e as acacias que están consumindo enormes cantidades de recursos hídricos. A conselleira, ao mellor, non o sabe porque se asesora co primo de Rajoy. Ese é o seu problema. *(Murmurios.)* Isto díxoo o señor Rajoy, non o digo eu, díxoo o señor Rajoy. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Se se avergoñan do señor Rajoy digan aquí que se avergoñan do señor Rajoy. *(Fortes murmurios.)* ¡Xa está, xa está! Se non se avergoñan do señor Rajoy, pois asesórouse co seu primo destas cuestións, que di que non existe o cambio climático. *(Fortes murmurios.)* ¡Pois xa está, esta é a realidade!

Non teñen en conta a Directiva marco da auga. Miren, vostedes afrontan a problemática da emerxencia da seca igual que fan cos lumes. Non traballan a prevención, apóstano todo á reacción diante do problema e non solventan o problema. Os lumes arrasan o territorio e o país quedará en situacións de seca coas súas políticas. Actúen xa porque estamos falando dunha cuestión moi seria. Estamos falando do futuro da vida neste planeta. E con vostedes está en risco.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cal.

Antes de proceder á votación, imos saudar os alumnos e alumnas do Colexio SEK-Atlántico, de Poio. Son alumnos de 5º de Primaria.

Benvidos ao Parlamento tamén os seus profesores e acompañantes.

Votación do texto lexislativo

O señor PRESIDENTE: E agora si procedemos á votación. Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando as emendas á totalidade, de devolución, do Proxecto de lei de medidas de garantía de abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario.

Comezamos votando a emenda á totalidade, de devolución, presentada polo Grupo Parlamentario Mixto.

Votación da emenda á totalidade, de devolución, do G. P. Mixto, ao Proxecto de lei de medidas de garantía de abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 38; abstencións, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.



O señor PRESIDENTE: Votamos agora a emenda á totalidade do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación da emenda á totalidade, de devolución, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, ao Proxecto de lei de medidas de garantía de abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 38; abstencións, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a emenda á totalidade presentada polo Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda.

Votación da emenda á totalidade, de devolución, do G. P. do Grupo Común da Esquerda, ao Proxecto de lei de medidas de garantía de abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 38; abstencións, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: Rexeitadas, polo tanto, as emendas á totalidade, este proxecto de lei continúa o seu trámite parlamentario.

Rematou a votación. Abran as portas, por favor.

Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor PRESIDENTE: Continuamos coa orde do día, e neste caso con alteracións, que, como agora van ser constantes, xa non as vou comunicar máis. Teñen todos o guión.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a mellora continua do sistema educativo galego

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Común da Esquerda.

(O G. P. do Grupo Común da Esquerda, por iniciativa da súa deputada Ánxeles Cuña Bóveda e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción (doc. núm. 55719).



Emenda de adición.

Débase engadir no punto 1 un novo apartado:

«e) Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Benvidos os alumnos e profesores deste centro de Pontevedra ao que fixo referencia antes o señor presidente do Parlamento.

Señorías, entendemos que dentro dun ano haberá eleccións autonómicas —se non antes, en función de distintas cábalas electorais que se poidan facer por parte do señor presidente da Xunta, que ostenta a potestade para convocar ese proceso—. En todo caso, este curso 2019-2020 vai ser o último no que a actual Administración da Xunta de Galicia, e en concreto a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, vai ter a responsabilidade de organizar e dinamizar o sistema educativo galego.

O certo é que ao longo destes últimos tres anos —os tres anos desta lexislatura— asistimos a unha serie de actuacións e iniciativas por parte da Consellería que, xustificadas teoricamente nunha suposta eficiencia e que serían un modelo para seguir polo resto das comunidades autónomas do Estado, supoñen en moitos casos auténticas decisións ideolóxicas.

En primeiro lugar, podemos citar como exemplo a negativa a recuperar o programa de gratuidade universal de libros de texto, cando sabemos —e o Goberno e o Partido Popular tamén o saben— que sería o modelo máis xusto, economicamente eficiente e que está implantando tamén noutras comunidades autónomas gobernadas polo Partido Popular cando os seus socios de goberno os obrigan a poñer en marcha esta política de gratuidade universal, porque de seu digamos que non lles reina. Mañá falaremos con máis profundidade destes asuntos co debate dunha proposición non de lei.

En todo caso, este Parlamento rexeitou unha proposición non de lei xa en decembro do ano 2016 encamiñada a recuperar ese programa de gratuidade. Tamén se negou a posibilidade de que se prohibise o reparto nos centros educativos da comunidade autónoma de Galicia, tanto públicos coma privados, de calquera publicación que puxese en cuestión a igualdade das persoas, e, en concreto, nomeadamente, aquelas que supuxesen un cuestionamento das políticas de igualdade, de trato e non discriminación por motivos de orientación sexual. Tamén se rexeitou unha proposición non de lei deste grupo en xaneiro do ano 2017 —vai facer dous anos—. Por certo, e sen ánimo de alarmar a sociedade, parece que este tipo de actuacións veñen cun renovado pulo nas últimas semanas de man dalgún que outro grupo político con representación no Congreso —con representación no disolto Congreso dos Deputados, en Madrid—.

Argumentouse daquela que os centros tiñan esa capacidade para limitar esa repartición dese tipo de propaganda —na peor das acepcións do termo propaganda—, cando, evidentemente,



o noso grupo parlamentario entende que a Administración ten a obriga de limitar determinadas prácticas — «de limitar», separado, non «delimitar», para entendernos ben—.

Tamén se rexeitou, en setembro do ano 2017, unha proposición non de lei deste grupo parlamentario para que se definise, de forma consensuada coa comunidade educativa, con todos os actores que forman parte da comunidade educativa (pais e nais, profesores, alumnos, concellos), unha rede de centros, que debe superar o marco actual, para garantir de forma efectiva a igualdade de oportunidades de toda a poboación da nosa comunidade autónoma.

Tamén se negou a posibilidade, mediante unha proposición non de lei presentada no ano 2019, neste ano, por parte deste grupo, de avaliar, con criterios coñecidos, calquera programa, tanto de experimentación como de innovación educativa, que son cousas distintas, pero negouse a poñer en funcionamento calquera mecanismo de avaliación, algún deles sobre a máxima de que imos avaliar o programa unha vez que remate a súa implementación. É dicir, no caso concreto do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia, período 2016–2020, ímolo avaliar no 2020, cando o programa xa teña rematado.

Por certo, para coñecemento público, este grupo parlamentario viuse na lamentable obriga de ter que preguntar, por escrito, por todas e cada unha das medidas que prevé ese programa —que son vinte e sete en concreto—, que teñen asociados, loxicamente, uns indicadores de cumprimento, e a Consellería deunos idéntica resposta a todas as preguntas, cando algún dos indicadores é cuantitativo, cando se pregunta ou se avalía, por exemplo, cantos centros levaron a cabo unha determinada actuación encamiñada á consecución dun obxectivo concreto.

Tamén teño que recordar ou informar, mellor dito —algún dos parlamentarios e parlamentarias presentes xa o saben, porque estaba na Comisión 4ª—, que tamén nos vimos na triste obriga de preguntar en comisión ao director xeral de Educación cantos alumnos participaron nun determinado programa, en concreto do bacharelato de excelencia, e podo dicirles que o esperpento é máximo cando nun parlamento hai un director xeral que vai lendo datos e unha parlamentaria ou un parlamentario que escribe ao ditado eses datos, porque a Xunta se nega a subministrar por escrito esa información. (*Aplausos.*) Isto a min, que xa teño unha certa idade, retrotráeme a aqueles tempos nos que non había fotocopiadoras e copiábamos ao ditado os enunciados das preguntas para despois facer o exame.

Tamén se negou a recuperar as condicións laborais dos docentes, que teñen os seus horarios sobrecargados como consecuencia dunha normativa ditada teoricamente para conter o déficit público. E o certo é que hai comunidades autónomas que xa non están aplicando eses horarios, pero que en Galicia segue sendo necesario aplicar.

E, neste punto, vanme permitir que, xa para que non se me acuse de facer un discurso ideolóxico, me remita a esta publicación (*O señor Álvarez Martínez mostra un documento.*), que son datos e cifras do ensino non universitario, editada pola Consellería de Educación e, polo tanto, supoño que ninguén do Grupo Parlamentario Popular me negará o seu rigor e a súa validez, que evidencian que entre o ano 2008 e este hai 1.274 docentes menos no sistema público galego; pola contra, hai, no mesmo período, 279 docentes máis no ensino concer-



tado; evidentemente, iso é consecuencia de que ao profesorado público lle incrementamos os horarios e, polo tanto, necesitamos menos e podemos conter o gasto público por aí, mentres o incrementamos por outro lado.

Esas son só algunhas das actuacións que se levaron a cabo.

Tamén se negan a avaliar programas que saben sobradamente fracasados. Falamos do programa Estrela PluriFP, todas estas de plurilingüismo, que levan diante o «estrela», o cal os converte en estelares, que, ben, regulou a implantación de ciclos plurilingües dunha forma absolutamente fracasada, porque o número de ciclos formativos foron doce no curso 2017-2018 e para este, tres cursos despois, vai haber corenta e catro, cando, deses corenta e catro, vinte e sete xa estaban autorizados o curso pasado.

Tamén se implantou, con gran profusión de publicidade e alharacas, o programa de introdución á robótica educativa en primaria. E o certo é que ese programa, na súa primeira convocatoria, previa a incorporación de cento vinte novos centros; na convocatoria seguinte, de hai un curso, de cento vinte, seleccionáronse cento doce, e agora prevense vinte e cinco. A cuestión é que isto é a evidencia dun programa fracasado máis da Consellería de Educación.

E falamos tamén na nosa moción da planificación das obras. Xa sabemos que as obras son complicadas, que as obras, cando se executan, sobre todo obras de rehabilitación integral dun edificio grande, como soen ser os centros escolares, son complicadas. Creo que ningún grupo parlamentario cuestionaría que houbese pequenas actuacións sen rematar no inicio dun curso sempre e cando esas actuacións sen rematar non supuxeran xa non un trastorno para o normal desenvolvemento da actividade docente, senón un auténtico perigo para o alumnado que cursa ensinanzas neses centros.

Pero, en todo caso, semella que a Consellería o que tenta é...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...—si— ocultar calquera atranco no inicio do curso, aínda forzando o inicio das clases en condicións manifestamente inaxeitadas.

Polo tanto, o contido da moción coñéceno vostedes perfectamente, consta de tres puntos, e esperamos, dada a súa lóxica, desde o punto de vista de mellorar o sistema educativo galego, que conte —estou certo— coa aprobación unánime por parte desta Cámara.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Grupo Común da Esquerda, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Bo día a todas e a todos. Bo día, señor presidente.



Señorías, o tema que trae o señor Luis Álvarez é un tema que nos preocupa a todas e a todos moitísimo. Estamos falando do sistema educativo. Nós, dende logo, imos apoiar esta moción. Temos moito que dicir, pero pouco tempo; polo tanto, vou primeiro centrarme na emenda que propoñemos.

Nós, dende logo, estamos totalmente de acordo en que se avalíen todos os programas de innovación, experimentais. Hai unha semana anunciouse un protocolo importante, que é de atención á diversidade, en concreto un protocolo para a atención educativa do alumnado con altas capacidades.

Isto entra dentro da franxa das necesidades educativas, por arriba, por abaixo e polo medio. É moi importante. Nós traemos isto porque este protocolo vai ser un dos proxectos de innovación estrela da Consellería de Educación. ¿Por que digo proxecto de innovación estrela? Porque a propia conselleira, o día 22 de setembro, dixo claramente que o obxectivo é que SEMGal creza de forma exponencial e que dentro de dous ou tres anos chegue a cen centros, polo menos cen centros.

¿Que é SEMGal? SEM é o nome do modelo de intervención para alumnos e alumnas de altas capacidades, un modelo único, un modelo dende o noso punto de vista ríxido, pechado e, sobre todo, clínico, pero é o modelo estrela da Consellería.

Hai que ter en conta que, cando se fala de programas desta índole, hai un servizo público de atención. Son os orientadores, as orientadoras, as que deben diagnosticar. Pero tamén hai colaboradores externos. Entre os colaboradores externos podemos falar de empresas ou de expertos, como Latento e Asac (Asociación de Altas Capacidades), da que a conselleira actual de Educación foi presidenta. Sabemos que ese modelo, o modelo SEM, é de Renzulli, un autor que estudamos as que estudamos psicopedagogía nas universidades e que xa fixo aportacións importantes nos anos noventa. Con todo, hai que dicir que hai unha relación estreita, comercial, mercantil, entre estas asociacións e o propio Renzulli. Faremos unha interpelación concreta sobre este programa.

Queremos que se avalíe. Por iso esperamos que na primeira parte da exposición do PSdeG acepten este novo programa que vai ser tamén unha estrela do firmamento dentro da liña de privatización a que esta consellería quere levar todo o ensino público, de privatización escandalosa, de privatización moi dolorosa e de consecuencias tremendas, porque unha cousa é que haxa algún axente externo que colabore e outra que se pretenda pilotar todo o ensino e atención á diversidade.

Hai atentados auténticos. O inspector xefe da Coruña acaba de dicir que quere eliminar PT e AL do catálogo de ensino primario. Isto é, señoras e señores, un auténtico atentado. Hai trinta centros na Coruña con carencias en PT e AL. Por se alguén non sabe o que é un PT ou un AL, PT é pedagogía terapéutica; teñen que atender os problemas de aprendizaxe que teñen os alumnos e alumnas; audición e linguaxe, AL, problemas de audición e linguaxe. Pero este mesmo protocolo que acabamos de facer non discrimina entre necesidades especiais e entre necesidades educativas específicas de nenos diagnosticados, que temos a moreas, nenos e nenas, que teñen máis dereito que ninguén. Menos excelencia e máis ecuanimidade e máis inclusividade. Estes nenos teñen todos eses dereitos que están sendo mancillados.



Podemos nomear o Rosalía de Castro, San Pedro de Visma, CEIP Pardo Bazán, Salgado Torres, Alborada, Eusebio da Guarda, Valle-Inclán, Ramón de la Sagra, Curros Enríquez, Zalaeta, Wenceslao Fernández Flores, Fernández Latorre, López Seoane. Hai trinta. Todos estes centros que estamos nomeando teñen carencias en AL e en PT. Isto é unha auténtica sangría. Non hai dereito, señoras e señores do PP. É moi bo anunciar e facer propaganda de que temos un ensino o mellor do mundo; é mentira. E o que pretenden é realmente precarizar o servizo para privatizalo. Isto non é de recibo e esperemos que teñamos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CUÑA BÓVEDA: ...moita ocasión de denunciar polo miúdo todas estas aldraxes á comunidade educativa, non só da Coruña, senón de toda Galicia.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Bo día.

Imos apoiar, por suposto, esta moción, porque, entre outras cousas, propón unha serie de ítems que xa deberían formar parte da planificación educativa da Xunta: avaliación de programas, recuperación das condicións laborais do profesorado non universitario logo dos recortes e planificación da realización de obras nos centros educativos.

O preocupante, realmente, é que teñamos que solicitar isto no Parlamento. Iso tamén dá medida de como se atopa o noso sistema educativo, caracterizado —como xa explicou o proponente— pola ruptura de consensos, como pode ser a presenza do galego no ensino —teremos ocasión de falar nunha PNL desas cuestións— ou o sistema de préstamo de libros.

En primeiro lugar, en canto aos programas de experimentación e innovación educativa, a tónica é o que semella —por non dicir outra cousa— un tímido efecto destes. Parécenos pertinente a necesidade de apelar a ese remate de lexislatura para avaliar os mesmos. Agardemos que sexa, en realidade, o derradeiro ano en que si, efectivamente, ese equipo da Consellería de Educación xestione os ditos programas e o dito ensino na comunidade autónoma.

Ben, Plan de igualdade. Non entendemos realmente —creo que foi exposto aquí suficientemente— como non se achegan datos da avaliación dun plan cando o propio documento sinala que hai —cito literalmente— «un sistema de indicadores polo cal se realizará un seguimento das medidas previstas neste plan, o que permitirá avaliar o impacto dos seus obxectivos e medidas coa finalidade de indicar aspectos nos que é necesario incidir para acadar unha educación igualitaria». ¿Como non vai ter que irse facendo avaliación ano a ano para poder acadar os mellores resultados? Parécenos surrealista. É que, ademais, o propio plan achega cadros cuantificables sobre os distintos eixes. Sería ben fácil ter eses datos.



Non queremos deixar de sinalar que é esencial afondar nesa perspectiva de xénero en todo o sistema educativo, e especialmente queremos mencionar aquí a educación afectivo-sexual, nun contexto no que aumentan as expresións de violencias machistas na mocidade e onde aumenta tamén o descoñecemento respecto dos riscos de determinadas prácticas sexuais e infeccións de transmisión sexual. É un elemento esencial esa educación afectivo-sexual. Vén explicitada no plan dalgún xeito. Consideramos que podía ser moito máis potente, pero párecenos grave que non se avalíe ese plan cando hai cadros que o fan perfectamente medible ano a ano. Incompatible por certo con esa coeducación que promoveu o plan pois manter eses concertos de colexios que segregan por sexos, opacos por outra parte.

En canto ao plurilingüismo, nós vemos que hai certa intención en presentar estes programas plurilingües non como un obxectivo senón como un método para seguir reducindo a presenza do galego, pois só así entendemos esa falta de datos, escasa participación dos centros nestes, ou mesmo robótica en primaria, esa incorporación de vinte e cinco centros, ese tímido avance —dicir tímido por non dicir outra palabra—, ou o bacharelato de excelencia, con eses datos que vostede mesmo achegou, creo que fora nunha rolda de prensa, pero eu non son quen de atopalos na rede nos recursos da Xunta; escaseza de poucos centros adheridos e tardanza nas convocatorias.

En canto ás condicións laborais do profesorado non universitario, temos que ter en conta tamén ese marco de redución xeral do profesorado, que, á contra, hai un aumento nese profesorado do ensino concertado.

Hai que recuperar aínda o horario docente de dezaoito horas en secundaria, vinte e un en infantil e primaria, recuperar emprego; o feito de recuperar o horario tamén incidiría na posibilidade de recuperar máis empregos docentes. Tamén a cuestión de profesorado que ten que impartir materias nas que non son especialistas tamén aumentou, e recuperar por suposto todo o poder adquisitivo.

E, finalmente, en canto á planificación das obras que afectan equipamentos escolares para minimizar o impacto no inicio do curso, este curso foi tremendo. É certo que as obras cando se acometen de xeito integral, como vostede mesmo dixo, poden acarrear dificultades, pero é que vivimos, especialmente na provincia de Lugo, un inicio de curso terrorífico, con cambios de criterio por parte da propia Consellería. Aí está A Fonsagrada, na que primeiro a Consellería dicía que había unha solución, logo foi outra, ou Cervo e Foz; por certo, que as obras en Cervo se iniciaron o 22 de xullo, ¡o 22 de xullo!; se iso é planificación...

Na interpelación que dá lugar a esta moción, a propia conselleira acusou, ou veu acusar as ANPA de facer case *fake news*, dicindo que divulgaban imaxes que non eran do propio día, cando as propias persoas, nais e pais de alumnado dese centro, nos ensinaban como estaba o centro ese propio día. Merecían canto menos unha petición de desculpas por parte da Consellería.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora VÁZQUEZ VERAO: En fin, que imos apoiar a moción, que debería xa formar parte das políticas da Xunta de Galicia. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Nós imos votar a favor da moción que presenta hoxe o Partido Socialista. Eu creo que resulta bastante difícil opoñerse, señor Álvarez, porque pide basicamente, sobre todo no que ten a ver co primeiro punto, que se faga algo tan —como se ten dito tantas veces nesta Cámara— subversivo e marxista-leninista como un informe sobre algunhas das medidas que teñen centrado a política educativa do Goberno do Partido Popular nos últimos dez anos.

Eu, simplemente, algunhas apreciacións en relación con algúns dos puntos que se inclúen na parte resolutiva desta moción.

Fálase do Plan de igualdade, do Plan de medidas para o impulso da igualdade nos centros educativos, que se aproba no ano 2016 e que está en vigor até o ano que vén, até o ano 2020, e non é só que ese plan incorpore —digamos— un procedemento de monitorización, de seguimento e de avaliación do grao de cumprimento das medidas que prevé o plan, é que desde hai doce anos neste país hai unha Lei de prevención e tratamento integral da violencia machista, aprobada —como todo o mundo sabe— por unanimidade nesta Cámara no ano 2007. No artigo 22 desa Lei de prevención e tratamento integral da violencia machista, prevese que, de maneira anual, o Consello Escolar de Galicia elabore un informe sobre o grao de avance da coeducación nos centros educativos públicos deste país.

Nós pedímolo nesta lexislatura, por activa e por pasiva, levámolo ademais á Comisión —se non me lembro mal— 1ª como una proposición non de lei para que se remitise a esa Cámara este informe, que —insisto— ten carácter anual e debería ser remitido ao Parlamento de Galiza desde o ano 2007 en diante. E votouse descaradamente en contra, (*Aplausos.*) ¡descaradamente en contra!

¿Cal é a situación? Pois practicamente non temos nin idea de cal é a realidade sobre o avance da coeducación nos centros de ensino público, máis alá de que, como xa se sinalaba, mantéñense os concertos cos centros que segregan o alumnado por sexo nas aulas, que vai en contra de calquera principio mínimo en materia de coeducación.

O que si sabemos é que a maior parte dos centros de ensino público deste país non contan cun plan de igualdade aprobado, que na inmensa maioría dos centros públicos deste país non hai equipos integrais e transversais, que teñan representación da dirección e dos departamentos de orientación encargados de impulsar e de dar cumprimento real e efectivo a esas medidas, non só previstas —insisto— no Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos senón —insisto moito nisto— na Lei de prevención e tratamento integral da violencia machista, do ano 2007.



Parécenos o mínimo, o mínimo, que se remita esa avaliación, ese informe de avaliación deste programa. Pero xa moito me temo que podemos prever que os resultados do mesmo van ser excesivamente negativos, entre outras cousas porque o que non pode ser é que as política de igualdade, de coeducación, de prevención e tratamento integral da violencia machista neste país dependan nos centros de ensino público da voluntariedade e do grao de compromiso individual de determinadas persoas que teñan —como acontece nalgúns centros de ensino público deste país que son referenciais— un compromiso individual dunha persoa en concreto. *(Aplausos.)* Ten que estar dotado de persoal, de recursos humanos, de recursos materiais, pero sobre todo tamén de recursos económicos. Dicía unha xuíza ben coñecida neste país en materia de violencia machista que a igualdade custa cartos, e é efectivamente real. Hai que investir se queremos que as cousas muden tamén desde o ámbito educativo.

E unha outra cuestión no que ten a ver co segundo punto da moción: nós coincidimos en que se inicie un proceso de diálogo coas organizacións sindicais para recuperar os dereitos roubados ao profesorado deste país. Témoloo dito moitas veces desde o BNG. Iso está estreitamente ligado coa calidade que se presta no sistema educativo do noso país, condicións de traballo que non teñen a ver única e exclusivamente coas retribucións salariais, senón coa situación na que se atopa o profesorado, que ten a ver coa devolución do horario lectivo, das dezaio e das vinte e unha horas, coa redución das ratios, con que se compute o alumando repetidor nas aulas porque ten unhas necesidades de atención específicas ou que se regulen tamén as materias afíns.

Isto é o que vén reclamando a organización sindical maioritaria, que é a CIG Ensino, desde hai anos, e por activa e por pasiva, nesa especie de consellería-búnker na que está instalado o Partido Popular, nin sequera teñen o atrevemento de abrir un diálogo honesto e sobre todo un diálogo que recoñeza que o profesorado ten que recuperar os dereitos roubados nos últimos anos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Popular, señora Antón Vilasánchez.

A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Pois non deixa de ser curioso, señor Álvarez, o repentino interese por avaliar do Partido Socialista e o seguidismo do resto dos grupos desta Cámara. Porque nós tamén somos partidarios de avaliar, somos e manifestamos reiteradamente que somos partidarios de avaliar. E, como dicía vostede, dentro de pouco haberá eleccións autonómicas —un ano máis ou menos— e aí nos avaliarán os galegos e as galegas, e os galegos e as galegas avalían, e avalían e prefiren o Grupo Popular. *(Aplausos.)* Eu síntoo, señor Álvarez, pero é así.

Vostede queixábase na interpelación, e hoxe mesmo, cando reiteradamente dende o grupo maioritario se rexeitan as políticas con carga ideolóxica, como vostede recoñecía, as inicia-



tivas que trae o Partido Socialista ou o resto dos grupos, e evidentemente temos que rexeitalas porque os galegos e as galegas dan a confianza ao Partido Popular de Galicia. Iso quere dicir que as políticas de educación que o Partido Popular de Galicia está instalando na nosa comunidade autónoma son as que prefiren os galegos e as galegas.

E hoxe vostede trae aquí unha moción feita de retallos, de cuestións xa tratadas, como vostede tamén recoñecía. Eu non sei se está facendo xa unha recapitulación do seu paso pola Cámara, ou está facendo un *password* para arroupar o seu novo portavoz ausente. Son cuestións sobre as que coñece as respostas, coñece todas as respostas. E, ademais, o peor é que as coñece dun xeito técnico, porque é o máis técnico de todos os que estamos aquí en relación con estas cuestións.

Vostede mellor que ninguén pode avaliar o traballo da Consellería, pero vostede prefere politizar, e pide un plan para avaliar os plans. Eu non imaxino cal sería a súa resposta nesta tribuna, e as dos membros da oposición, se o Partido Popular pedira nunha PNL, un plan para avaliar os plans, porque os plans, como xa se dixo aquí, detrás tamén levan uns indicadores de seguimento e, polo tanto, unha avaliación intrínseca.

Vostede sabe que a Consellería, antes de implantar calquera plan, fai proxectos piloto; sabe que hai medidas que se adaptan á realidade dos centros e á realidade dos cursos escolares; sabe que a implantación de calquera plan e programa se fai dun xeito progresivo, o que implica un seguimento da evolución para introducir as melloras cando é preciso, por exemplo, no Plan de igualdade, que xa se tratou tamén nesta Cámara; e tamén sabe que hai que esperar á finalización do ciclo para ter unha idea —digamos— cunha perspectiva.

Señora Verao, ao mellor vostede non atopa datos sobre o STEMbach, pero, se mira o *Diario Oficial de Galicia* de hoxe, aí ten claramente esa tímida —tímida— incidencia dos centros que se están apuntando aos bacharelatos de ciencia e tecnoloxía.

E vostede sabe, señor Álvarez, que neste proceso a implicación dos centros e do equipo directivo de profesores é fundamental. Porque a participación é voluntaria, non só obriga os centros, foméntase a súa implicación e facilítaselles ferramentas, asesoramento, equipamento, etc., para que poidan implementar calquera plan e programa que se desenvolve dende a Consellería.

¿Ou é que vostede está a pedir que a Consellería avalíe o comportamento dos centros de ensino de Galicia con respecto aos plans e programas que diseña o Goberno galego? ¿Ou é que vostede está a suxerir que a Consellería debe limitar a autonomía dos centros? Porque na interpelación o outro día díxoo, e hoxe tamén.

Con respecto ao segundo punto da súa moción, non vou repetir o debate que xa tivemos aquí no mes de maio, onde vostede pedía o mesmo que pide agora, pero si vou incidir en dúas cuestións.

A primeira é que as condicións actuais e laborais do persoal docente non universitario son produto, efectivamente, dun axuste, pero dun axuste a unha decisión que tomara o Bipartito,



dun axuste técnico realizado no ano 2011; e despois un axuste derivado, efectivamente, da aplicación do Real decreto lei do ano 2012 de estabilidade presupostaria.

E nesas condicións, como se dicía agora aquí, incide efectivamente a ratio profesor/alumno. En datos do propio Ministerio, somos a comunidade autónoma con menor proporción de ratio profesor/alumno. Ou a taxa de interinidade, onde tamén somos a comunidade que ten a taxa máis baixa. Porque dende o ano 2009 houbo OPE aos corpos docentes, impulsadas polo Goberno do Partido Popular.

A segunda cuestión que quería salienta con respecto ao profesorado é que é verdade que os corpos docentes fixeron un grande esforzo na época da crise, un grande esforzo porque foron un dos destinatarios principais dese recorte salarial do 5 % do señor Zapatero; temos que lembralo. Pero tamén é certo que foi o Goberno do Partido Popular o que se comprometeu a recuperar paulatinamente as retribucións e pactou cos sindicatos melloras retributivas, que comezaron xusto hai un ano e que seguirán ata o ano 2021, porque si, señor Álvarez, falamos facendo.

Vostede non pode poñer enriba da mesa a recuperación dos horarios dos docentes sen facer referencia ao compromiso do señor Sánchez, ese presidente do Goberno en funcións...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ: ...que leva sen funcionar dende que chegou á Moncloa, quen afirmou que a Administración xeral do Estado establecería un marco de financiamento adecuado e suficiente para este fin. Pero, en cuestión de financiamento, o señor Sánchez nin está nin se lle espera.

Sobre os centros e o tema da planificación, é evidente que todo se pode mellorar, pero creo que foi o secretario xeral quen deu cumprida cuestión sobre este tema hai escasamente un par de días.

En definitiva, señor Álvarez, benvido ás avaliacións. Eu espero que, como representante do Grupo Socialista, traslade a ese goberno en funcións, se é que algunha vez chega a ser goberno realmente, a importancia das avaliacións do sistema educativo, como as previstas na LOMCE e ás que vostedes se negaron sistematicamente. Traslade que os indicadores e avaliacións de Galicia indican que temos un sistema educativo con boa saúde e que seguiremos traballando neste sentido. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Antón Vilasánchez.

A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ: ...seguiremos traballando neste sentido. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Antón Vilasánchez.

Grupo autor da moción, señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.



Permítanme, en primeiro lugar, agradecer o apoio a esta moción dos outros tres grupos da oposición. En particular, con respecto á intervención da señora Cuña, si, imos admitir a súa emenda. Que conste que creo que ese protocolo vai dar bastante de que falar, seguramente tachado como un problema ideolóxico por parte dalgún sector desta Cámara, pero creo que si, que vai dar de si.

Grazas tamén ao Grupo Mixto e a esa referencia explícita a eses indicadores que prevé o propio plan, que non son tan difíciles de cuantificar, agás que exista unha vontade clara de non cuantificalos. Nese caso calquera valoración tórnase imposible cando non se queren facer as cousas. Hai esa frase de que ao mal bailarín todos os zapatos o apertan; será o que está a pasar con estas iniciativas.

Grazas tamén ao Bloque Nacionalista Galego polo seu apoio.

E, señora Antón, isto que dixo vostede agora de que temos un repentino interese por avaliar permítame dicirlle que é case igual de sorprendente que que veñan vostedes agora preocuparse de repente por algo como o cambio climático, que debatemos amplamente ao inicio deste pleno; é dicir, hai chistes, que non vou citar porque incluso poden ser de mal gusto, sobre o repentino interese polas situacións.

Sobre o que di vostede da política de avaliar, mire, creo que non a asesoraron moi ben, porque as avaliacións de diagnóstico estaban nunha Lei orgánica de educación aprobada por un goberno socialista xa hai un montón de anos. *(Aplausos.)* Polo tanto, creo que debe vostede revisar as súas fontes ou polo menos seleccionar outras con maior rigor informativo.

Eu non dixen en ningún momento que recoñecese carga ideolóxica nas nosas iniciativas. Non, non, non. Dixen que se nos acusaba, incluso cando damos datos incluso publicados pola propia Xunta de Galicia, de que faciamos unha valoración ideolóxica. E, mire, desde que se inventaron os sistemas de numeración distintos ao longo da historia, incluso as operacións elementais con números, iso é dificilmente atribuíble a unha valoración ideolóxica. Os números son números. Incluso —repito— son os propios datos oficiais.

E di vostede que preferimos politizar. ¿Onde estamos? ¿Nunha reunión de comunidade de veciños? ¿Que é isto? Isto é o Parlamento de Galicia e, polo tanto, cabe supoñer que aquí vimos facer política e, polo tanto, indirectamente politizamos. *(Aplausos.)* Pero remítome ás palabras do señor presidente desta Cámara, o señor Santalices, cando dixó que capacidade política se nos supoñía a todos; Santalices *dixit*, hai pouco máis de hora e media.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: E di vostede —remato, señor presidente—: ¿como non imos limitar certos aspectos da autonomía dos centros? ¿É que é vostede allea ao debate que existe sobre o suposto adoutrinamento nos centros escolares? ¿É vostede defensora do chip parental? ¿Sabe vostede que sería moi doado facer aquí unha broma con respecto a algúns mamíferos que levan chips para localizalos? ¿Quere vostede un chip parental...

O señor PRESIDENTE: Remate.



O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...para que os pais autoricen os centros a facer determinadas cousas ou non? ¿É ese o modelo que vostede quere?

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: De verdade, creo que non.

Nada máis e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Procedemos á votación da moción.

Pechen as portas, por favor.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario Común da Esquerda.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a mellora continua do sistema educativo galego.

Votamos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Abran as portas, por favor. Terminou a votación.

Punto 4 da orde do día, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, sobre o Plan de normalización da lingua galega na mocidade e as medidas que debe adoptar o Goberno galego en materia de política lingüística entre a poboación infantil

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Mixto e do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. Mixto, por iniciativa da súa deputada Paula Vázquez Verao e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas de adición a esta proposición non de lei, núm. 33899 (10/PNP-2566)).

Emenda nº 1, de adición.



Débase engadir un novo punto co seguinte texto:

«1.d) Promover a edición de material educativo e lúdico en lingua galega e promover a adquisición do mesmo por parte de todos os centros de atención á infancia e da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.»

Emenda nº 2, de adición:

Débase engadir un novo punto co seguinte texto:

«1.e) Impulsar, en colaboración cos Concellos, a promoción de proxectos de educación familiar para fomentar a socialización da infancia en galego e apoiar as iniciativas existentes.»)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Luis Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 33899).

Emenda de modificación.

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a establecer, antes do remate deste período de sesións, as liñas de colaboración necesarias para, antes do inicio do curso 2020/2021, publicar un novo decreto que estableza o papel da lingua galega no sistema educativo acorde coa liña de consenso iniciada no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega e plasmado no Decreto 124/2007.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día de novo.

Coñecemos —e estou absolutamente convencida de que todas as súas señorías a coñecen— recentemente a última enquisa sobre o coñecemento e o uso do galego realizada polo Instituto Galego de Estatística, correspondente ao ano 2018. Os resultados evidencian unha realidade que se mantén no tempo con poucas mudanzas a respecto do último inquérito publicado en 2013, mais que debuxan unha tendencia negativa que se mantén no tempo desde que o Instituto Galego de Estatística comezou a realizar este estudo no ano 2003. Un dos datos quizais máis alarmantes deses resultados publicados polo IGE é que un de cada catro menores de 15 anos non sabe falar galego —hoxe, jeh!, no ano 2018— e o 30 % non sabe escribir nesta lingua —no ano 2018—. Parabéns a quen leva anos facendo apoloxía da ignorancia, porque aí están os resultados. *(Aplausos.)*

Evidentemente, non se fala aquilo que non se coñece. Usan de maneira habitual ou maioritaria a lingua propia deste país apenas o 26 % das persoas de entre 5 e 14 anos, dez puntos menos que hai unha década, que a enquisa de 2008. ¿Saben que porcentaxe era o uso habitual



da lingua galega entre a mocidade menor de 14 anos cando o IGE publicou a primeira enquisa, no ano 2003? Hai que lembrar que este Parlamento debatía o Plan xeral de normalización da lingua galega. ¿Saben cal era a porcentaxe no ano 2003? O 40 %, quince puntos máis que hoxe. Dito doutra maneira, sete de cada dez menores de 15 anos neste país teñen o castelán como lingua habitual e maioritaria, practicamente en exclusiva. E isto xa era así no ano 2013. Non fan falta análises moi sisudas nin moi demoradas para ver que estamos diante dun proceso de substitución lingüística, do que se vén falando nas últimas décadas, que avanza no tempo, e —o peor— parece que avanza entre aplausos.

Así e todo, o galego resiste aínda como lingua maioritaria. O 52 % da poboación úsao sempre ou en maior medida, case a mesma cifra que hai cinco anos, pero dez puntos menos que no ano 2003. O galego aguanta, si, pero faino grazas á poboación maior de 50 anos, que representa hoxe preto do 80 % das persoas que falan todos os días a lingua deste país; maiores de 50, residentes fundamentalmente en espazos rurais ou semiurbanos; xa sabemos tamén cal é a tendencia demográfica precisamente nestas áreas xeográficas. É pasmoso ver a caída e a perda de falantes nas sete cidades deste país, e, simplemente como unha paréntese, a que máis aguanta é Lugo.

O galego mantense aínda como maioritario na lingua falada pero non na escrita. Se ollamos os datos sobre a lingua que usa a poboación deste país cando escribe, veremos que só o 17 % da poboación galega escribe habitualmente en galego, independentemente da lingua que falen oralmente. Case o 64 % das persoas que din falar sempre en galego mudan ao castelán na escrita, o 64 % cambian de idioma en canto collen un bolígrafo ou agora xa podemos dicir un teclado. E este escenario —insistimos— reflicte poucas mudanzas se o comparamos co inquérito de 2013, pero mantén unha tendencia negativa desde hai quince anos que debería facer reflexionar a calquera goberno, calquera cun mínimo de responsabilidade e sentido da vergoña. Logo —claro está— temos a Xunta de Galiza.

E a Xunta decidiu saír eufórica, eufórica, quedamos pasmadas. Lembrarán que, ademais, xa nos facía así un pouco de promoción o día antes o presidente da Xunta de Galiza, coincidindo co debate do estado da nación, que nos dicía que ían vir uns resultados maravillosos, moi positivos. Saíu a Xunta de Galiza eufórica —insisto—, rozando o ridículo ou o insulto á intelixencia colectiva deste país.

Medrou case oito puntos en dez anos. ¡Olló, eh!, medrou case oito puntos en dez anos o número de menores de 15 que non sabe falar a lingua deste país, nun contexto —hai que lembrar— no que o ensino supostamente debe garantir competencias lingüísticas en galego para toda a poboación —non estamos falando dos anos sesenta, senón do ano 2018—. Pero a Xunta di que a banda siga tocando —parecen os do *Titanic*—. ¿Imaxinan cal sería a reacción, de verdade, poden as súas señorías imaxinar cal sería a reacción se un instituto oficial público dixese que un de cada catro menores de 15 anos neste país non sabe falar español e que o 30 % dos menores de 15 anos non sabe escribilo? Dígollelo eu: ¡ardería Troia, ardería Troia! Pero parece que, cando falamos do galego, as varas de medir son diferentes.

Dicía estes días o presidente da Academia, o señor Freixanes, que cadaquén pode ler as cifras segundo a propia conveniencia pero que os datos son os que son. ¿Que está a acontecer no



ensino deste país se as nenas e nenos que teñen como lingua inicial e familiar o galego mudan en canto entran na escola? Outras nin sequera teñen contacto coa lingua galega na casa, o 93 % dos menores de 15 anos apréndeno —se o fan— na escola. Pero, lonxe de cumprir coa súa función normalizadora, o ensino deste país tense convertido —e isto é unha expresión literal da Real Academia Galega— «nun axente desgaleguizador», como advertiu a Academia, o Consello de Europa ou a Mesa pola Normalización Lingüística.

Di o Consello de Europa, no último informe sobre o cumprimento da Carta europea de linguas minorizadas, que se renovará a máis tardar o ano que vén: o Decreto 79/2010 limita a docencia do galego a un máximo do 50 % co obxectivo final de acabalo reducindo a un terzo. E este feito supón unha clara contradición cos compromisos asumidos polas autoridades no marco da Carta, que reclama unha educación predominantemente en galego. E subliña o incumprimento dos obxectivos para o ensino infantil, primario e secundario, que é no que nós centramos a nosa proposición non de lei.

Facemos énfase desde o BNG nos datos correspondentes a esa franxa de idade, ás crianzas entre 5 e 14 anos, porque se trata do grupo de idade que representa a política lingüística desenvolvida pola Xunta de Galiza na última década, a súa. Un grupo de idade que sabe e usa menos galego que a xeración anterior, no que o incremento das persoas ademais monolingües en castelán aumentou espectacularmente nestes dez anos, pasando do 30 % a máis do 44 %, un ritmo moi superior ao de etapas anteriores, pero unha franxa de idade sobre a que a Xunta de Galiza decidiu declinar e non actuar. Como saben, o Plan de normalización dirixido á mocidade, que se presentou timidamente con moito atraso nesta Cámara, só prevé medidas para a poboación de 15 a 30 anos, non antes —non vaia ser que se reverta a tendencia—.

Para o Bloque Nacionalista Galego o triunfalismo da Xunta o único que evidencia é que o Partido Popular ve no panorama actual debuxado polo IGE nas súas sucesivas enquisas exactamente o que quería —porque, se non, non se entende— e os obxectivos buscados precisamente con ese decreto do ano 2010. Insistimos: o 24 % dos menores de 15 anos recoñecen non saber falar galego, oito puntos máis que antes da entrada en vigor do decreto, oito puntos máis en dez anos.

O BNG traemos aquí hoxe unha iniciativa non do Bloque senón do consenso lingüístico tecido nesta Cámara na súa literalidade no ano 2004 e recollido no Plan xeral de normalización lingüística, un plan que prevía as medidas que incorporamos na parte resolutiva desta proposición non de lei cando o coñecemento e o uso da lingua da propia deste país na mocidade era moito maior que o actual, pero que levan sendo de maneira obscena incumpridas desde o ano 2010. A política lingüística —e con isto remato, presidente— en Galiza ten que recuperar o acordo amplo e xeneroso, hoxe absolutamente de mínimos, que representa ese Plan xeral de normalización da lingua galega, ou, como apunta o IGE, do contrario, seguiremos pagando colectivamente as consecuencias.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.



Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Mixto, a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Pois, apelando a isto último, dicía antes a señora Antón que os galegos e galegas lles deran confianza, pero, claro, non llela deron para incumprir totalmente as leis e os consensos lingüísticos aos que chegou esta Cámara por unanimidade; non llela deron para iso.

E tamén un dos problemas —e xa foi apuntado aquí— a respecto do galego deste país é que partimos dun total negacionismo do Goberno con respecto aos datos negativos sobre a evolución dos usos da lingua. É que non llo dicimos a oposición, non llo dicimos as nacionalistas, senón que llo di o propio Consello da Cultura Galega ou a Real Academia Galega continuamente.

A realidade é que dende 1992, cando hai un primeiro estudo fiable, o galego retrocede de xeito sostido e imparabile. Podemos seguir afirmando cos novos datos do IGE que o país envellece, e quen máis o fan son as e os falantes de galego. Disto era do que alertaba a Real Academia Galega, non da creba da transmisión interxeracional da lingua. Os novos datos confirman que continúa esta tendencia. As xeracións máis novas, de entre 5 e 20 anos, tenden á monolingüización en castelán. Os novos datos do IGE non fan máis que confirmar isto. Por iso non podemos entender o triunfalismo do presidente e do conselleiro de Cultura a respecto deste informe, desta enquisa estrutural, a fogares con ese módulo sobre usos de galego, que, por seguir afondando nos datos que xa expuxo a propoñente, sinala que —estes son os datos de 2018, que xa se poden comparar con eses de 2013, de 2003...— se reduce a porcentaxe de persoas que din saber falar moito en galego nuns 10 puntos; e de 5 a 14 anos hai 20 puntos porcentuais menos de persoas que saben falar moito ou algo en galego nesta idade. Pero é que, ademais, aumenta quen di entender pouco ou nada —xa non falamos sequer de falar, senón de entender— dun 5,7 % en 2003 a un 10,21 % nesta franxa de idade en 2018. Xa se dixo aquí que un 23 %, case un 24 %, non saben falalo, e un 30,04 % din non saber escribir en galego. Un fracaso rotundo das políticas que está obrigada a Xunta a impulsar en virtude desas leis ás que chegamos por consenso e do Plan de normalización lingüística. Unha catástrofe lingüística é o que é, aínda que non o queiran recoñecer.

Xa non fai falta afondar en máis datos, poderíamos falar da lingua habitual e de como vai retrocedendo, pero é que nós queremos resaltar esa cuestión territorial que xa se sinalou aquí. Se temos en conta a distribución territorial dos usos lingüísticos —e vese ben no mapa que o propio estudo do IGE do 2018 achega—, pois podemos ver un paralelismo evidente entre o proceso de colapso territorial galego —que nós así o chamamos— e a perda da lingua. Hai un gran desequilibrio territorial, e a lingua resiste, si, pero nos municipios de menos de 20.000 habitantes. Se ven a distribución de falantes por contextos, é tremendo o que sucede no medio urbano.

Pois ben, ¿que fai a Xunta ante esta realidade? Xa foi exposto: presentar un plan de dinamización da lingua galega na mocidade que exclúe precisamente as menores, as persoas de menos de 14 anos, que é onde máis se perde a lingua. Deixa fóra a infancia, que é onde se está evidenciando que o chamado «decreto ou decretazo de bilingüismo» está creando unha analfabetización no propio idioma. Este plan, precisamente, peca dunha total inconcreción



e pobreza nas medidas, especialmente nas do ámbito educativo: programación de actividades de información e sensibilización, acordos coas ANPA e asociacións, espazos de lecer ou accións específicas que non se sinalan en contextos castelanfalantes.

Nós pensamos que cómpre ir á raíz, que cómpre concretar, e concretar non é máis que centrarse nas medidas que xa o Plan de normalización lingüística establece, porque queremos lembrar que este plan —aprobado por unanimidade na Cámara en 2004, por citar algunhas materias nas que houbo consenso sobre a potenciación da lingua na escola— dispón que se fomentará o uso progresivo do galego dende a etapa preescolar de 0–3 anos, que se garantirá unha oferta de materiais didácticos de calidade en soportes diversos que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe ou que se traballará en proxectos de socialización familiar. Por iso, nas nosas emendas engadimos cuestións como promover a edición de material educativo e lúdico en lingua galega e promover que a propia Xunta faga que se adquira por parte dos centros de atención á infancia e da propia rede de bibliotecas públicas de Galicia, ou impulsar proxectos de educación familiar e socialización da infancia en galego e apoiar as iniciativas existentes, como o Proxecto Apego. Pola contra, a Xunta o que fai é agasallar nesas caixas Benvida con material audiovisual en castelán.

Así pois, estamos a favor desta...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VÁZQUEZ VERAO: ...proposición non de lei. Agardamos que teña maior éxito que unha que presentamos penso que foi o ano pasado, que tamén afondaba nesa necesidade de impulsar o galego no ensino, e...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora VÁZQUEZ VERAO: ...que non remate cos argumentos falaces do Partido Popular. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vázquez.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Os datos aos que acaba de facer referencia a señora Rodil, que, efectivamente, non mudaron substancialmente dende o ano 2013, non son preocupantes —a verdade é que vostede exaxera, non son preocupantes—, son catastróficos, ¡son catastróficos! Son datos catastróficos, aínda que estou ben seguro de que dentro das argumentacións que oiremos no debate desta proposición non de lei seguramente aparecerá que o galego é a lingua que máis entende proporcionalmente a poboación; é dicir, imos conformarnos cunha das catro destrezas relativas ao dominio dunha lingua, imos cumprindo con... Vostede dixo: sobre todo tendo en conta o segmento de poboación que mantén esa porcentaxe.



Pero, mire, na normativa que se ditou no ano 2007 e que se derogou por satisfacer un determinado colectivo —que non tiña nada de ideolóxico, por suposto que non, ese colectivo, non; o que dicimos os grupos da oposición, si—, xa se establecía todo o que se refire á elaboración do proxecto lingüístico dos centros. E, evidentemente, é responsabilidade deles —iso si, porque forma parte da autonomía dos centros— a elaboración deste proxecto lingüístico. É dicir, nese proxecto lingüístico íanse establecer as áreas que se debían empregar naquelas que non estaba determinado dentro do propio decreto que se debían impartir en galego ou en castelán, aquelas medidas de apoio e reforzo para o uso lingüístico escolar educativo para alcanzar o obxectivo establecido na Lei de normalización lingüística á que vostede fixo referencia e fai referencia na súa iniciativa e tamén —é necesario dicilo— o que estaba establecido na Lei orgánica de educación no que afectaba o fomento do plurilingüismo. Aínda que alguén que me precedeu fixo referencia ao plurilingüismo, non debemos ter ningún tipo de reparo na adquisición dunha lingua estranxeira por parte do noso alumnado; non só non ter reparo, senón tender cara a ese obxectivo.

E tamén se establecían os criterios para determinar a lingua predominante no contorno. E aquí vaime permitir, señora Rodil, que faga referencia a un compañeiro seu, o señor Bará Torres, na súa calidade de profesor de lingua galega. O profesorado de lingua, tanto de lingua galega como de castelán, identifican rapidamente cal é a lingua predominante no contexto no que está situado un centro, uns e outros. E, polo tanto, tampouco facía falta esa consulta que despois resultou ser ilegal, afortunadamente, relativa a: ¿en que lingua quere vostede que reciba o seu fillo a ensinanza en educación infantil? É dicir, había un escenario de consenso que se quebrou, e xa sabemos todos por que se quebrou.

Polo tanto, con respecto á súa iniciativa, evidentemente, o segundo punto é o que estaba xa establecido neste nefasto Decreto 124 do ano 2007, porque o que estaba establecido para educación primaria, secundaria, bacharelato e ciclos formativos era estritamente —e así vostede o reproduce na súa iniciativa— o que estaba no Plan xeral de normalización da lingua galega que se aprobou por unanimidade neste Parlamento no ano 2004.

Polo tanto, a nosa emenda vai orientada a recuperar ese contexto que existía de consenso, porque o había, habíao incluso dentro do propio Partido Popular ata que chegou, iso si, o momento de que fomos convocados a votar e, polo tanto, había que ir a por todas. Pero ese consenso tamén abranguía o Partido Popular, aínda que non lles guste moito que se lles lembre.

Consideramos que é necesario que antes de que remate este período de sesións se establezan as bases e as liñas de colaboración necesarias para que para o inicio do curso 2020-2021 teñamos un novo decreto que estableza o papel da lingua galega no sistema educativo, acorde coa liña de consenso iniciada nese Plan xeral de normalización da lingua galega que se plas-mou tamén nese defenestrado decreto.

En todo caso, a nós ofrécenos algunha dúbida o que plantexan vostedes con respecto á educación infantil, porque tamén cremos que o que estaba referido a esta etapa educativa estaba xa suficientemente potenciado, suficientemente claro neste decreto, cando se dicía que o profesorado usaría a lingua materna predominante entre o alumando, e ademais prevía in-



cluso que naqueles contornos castelán falantes a metade do horario de educación infantil se levara a cabo en lingua galega. Polo tanto, nese sentido vai a nosa emenda. Confiamos en chegar a un acordo con vostedes para que esta iniciativa saia porque estou tamén ben seguro —nesa seguridade e nesa esperanza que me caracteriza—...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...de que o Partido Popular tamén vai votar a favor desta proposición non de lei, como fixo na anterior moción.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Polo Grupo Común da Esquerda ten a palabra a señora Cuña Bóveda.

A señora CUÑA BÓVEDA: Se o Partido Popular reflexionase, seguramente votaría a favor, pero non... Eu teño a certeza de que si, de que tamén vai votar a favor.

Vamos ver, levamos dicindo durante toda esta lexislatura dende o noso grupo que é imprescindible efectuar transformacións, cambios —son cambios radicais na política do Partido Popular no que se refire á cuestión da lingua— e pedindo tamén volver ao consenso do Plan xeral de normalización lingüística vixente, por iso imos apoiar a proposición non de lei que trae o Bloque Nacionalista Galego, porque pensamos que isto será un paso previo para un novo plan adaptado á realidade sociolingüística que viven hoxe os centros.

Cremos, asemade, que é unha prioridade para a infancia a súa posibilidade de socialización en lingua galega mediante os plans de ensino máis acaídos para garantir o pleno coñecemento do noso idioma. Isto non é un desexo, non é unha arela, isto é un dereito; falamos de dereitos.

Entón, por iso apoiamos a derogación do Decreto 79/2010. Levamos moito tempo reivindicando esta necesidade de deseñar propostas educativas que fomenten o uso en todos os ámbitos, sen discriminación de ningún tipo.

O PP é responsable do devalo do uso da nosa lingua, porque o impacto do decreto —tamén chamado «decretazo»— foi moi negativo, foi un plan que non era claro, un plan que non era significativo, que non era compartido, que non era identitario. E como ben se nomeou aquí e é lóxico —porque non só falamos nós, falou a Real Academia, falou o Consello da Cultura, falon as institucións europeas—, o galego ten que estar en pé de igualdade co castelán, e estamos moi lonxe. Estamos afastadas de que a competencia do alumando en galego sexa similar á que ten en castelán. Alén diso, a implantación do decreto en centros plurilingües derivou na exclusión e marxinação da nosa lingua como lingua vehicular, sen que tampouco se avanzase no coñecemento das linguas estranxeiras nin se apostase por un plurilingüismo inclusivo. O que recolle o noso marco xurídico sabémolo todas, e hai dúas linguas plenamente oficiais. Isto exige unha presenza preferente no sistema educativo non universitario.



Dicía a Real Academia Galega que coa introdución do modelo trilingüe a proporción do galego se viu reducida no ensino primario e secundario. Isto é unha obviedade. Falaba tamén a Real Academia de tres elementos importantes: a desruralización, a terciarización e o avellentamento. A desruralización, a terciarización e o avellentamento son tres elementos claves para explicar esta evolución, e mais a presión do sistema educativo e tamén dos medios de comunicación.

E non só foi a Real Academia a que se expresou neste sentido. Tamén se dixo que se podía revertir este proceso con actuacións. Por iso se o PP fose intelixente, eficaz e sostivese no tempo simplemente o cumprimento da lei, poderíase non só refrear esta tendencia senón revertir o retroceso do noso idioma, que está moi minorizado.

A degradación é obvia, e tamén houbo actuacións hostís que deixaron un claro efecto sobre o número de falantes. Todas as persoas que me precederon nas intervencións fixeron alusións aos datos. Claro, é que hai oito días que saíron os datos da Enquisa estrutural a fogares sobre o coñecemento e o uso do galego elaborada polo IGE. Naturalmente, o efecto é moi prexudicial, o efecto é demoledor, o efecto é non só preocupante, senón altamente alarmante. Entón, cremos que a proposta de integrar nos niveis do ensino, en primaria, en secundaria e na formación profesional, é vital para revertir esta tendencia.

Xa se deron datos, e xa se dixo como estaba a nivel xeográfico. Realmente, resiste, e resiste en distintas zonas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: ... —si—. As áreas con maior uso, á parte de Lugo, que xa se citou, son a Costa da Morte e Melide...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Na contra está Vigo. Revertamos e apoiemos esta proposición non de lei.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra a señora Vázquez Domínguez.

A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi bos días, señorías.

Galicia é un territorio, unha comunidade, unha nacionalidade histórica bilingüe, na que as linguas non son un problema, como nos quere facer ver o Bloque Nacionalista Galego, senón que son unha riqueza; en definitiva, un patrimonio cultural que debemos coidar día a día.



Parece que hoxe lle tocou a derogación ao Decreto para o plurilingüismo na ensinanza non universitaria de Galicia. Miren, señorías, ¿será que como non foi elaborado por vostedes e aínda por riba está a ter resultados positivos por iso o queren derogar? ¿Será por iso, señora Rodil? Vou debullarlle polo miúdo e centrar tres cuestións fundamentais para dar resposta á súa proposición non de lei, e poderá entender como o decreto si acadou resultados positivos, freando, si, o monolingüismo.

Mire, primeira cuestión, vostede falou da enquisa en numerosas ocasións, sempre facendo referencia ao ano 2003. Pero mire, o IGE tamén fixo unha enquisa no ano 2013. Vostede nomeouna así, de refilón. Será que melloraron, ao mellor, os datos e vostede non quere contalos, será iso.

Mire, na enquisa á que vostede fai referencia, se analizamos as persoas que falan galego de 15 a 29 anos, atopámonos co 60,27 % do ano 2013 e cun 63,01 % no ano 2018, un incremento de tres puntos, señora Rodil. E, mire, se nos paramos a pensar un pouquiño e a falar dos que falan pouco ou nada, pasamos dun 11,83 % no ano 2013 a un 9,84 % no ano 2018. Creo que é unha diminución de dous puntos. E a maiores, para ser máis exactos, mire, a franxa de idade da que estamos a falar son os beneficiarios da aplicación do Decreto 79/2010 que vostedes tanto detestan, xa que por aquel entón eses rapaces estaban na franxa de 5 a 14 anos.

Segunda cuestión que obvian, e ademais é sorprendente, porque deron datos que eu a verdade... É que deberían volver analizar a enquisa. Obvian que hai un incremento de competencias escritas, pasando dun 83,32 % no ano 2013 a un 86,79 % no ano 2018, un incremento de máis de catro puntos. E aquí é destacable o importante papel que está a ter o Goberno galego, grazas ao traballo levado a cabo durante estes últimos anos. Dou máis datos, señorías: a porcentaxe de poboación que di entender moito ou bastante o galego roza ou supera o 90 %: A Coruña, o 90,56 %; Lugo, o 92,72 %; Ourense, o 89,53 %; Pontevedra, o 91,91 %. Si, señora Rodil, non lle gusta, pero vaille gustar moito menos o que lle vou dar agora: incrementábase o número de persoas que habitualmente falan máis galego que castelán. No ano 2013, o 50,90 %; no ano 2018, o 51,88 %. Eu sei que non lle vai gustar, pero, claro...

Terceira cuestión. Tiña a oportunidade na súa man, de tanto consenso que nos quere dar ao Grupo Parlamentario Popular. Recentemente debatíase nesta Cámara parlamentaria unha proposición non de lei para elaborar un plan de dinamización da lingua na mocidade, e vostedes votaron en contra. Ese é o consenso que vostedes queren dar. Mire, tratábase dun plan que vostedes criticaron ata a saciedade na comisión; un plan participativo, un plan de goberno, que abarcaba todas as áreas de goberno, e, como non, un plan social, con gran vocación de participación e de poder acadar o máximo consenso cando se trata do patrimonio cultural, que é a nosa lingua. (*Aplausos.*) Un plan con nove áreas, con 19 obxectivos, señora Rodil, e, como non, con 39 medidas que alcanzaban a transmisión interxeracional e o ámbito familiar, ata a incorporación ao mercado laboral e a formación continua, e, como non, dotado economicamente, que vostedes sempre se olvidan cando a Xunta e o Goberno da Xunta de Galicia pon 16,5 millóns de euros destinados a esta partidas.

Mire, agora entendo por que vostede non quería falar do ano 2013, agora entendo perfectamente por que vostede quere derogar o decreto e agora tamén entendo por que non quere



falar do Plan de dinamización da lingua galega na mocidade 2019–2022. O Grupo Popular seguirá a apoiar medidas tan importantes como as que acabo de nomear, pero, señorías, non conten con nós para enfrontar o patrimonio cultural dos galegos e das galegas.

E, señora Rodil, fronte ao monolingüismo empobrecedor, estará sempre o bilingüismo cordial, si. Mire —e xa remato, señor presidente—, deixe que os galegos decidan; decidan como, onde e cando queren falar galego, porque para iso está establecido no Estatuto de autonomía. *(Aplausos.)*

Pola miña parte, máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vázquez.

Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Non por predicible é menos bochornoso. *(Aplausos.)* Mire, ¿sabe que é o que di a lei neste país? Que é unha obriga —que non é algo que se poida escoller, que non é algo polo que se poida optar dependendo da cor política dun goberno—... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...da Xunta de Galiza garantir que calquera crianza, cando saia do ensino público deste país, teña iguais competencias en galego que en castelán. *(Aplausos.)*

Un de cada catro menores de 15 anos non sabe falar galego. ¿De que bilingüismo me fala?, ¿de que bilingüismo me fala? *(Aplausos.)*

Imos pensalo desde outra óptica. Intentemos buscar un estudo —que teña algún tipo de rigor; evidentemente, que veña dunha fonte oficial, igual que é o Instituto Galego de Estatística—, un só estudo oficial que recolla a realidade contraria. Intentemos buscar unha persoa galegofalante neste país que non saiba escribir en castelán ou que non saiba falar en castelán. Non se atoparán esa realidade. Non se atoparán esa realidade, porque ¿saben quen é realmente bilingüe? A poboación galegofalante deste país. Aí é onde reside o bilingüismo, señora deputada do Partido Popular.

Vén aquí e compárame... É entrañable, eu digo que si que o é porque no ano 2013, cando saíron os datos do 2013, escravellaron todo o que puideron para intentar buscar algún dato positivo no que aferrarse. Entón, cando saia o ano 2018, e hai un repunte do 0,8 %, pois o único que ven é apenas iso.

Eu dicía ao comezo da miña intervención, recollendo as palabras do presidente da Real Academia Galega —ao que eu pensei que lle terían un mínimo de respecto polo menos, ou consideración, máis que nada porque preside unha institución que é estatutaria neste país e que



é representante da lingua—... (A señora Vázquez Domínguez pronuncia palabras que non se perciben.) Eu creo que a escoitei cun pouco de respecto, non sei. Pediría o mínimo.

Eu dicía ao comezo da miña intervención, facendo referencia ás palabras do señor Freixanes, que, efectivamente, cadaquén pode ler as cifras segundo a propia conveniencia, pero os datos son os que son. Nós fixemos unha avaliación de cal é a realidade que se vive neste país en termos de usos e coñecemento da lingua galega desde o ano 2003, que é cando temos datas e cifras oficiais. O que non pode ser é que o Goberno, que é o máximo responsábel do proceso de normalización lingüística deste país, o negue e renuncie ás súas obrigas, que están recollidas no Estatuto de autonomía, na Lei de normalización lingüística...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...e no que imos votar agora, no Plan xeral de normalización.

Non imos aceptar as emendas por unha cuestión clara...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Estamos de acordo co que se recolle, simplemente unha cuestión: o que queremos é que se vote, que se diga se se está a favor ou en contra do consenso lingüístico que había aquí nesta Cámara no ano 2004, a favor ou en contra de cumprir o Plan xeral de normalización da lingua galega. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas.

Pasamos á seguinte iniciativa.

Proposición non de lei do G. P. Mixto, por iniciativa de D. David Rodríguez Estévez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa xestión dos xurros e residuos procedentes das explotacións de gandaría intensiva que se está a levar a cabo na comarca da Limia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Patricia Vilán Lorenzo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 52240).

Emenda de modificación.

Débese substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Entregar aos grupos parlamentarios a seguinte documentación:



a. *Sobre as medidas que se están a tomar para evitar calquera dano irreparable ao medio ambiente e á saúde das persoas.*

b. *Sobre as medidas que se están a tomar en relación ao depósito de esterqueiras ao aire libre e en contacto directo sobre o chan, sen ningún tipo de soleira impermeabilizada.*

c. *Sobre os controis que se fan respecto a xestión de envases de produtos fitosanitarios.*

d. *Sobre as medidas de control que se está a someter ás empresas no tocante ao transporte e distribución de xurros.*

e. *Censo actualizado a día de hoxe da carga gandeira que está a soportar a Comarca da Limia.*

2. *Apoiar o procedemento aberto polo Ministerio para a Transición Ecolóxica sobre a declaración de afectación das augas do encoro de As Conchas.*

3. *Aplicar con extremo control a normativa existente sobre a instalación de novas granxas.*

4. *Adoptar unha xestión ambientalmente sustentable dos residuos agrogandeiros xerados, que cumpra co Dereito da Unión Europea.*

5. *Esixir ás explotacións balsas para a xestión de xurros adecuadas ao tamaño da explotación.*

6. *Facer un control exhaustivo sobre as empresas dedicadas ao transporte de xurros.*

7. *Poñer en funcionamento o centro de tratamento de xurros sito na Limia para tratar os excedentes producidos pola excesiva carga de porcino autorizada pola Consellería de Medio Rural.*

8. *Publicar, con urxencia e para que sexa de aplicación antes do comezo do vindeiro mes de marzo, normativa sobre Xestión de Residuos Agrogandeiros.*

9. *Preparar unha partida orzamentaria específica nos vindeiros Orzamentos da Xunta para 2020, para rematar con este problema de contaminación e de saúde pública.»)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Na comarca da Limia, ao ir desaparecendo a agricultura e a gandería tradicional e mutando cara a un modelo intensivo, as augas da cunca hidrográfica do río Limia van tornándose cada vez máis contaminadas. Hoxe esta comarca está soportando unha carga gandeira equivalente a unha poboación de 1.600.000 persoas, que producen unha cantidade maior a un millón de toneladas de residuos, que acaban depositándose no aire libre e sen ningún tipo de depuración, sen ningún tipo de tratamento, sen ningún tipo de precaución e sen ningún tipo de protección.



A comarca da Limia está a padecer unha severa agresión pola xestión que na actualidade se fai dos residuos procedentes das explotacións de gandería intensiva, e máis particularmente das adicadas á produción de porcino e avícola.

Aínda que o artigo 2 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos sólidos e solos contaminados, exclúe, segundo o disposto no apartado e), as materias fecais, palla e outro material natural agrícola ou silvícola non perigoso utilizado nos procesos agrícolas ou gandeiros mediante procedementos ou métodos que non poñen en perigo a saúde humana nin provocan dano ao medio ambiente, non ampara en absoluto as prácticas que se están a utilizar de forma xeneralizada ao aplicar na comarca da Limia estes xurros, que si supoñen un dano irreparable para o medio ambiente e que tamén supoñen un dano irreparable para a saúde humana: proceso de eutrofia acusada no encoro das Conchas; aumento constante dos niveis de concentración de nitrato nas augas subterráneas; afectación irreversible do encoro de Faramontaos, non sendo apta a auga na actualidade para o abastecemento; empobrecemento da biodiversidade; degradación paisaxística da comarca; mala calidade do aire —un cheiro constante a xurro—.

Tamén o artigo 3 da Lei 10/2008, do 3 de novembro, establece que quedan fóra do seu ámbito de aplicación os residuos producidos nas explotacións agrícolas e gandeiras consistentes en materias fecais e outras substancias naturais e non perigosas cando se utilizan no marco das explotacións agrarias.

Esta exclusión non ampara as aplicacións incontroladas de xurro que se fan durante longos períodos sobre extensas superficies de mato, toxos e xestas, que, baixo a escusa dun suposto abonado, non perseguen máis fin que o de desprenderse do xurro en exceso motivado por saturar a comarca dunha carga gandeira irracional.

De igual xeito, tamén se deixan fóra de control e mírase cara a outro lado nas condicións mínimas que deben gardar os depósitos de esterco ao aire libre, sobre todo o das galiñas, que se observan durante o inverno e a primavera en moitas parcelas e campos de cultivo e que poden ocasionar, de forma evidente, episodios de contaminación.

Non hai moito tempo, con data 4 de xullo do ano pasado, unha asociación da Limia, «Auga Limpa Xa», encargáronlle un estudo á Confederación Hidrográfica, que contestou que coa implantación na comarca da Limia dun gran número de granxas, especialmente de gando porcino e tamén avícola, a posible existencia de prácticas inadecuadas na xestión dos residuos e subprodutos xerados nas mesmas, ademais de que unha gran parte do territorio da comarca teña un uso agrícola, unido á chaira da Limia, nos meses de inverno e primavera fai que se inunde en período de elevadas choivas. Isto provoca que as augas recollidas neste río desemboquen despois no embalse das Conchas acumulando cianobacterias e procesos de eutrofización.

Hai pouco vimos que o Grupo Coren se fixo eco dun comunicado na prensa, presentando á Mesa da Limia o seu Plan de acción ambiental para o desenvolvemento sostible da comarca. Neste comunicado afirmaban textualmente: «Coren puso de manifesto en el encuentro que no existe informe alguno que demuestre que la situación del embalse das Conchas se deba a supuestas



malas prácticas con el uso de residuos ganaderos. La proliferación de cianobacterias se registra cada verano en otros muchos embalses con bajo nivel de agua y deficiente sistema de depuración de aguas residuales en la red urbana».

A Sociedade Galega de Historia Natural tráenos as evidencias científicas. Vai facer xa cinco anos que esta asociación enviou á Confederación Hidrográfica do Miño Sil, e á Dirección Xeral da Auga do Magrama a análise estatística e demográfica da carga gandeira realizada pola Sociedade Galega de Historia Natural, baseada nun estudo do CSIC sobre a orixe de carga de nutrientes do río Limia que lle fora encargado á Confederación Hidrográfica. Á vista deste comunicado que Coren enviou aos medios, a Sociedade Galega de Historia Natural considerou necesario reiterar as súas conclusións.

Orixe urbana dos nitratos. Se a orixe maioritaria da contaminación por nitratos da chaira da Limia fosen vertidos por augas residuais urbanas insuficientemente depuradas —que podería ser—, cabería esperar que o niveis máis altos de contaminación estivesen asociados aos principais núcleos de poboación, especialmente ao núcleo de poboación de Xinzo de Limia, que concentra máis dun terzo da poboación da chaira da Limia. Os resultados desbotaron esa posibilidade.

A orixe gandeira dos nitratos. Se a orixe maioritaria da contaminación por nitratos na chaira da Limia fose a mala xestión dos residuos orgánicos das granxas industriais, cabería esperar que os niveis máis altos da contaminación estivesen asociados a lugares nos que se concentra a produción e o almacenamento destes residuos. Os resultado confirma, sen dúbida, esta posibilidade para os dous puntos estudados, que presentan os niveis máis altos de contaminación.

O encoro das Conchas construíuse no ano 1949. Durante medio século as súas augas mantivéronse limpas, malia soportar os vertidos de augas residuais de onde está a poboación e sen tratamento de depuración ningún. A partir do ano 1989, a gandería industrial comezou a crecer de xeito espectacular e sostido na chaira da Limia e o gando estabulado está a aumentar sen parar, ano tras ano. Tras o cambio de século, cunha poboación reducida a un 40 % respecto ao ano 1950, pero xa cunha carga gandeira superior ás 40.000 cabezas de gando, comezaron os episodios de proliferación de cianobacterias tóxicas nas Conchas. Os últimos datos oficiais dispoñibles indican que na chaira da Limia a poboación era de 19.000 habitantes en 2013 e a carga gandeira era de 62.000 cabezas de gando no ano 2009, polo que, vendo estes datos, a metade de toda a poboación de Galicia concentrada nun 1% da superficie, a metade da poboación de Galicia tirando os seus residuos no 1 % da superficie de Galicia.

Nós, con isto, o que vimos solicitar hoxe aquí a este pleno é algo que se nos está negando. Xa se nos negou o ano pasado, pedímolos polo artigo 9, e parécenos unha vulneración moi importante dos dereitos que temos nesta Cámara, e volvéusenos negar na comisión a semana pasada, por iso volvemos traelo ao pleno. O que pedimos é:

Entregarlles aos grupos parlamentarios documentación sobre as medidas que se están a tomar para evitar que, baixo un suposto amparo legal, se leven adiante estas prácticas que acababamos de describir.



Documentación sobre as medidas que se están a tomar en relación co depósito de esterqueiras ao aire libre en contacto directo co chan. Documentación sobre os controis que se fan respecto á xestión de envases de produtos fitosanitarios. Documentación sobre medidas de control ás que se están a someter as empresas que se dedican a transportar e a distribuír estes xurros.

Un censo actualizado a día de hoxe da carga gandeira que está a soportar esta comarca; penso que non estamos pedindo nada do outro mundo.

Abrir unha investigación, contactando coas autoridades competentes, para depurar responsabilidades —hai que depuralas, a comarca da Limia está contaminada— sobre o estado no que se atopa o chan e as augas da comarca da Limia. Facer unha moratoria na comarca da Limia á instalación de novas granxas. Ordenar as explotacións que agora mesmo existen, as explotacións existentes, e adoptar unha xestión ambientalmente sustentable dos residuos agrogandeiros xerados para que cumpran co dereito da Unión Europea.

Revisar as superficies asociadas ás explotacións de porcino. Non pode ser que unha empresa teña parcelas asociadas noutras comunidades autónomas cando todos sabemos que despois non levan alí os xurros. Exixir nas explotacións balsas para a xestión de xurros, balsas que sexan adecuadas ao tamaño da explotación.

Facer un control exhaustivo sobre as empresas que se dedican ao transporte de xurros. Pór en funcionamento o centro de tratamento de xurros de Sarreaus. Publicar un decreto de xestión de residuos agrogandeiros e que sexa —iso si— de obrigado cumprimento.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Estévez.

Antes de dar paso á representante do Grupo Socialista, saudamos os alumnos e alumnas de segundo da ESO do Instituto A Pinguela, de Monforte de Lemos, e tamén os seus profesores e acompañantes. Benvidos ao Parlamento.

Agora si, polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra a señora Vilán Lorenzo.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Eu tamén quero saudar estes alumnos porque hoxe imos falar de medio ambiente, e nestes últimos días, nestes últimos meses, as rapazas e os rapaces da súa idade estannos a dar unha lección na protección medioambiental. Seguro que eles nunca van citar a José María Aznar, que hoxe dixo no diario *Expansión*: «no se puede estar amenazando con el apocalipsis todos los días a costa del cambio climático, arma arrojadiza contra las sociedades libres». Esqueceuse de dicir unhas e grandes.

Efectivamente, hoxe imos falar da Limia, imos falar de residuos e, ao final, imos falar tamén desa mala xestión que nos leva á situación de crise climática que estamos a vivir, pese ao que diga José María Aznar.



Nós temos rexistrada unha emenda que modifica parcialmente a solicitude, o texto, do Grupo Mixto, realmente en catro dos puntos que ten a solicitude.

No punto 2, cremos que é fundamental que, tal e como están as augas do encoro das Conchas, se apoie o procedemento aberto polo Ministerio para a Transición Ecolóxica sobre a declaración de afectación destas augas.

No punto 3, aplicar con extremo control, con exhaustividade, a normativa que xa existe sobre a instalación de novas granxas.

No punto 8, publicar de maneira urxente, para que entre en vigor antes do mes de marzo do ano que vén, normativa sobre a xestión dos residuos agrogandeiros, sexa un decreto ou sexa calquera outra norma.

E no punto 9, que nos vindeiros orzamentos, para o ano 2020, exista unha partida orzamentaria que remate con este problema de contaminación medioambiental e tamén de saúde pública.

Estamos seguras e seguros de que vostedes, a persoa, o voceiro, deputado ou deputada do Grupo Popular que vaia saír aquí, vai dicir que xa se está a facer, que o conselleiro de Medio Rural prometera unha planta de tratamento de xurros na Limia, un plan de formación, un plan estratéxico, e ata un cronograma de mesas sectoriais, pero ¡claro!, levan vostedes dez anos gobernando e alí non hai nada; na comarca da Limia seguen a esperar sentados.

E non son só os residuos e os vertidos na chaira, senón que son os residuos en toda Galicia. A xestión de residuos é unha asignatura máis que lles queda a vostedes para setembro: gandeiros, mariños, urbanos-orgánicos, industriais, urbanos-fecais, plásticos, todo tipo de residuos sobre os que vostedes non fixeron nada. Tamén é certo que nós, dende a esquerda, non podemos dar leccións a ninguén sobre medio ambiente, segundo dixo o señor Casado, que é o alumno avantaxado de José María Aznar.

Na Limia hai dous problemas. O problema tremendo agora mesmo é a situación do encoro das Conchas. Encoro que se construíu no ano 1949 pero que corenta anos despois cambiou radicalmente. Ata o ano 1989, cunha poboación na Limia o dobre da de hoxe na comarca, non había problemas de depuración, non existían os problemas que ten agora o encoro. Os problemas viñeron cando a gandería industrial comezou a crecer de maneira espectacular. A partir de aquí, apareceron as cianobacterias no encoro; volvéronse tóxicas, hai microcistinas; e a microcistina está a orixinar danos hepáticos agudos na comarca. E chegan ás persoas porque beben auga, porque se bañan, porque comen peixe dos ríos e ata por respirar, din os informes técnicos. Iso leva ocorrendo dende o ano 2011. Hai un informe do ano 2011, da universidade, pero ademais tamén hai un estudo do CSIC, que a Sociedade Galega de Historia Natural remitiu expresamente á Confederación Hidrográfica Miño-Sil e á Dirección Xeral da Auga do Magrama, con aquel goberno de Mariano Rajoy e gobernando vostedes en Galicia, e o que fixeron foi como suelen facer habitualmente: abrir un caixón, metelo dentro, pechar o caixón e aí quedou. Claro, agora o Ministerio de Transición Ecolóxica, ese que está formado por talibáns —creo que dixeran vostedes— e señoras e señores bonitos, que parece



ser que é o único que hai no Goberno, declara que as augas do encoro están afectadas, aínda que o procedemento está por rematar.

O outro problema que hai, como causa da consecuencia de como está a auga do encoro, son os arrastres e os vertidos por auga de escorrentía de puríns gandeiros...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: ...e de granxas avícolas, que se utilizan como fertilizantes.

Nós cremos que xa chegou o momento de compatibilizar a actividade económica, a actividade agrogandeira, coa saúde e coa protección e conservación do medio ambiente, e que xa é hora de non mirar cara a outro lado. Agardamos que a nosa emenda sexa aceptada.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente. Bo día.

Bo día a alumnos e profesorado da Pinguela, que é moi entrañable o instituto.

A substitución de pequenas granxas familiares asentadas no territorio, baseadas na terra e no seu cultivo, por macrogranxas que manexan cantidades considerables de animais e que consumen inxentes cantidades de insumos producidos a miles de quilómetros, deixounos un complicado problema, o dos xurros e estercos, e o seu efecto contaminante na terra e na auga pola súa desmesurada cantidade.

Un pode preguntarse como chegamos a esta situación sen que saltasen as alarmas. Pois moi fácil: ¡porque non hai alarmas! Todos ven o problema pero todos calan. E o problema medra e medra, e canto máis medra, mais silencio porque a rede ten unha malla que o somete todo, esa rede sinala os que non se deixen guiar. É fácil, as políticas de favores, que non de dereitos sociais, practicadas dende o PP son así. Cando xorde un problema, tápase, e ¡pobre do que fale, porque é inmediatamente cualificado de revoltoso e insolidario! E o problema segue a medrar, e chega un momento en que a solución pode ser traumática, e é o momento no que estamos.

Estamos na Limia, pero ben poderíamos estar no Deza ou noutras áreas do territorio deste país, ávido de actividade económica e onde hai xente con ánimo emprendedor. O porcino medra daquela maneira, sen planificación, erráticamente, mais o grave é que, unha vez máis, estamos a producir cantidades inxentes de bens primarios, desta vez carne, que, sen apenas procesalos, van para o mercado. E, unha vez máis, cedemos a mellor tallada a outros, renunciamos ao valor engadido e tragamos a merda, con perdón. Imos polo mundo, da man do PP, dando leccións de sometemento e de boa xente que cede os negocios a outros que seica o precisan máis. Complexo de non ser ninguén, de non pertencer a un país de primeira.



Porque de merda se trata, moita densidade de explotacións e pouco territorio para absorber os residuos gandeiros. Residuos gandeiros necesarios para as terras agrícolas, pero o país está sen terra agraria, importando alimentos doutras áreas do Estado, de Europa e mesmo de América. E temos que rir e estar ledos, porque, de non facelo así, seremos tachados de catastrofistas e radicais.

E a vida segue, na Limia tamén, con máis ampliacións, con novas granxas, con máis contaminación e cunha eutrofización de augas e terras que levanta alarmas sanitarias. ¡Perdón, non quería dicir isto!, ¡bórrenlo!, agora van dicir que o BNG está en contra dos produtores de carne en intensivo ou que pretendemos poñer en cuestión outros sectores produtivos afectados pola eutrofización. ¡Tácheno!, ¡que ninguén diga nada! O PP está actuando coa lei na man e xa non hai problema, seica vai facer non sei cantos centros de tratamento de xurros, un deles na Limia, poñer en funcionamento non sei cantos sistemas depuradores ultramodernos, seica trasladar eses xurros e galiñaza sobrante a unhas plantas onde van facer un xeito de compostaxe con biomasa triturada que vai dar un abono orgánico que revolucionará a agricultura galega. ¡Eu que sei! Pero todo feito cos cartos de Europa que deberían de ir destinados a protexer e desenvolver as explotacións familiares baseadas na terra, extensivas, sostibles e respectuosas co medio ambiente. ¡Pero que máis ten! Continúan a fuxir cara adiante.

E despois das eleccións ¿que? Cando regresen do medo ao batacazo, ¿que vai ser da Limia e do seu problema? Pois vai ser que, antes de todas esas maravillosas medidas correctoras, necesitaríamos un censo real de granxas e de animais que non fixeron. Necesitaremos que se fagan públicos os datos das terras asociadas que ten cada granxa para ver cantas granxas soporta cada hectárea de terreo, ou que terras están asociadas a algunha granxa con excesivas distancias —hainas con 100 quilómetros polo medio—, porque só así tomaremos conta do problema de maneira crúa e real.

Necesitamos saber cal é a dimensión real do problema para lle poñer solución, e mentres, é preciso frear o despropósito, non deixar que siga medrando. Por iso, é necesario non outorgar máis licenzas, nin de novas explotacións, nin de ampliación das existentes, e estase facendo.

Foron as políticas do PP as que xeraron o problema, deixando a outros que eran do PP, pero non goberno, que fosen facendo, ¿ou si son e eran goberno? Eles, o oligopolio encuberto, poñían as granxas onde lles parecía, cun sistema de xestión dos residuos baseada na terra. Pero fomos quedando sen terra hai xa anos e o Goberno non facía nada, non fixo nada. E a vida seguiu. O Goberno non dicía nada porque a cooperativa de cooperativas mandaba e manda, je hai que calar porque suplen o Goberno, e logo nas eleccións xa moverán vontades! E A Limia, mentres tanto... E a vida segue, e séguelles á espera. O que debemos dilucidar é por canto tempo vai agardar. E tamén veremos por canto tempo vai aturar A Limia esta situación sen facer *crack*. E verémolo. (*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Antes de darlle a palabra ao señor Cal, que é a quen lle corresponde agora polo Grupo Común da Esquerda, quixera pedir desculpas porque no debate anterior, cando el estaba no uso da



palabra, eu utilicei unha expresión que non debe ser utilizada pola Presidencia. A Presidencia non debe de entrar en como un deputado constrúe ou non a súa argumentación e o seu discurso. Eu non quería dicir iso pero fóiseme. O que quería dicir é que ao mellor non vai polos intereses do deputado, pero iso era outra historia. En todo caso, a Presidencia si debe de entrar se o debate non se axusta ao contemplado no regulamento.

Entón, acepte as miñas desculpas porque foi un erro. Eu non debo utilizar iso e pídolle desculpas. (*Aplausos.*) ¡Tampouco é para tanto!

Agora si, ten a palabra polo Grupo Común da Esquerda o señor Cal.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Evidentemente, as desculpas son aceptadas, como xa lle dixen en privado, non pode ser doutra maneira. E como tamén xa lle dixen en privado, coido que algunhas veces nas intervencións hai algunhas deputadas que non están no uso da palabra que son moi reincidentes nas súas verbas interpelando a persoa que está falando, e creo que habería que axustar un pouco máis esa cuestión, como xa lle dixen tamén en privado. Evidentemente, desculpas aceptadas. Agardo que a miña intervención neste momento sexa do seu agrado. (*Risos.*)

Esta mañá volvemos ver outra perla negacionista como a de Aznar que comentou a señora Vilán, que di que as empresas deben ser libres para seguir contaminando todo o que queiran sen que ninguén se meta con elas, e o que está no fondo desta expresión é o modelo neoliberal, que externaliza custos medioambientais e que precisa desa externalización de custos para seguir obtendo os enormes beneficios que está obtendo. Ao final, do que estamos falando é da necesidade dun cambio de modelo por outro no que os sectores produtivos sexan sustentables e non destrúan a casa que temos para vivir, porque, se non, os seus propios centros produtivos non terán futuro tampouco, porque non terán onde desenvolverse.

Esta iniciativa que trae hoxe o Grupo Mixto fala das enormes afeccións medioambientais e da saúde pública dun modelo de explotación agrogandeiro intensivo, que foi desprazando o modelo tradicional e que non contou cunhas administracións responsables que estiveran facendo o seguimento necesario das problemáticas derivadas deste modelo, que non son novas, e durante todos estes anos tivemos a Administración mirando cara a outro lado mentres se contaminaban os acuíferos, mentres se contaminaban e se contaminan os encoros, o aire que respiramos, se degrada a paisaxe e se destrúe a biodiversidade.

Estas son as problemáticas das que eu estaba falando na miña intervención coa Lei de seca, onde a Xunta de Galicia non está facendo o seu traballo, onde a Xunta de Galicia ten que actuar para que non se siga contaminando o recurso porque, cando teñamos unha situación de emerxencia de seca, teremos falta de recursos hídricos, e por outra banda, moita parte dos recursos hídricos cos que si contamos estarán contaminados, e iso é o que pon en risco o abastecemento á poboación, e aquí vemos un claro exemplo desta situación.

O que garante o abastecemento de auga á poboación é conservar os recursos. A conservación medioambiental é o máis importante, é o que non estivo facendo a Xunta de Galicia, e hoxe



trae aquí unha proposición de lei unicamente para tapar a súa responsabilidade, que só serve para unha única cousa con respecto ao abastecemento de auga, que cando haxa un problema nunha cidade, a Xunta de Galicia poderá sacar a lei e dicir que a culpa é do concello, non serve absolutamente para nada máis.

Onde ten que actuar é neste tipo de actuacións. A ver o posicionamento que fai o Partido Popular a este respecto, aí se verá o preocupados que están polo ciclo integral da auga. Igual que na iniciativa de Sobrado dos Monxes, veremos o Partido Popular como se posiciona para preservar o ciclo integral da auga.

A situación da Limia é resultado dun modelo que hai décadas que xa sabemos que está degradando o medio, e no que é preciso intervir para mudar estas prácticas prexudiciais por formas de produción sustentables e amables coa saúde das persoas, porque, se non, non hai futuro. E non podemos facerlle caso a Aznar nesta cuestión e deixar que sexan libres para seguir contaminando.

É fundamental actuar de maneira urxente porque se vai ter que actuar igualmente, pois é imposible manter esta progresión porque o medio ambiente non o resiste e vai haber que actuar. Polo tanto, canto antes se actúe, mellor será. Mellor será para o medio, pero non só para o medio, mellor será tamén para o propio modelo produtivo, porque se destrúe e se está poñendo en risco toda unha comarca, a situación medioambiental de toda unha comarca, que pon en risco o propio modelo produtivo desa comarca.

Polo tanto, canto antes actúe, será mellor para a saúde das persoas, será mellor para o medio ambiente, pero tamén para o propio desenrolo deste modelo produtivo agrogandeiro, porque xa non é posible seguir agochando o lixo debaixo da alfombra. Lévese demasiado tempo agochando o lixo debaixo da alfombra, e xa non se pode seguir agochando porque xa rebosa, o lixo está rebosando, e non só na comarca da Limia, está rebosando en moitísimos lugares de Galicia. Está rebosando o lixo por todas as esquinas, vese e ademais cheira, cheira moito. Polo tanto, non se pode seguir agochando e hai que actuar coa máxima urxencia.

Unha administración responsable debe garantir o pan para mañá, que nesta cuestión se está poñendo en risco, á vez que se administra de forma xusta o pan para hoxe, e co Partido Popular non temos nin unha cuestión nin a outra. Non se está repartindo de maneira xusta o pan de hoxe, e estase poñendo en risco o pan de mañá. Esa é a práctica política habitual do Partido Popular.

E hai que actuar de maneira urxente pola propia importancia que ten o sector en Galicia. Canto antes se empece a apostar por que este sector mellore na súa sustentabilidade, mellor futuro lle agardará ao sector para o futuro.

Dixen na miña intervención —remato xa—, e non lle gustou nada á señora conselleira, que se asesoraban vostedes polo señor Rajoy. Ao mellor ten razón e non se asesoran polo señor Rajoy, ao mellor asesóranse vostedes polo señor Aznar, que xa vimos o que dixo esta mañá, ou ao mellor por alguén que teñen máis cerca, que é o señor Agustín Hernández, que para denunciar que as augas están contaminadas se adica a tirar o lixo ao río. ¡Ese é o Partido Popular!. (Risos.)



Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cal.

Grupo Parlamentario Popular, señor Gómez Salgado.

O señor GÓMEZ SALGADO: Bos días a todos e a todas.

Ía saudar os alumnos da Pinguela pero xa non están presentes.

Señores deputados, afirmaba o profesor Eduardo Costas, catedrático de xenética da Facultade de Veterinaria Complutense de Madrid nunha recente entrevista, certamente impactante, que: «*Los problemas de la Limia se pueden solucionar facilmente. Lo que no podemos es dejarlo como está. Hacer bien las cosas compensa.*» Fronte a algunhas mensaxes catastrofistas, chama a atención a mensaxe deste catedrático.

Señora Vilán, señor Rivas, os problemas da Limia, se é que ten problemas, e os ten, non veñen de onte. O señor Suárez Canal é da Limia practicamente, estaba alí ao lado. O señor Linares, presidente da Confederación Hidrográfica Miño-Douro, tamén tivo responsabilidades, e Trallemos todos xuntos na mesma dirección.

Señores deputados, A Limia é unha das comarcas agrogandeiras máis importantes de Galicia, cuns produtos de excelente calidade tanto no sector agrícola como no gandeiro, sendo, entre outras, a base de provisión de indicacións xeográficas protexidas tales como Pataca de Galicia, Terneira Galega, Mel de Galicia ou Pan de Cea.

As explotacións agrogandeiras representan unha das fortalezas da comarca e son un dos piares fundamentais da economía comarcal e mesmo provincial, con milleiros de cabezas de gando, das que aproximadamente 75.000 corresponden a unidades de gando maior.

Esta produción de gando ten como consecuencia a xeración dun gran volume de xurros derivados das dexecións animais, xurros que, en boa medida, veñen sendo utilizados como abonos e fertilizantes que, compostados nas proporcións e momentos axeitados, se amosan como un subproduto beneficioso para a produción agrícola.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, presentou na última reunión da Mesa da Limia unha serie de medidas e actuacións para evitar danos medioambientais derivados dunha inadecuada xestión dos xurros, que regulan, entre outras cousas, o acopio, o transporte e a aplicación dos mesmos, completando esta regulación cun sistema de procesamento a través de plantas de xestión ambiental para encamiñar esta comarca e outras zonas gandeiras de Galicia cara a unha produción rendible, sustentable e respectuosa co medio ambiente. Este plan, polo visto, á señora Patricia Vilán non lle gusta.

Para facer ben as cousas, señoría, como dicía o profesor Eduardo Costas, foi o propio conselleiro do Medio Rural quen puxo en marcha a Mesa da Limia, para dar voz e participación a todos os actores implicados na solución desta problemática: gandeiros, agricultores, em-



presas do sector, asociacións, colectivos ecoloxistas e, por suposto, a todas as institucións implicadas.

Entre os compromisos da Consellería do Medio Rural na Mesa da Limia —adiantou a señora Patricia Vilán aínda que non lle gustan—, para facer ben as cousas, señoría, presentou o Plan estratéxico do sector agrario da Limia —o PEL—, elaborado coa participación e achegas de todos os compoñentes da Mesa; unha ferramenta de análise e diagnose da situación actual da comarca e de enfoque das futuras oportunidades.

Para facer ben as cousas, señorías, presentou un plan de formación agrogandeira para A Limia, un plan que, por exemplo, fala do respecto e aborda as consecuencias da alteración da calidade das augas derivada dos vertidos procedentes da gandería, por inadecuado tratamento de dexeccións animais, ou polas escorrentías de nutrientes, praguicidas e herbicidas agrícolas.

Para facer ben as cousas, señorías, o terceiro compromiso foi a presentación do Sidega. O Sidega será a nova lei, no seu momento, para o sistema integrado de xestión de dexeccións gandeiras de Galicia, co propósito de xerar un novo modelo altamente comprometido, respectuoso co medio, eficiente e, por suposto, transparente, partindo dunha premisa, e a premisa é que o actual sistema de xestión das dexeccións gandeiras resulta inadecuado.

Este novo modelo desenvolverá un sistema integrado, coordinado e homoxéneo, que incorpore a regulación e o control da autoaplicación por parte das explotacións, implantando nunha primeira fase catro centros de xestión ambiental en Galicia para o tratamento das dexeccións gandeiras, o primeiro será na Limia. Virá completar a próxima reapertura da planta de Sarreaus, e permitirá protexer o medio ambiente, reducir a pegada do carbono descontaminando os solos e os acuíferos, e, sobre todo, blindar os sectores do leite, da carne e dos produtos agroalimentarios galegos cara a unha economía verde, rendible, sustentable e respectuosa co medio ambiente.

Por isto, señor Rodríguez, consideramos que a súa PNL unha vez máis, chega tarde. E, unha vez máis, as argumentacións que se escoitan aquí nin favorecen nin axudan, e menos á imaxe cara á comercialización, señor Rivas, dos excelentes produtos que se están a producir na comarca da Limia. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non vou dicir o que a vostede lle gustaría que dixera, digo o que creo que teño que dicir responsablemente... (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor GÓMEZ SALGADO: ...co compromiso (*Aplausos.*) coa sustentabilidade e a produción agrogandeira da miña comarca. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

A Xunta de Galicia xa deu resposta á maioría das cuestións e seguiranse dando a través da Mesa da Limia, onde de xeito aberto e participativo abordaranse, segundo o calendario e o protocolo previstos, todas e cada unha das propostas.

Remato, presidente.



Por outra banda, a maioría das asociacións agrogandeiras da Limia, os primeiros interesados nunha produción sostible, recibiron estas medidas con optimismo, e mesmo me atrevería a dicir que a maioría dos compoñentes da Mesa da Limia, colectivos, institución, e aínda a ve-ciñanza, se amosaron esperanzados.

Para facer ben as cousas, señores deputados, as respostas estarán na Mesa da Limia, que conta coa participación, suxestións e achegas de todos os sectores. Confiamos na responsa-bilidade e no compromiso dos seus compoñentes, que representan unha vía transversal, efi-caz e participativa na análise e na busca de solucións e casuísticas aos problemas que se presentan nesta comarca ourensá. Non será o Grupo Popular quen os desautorice.

Malia todo, señorías, estamos dispostos, se se acepta unha votación por puntos, a chegar a acordos puntuais nesta proposta.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor GÓMEZ SALGADO: Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Aproveito —agora si— para saudar as veciñas e veciños da comarca da Limia que hoxe nos acompañan.

Señor Salgado, esta iniciativa chega tarde. Vostedes levan vinte e cinco anos non facendo nada na Limia. Vostedes chegan tarde. E esta iniciativa tróuxose aquí xa hai máis de un ano e vostedes non a apoiaron.

Estamos pedindo documentación. Queremos saber as medidas que se están a tomar en re-lación coa xestión de xurros, saber os controis que se fan ao respecto. Claro, despois vemos estas imaxes, e as empresas que as distribúen, e a verdade é que entendemos moitas cousas... parentescos e de todo coa empresa que está explotando a Limia. Enormes camións e tractores cisterna reparten purín freneticamente, e en moitos casos clandestinamente. Isto é o que están a facer de forma indiscriminada. Pero á parte dos puríns dos porcos, temos agora tamén os residuos avícolas. Toda a Limia, gran parte da Limia está así, e isto non é bo para a Limia, ¡non lle queiran poñer un pano diante para non velo! Pero por se aínda non chegaba con iso, agora tamén lle imos meter unha ración de lodos de depuradora. Mañá imos falar ademais dos lodos da depuradora aquí. Eu penso que fraco favor se fan a vostedes mesmos enganándose.

Mire, máis alá das boas declaracións de intencións que vostede trouxo hoxe aquí, vostedes o que teñen que facer é cumprir as distintas normativas de aplicación e deixar de mirar para outro lado. Diante do que pasou outra vez hai apenas dúas semanas no encoro das Conchas,



algúns responsables políticos, en vez de buscar solucións —que, por certo, hainas, dixo vostede que as hai—, o que están facendo é esconder o problema dicindo que na Limia está todo controlado. Están ocultando unha documentación que solicitei hai máis dun ano neste Parlamento polo artigo 9. Vostedes menten sobre a situación do xurro na comarca da Limia e na Baixa Limia.

Despois atopámonos con episodios como o que aconteceu o 14 de agosto: ameazas, coaccións, empuxóns, protección das forzas da orde pública. A min pareceume grave e preocupante. Diante da falla de razóns, moitas veces acudimos á violencia, á forza bruta e a intentar silenciar os mensaxeiros.

A realidade impoñe á desfeita medioambiental no Val da Limia. Calquera persoa que vaia por alí vaino ver. E polo ben do Val da Limia, das comarcas da Limia e da Baixa Limia, precisamos medidas e accións axeitadas, pero de urxencia. É hora de asumir responsabilidades e hai que deixar de mirar cara a outro lado.

Vostedes levan gobernando máis de corenta anos este país, se a contaminación do encoro da Limia e das Conchas é un feito recorrente —sabémolo todos, e pasa ano tras ano—, ¿por que ata agora non se adoptou absolutamente ningunha medida? ¿Como é posible que os responsables políticos poñan en risco incluso a saúde súa e a dos seus propios veciños e veciñas? Temos que ter un pouco de principios éticos e morais, ademais nunha Galicia verde que nos vendeu o presidente Feijóo aquí hai dúas semanas.

O artigo do profesor Costas, do que falaba vostede —eu lino—, ¡é para botarse a tremer!— : «*El embalse de las Conchas de Ourense produce toxinas de guerra química*», isto foi o que dixo o señor Costas. E a culpa ¿de quen é? Pois a culpa é dos intereses especulativos... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Risos.*) ...duns poucos que poñen en risco a saúde de miles de persoas.

Referente ás emendas, a emenda do PSOE rebaixa moito o contido da nosa emenda; non obstante, pensamos que podemos chegar a un acordo. Agradecemos tamén que o Partido Popular estea disposto a chegar a algún acordo. Aínda así, isto prefiro tratalo mañá. Prefiro falar coa plataforma e que sexan eles os que decidan.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Estévez.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e oito deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia destinadas á incorporación no Anteproxecto de lei reguladora dos xogos de Galicia dun artigo no cal se estableza a creación dun observatorio galego de xogos que teña entre as súas funcións elaborar un protocolo de menores en materia de xogo e un informe anual sobre o xogo na comunidade autónoma



O señor PRESIDENTE: Hai emendas do Grupo Parlamentario do Bloque, do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario Común da Esquerda.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 52566)

Emenda de adición.

Engadir como punto terceiro o seguinte texto:

<<3.- Presentar na Cámara de maneira inmediata o proxecto de lei do xogo para iniciar o proceso de tramitación parlamentaria da mesma.>>)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Julio Torrado Quintela, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (10/PNP-003928, doc. núm. 52566).

Emenda de modificación.

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

<<O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1.- Crear un observatorio galego do xogo que contemple, entre outras, as funcións de:

a) Elaborar un protocolo de actuación para evitar o xogo en menores.

b) Realizar un informe anual sobre o xogo en Galicia.

c) Facer un seguimento da aplicación da lexislación sobre xogo en vigor, e elaborar propostas de modificación, actualización e mellora do marco normativo.

2.- Retirar o Anteproxecto da lei reguladora do xogo e apostas de Galicia, e reiniciar a súa nova elaboración a través do Parlamento de Galicia en consenso entre os distintos grupos parlamentarios.>>)

(O G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa da súa deputada Carmen Santos Queiruga, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 52566).

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

<<1.-O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a elaborar un novo Anteproxecto da lei reguladora de xogos de Galicia que teña en conta os seguintes extremos:



-Prohibición de todo tipo de publicidade, promoción, patrocinio ou calquera outra forma de comunicación comercial relacionada coas actividades dos xogos e apostas e outras actividades comprendidas no ámbito de aplicación da Lei Reguladora de Xogos e Apostas de Galicia, sendo tamén aplicable para as axencias de publicidade, axencias de medios e medios de comunicación.

-Establecer mecanismos para o control do acceso de menores as máquinas comecartos, ademais de aumentar o control de acceso para o resto de establecementos de xogos e apostas.

-Prohibición da venta de bebidas alcohólicas en salóns de xogo e casas de apostas, así como a instalación de máquinas de xogos e apostas coa entrada en vigor da Lei e obriga de implantar control de acceso ás mesmas para as xa instaladas.

-Regular a distancia dos salóns de xogos, locais de apostas, casinos e salas de bingo dos centros educativos, culturais, de ocio infantil e xuvenil, sanitarios ou asociativos de loita contra a ludomanía, de xeito que teñan que estar como mínimo a un quilómetro.

2-O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que, paralelamente á elaboración da Lei, coordine, entre as diferentes consellerías con competencia, un Plan de prevención da ludomanía».)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

O Partido Popular presentouse ás eleccións de setembro de 2016 cun compromiso claro no ámbito da regulación do xogo. No programa electoral do Partido Popular de Galicia das eleccións autonómicas de 2016 levabamos un compromiso de modificar a Lei do xogo de 1985; un programa electoral que foi apoiado por maioría absoluta da cidadanía galega naquelas eleccións.

Nós temos plenamente en vigor ese compromiso e levamos varios anos traballando nese mesmo sentido. Xa temos presentado aquí, nesta Cámara e en Comisión, iniciativas nas que vostedes tiveron oportunidade de pronunciarse e mesmo de votar, nalgún caso de forma un pouco sorprendente. Pero a medida que van avanzando os meses e os días, e vemos que a problemática é complexa, vostedes véñense sumando un pouco ao carro de modificar esta lei e de adaptala ás circunstancias actuais do xogo, sobre todo naqueles casos nos que se ven afectados os dereitos das persoas e dos grupos máis vulnerables, como son a infancia e a xuventude.

No Partido Popular de Galicia somos moi conscientes dos numerosos cambios que sufriu o sector do xogo nos últimos anos, derivados da súa progresiva implantación e xeneralización en todos os ámbitos da sociedade, e, por tanto, isto supuxo unha maior demanda, que supón que por parte da Administración teñamos que implantar maiores controis dos perigos e dos riscos derivados dun abuso do exercicio incontrolado do xogo. Concretamente, no sector das máquinas do xogo producíronse avances tecnolóxicos de gran importancia, que xeraron



novos produtos do xogo. Proliferaron en Galicia, nos últimos anos, as máquinas de apostas en locais de hostalaría, en tendas de apostas e salóns de xogo.

A aplicación práctica da lei da que eu falaba antes, da vixente Lei de 1985, ten, evidentemente, carencias que non permiten afrontar este novo escenario do xogo, e, en moitos casos, dificultase a aplicación da normativa e tamén a súa interpretación con esas novas modalidades de xogo, que impiden que haxa unha maior seguridade xurídica.

Por tanto, a modificación da actual normativa de xogo pasa por abordar aspectos nos que amosa carencias e dificultades de interpretación a Lei de 1985, como é o caso da publicidade, que xa temos debatido en Comisión o que é competencia da comunidade autónoma, aínda que nese debate incorporamos unha demanda ao Goberno central para que no ámbito da súa competencia tamén faga esa modificación da publicidade, sobre todo da publicidade tan agresiva que estamos vendo nos medios de comunicación. Falabamos de anuncios nos que participan deportistas de elite, que son admirados polos rapaces e polas rapazas, que o que fai é banalizar a problemática que pode ter o xogo e veno como algo normal. Ademais, os seus líderes deportivos e os seus ídolos preséntano como unha cousa absolutamente inocua, cando non o é. Nese sentido, tamén hai que regular as contías das fianzas que deben prestar as empresas, modificacións no réxime sancionador, co obxecto fundamental de protexer os menores e o colectivo de persoas ludópatas.

A lei tamén ten que ser unha oportunidade para introducir maiores controles no acceso ao xogo por parte dos menores. Estes días viamos como houbo un operativo, denominado Operativo Arcade, da Policía Nacional, que, en colaboración cos Mossos de Escuadra e coa Policía Foral de Navarra, irrompía nunha inspección de case dous mil establecementos de xogo en toda España, no que atopaban menores xogando neses establecementos e atopaban persoas que tiñan prohibida a entrada neses locais de xogo. Por tanto, non podemos deixar en mans dos empresarios do xogo nin dos operadores do xogo a prevención e a prohibición de que os menores entren neste tipo de establecementos.

Varios estudos de expertos están dicindo e concluíndo que o perfil do ludópata mudou. Pasou de ser un perfil dunha persoa maior que acudía a un casino ou que tiña adicións máis visibles, como as máquinas comecartos, a un perfil de persoas máis novas, que utilizan as novas tecnoloxías, e que dende o seu propio smartphone poden estar de forma íntima e non visible xogando en calquera punto, mesmo dende a súa casa, sen que se saiba e sen que eles mesmos, moitas veces, se dean conta da situación na que están inmersos. Por tanto, hoxe é máis a xuventude a que está inmersa nesta problemática, que cada día, por certo, é peor.

Segundo a Dirección Oficial de Ordenación del Juego, un 36 % dos xogadores iniciáronse sendo menores de idade. Hai moitísimos estudos que din que os menores xogan. Por unha banda, vemos eses estudos, e, por outra banda, hai xente que di que non, que os menores non xogan. O certo é que a lei prohibe que os menores poidan entrar tanto nas páxinas web de xogo on line como nos establecementos de xogo, pero un colle a prensa de calquera día e lemos cousas como que «España cuenta con la tasa más alta de Europa de ludópatas de entre 14 y 21 años». «Empecé apostando la vuelta del café y acabé debiendo más de 40.000 euros con 21 años». «Las apuestas y el juego on line son las adicciones que más crecen en España. Las persoas



afectadas ya suponen un 2,5 % de los adictos y reclaman tratamientos de rehabilitación para acabar con su dependencia». «Ludopatía, la droga del siglo XXI». «Un 24 % de menores de edad dice haber apostado en Galicia». «El peligro de apostar si tienes quince años». «El juego se extiende entre los jóvenes y los expertos solicitan más regulación para evitar adicciones».

Non podemos mirar para outro lado. É unha evidencia que os menores están xogando a pesar de que a lei o prohíbe. Por tanto, como administracións e como políticos temos a obriga de seguir introducindo medidas que impidan que os menores xoguen e que os menores se introduzan nesta ruleta tan perigosa como é a «adición sen substancia», como se coñece a adición ao xogo, por certo, moi perigosa, e incluso hai expertos que din que inflúe nos mecanismos de adición igual que os da cocaína. Por tanto, non podemos banalizar isto nin podemos mirar para outro lado. Temos que abordar este problema con seriedade e con rigor.

O incremento de locais de xogo, máquinas de apostas espalladas por todos os locais de hostalería de todo o territorio, esa publicidade agresiva da que falabamos. Ademais, os datos das asociacións de ludópatas din que se quintuplicaron o número de socios que teñen nos dous últimos anos. Pero é que deses, cuadriplicouse o número de menores que acoden ás asociacións.

Por tanto, nós, o Partido Popular, dende o minuto cero comezamos a traballar neste ámbito. Presentamos, como dicía antes, varias iniciativas nesta Cámara e tamén se está a traballar dende o Goberno. Hoxe vimos falar dunha cuestión importante que tamén cremos fundamental, e é que queremos que nesa lei que se está a redactar, nese anteproxecto de lei que está en período de alegacións, ás aportacións que xa se teñen feito por parte dos que participaron na Comisión do Xogo, das asociacións de ludópatas, dos empresarios do xogo, ademais de expertos como o profesor Rial Boubeta, da Universidade de Santiago, que ten feito moitísimos estudos no ámbito das adicións, dos menores fundamentalmente, e outros expertos que están na Comisión do Xogo asesorando, cremos fundamental que na lei tamén se inclúa a creación dun observatorio galego do xogo. Sería un órgano colexiado no que estean representadas as consellerías con competencias e intereses na materia, que estaría encargado do estudo, da avaliación e do seguimento das políticas do xogo.

Concretamente, consideramos fundamental que entre as súas funcións estea a de elaborar un protocolo de menores en materia de xogo e un informe anual sobre o xogo na nosa comunidade.

É certo que vimos estudos publicados e hai un recentemente en Galicia que di que un 20 % de menores de entre 14 e 16 anos recoñece ter xogado algunha vez, do profesor que acabo de mencionar, pero este estudo baséase nas propias manifestacións dos menores. Cremos que o observatorio ten que facer un estudo máis profundo, un estudo específico acerca da importancia do xogo nos menores de idade, dos seus efectos, das súas consecuencias e dos motivos e circunstancias que propician que os rapaces se interesen polo xogo cada vez máis.

As administracións públicas deben articular as medidas necesarias que permitan que a po-boación galega xogue sen problema, pero que os colectivos vulnerables reduzan a probabilidade de desenvolver ese problema ou de recaer nel naqueles casos nos que xa tiveran a adición.



Polo tanto, cómpre habilitar as administracións das ferramentas lexislativas que permitan promover na poboación patróns de xogo baseados en eleccións informadas que se manteñan dentro duns límites de tempo e diñeiro investidos asequibles, en equilibrio coas demais actividades da vida diaria e que non xeren problemas asociados.

Pedimos o apoio de todos os grupos para a creación deste observatorio, que será o encargado de coñecer, analizar, difundir...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: ...e detectar aspectos emerxentes. Fundamentalmente, o noso obxectivo é dirixirnos aos sectores máis vulnerables da poboación: a infancia, a xuventude e as persoas que xa teñen algún tipo de adición.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas de novo.

Nós coincidimos en algo, hai que moverse, hai que actuar, non podemos mirar para outro lado, dicíao a señora Prado. Nós, nese sentido, presentamos a emenda de engádega. Que se traia de contado xa esa lei a este Parlamento para iniciar, coa maior brevidade posible, o proceso de tramitación parlamentaria e que todos os grupos poidamos, de acordo co que dispón o regulamento, facer as modificacións que consideremos ao anteproxecto de lei no que traballa a Xunta de Galiza e do que se leva falando xa hai máis dun ano.

Pero tamén eu teño que dicirlle, señora Prado, que escoitándoa a vostede calquera diría que as casas de apostas, as máquinas de apostas, os establecementos de xogo neste país —non sei—, se xeneralizasen por ciencia infusa. (*Aplausos.*) Entón, imos facer un pequeno repaso, porque é boa verdade que vostedes si que reformaron a Lei do xogo dos anos oitenta, do ano 1985, xa en varias ocasións, e ademais aproveitando unha ferramenta lexislativa que lles gusta, que é a Lei de acompañamento dos orzamentos. (*Aplausos.*) E vexamos para que, vexamos para que.

Autorizaron na Lei de acompañamento de orzamentos do ano 2015 que se puidese abrir máis dun casino por provincia, que era unha restrición que establecía esa lei do ano 1985. Hoxe din que é unha lei pouco restrictiva, hai catro anos parecíalles excesiva e decidiron suprimir algunhas das súas limitacións. (*Aplausos.*)

¿Que permitiu isto?, porque todo ten as súas consecuencias. Pois permitiu abrir un casino en Vigo cando había a prohibición de que puidese haber máis dun nunha mesma provincia, e había xa o da Toxa. Era unha segunda sala para ese.



¿Que dicía o señor Rueda, naquela altura, de abrir un casino en Vigo? Pois un proxecto moi vantaxoso que vai ampliar a oferta de ocio, porque naquela altura non nos parecía que aquilo fose un problema de saúde pública.

¿No ano 2016 que fixeron? Pois reformar o regulamento que regula o establecemento de máquinas de apostas en bares e locais de hostalería porque lles parecía que o máximo de máquinas de apostas que estaba fixado en 2.000 era poquito, entón, había que ampliar o número de máquinas. (*Aplausos.*) Eu coincido coa señora Prado en que están inzados absolutamente todos os bares e locais de hostalería. Vostedes en decembro de 2016 aumentaron de 2.000, que estaba como tope no ano 2012, a 3.600. Aínda hai unha marxe a día de hoxe, por certo, de 400 máquinas máis que poderá o sector seguir instalando. E ademais facían unha aclaración, nos medios de comunicación e neste Parlamento, de cales eran as razóns polas que ampliaban ata 3.600 esas máquinas en locais de hostalería e bares, e dicían que había que responder á petición do sector. Ese mesmo sector ao que vostede di agora que non se lle pode conceder o poder de falar de prevención (*Aplausos.*) en materia de saúde pública.

Pero non quedou aí, ¡non quedou aí! No ano 2017, tamén na Lei de acompañamento, que é ese subterfuxio que denunciámos desde o BNG cada ano que vostedes utilizan para facer o que lles dá a gana sen ter absolutamente nada que ver cos orzamentos, reformaron a Lei do xogo dos anos oitenta, artigo 6, apartado f); facían no artigo 44, se non lembro mal, desa Lei de acompañamento e de medidas fiscais, para ampliar o que se considera posible aposta, que estaba restrinxida nos anos oitenta a unha serie de definicións moi concretas e vostedes, con esa lei de acompañamento —insisto, no ano 2017, non hai tanto tempo, xa estaba esta lexislatura—, decidiron que se xeneralizaban as autorizacións administrativas a todas as apostas sobre calquera acontecemento con desenlace incerto no que non participase a persoa que decide apostar. Entendo eu que no ano 2017 esa preocupación que amosa agora o Partido Popular, señora Prado, parecía que non lle preocupaba tanto. (*Aplausos.*)

Por iso, nós o que lle pedimos á Xunta de Galiza é que remita a esta Cámara, ao poder lexislativo, ese anteproxecto de lei para que se poida abordar o que levan reclamando desde o ano 2013 moitísimos sectores do noso país. Mesmamente, esta fin de semana houbo concentracións e mobilizacións en boa parte das cidades galegas, fundamentalmente na Coruña, onde levan a padecer nos barrios obreiros, sobre todo entre a mocidade, as consecuencias da proliferación deste tipo de prácticas, que desde o BNG cremos que é xa un problema de saúde pública e non podemos —aí coincidimos— mirar para outro lado.

Dez mil menores apostan de maneira habitual, segundo eles mesmos recoñecen, no noso país. Coincidimos, polo tanto, en que non se pode perder máis tempo, así que que non nolo faga perder a este Parlamento a Xunta.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Común da Esquerda, señora Santos.



A señora SANTOS QUEIRUGA: Moitas grazas, señor presidente.

A verdade é que nós tamén, dende o noso grupo, ficamos perplexas coa argumentación do Grupo Popular, e, dende logo, damos fe: o Grupo Popular están preocupadísimo e preocupadísima pola situación da proliferación do xogo en Galicia e dos efectos tanto nos novos adictos como nos menores, por iso aprobaron ese incremento de licenzas e aprobaron todas esas licenzas nestes últimos anos de maioría absoluta. ¿Quen as aprobou? O Partido Popular de Galicia.

¿Cal é o resultado desta gran preocupación e as accións de aprobación e incremento de licenzas do Partido Popular nos últimos anos? Pois que en abril deste ano: Navia contra as apostas deportivas. En Vigo, os veciños tivéronse que mobilizar ante a inminente apertura dun salón de xogos a carón dun parque infantil. «Queremos que se sintan presionados e que se vaian». Os veciños de Navia non quedaron cos brazos cruzados ante as accións e a permisividade deste preocupado Goberno do Partido Popular de Galicia porque se abría un establecemento de apostas deportivas en pleno centro de Navia e ubicado nun sitio que foi o que casou máis malestar: nin máis nin menos que a escasos vinte metros dunha zona infantil moi concorrida. ¡Preocupadísimo está o Partido Popular!

Concentración na Coruña contra as casas de apostas: 6 do 10 de 2019. A cidade que máis casas de apostas ten de toda Galiza. O fútbol —que falou vostede disto— é unha das principais modalidades de apostas deportivas. Os veciños concentráronse a escasos metros do estadio de Riazor, precisamente durante a previa a un partido entre o Deportivo e o Almería, para denunciar estes colectivos sociais e veciñais a falta de acción, a inacción, e permitir a proliferación deste tipo de negocio, deste tipo de casas de apostas, e incluso reclamaban un ocio alternativo e lamentaban o bombardeo publicitario de anuncios que incitan ao xogo, de aí a preocupación do Partido Popular.

Redondela, onte mesmo, terceira manifestación —e van seguir— porque non queren un local de apostas cerca da zona escolar. Máis de 200 persoas, xunto con veciños e con colectivos sociais de Redondela, manifestáronse porque se vai colocar outro negocio deste tipo moi preto da zona escolar da Marisma, na que se concentran tres institutos, un colexio, unha escola infantil e un conservatorio. ¡Están preocupadísimo!

E por iso, xa que o citou e lle encantou á señora Paula Prado que o citara, e me animou a ir ás charlas do señor Antón Rial Boubeta, porque o citei, que participa na comisión de expertos, profesor da Universidade de Santiago, psicólogo e experto nesta materia, denunciaba en Cangas no ano 2017: *En siete años se ha triplicado el volumen de chavales que apuestan dinero en la red*. Xa avisaba da proliferación dos vídeo-xogos online e apostas por internet, e dicía este ano xa: «*El juego se puede convertir en la gran epidemia de las adicciones*». E todos son xornais destes que lle gustan ao Partido Popular, ¡eh! Non son destes que supostamente están intervidos pola esquerda.

Tamén dicía na radio que a lei chegaba tarde, moi, moi tarde esta lei. E dixo unha frase moi dura: «*Estamos recollendo cadáveres polas cunetas*». Palabras textuais do tarde que chegaba. E falaba de que, efectivamente, hai que facer unha prevención integral para paliar xa



a situación, e ademais de legislar, había que establecer mecanismos, pero, sobre todo, había que establecer mecanismos concretos na lexislación de prevención e erradicación directos e contundentes, pois, se non, sería imposible parar este drama social por este negocio. Ao final, o problema é que isto é un negocio, por iso vostedes se reúnen coas empresas e cos empresarios do xogo; porque é un negocio voraz que supón o 2 % do PIB, do cal o fisco recada 2.000 millóns de euros, que son a prioridade de quen legisla, neste caso, e que non se utilizan para reverter os efectos desta adición e na súa prevención. E como dicía este profesor, o señor Rial Boubeta, é moito máis fácil investir un euro en prevención que logo ter que gastar cinco en asistencia. Por iso denunciaba a irresponsabilidade da Administración.

Pero claro, ao Partido Popular lle preocupa tanto que ante as novas que alarman sobre a idade dos novos adictos ao xogo, que o 25 % dos adolescentes xogan a apostas deportivas, e que denuncian que o 82 % da publicidade das empresas relacionadas co xogo se emite en franxas de horario infantil e está vinculado ao ámbito do deporte ou do ocio, cando nós propuxemos unha emenda á súa proposta de publicidade dicindo que se prohibira totalmente a publicidade como din os expertos, as asociacións, vostedes din que son un radicalismo e que entón non se poderían emitir nin os anuncios da lotería. Pois miren, é que nós somos radicais para iso. Cando hai menores e cando hai estas cuestións somos radicais. Como cando se prohibiron os anuncios de alcohol basicamente, que é o que propoñen as asociacións.

E por iso nós...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...non imos aceptar esta proposta, porque nós queremos ir moito máis alá, e a nosa proposta recolle todo iso: a prohibición da publicidade; a prohibición de aprobar licenzas, como mínimo, máis lonxe dun quilómetro, entre outras cousas que xa leron; a prohibición de vendas alcohólicas en salóns de xogos; mecanismos de control de acceso de menores ás máquinas tragaperras; regular a distancia, xa lle digo, de maneira clara e contundente, dos salóns de xogo, dos locais de apostas, dos casinos, das salas de bingo, e ademais que se recolla na lei.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora SANTOS QUEIRUGA: E por iso nós presentaremos tamén a nosa proposta de lei — que xa estaba rexistrada anteriormente e a defenderá a compañeira Eva Solla —, porque nós non imos poñer parches, non imos poñer parches para dicir...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...que nos preocupa, porque a nós preocupánnos máis a vida e as adicións dos menores neste drama que o que poidan gañar o fisco e as empresas con este voraz negocio... *(A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.



Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente. Bo día.

Bo día a todos e a todas.

É sen dúbida un tema relevante, un tema de interese, témolo debatido en numerosas ocasións con propostas que dende varios grupos teñen sido achegadas á comisión deste parlamento, e dende o noso grupo, ademais, non soamente pola miña parte, a miña compañeira Noela Blanco tamén ten presentado iniciativas que, de feito, algún merecemento deben ter porque algunhas das intervencións posteriores, como, por exemplo, a da poñente desta iniciativa de hoxe, captan algúns argumentos bastante claros, polo tanto, nalgún momento algún consenso habemos de ter.

É certo que é importante ter algunha bagaxe histórica, porque ás veces non somos quen nin de recoñecer de onde vimos. Existe unha regulación estatal, non unicamente vimos da lei de 1985, que, evidentemente, ten que ser reformada. Vimos tamén dunha lei do ano 2011, o que pasa é que eu sei que é difícil pronunciar o nome dun presidente socialista por parte do Partido Popular, pero se ás veces están de acordo en que a lei tiña que ser actualizada, lembren que hai unha lei estatal do 2011 aprobada por un goberno socialista.

Por certo, cando esta lei iniciou o trámite no Congreso, o Partido Popular dicía que era precipitada, e votaron a favor todos os partidos menos un, o Partido Popular, que non aprobou esta lei. Así que, cando veñen a querer dar leccións sobre a lei do xogo, lembren que vostedes veñen especialmente do ámbito que non estaba a favor. (*Aplausos.*) Pero está ben que vostedes traian aquí esta iniciativa, como xa na outra comisión.

Plantexa unha dúbida interesante. Se o anteproxecto da lei —está hoxe á disposición— está funcionando e en fase de alegacións, ¿por que estamos dende o Parlamento condicionando a lei cando nos toca a seguinte fase, a posterior. Cando a lei entre no Parlamento e debamos debater a lei, é cando nós debemos, como grupos parlamentarios, presentar alegacións, debater sobre elas, pero non, estámolo facendo agora. Conclusión: ao Partido Popular non lle gusta a lei que emite o Partido Popular. Non sei se é que o Grupo Popular ten problemas co Goberno da Xunta, pero o Grupo Popular está emendando a lei que promove o Goberno da Xunta. E isto, ¿que sentido ten? ¿como pode explicarse? É certo que nunha expresión que é moi coñecida por parte da bancada popular, particularmente da poñente, non é a mellor técnica lexislativa ou non é a técnica lexislativa máis idónea. Estamos promovendo proposicións non de lei agora sobre un anteproxecto que xa está admitido por un goberno que sustenta o Partido que promove algunhas proposición non de lei. ¡Fantástico!, ¡marabilloso! Igual ao final acaban metendo a reforma da lei a través dos orzamentos, que non é a mellor técnica pero desfrutan moito facéndoo.

Algúns dos condicionamentos son moi interesantes, ademais. Por exemplo, falouse aquí de que se limitaba a publicidade. Falemos con seriedade, propúxose limitar a publicidade do xogo autonómico de competencia autonómica nos canais públicos. E agora díganme a min cal é o xogo autonómico de competencia autonómica que hai en Galicia. Porque ese é o que



limitamos. ¿Que é o que estamos limitando de verdade? ¡Nada! Porque cando propoñemos facer unha limitación ao completo do xogo, o Partido Popular non está a favor. Porque cando falamos de que existen máis posibilidades, non só os medios públicos, o Partido Popular non está a favor. E é un tema a debater, pero o Partido Popular busca outra cousa, busca outra cousa. Titulares, que están moi ben. Titulares, porque vostedes son máis de aparencia que de eficacia. É máis, propoñen un observatorio, que está ben. Imos darlle competencias. Competencias non só en que fagan traballos, senón en que as súas recomendacións, xa que son expertos, vullan para modificar a lei. ¡Ah!, pero iso non. Se cos informes da Valedoría do Pobo ou do Consello de Contas tiran a basura, non sabemos que van facer co do Observatorio do Xogo. A verdade é que é bastante predicible.

Voulle contar unha curiosidade. Cando se tramitou esa lei do 2011 —que non queren lembrar, será porque non estaban de acordo con ela—, un dos temas máis polémicos foi a Comisión Nacional del Juego, que facía os labores que hoxe lle outorgan vostedes ao observatorio. Todos os partidos estaban a favor, salvo un, o partido Popular, que votou en contra, que dixo que non era necesaria unha comisión nacional para observar e para fiscalizar. ¿Por que? ¿Porque entón gobernaban os socialistas e había que dicilo doutra maneira? ¿Por que razón agora si e antes non? A cuestión é, se vostedes queren emendar unha lei, ¿por que non o incluíron no anteproxecto? ¿Ou é que o Goberno está en contra das propostas que fai o Partido Popular? ¿Ou é que teñen un problema de relación entre o Grupo Popular e o Partido Popular no Goberno?

Aparencia [...]. Vostedes buscan estas modificacións para gañar titulares, e nós estamos esperando que a lei poida ser debatida en profundidade. Polo tanto, presentamos unha emenda que axuda ao Grupo Popular, que probablemente non poida dicir o que realmente quere dicir porque non está de acordo coa lei, niso concordamos, o anteproxecto é bastante frouxo. Propoñemos unha emenda que di que paralicemos esa lei, e podémola construír como se está propoñendo construír aquí, por un acordo de consenso dos grupos neste parlamento, que é posible. Xa que ningún grupo, polo que vemos, está de acordo co anteproxecto que propón o Goberno da Xunta, fágano entre os grupos parlamentarios, así todos podemos construír unha lei.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: Remato xa, presidente.

Por iso propoñemos esa emenda. E, por certo, o observatorio non é necesario que estea na lei, que estaría ben, pero podémolo crear antes, incluso. Ademais así construiremos a lei entre todos, e o Partido Popular poderá facer o que está dicindo a través destas propostas non de lei, que é que non está de acordo co anteproxecto da lei da Xunta, que por fin nese punto si que estamos de acordo: é frouxo e insuficiente, a ver se somos capaces entre todos de facer un mellor. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Villares.



O señor VILLARES NAVEIRA: Señor presidente.

Señorías.

Comezou a deputada do Partido Popular que este era un compromiso do seu programa electoral e nós vemos que, se foi así, estalle poñendo pouca ansia. Pouca ansia porque tardaron máis de tres anos en traelo a esta Cámara, e parece ser que se está tramitando desde o Goberno pero que non lles gusta. E como non lles gusta, teñen que vir desde aquí a dicirlle ao Goberno como ten que facer o proxecto de lei, como se fosen dous entes que non teñen nada que ver.

Entón, o primeiro que nos gustaría é que nos digan a que vén toda esta batería de iniciativas sobre a reforma da Lei do xogo cando se está tramitando ese proxecto de lei, se é que non teñen maneira de falar directamente. Digo esta batería de iniciativas porque hai dúas sesións da Comisión 1ª debatemos outra iniciativa do Partido Popular dicíndolle ao Goberno que contidos tiña que incluír —xa se falou aquí agora— en materia de publicidade a reforma da Lei do xogo. Entón, ¿que pasa? ¿Non ten ideas, non ten iniciativas o propio Goberno con relación aos contidos? ¿Ou é que non se fían do proxecto de lei que está tramitando o propio Goberno galego.

Nós diferenciamos dúas cousas. Unha cousa é que o Parlamento, incluído o Partido Popular, lle diga ao Goberno ou inste o Goberno a que elabore unha reforma lexislativa, algo que, por certo, xa fixo o Partido Popular tamén en relación co Lei do xogo, polo tanto, exercendo o Parlamento unha función de colocación na axenda pública de temas para que [] o Goberno, e outra cousa é confundir isto cun trámite parlamentario de emendas de lei. O que estamos aquí vendo é como se tivéssemos xa un proxecto de lei do xogo presentado no Parlamento, algo que non temos; os grupos da oposición non coñecemos en que consiste ese texto e, polo tanto, imos un pouco a cegas, non como vostedes, que saben o que hai e saben o que queren meter a maiores, saben que é o que está deixando fóra un goberno que, por outra parte, se está evidenciando un goberno sen ideas.

A nós parécenos moi interesante a proposta que fai o Bloque. Xa que non están por que o tramite o Goberno, tráiano á Cámara e, polo menos, o tramitamos como un proxecto de lei coas emendas oportunas para facer isto, pero parece que tampouco vai ser o caso.

Nós deducimos desta situación, que non é a primeira, que é a segunda en menos dun mes, ja segunda en menos dun mes, señorías!, é que o Goberno galego non ten ideas, é un goberno que non está preparado para facer fronte ás necesidades sociais derivadas dos propios excesos dunha normativa en vigor, que explicou aquí; en vigor, e coas consecuentes reformas aprobadas no seu momento polo Partido Popular. Logo non entendemos que é o que tratan de conseguir con estas iniciativas ou que é o que tratan de transmitir. ¿Que mensaxe queren transmitir? ¿Que o Goberno non está —a pesar de estalo facendo neste momento— ao que ten que estar e ten que vir o grupo parlamentario a emendarlle a plana? Se soamente o pode facer o grupo parlamentario, a nós gustaríanos participar, e esa non é a vía de emendas a unha proposición de lei, senón que, cando un proxecto de lei se está tramitando, é mediante o trámite de emendas no Parlamento.



A pregunta seguinte que queríamos facernos e transmitirles é se acaso o Goberno non escoita o que se lle di, e se acaso o Goberno non escoita o sector. Quero recordar aquí unha cousa, e molesteime en ver cando fora concretamente o momento en que sucedera. No mes de febreiro de 2018 o colectivo de traballadores e traballadoras do sector do xogo reuniuse con todos os grupos parlamentarios — polo que nos consta, tamén co Partido Popular — expoñéndolles unha serie de problemáticas con relación á regulación aínda actual da lei do xogo e posibles propostas de modificación en varios sectores. Reuníronse tamén co Partido Popular e fixéronlle chegar as súas queixas tamén ao Goberno. Non me digan que non podía o Goberno tomar nota desas medidas, algunhas das cales, por certo, son as que vostedes están traendo aquí, unha serie de contidos mínimos que se podían incorporar para que a lei fose realmente novidosa.

Apuntamos nese encontro, na documentación que nos entregaron, tres aspectos concretos. En primeiro lugar, un tiña carácter laboral. Eran traballadores e traballadoras do sector e dicían que estaban reducindo cadros de persoal en lugares de bingo, por exemplo, polas máquinas recreativas e de apostas, e que existía un peor control de acceso ás máquinas. Como consecuencia, estíbese producindo un dobre fenómeno: unha destrución de emprego e, ao mesmo tempo, unha falta de control que como consecuencia ocasionaba situacións que daban lugar ao incremento de casos de ludopatía e de desestruturación social, persoal e familiar. Isto dito polos propios traballadores do sector.

En segundo lugar, un desfase tributario. Había un movemento de cartos que non estaba tendo unha axeitada resposta tributaria. E despois, no tema social, no tema da mocidade, estíbese facilitando que se acceda ás máquinas sen ningún control. Indicábase que debería estar regulado igual que o tabaco ou que o alcohol e que as salas deberían ter un control que agora non tiñan.

No caso concreto, esta iniciativa que se trae, incluso como manifestou outra deputada, por insuficiente, parécenos que é básico, e incluso se podería ir máis alá. Nós entendemos e dabamos por feito que se incluírían medidas destas características, entre outras cousas, porque foron reclamadas polo sector. Ten que existir — remato xa, señor presidente — un foro permanente que monitorice o sector por ser nocivo, especulativo e que está golpeando ademais, os barrios máis humildes de cidades e vilas.

En segundo lugar, cunha mecánica que funciona como un aditivo, como unha verdadeira droga. Como dixo e recoñeceu a propia deputada popular, peor que a droga, porque se produce, ademais, desde o punto de vista da esfera psicolóxica, sen deixar signos evidentes de carácter físico máis alá da propia desestruturación persoal, familiar e do contorno das persoas que están afectadas. Polo tanto, é un tema de corresponsabilidade colectiva que nós apoiaremos, pero nos parece que é pouco ambicioso e non entendemos que se produza isto cando se está tramitando o proxecto de lei neste momento.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Prado Del Río.



A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Villares, vostede anda a cegas porque quere, porque mire, o anteproxecto de lei estivo publicado no portal de transparencia e bo goberno da Xunta de Galicia en dúas ocasións. A consulta pública, dende o 19 de marzo do 2018 ata o 19 de maio do mesmo ano, e a exposición pública dende o 29 de marzo do 2019 ata xullo deste mesmo ano. Eu entendo que vostedes andaban a outras cousas, pero non veña vostede aquí dicir que nós coñecemos un anteproxecto e que vostedes non o coñecen. Non o coñece porque non quere.

E mire, todo o que dixo vostede aquí, e o señor Torrado, sobre tramitación parlamentaria, se estiveramos no primeiro ano de lexislatura tería un pase, poderíase dicir: son novatos, non saben. Pero despois de tres anos, señor Villares e señor Torrado, non cabe xa a cortesía parlamentaria con vostedes sobre as barbaridades que dixeron aquí sobre tramitación lexislativa. Xa non vou entrar.

Señora Rodil, o incremento da ludomanía non é só unha cuestión dos sectores máis maduros, como o dos casinos ou o das ruletas, o problema está no acceso dos menores á ludomanía. Eu incidín nese asunto. ¿Vostedes non queren entrar nese asunto? ¡Alá vostedes!

Señora Santos, perplexos quedamos nós cando trouxemos aquí, en febreiro do 2018, unha proposición non de lei para que vostedes votaran se querían a modificación da Lei do xogo e vostedes votaron que non. Que non, ¡que non! *(A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, a súa non. Que a Xunta tramite unha modificación da Lei do xogo. Vostede dixó que non facía falta. Ben, agora vostede intenta... *(A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.)* Eu non a interrompín, sexa... Non é mentira, que está aí gravado...

O señor PRESIDENTE: Señora Santos, silencio. Silencio. ¡Silencio!

A señora PRADO DEL RÍO: É que vostedes votaron en contra dunha iniciativa do Partido Popular que dicía... Os únicos que votaron a favor foron os do Bloque Nacionalista Galego. O Partido Socialista abstívose e Podemos votou en contra, como está gravado...

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora PRADO DEL RÍO: E como o está, non vou discutir... *(A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.)* Pero que me deixe falar, porque despois o señor Cal se altera todo...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor, señora Santos.

A señora PRADO DEL RÍO: ...porque o molestan. Dígalle á súa compañeira... *(A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Non, non, pero silencio.

Señora Santos, por favor, non quero chamala á orde, pero silencio, está ela no uso da palabra.



A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, señor presidente.

E sobre o que di o profesor Rial Boubeta, mire, señora Santos, vostede descubriu o profesor Rial Boubeta a semana pasada. *(A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.)* Nós xa sabemos o que di o profesor Rial Boubeta, por iso a Xunta de Galicia o incorporou como experto na Comisión do Xogo, para que todas esas cousas que vostede di aquí e que todos xa hai meses que lemos nos medios de comunicación e que oímos en charlas e conferencias ás que imos do señor Rial Boubeta se incorporasen nesa comisión na que se está redactando a Lei do xogo da Comunidade galega; para que incorporase as súas suxerencias.

Por tanto, nós xa sabemos que vostedes pretenden prohibir os anuncios de todo, do cupón da ONCE, da lotería de Nadal, e que son moi radicais. Xa o sei. Se por vostedes fose, prohibirían ata o Nadal. Pero, mire, non, non estamos de acordo con iso. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora PRADO DEL RÍO: Mire, señor Torrado, claro que coñecemos a lei de 2011. ¿Sabe cantas veces cita a palabra «menores»? Tres. Eu recoméndolle que a lea. Mire, unha é na exposición de motivos para dicir: «...sin olvidar la imprescindible protección de los menores de edad». Vese que no resto da lei se olvidaron completamente, porque o único que din despois é, nas infraccións leves: «...no informar debidamente al público de la prohibición de participar los menores de edad y las personas incluídas en el Registro General de Interdicciones».

Esta é a preocupación do Partido Socialista, porque, mire, vostede hoxe na súa emenda tamén pretende adiar a lexislación. Non estamos de acordo con adiala, porque os únicos que queren adiar esta tramitación da lei son os empresarios do xogo. E xa llelo dixen máis veces, vostedes demostran que están cos empresarios...

O señor PRESIDENTE : Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: ...do xogo nestes dous documentos, neste que teñen firmado con Podemos e cando foi a moción de censura, na que nos xogos de azar e apostas, unha das súas propostas era: «...reforzar a...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Grazas, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: ...implicación e o apoio dos operadores de xogo no desarrollo das...

O señor PRESIDENTE: Emendas.

A señora PRADO DEL RÍO: ...accións para previr».

É dicir, poñían o zorro ao coidado das galiñas.

O señor PRESIDENTE: Emendas, emendas.



A señora PRADO DEL RÍO: Vostedes pretendían que os empresarios do xogo —e seguen pretendendo—...

O señor PRESIDENTE: Emendas, emendas.

A señora PRADO DEL RÍO: ...porque nas 300 de Pedro Sánchez...

O señor PRESIDENTE: Pronúnciese sobre as emendas.

A señora PRADO DEL RÍO: ...está o mesmo.

O señor PRESIDENTE: ¡Sobre as emendas, por favor!

A señora PRADO DEL RÍO: Si, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: ¿Vainas aceptar ou non?

A señora PRADO DEL RÍO: Eu vou facer unha proposta de transacción que lles propoño aos grupos. Coa emenda do Bloque Nacionalista Galego estamos de acordo, o que si pedimos é que se inclúa despois de «os informes preceptivos», porque, loxicamente, se hai informes que aínda faltan entendemos que teñen que darse. Estaría o noso primeiro punto e o segundo. No segundo incorporaríamos: «...facer un seguimento da aplicación da lexislación sobre o xogo en vigor de competencia autonómica e elaborar propostas de modificación, autorización e melloras do marco normativo». Un punto 3, que sería a emenda do Bloque, pero incorporando iso: «...logo dos informes preceptivos...». E un punto 4, que sería: «...paralelamente á elaboración da lei, coordine entre as diferentes consellerías con competencia na materia un plan de prevención da ludomanía».

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: Trasladareilles un texto para que poidamos chegar a un acordo.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Pásenos, por favor, iso por escrito. Grazas.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga e D^a María Teresa Porrit Lueiro, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa evolución que presentan os desequilibrios territoriais en Galicia e o despoboamento dalgunhas comarcas, así como a garantía do acceso aos servizos básicos do conxunto da poboación na totalidade do territorio

O señor PRESIDENTE: Non hai emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Leiceaga.



O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Grazas, señor presidente.

Estes días publicaba a prensa unha lembranza de 120 anos atrás, a lembranza de cales eran os 10 concellos de máis poboación, e hai algunhas cousas que chaman a atención, por exemplo, que o concello da Estrada tiña máis poboación que o de Santiago, ou que o concello da Fonsagrada tiña tres veces a poboación de Vigo. En 120 anos houbo este cambio.

¿Que ocorría daquela? Nove de cada dez persoas traballaban na agricultura, e, polo tanto, a poboación estaba distribuída de forma homoxénea no territorio. Ademais, os custos —en tempo e os financeiros— de desprazamento eran moito máis elevados que hoxe. Polo tanto, había unha ocupación relativamente homoxénea do territorio.

Nestes 120 anos cambiou substancialmente o conto. Houbo unha concentración da poboación nas cidades, ao mesmo tempo que se desenvolvía primeiro o sector industrial e despois o sector servizos, e, ademais, os custos de desprazamento baixaron notablemente, polo que hoxe unha persoa pode vivir nun lugar, traballar noutro e ir de ocio a un terceiro lugar.

Hai unha polarización moi notable en Galicia a día de hoxe froito de todo este proceso de modernización, que é un proceso positivo e do que a polarización actual é unha das súas consecuencias. Nós non queremos volver atrás, nós non pretendemos volver a unha Galicia idealizada pero que era moito peor que a de hoxe, onde había esta ocupación homoxénea do espazo. Pero ao mesmo tempo estamos preocupados, e é tamén razoable que así o esteamos.

Nos últimos dez anos, 28 comarcas de Galicia —por utilizar unha clasificación que é operativa aínda hoxe— perderon en media un 15 % da súa poboación. E tamén aparecía na prensa —non sei se onte ou hoxe— cales eran os concellos que tiñan maior renda bruta en termos per cápita e os que tiñan menos. Nos que tiñan máis, estaban recollidas as cidades e as súas zonas de influencia, e nos que tiñan menos, sen dúbida, as zonas de montaña, as zonas máis ruralizadas.

Hai unha polarización da poboación en Galicia, unha concentración arredor do eixo atlántico, con zonas en risco de desertización —notablemente as serras orientais, pero tamén amplas zonas entre as provincias de Ourense e Pontevedra, así como comarcas da Costa da Morte ou comarcas do norte da provincia da Coruña— que están sometidas a un réxime de regresión demográfica cun impacto moi significativo. E, ao mesmo tempo, unha Galicia máis viva, que está nucleada arredor do eixo atlántico.

Ese proceso —por razóns históricas que non dá tempo a explicar— estase agudizando moito nestes últimos anos e vai agudizarse máis aínda nos próximos, de aí a nosa preocupación. Se un ve a pirámide de poboación dalgún dos concellos dos que antes falei —A Fonsagrada, por exemplo—, tamén verá que é unha pirámide invertida, o cal quere dicir que nos próximos anos, se non pasa nada, vai ocorrer un descenso moi notable da súa poboación.

As proxeccións de poboación que fai o IGE para as comarcas indican que, nos próximos quince anos, esas 28 comarcas que perderon un 15 % da súa poboación nos últimos dez van



perder en media un 20 %. É un proceso de regresión demográfica moi notable e un proceso de concentración económica, arredor do eixo atlántico, tamén de singular intensidade.

Nós o que pretendemos non é revertir a situación a 120 anos, pero si alimentar, soportar, reforzar a ocupación do espazo que hai hoxe nalgúns zonas para evitar que se deserticen completamente e, por tanto, actuar sobre aqueles elementos que é máis fácil que desde o ámbito público se faga, que son tres: as infraestruturas, os servizos e o alento ás iniciativas económicas e emprendedoras que fan posible que nesas comarcas haxa vida. Sen ocupación non vai haber poboación, sen servizos básicos non vai haber poboación, sen infraestruturas que conecten a poboación que viva nestas áreas de regresión demográfica coas zonas máis puxantes do territorio tampouco vai haber poboación.

Non se trata de volver atrás, pero trátase de reforzar as pequenas dinámicas que existan para manter unha mínima ocupación do territorio, que eu creo que llo debemos non só á nosa tradición, ao noso pasado, senón que llelo debemos ás xeracións futuras, porque un territorio onde existe unha ocupación humana é un territorio, en principio, mellor protexido, e ademais débémolles tamén, fundamentalmente, aos nosos cidadáns, a aqueles que por razóns que son moi lexítimas deciden vivir en zonas de menor densidade de poboación e que precisan para facelo dunhas condicións mínimas coas que a Administración pública debe fornecelos.

Por iso, ¿que propón o noso grupo nestas circunstancias? Propón unha actuación hoxe nesta iniciativa moi centrada nos servizos públicos. Pretendemos que se faga un mapa de servizos públicos cun criterio basicamente territorial, que garanta para os servizos básicos un cronograma de acceso que impida que se estea demasiado lonxe de alí onde hai habitantes, e que, naqueles casos onde isto non suceda, exista un programa de actuación que manteña estes servizos á disposición da xente, con independencia de onde viva en Galicia.

Consideramos tamén que isto debe reforzarse cunha actuación de carácter directamente político, como é a creación dunha comisión e dun seguimento parlamentario para que aquelas decisións que afectan estas áreas de regresión demográfica en termos de servizos públicos poidan ser revisadas e tratadas unha a unha, chamando a atención sobre a importancia que esta decisión ten.

Cando se pecha unha unidade escolar en Trabada, estase afectando de forma moi notable o que vai suceder aí, agora e no futuro. E, por tanto, non é que non haxa que pechar unidades, pero hai que facelo sendo conscientes das consecuencias que isto vai ter. Por tanto, un procedemento reforzado diante do peche destas unidades.

Queremos tamén que se cree unha axencia independente, profesional, seguindo un modelo que está funcionando noutros lugares, o modelo escocés, por exemplo, que está tendo algunhas consecuencias positivas sobre áreas despoboadas de Escocia, que están conseguindo revertir moi lixeiramente, pero de forma significativa ese proceso de regresión poboacional.

Queremos que se faga isto, porque ese programa de actuacións debe estar á marxe dos vaivéns políticos, debe ser un programa de actuación a medio e longo prazo. Hai que poñer as



luces longas. Non vai haber forma de reverter a inercia demográfica a moi curto prazo, pero con luces longas, con apoio transversal dos grupos políticos, con apoio de todas as institucións é posible facer moito máis.

Disto é do que se trata, de actuar sobre as infraestruturas, de actuar sobre os servizos, de actuar sobre as oportunidades de emprendemento que nazan nestas comarcas e de conseguir entre todos manter un tecido humano e un tecido social vivo no conxunto do territorio. Se o facemos así, non reverteremos nada, pero combateremos os peores efectos da polarización porque, sen dúbida, estamos nun momento en que dar un paso atrás en moitas comarcas significa cruzar un chanzo ou cruzar un umbral que vai facer o proceso irreversible.

Estamos diante de procesos acumulativos que teñen efectos no tempo moi duros. Por tanto, eu pido que se tome esta cuestión con interese, que se faga prescindido dos criterios partidistas e que poidamos, se lles parece, chegar a un gran acordo para actuar sobre os procesos máis dramáticos de polarización espacial en Galicia.

Moitas grazas. A estas horas afórrolles un minuto. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Bo día de novo.

Os que somos de Lugo temos a cuestión, a noticia, aínda enriba da mesa, á cal se refería o señor Leiceaga. O que temos que decidir aquí é se estamos dispostas e dispostos a que por catro nenos e nenas teñamos aberto un centro educativo ou non, teñamos unha organización ou non; se estamos dispostas e dispostos a facer ese esforzo e se ese esforzo é coherente cos valores e cos principios que defendemos como sociedade. Esa é toda a cuestión.

Nesta mesma tribuna, hai apenas tres anos, o presidente da Xunta de Galicia dixo que esta ía ser a lexislatura do rural, e estamos comprobando como está sendo a lexislatura do exterminio do rural, e está sendo a do exterminio en termos sociais por unha desestruturación de familias. (*Murmurios.*) Si, si, exterminio por desestruturación social das familias, onde os fillos e as fillas seguen emigrando e quedan só os vellos na casa no rural. Iso é unha desestruturación social: queda xente, pero esa xente queda desestruturada, incluso desde o punto de vista familiar.

En segundo lugar, un exterminio do rural en termos económicos por falta de oportunidades. Que marche a xente que está en idade de traballar, que xera postos de traballo e que xera rendas supón unha falta de transferencia ás rendas cara ao rural, que é onde se gastaría tamén se estivera vivindo esa xente, unha descapitalización completa do contorno rural, unha falta de investimento empresarial e unha falta de investimento público, como estra-texia tamén de compensación e de cohesión territorial.

Xa non falemos do I+D, que en xeral é algo que falta en todo o país. Nin na planificación nin na execución no medio rural está nin se lle espera.



E, finalmente, é unha lexislatura de exterminio do medio rural en termos demográficos. A exposición de motivos desta proposta contén datos ben evidentes. Creo recordar, incluso na miña propia experiencia na Fonsagrada de hai apenas dez ou once anos, como de 5.000 habitantes que tiña oficialmente a vila pasou a 3.800 —en apenas once anos—.

Para defender esta aposta e esta proposta que nós imos respaldar, quero cinguirme a denuncias que fai constar un organismo tan pouco sospeitoso de antigoberno como o último informe presentado pola valedora do pobo, que foi elaborado pola anterior valedora. Fareime eco de oito ítems que se citan nese informe e que dan conta da falta de cohesión territorial e da falta de solidariedade do conxunto do país para co seu medio rural.

En primeiro lugar, en relación coas trinta medidas anunciadas desde esta mesma tribuna por Núñez Feijóo despois daqueles lumes forestais, da vaga de lumes de outubro do 2017, aínda faltan oito que nin se cumpriron, nin a propia institución da Valedoría do Pobo recibiu información unha vez que a requiriu ao Goberno galego.

En segundo lugar, en relación coa formación a desempregados e a determinados pagos, que supón unha transferencia do público cara aos petos dos cidadáns, sexa en conversación, en xornadas de formación, axudas, etc., vese como se estaban producindo reiterados pagos que estaban producindo situacións de emerxencia; situacións de emerxencia que afectan moito máis proporcionalmente a xente que vive no medio rural que nas cidades, porque o impacto global é moito máis amplo, xa que hai menos poboación activa e o impacto das transferencias do público cara aos petos dos cidadáns é moito maior. Isto querémolo relacionar coa denuncia que nós fixemos aquí de que durante estes últimos nove anos se deixaran de executar en políticas activas de emprego aproximadamente 945 millóns de euros.

En materia de sanidade, a valedora do pobo tamén denuncia como o exercicio lexítimo de entrada da potestade autoorganizatoria da Administración en materia de sanidade estaba provocando a privación do acceso aos servizos esenciais en sanidade, como era o acceso aos servizos básicos no medio rural como a pediatría ou a atención primaria normal, co encarecemento de custos tamén por desprazamentos para a propia cidadanía que vive no rural para poder acceder a eses servizos nas cabeceiras de comarca ou nas capitais de provincia.

En materia de transporte rural, de transporte público, que é un elemento de cohesión esencial que conecta as aldeas coas vilas, as vilas coas cabezas de comarca e as cabezas de comarca co contorno urbano, faise unha denuncia xeneralizada da que fai eco a valedora do pobo en relación cos cambios de horarios, frecuencias, conexións e supresións de liñas de transporte público de viaxeiros por estrada. E o elemento común é a necesidade de novos servizos e a corrección de deficiencias, ademais dun sistema de prezos, que cada vez fai máis oneroso vivir e transportarse no rural de forma eficiente.

Polo tanto, hai unha maior carga adicional sobre unha diezmada poboación rural, que é á que lle custa moito máis vivir no contorno rural que aos que viven no contorno urbano.

En materia de obras públicas, tamén se fai eco da especial desatención da rede secundaria, o cal provoca unha maior inseguridade no tránsito viario e, polo tanto, un maior índice e unha maior probabilidade de accidentes. Outra pena máis por vivir no medio rural.



Nas tecnoloxías da información faise eco dunha fenda dixital que se vai agrandando a medida que se agranda a dependencia tecnolóxica da nosa sociedade e que, lonxe de converxer, vai diverxendo, porque aumentan as necesidades tecnolóxicas para unha boa conectividade, un bo desenvolvemento laboral e incluso de ocio. A iso non se ten acceso no medio rural.

Finalmente, quero referirme xa, en materia de vivenda, a como a ausencia dun parque público de vivendas, sexa en propiedade sexa en alugueiro, pero particularmente en alugueiro, impide a mobilidade xeográfica de cara ao medio rural, de tal maneira que aínda que poden aparecer oportunidades laborais como as que se publicaron hai menos dun mes en Guitiriz ou nas Somozas non poden ser atendidas por xente que despois non ten onde quedar a durmir.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Pois, efectivamente, a foto da herdanza dos gobernos do Partido Popular en materia demográfica é unha Galiza moito máis desigual: peor Galiza no territorial, nas rendas, nos salarios, nos servizos públicos; unha Galiza en crise demográfica; un saldo vexetativo negativo; unha Galiza cunha emigración de mozos e mozas inaceptábel e cunha precariedade laboral estrutural. É a Galiza dos baixos salarios, das baixas pensións e das escasas oportunidades para a nosa mocidade. E todo isto, dende logo, é froito da acción combinada da Unión Europea, do Estado español e da Xunta, e é a consecuencia do papel que lle teñen adxudicado a Galiza dende estes tres ámbitos. É un deseño no que Galiza, dende logo, non é prioridade máis que para espolio dos nosos recursos; unha Galiza que non é prioridade máis que para que sexamos caladoiro de man de obra barata —cualificada, mais barata—, cun papel de periferia colonizada pura e dura; un papel que a Xunta de Galiza e o Partido Popular teñen aceptado con submisión e subordinación.

Temos, evidentemente, un problema demográfico, mais motivado, evidentemente, pola falta de oportunidades económicas. Temos unha Galiza onde, segundo datos do IGE, son miles as mulleres que declaran que terían máis fillos se as condicións laborais foran de maior estabilidade e con mellores salarios, onde dende a chegada de Núñez Feixóo hai dez anos foron miles os mozos que tiveron que marchar do noso país por falta de expectativas laborais e onde se destruíu a base produtiva do país, cunhas taxas de desemprego e de precariedade e cunha falta de servizos públicos que faciliten a conciliación e que permitan ter plans de vida máis ou menos dignos.

Evidentemente, as inquietudes económicas, os medos a un futuro máis que incerto en posibilidades de levar a cabo proxectos de vida dignos, de poder emanciparse, están na base do problema que temos. Non o di o BNG, podemos facer referencia ao informe Foessa, recentemente publicado para Galiza, onde di que a crise pasada deixou a miles de persoas



nunha situación de precariedade tan inestábel que a crise que xa está volvendo a entrar vai facer que esas miles de persoas estean nunha situación de indefensión e desprotección e que as vaia deixar ao pairo. ¿Que di tamén o informe Foessa? Que unha de cada tres persoas no espazo da exclusión son emprendedores e emprendedoras; esa figura fantástica que tanto lles gusta impulsar e á que teoricamente destinan miles de millóns de euros dende o Goberno do Estado, dende a Unión Europea e dende o Goberno da Xunta. Despois vemos que son os máximos expoñentes da precariedade e da exclusión, porque eses proxectos de emprendemento nunha porcentaxe elevadísima aos poucos anos non foron absolutamente a ningún lado.

Ou o IGE, que di que os problemas dos fogares galegos para chegar a fin de mes van en aumento; que o 42,37 % teñen dificultades para chegar a fin de mes. Ou os datos do desemprego, que falan da destrución de 7.000 postos de traballo no mes que acaba de rematar, de setembro.

Esta é a situación que orixina esa crise demográfica no noso país, e a situación, como dicía, de que sexa imposible desenvolver proxectos de vida estábel. ¿Por que? Porque os datos que se dan é que a emancipación é practicamente imposíbel, porque os nosos mozos e mozas terían que destinar máis do 70 % do seu salario a pagar unha vivenda. É unha situación de pisos compartidos, unha situación de pouco traballo, de alta temporalidade, de salarios baixos, de vivendas inaccesibles ou de vulnerabilidade, como non deixan de demostrar as estatísticas.

Por esta razón o BNG vai apoiar esta iniciativa, coa que teriamos máis que matices en moitas das cuestións que plantexa, pero o que é evidente é que hai que poñer en marcha iniciativas para parar esta situación.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, a señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Moitas grazas, señor presidente.

Nós queremos comezar esta intervención amosando que tamén imos apoiar esta iniciativa do PSdeG, porque nas cousas que se plantexan e se propoñen estamos de acordo. Simplemente queremos matizar que, do mesmo xeito que para nós o problema da conciliación ten moitas maneiras de solventarse, polo modelo do Partido Popular, que incide, na nosa opinión, principalmente na falta de emprego estable e na falta de oportunidades de emprego, para nós este problema ou esta situación demográfica que se vén dando dende hai bastantes anos tamén ten realmente unha base ou unha raíz, que é a falla de emprego estable, a falla de apoio por parte da Xunta de Galicia para xerar emprego e tecido produtivo, e tamén ten que ver co noso modelo produtivo. O abandono e avellentamento do rural ten que ver con iso, co modelo produtivo implantado en máis de trinta anos polo Goberno do Partido Popular de Galicia; un modelo produtivo que crea pouco emprego, xera pouco valor engadido e non



completa o ciclo produtivo no país. Non hai máis que ver as cifras, os datos Feijóo. Hai 54.000 empregados menos que cando el chegou ao Goberno da Xunta. Baixou o paro, pero non se recuperaron as cifras de ocupación e, sen embargo, si baixou a poboación activa, a poboación en idade de traballar.

Pero, ¿por que pasa isto? Pasa principalmente porque non hai oportunidades. No forestal apóstase polo monocultivo do eucalipto para pasta de papel, e así Galicia, que realiza o 50 % das cotas do Estado, só representa o 15 % do emprego e da facturación. O fracaso da política agroindustrial da Xunta fai que os traballos perdidos no sector primario, no agro, non sexan absorbidos pola agroindustria, como xa moitas veces o ten explicado o compañeiro Antón Sánchez tanto neste pleno como en comisión.

E, por outra banda, a inacción nas políticas de ordenación administrativa tamén é un lastre para o rural. Non implantar a comarca como figura administrativa de escala supranacional trae consigo a incapacidade de moitos concellos para desenvolver políticas de desenvolvemento endógeno, para dotar de servizos de calidade, que é o que propón o Partido Socialista, ou para planificar a mobilidade e o urbanismo, que tamén é parte do que recolle a súa iniciativa.

Entón, imos ser francos: que moitas veces a xente non vivamos onde nacemos, en zonas rurais ou semirurais, como é o caso da miña xeración na miña vila, Porto do Son, é porque non temos oportunidades nin emprego, e por iso hai que emigrar e hai que moverse a onde podes ter estas oportunidades. E a partir de aí, unha vez que ti podes escoller onde tes un emprego estable e onde podes traballar, entra a seguinte parte para poder apostar polo rural e por estas zonas que están sufrindo un declive demográfico, que son, efectivamente, as infraestruturas, as vías de comunicación, os servizos básicos. Se non hai un transporte público de calidade e con accesos garantidos, pois, efectivamente, a xente ten poucos motivos para vivir alí.

Ademais, non pasa só no rural estrito. Se vemos as liñas de comunicación, sen ir máis lonxe, Santiago-Carballo —que Carballo non é precisamente rural—, pois veremos que non hai vías de comunicación e que a Xunta de Galicia pasa absolutamente de todo. A xente non ten un transporte público para vir traballar, por exemplo, a Compostela dende Carballo, que están na mesma provincia e non están moi lonxe.

Despois, tamén hai outras cuestións: a falla de infraestruturas non soamente de mobilidade, senón tamén dos servizos básicos, como colexios, escolas infantís, que o PP aposta pola súa eliminación no rural. Unha familia que teña un traballo nunha zona rural ou semiurbana, se ten nenos pequenos e non ten acceso a escolas infantís gratuítas ou que poidan ter unha contía á que poidan acceder, se non hai colexios, se se están castigando os servizos sanitarios, a atención primaria, a falla de pediatras nas zonas rurais ou semiurbanas, pois prefire vivir nun sitio onde teña ese acceso. É unha obviedade. ¿Pero que fai o Partido Popular? Castigar e eliminar servizos, porque iso custa cartos. Custa cartos; entón, o Partido Popular ten outras prioridades e o «Goberno do rural» elimina os servizos do rural, os servizos básicos —falla de acceso á internet e á banda ancha—. Lembremos que Galicia está só detrás de Estremadura na mala calidade e na falta de acceso á banda ancha e a internet. Ese tamén é un



dos motivos polos cales a moitas familias novas non lles gusta vivir nesas zonas —e remato—, porque provoca unha desigualdade descomunal entre cidadáns. Por iso nós nunca imos poder defender iso.

Polo tanto, este tipo de iniciativas ímolas apoiar, estamos de acordo con elas, aínda que cremos que sen emprego estable e de calidade todo o demais é imposible.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Santos.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Arias Rodríguez.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señorías, o PSOE trae hoxe aquí unha iniciativa que nos fala de reequilibrio territorial e de demografía; e faino o mesmo día que miles de familias do interior de Galicia vencelladas a Alcoa e Ás Pontes están a piques ou en risco de perder os seus postos de traballo polas políticas de Pedro Sánchez e co beneplácito do señor Caballero e de todo o PSOE de Galicia. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) ¡Menudo papelón lle tocou, señor Leiceaga! ¡Menudo papelón! Faino o mesmo día no que aínda nos deben 700 millóns de euros que son de todos os galegos e as galegas. (*Aplausos.*) O PSOE fala aquí de reequilibrio territorial cando os orzamentos de Pedro Sánchez incluían un 30 % menos de investimento para Galicia, mentres falaban dun 60 % máis para Cataluña. ¡Señores, falan de reequilibrio territorial aquí hoxe! (*Aplausos.*)

Miren, esta iniciativa é puro postureo socialista, ¡puro postureo socialista ao que xa nos teñen acostumados! (*Murmurios.*) Van de eleccións en eleccións; están continuamente en eleccións e de postureo. Pois, mire, se se queren solucionar os problemas demográficos e os problemas de reequilibrio territorial, o que non se pode é traer unha iniciativa con catro puntos e aquí pechalo todo, porque vostedes saben que está a piques de entrar no Parlamento unha lei de impulso demográfico que contou xa tamén coas súas aportacións a través do Observatorio Demográfico, que vostedes coñecen e á que vostedes lle poden facer aportacións.

Pero, miren, o que pasa é que os problemas demográficos dos que hoxe nos falan empezaron hai máis de corenta anos. Vostedes estiveron no Goberno, ¡puidéronlle poñer algún remedio! (*Murmurios.*) Pero, non, tivo que ser o Goberno de Feijóo o que viñera cuns orzamentos —estes si— de medidas de discriminación positiva para as provincias de Lugo e Ourense. Tivo que ser o Goberno de Alberto Núñez Feijóo o que puxera a Galicia no mapa da mellor comunidade para ter unha familia, se as persoas deciden voluntariamente ter un fillo: Tarxeta Benvida, Bono Concilia, Bono Coidado, (*Murmurios.*) escolas infantís gratuítas para o segundo fillo... (*Murmurios.*) Ningún destas bancadas da esquerda votou a favor desta medida no DEA. Tampouco votaron a favor de que a Tarxeta Benvida se incrementase nun 25 % para as familias do rural. ¿E veñen hoxe aquí falarnos de reequilibrio territorial ao Goberno que está poñendo en marcha en todo o rural galego casas niño, casas do maior e cando no vindeiro ano todos os concellos de Galicia van ter polo menos un recurso de conciliación por primeira vez na historia, sendo pioneiro en España?



¿Van falarnos vostedes de reequilibrio no rural a Galicia, unha comunidade que, efectivamente, necesita tamén unha vantaxe impositiva no rural? Claro que si, que o necesita, porque vivir no rural é máis dificultoso. Esa vantaxe impositiva fai que 59.000 galegos se beneficiaran xa de impostos cero no rural, unha medida única en toda España. *(Murmurios.)* Tamén hai unha medida de deducións para as familias que deciden vivir no rural e que queren alugar unha casa no rural; familias sobre todo de xoves, de discapacitados ou familias numerosas. Esta medida ampliarase a todos para concellos de menos de 10.000 habitantes o próximo ano. ¡Ah!, por certo, incorporáronse ao rural nos últimos anos 3.500 mozos polas políticas de axuda de incorporación de mozos ao rural da Xunta de Galicia.

E falaban vostedes de conectividade. ¿Sabem vostedes — señor Villares, vostede é de Lugo, claro que si, coma min — canto era a taxa de cobertura de internet cando Feijóo chegou á Xunta? Menos do 50 % nas provincias de Lugo e Ourense. *(Murmurios.)* ¿Sabe canto é hoxe? Case o 100 %, e para o próximo ano toda Galicia terá 4G. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Transporte público gratuíto — si, señor — *(Murmurios.)...*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: ...en toda Galicia... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Xa estamos acabando. *(Murmurios.)* ¡Tranquilos!

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: ...para menores de 21 anos. *(Murmurios.)*

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: ¿Por que non lles din vostedes aos alcaldes das grandes cidades que poñan tamén o transporte público gratuíto para os mozos no bus urbano? *(Murmurios.)* ¿Por que non llelo piden? ¡Que o fagan! Bueno, nalgúns incluso que poñan transporte público, ¿non? *(Murmurios.)*

En fin..., *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* vir aquí hoxe falar de demografía dende o PSOE *(Murmurios.)* é un pouco difícil, tendo en conta que en Madrid ese ministerio do que se ía falar, do que tanto se falou en campaña electoral, non se viu por ningunha parte. Pero é que, claro, nin se viu nin unha soa medida para traballar na estratexia nacional, ¡nin unha soa medida! E cando vostedes falan da España baleira, hai que dicir que baleiro leva máis de seis meses o posto que se tiña que encargar das políticas demográficas en España. ¿E vostedes veñen hoxe aquí falar de demografía? ¡De verdade! *(Aplausos.)*

Señores do PSOE, *(Protestas.)* por favor, por unha vez, *(Murmurios.)* pensen un pouco máis en Galicia e un pouco menos no seu partido.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Eu propoño hoxe un pacto — e remato, señor presidente —. A Lei de impulso demográfico de Galicia está a punto de entrar no Parlamento. Se queremos ser serios, se queremos de verdade traballar pola demografía e polo reequilibrio territorial,



(*Murmurios.*) fagámolo nesa lei. Seguro que todos temos moito que aportar e moito que ceder. Estamos dispostos a facelo porque Galicia merece ter neste ámbito unha lei co maior consenso posible...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: ...unha lei que poida permanecer no tempo. Creo que Galicia o merece...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: ...e esperemos que vostedes estean á altura.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Arias. Terminou o seu tempo.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Os galegos... (*A señora Arias Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

(*Murmurios.*)

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bueno, eu quero agradecerlles aos restantes grupos da oposición o seu apoio, aínda desde posicións que poden ser parcialmente diverxentes. Eu creo que neste tema é necesario un grande acordo, efectivamente, o que pasa é que a intervención do Grupo Popular indica as dificultades para acadalo.

Alégrame que non discutira nada do que eu dixen aquí. (*Risos.*) (*Aplausos.*) Iso debe querer dicir que algunhas cousas das que se propoñen e das que se din desde esta tribuna teñen sentido. Todo o demais forma parte do debate político preelectoral no que o Partido Popular quere confundilo todo, (*Murmurios.*) pero este Parlamento ten a obriga —tamén a oposición— de facer propostas e de dicirlle ao Goberno cal é a posición dos outros grupos. E vostedes teñen, con claridade, dúas opcións: ou atendemos o que se propón nesta iniciativa, que é que atendamos as condicións particulares que existen en amplas zonas do noso territorio para garantirlle á xente que alí vive un modo de vida acorde co século XXI, ou non. Vostedes teñen que tomar a decisión, ou apoian isto ou non, porque non presentaron ningunha emenda. Efectivamente, nós estaríamos a favor de discutir propostas que puideran aunar a todos os grupos, ¡pero non presentaron ningunha emenda! Vén aquí, desde esta tribuna, ¿e sabe a quen me recordou? A Pablo Iglesias no último debate de investidura. (*Murmurios.*) Vén á última hora dicirnos: oian, propoño un pacto. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Non interveña porque, se non, complicamos a cousa e estamos aquí toda a tarde. (*Murmurios.*)



Silencio. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¡Silencio! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

Remate.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Si, bueno, quedame moi pouco tempo. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Continúe. (*Murmurios.*)

Silencio.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: O problema que ten a Lei de impulso demográfico á que vostede fixo referencia é que vén despois de dez anos de goberno do señor Feijóo, e vén despois de dezaseis anos de goberno do señor Fraga. Porque, fíxese, nos catro anos de goberno do señor Touriño houbo un plan de equilibrio territorial que non puido exercer os seus efectos xustamente porque, en canto chegou o señor Feijóo, o eliminou. ¿E por que o substituíu? Substituíno polos plans Impulsa Lugo, Ourense, etc., dos que non foron vostedes capaces nunca de facer un balance. (*Murmurios.*) ¡Nunca foron capaces de facer un balance! (*Murmurios.*) ¡Nunca! (*Murmurios.*)

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Fíxese, hai dúas zonas da provincia da Coruña que teñen graves dificultades nos termos que aquí plantexamos, (*Murmurios.*) que son a Costa da Morte... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Xa está ben. ¡Xa!

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ...e a zona do Eume- Ortegá. Pois no Eume-Ortegá vostedes non foron capaces de licitar nin un quilómetro da AG da costa norte, ¡nin un quilómetro! Entón, claro, algún problema hai con isto. E, por tanto, está ben propoñer agora un pacto, pero estaría moito mellor se revisáramos as políticas de propaganda en relación coa cuestión demográfica e foramos ao fondo.

Por iso ese anteproxecto de lei é un anteproxecto inválido porque se centra en cuestións absolutamente menores. Voulle citar unha: publicar todos os anos o saldo demográfico por concellos. ¿Solucionamos algo así? Iso xa é coñecido, ¡está na páxina web en todas partes!, con iso non facemos nada. Son meramente xestos para captar un titular, unha mínima atención un día, pero non afectan o fundamental. Falemos de emprego, falemos de servizos básicos, falemos de infraestruturas, falemos de todas estas cousas e poderemos chegar a un acordo. Pero esa lei non fala de nada disto.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: E cando ao mesmo tempo, señor Feijóo, se promove a des-carbonización e se di o que se di nalgúns lugares, simplemente se está descualificando a si mesmo.



O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Aí a nós non nos van atopar.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Leiceaga.

(Murmurios.)

Reanudamos a sesión ás dezaseis quince, catro e cuarto.

Suspéndese a sesión ás tres e once minutos da tarde e retómase ás catro e quince minutos.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión, neste caso co punto segundo da orde do día.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria, por petición propia, para dar conta da grave situación xerada en Galicia ante as políticas do Goberno central que están a provocar o peche das centrais térmicas das Pontes e de Meirama e a necesidade dunha transición enerxética xusta

O señor PRESIDENTE: Para substanciar esta comparecencia ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, don Francisco Conde.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, e hoxe, especialmente, a todos os traballadores da central térmica das Pontes, aos transportistas, empresarios, sindicatos, veciños, a todos aqueles que queremos As Pontes e que buscamos o mellor futuro para a comarca, boas tardes.

Comparezo ante esta Cámara, por petición propia, dado o estado de urxencia industrial no que se atopa Galicia tras os últimos acontecementos derivados da política enerxética do Estado. Fágoo coa vontade de defender os empregos de miles de galegos e galegas que hoxe están en perigo. Fágoo coa vontade de chegar a consensos capaces de aportar unha saída a esta situación. Fágoo co obxectivo de evitar que as familias galegas paguen as consecuencias dunha política estatal errónea. E fágoo, en definitiva, coa profunda convicción de que Galicia non merece isto. Non merece unha transición enerxética radical, inxusta e desordenada que provoque o peche das súas industrias, e non merece que se xogue co emprego de máis de mil familias.

Señorías, Galicia é verde, sempre foi verde e queremos que cada vez sexa máis verde. Hoxe somos a segunda comunidade que máis enerxía renovable produce de España. Para que se



fagan unha idea, Galicia produce máis enerxía renovable que toda Bélxica e tanta como Holanda. O 86 % da enerxía que consumimos en Galicia procede tamén de fontes renovables, catro veces máis que Cataluña, cun 19 %, e o dobre que Asturias, cun 44 %.

Galicia traballa para rematar 2020 con preto de 8.000 megavatios renovables, dos que 4.000 serán eólicos. Galicia acollerá a segunda maior planta de biomasa de España, da empresa Greenalia, que entrará en funcionamento o próximo ano en Curtis, cunha capacidade instalada de 50 megavatios.

Endesa, pola que estamos hoxe aquí, foi quen de adaptarse, cun esforzo extraordinario, ás exixencias fixadas por Europa para manter a súa produción ata o ano 2030, cun investimento de 217 millóns de euros e cumprindo con todas as exixencias de emisións establecidas pola Unión Europea e homologadas en Europa.

Señorías, ningunha Administración ten feito e está facendo máis que a Xunta de Galicia para contar cunha Galicia máis verde. Acabamos de aprobar a Estratexia de cambio climático e enerxía 2050, unha folla de ruta que nace do consenso e da participación para facer de Galicia un referente de cambio cara a un modelo baixo en emisións, e estamos totalmente convencidos de que ese é o camiño. Xa conta co primeiro Plan integrado plurianual para 2019-2023, con 170 medidas e cun investimento de máis de 1.250 millóns de euros. E desde o pasado ano contamos tamén coas nosas directrices enerxéticas 2018-2020, nas que abordamos o reto da transición, apoiamos proxectos que permitirán crear doce mil empregos e impulsamos o desenvolvemento das enerxías renovables.

Señorías, rachar co presente sen ter definido o futuro non é unha opción para Galicia. Os galegos e galegas queremos unha transición xusta, queremos unha transición ordenada e queremos unha transición que non deixe de lado a industria, as comarcas e o emprego.

Diálogo e cooperación. Con ese ánimo construtivo, a pasada semana, como ben saben todos vostedes, asistimos en Madrid á reunión convocada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica, que por primeira vez xuntou a todos os actores implicados. Alí acudimos os gobernos centrais, autonómico e local, a empresa e os traballadores. Sen dúbida unha boa iniciativa, unha iniciativa aplaudida pola Xunta de Galicia, pero, lamentablemente, a reunión non cumpriu nin de lonxe as nosas expectativas e a única conclusión que sacamos en limpo é que estamos en mans dun goberno sen ideas e, sobre todo, sen planificación.

Un goberno socialista que confirmou na propia reunión que non ten nestes momentos ningunha alternativa viable que garanta a continuidade da actividade industrial e dos postos de traballo das Pontes. Un goberno socialista que, segundo recoñeceu a propia ministra, non tiña anticipado nada ante o escenario de peche das centrais térmicas. No último ano falárono do 2045, despois do 2030, incluso do 2025, e agora un peche inmediato en 24 horas.

É certo que o Goberno de Pedro Sánchez nos ten sometidos a un caos enerxético que está arrastrando a toda a nosa industria. Hoxe a planta da antiga Alcoa na Coruña deixou de producir aluminio primario e agora os traballadores viven con tensión, cunha data límite de dous anos, mentres o Goberno segue sen aprobar medidas como o Estatuto do consumidor elec-



trointensivo. Hoxe seguimos agardando a que o Goberno e Naturgy presenten unha alternativa industrial ao peche da central de Meirama anunciado en xaneiro. Hoxe, tras demonizar o diésel e erguer todas as alarmas, a automoción segue á espera dalgunha proposta estatal para apoiar o sector. E hoxe acabamos de comprobar, lamentablemente, que a ministra de Industria acode a Galicia sen ningún tipo de proposta, sen ningún tipo de concreción.

O Goberno central tivo quince meses para aprobar medidas que reduzan a factura enerxética a empresas como Alcoa e non o fixo. O que si lle pedimos á ministra e ao Goberno é que nos traslade o contido dese borrador que poida mandar unha mensaxe de tranquilidade e garantías de futuro, pero a ministra négase a dar a información do contido dese borrador. É imposible, señorías, non estar preocupado con este panorama.

¿Quen nos pode explicar que o Goberno viva nunha realidade paralela, desconectado do que acontece ao seu arredor? A semana pasada pediron, unha vez máis, tempo. Non temos tempo. O que precisamos é unha reacción inmediata e urxente por parte do Goberno antes de que sexa demasiado tarde. Galicia xa lle trasladou ao Goberno a súa disposición e a súa vontade para colaborar dun xeito activo na busca de solucións, pero sempre no marco dunha transición xusta, e non hai ningún tipo de excusa. O Goberno ten que reaccionar, ten que deixar ao lado a súa ideoloxía e construír unha verdadeira fronte común, unha visión de país que permita identificar iniciativas que dean unha resposta real e unha resposta viable a esta situación. Apoiar a continuidade dos postos de traballo e da actividade industrial en Endesa non está enfrontado coa defensa desta necesaria transición xusta e ordenada que dende Galicia estamos a defender e a impulsar. A propia Comisión Europea é a que entende que a transición non debe xerar ningún tipo de damnificados e que son os estados membros os que deben adoptar medidas para afrontar esta situación, e así o están a facer todos os países a nivel da Unión Europea.

Por iso, fronte á factura enerxética que nos está presentando o Goberno, Galicia defende que os traballadores non paguen as consecuencias da transición. Fronte á paralización total da empresa, defendemos dende Galicia a súa reactivación mentres non se atopen os mecanismos que garantan a súa viabilidade e o emprego. O peche da fábrica todos sabemos que deixaría sen alternativas aos traballadores e á comarca, e a propia empresa recoñece que as probas que están realizando coa biomasa forestal non supoñen neste momento ningunha alternativa viable. Polo tanto, agora mesmo —ese é o dato, esa é a realidade— non é posible substituír a actividade da planta de carbón por biomasa, e a nosa responsabilidade é non xerar ningún tipo de expectativas que non poidamos cumprir.

Neste contexto, o máis axeitado parece aplicar o sentido común, é dicir, activar as medidas urxentes, pola vía da fiscalidade, que permitan reactivar de forma inmediata a actividade e manter o emprego nas Pontes; ao mesmo tempo, en paralelo, traballar conxuntamente na busca de solucións reais e, chegado o momento, deixar de empregar, por suposto, carbón nas térmicas e ter unha alternativa viable que manteña a capacidade industrial e que manteña os postos de traballo.

Señorías, a Xunta de Galicia ten claro cal é o camiño a seguir para alcanzar esa transición xusta. A curto prazo, precisamos de medidas que garantan a reactivación da central térmica,



tras máis de cinco meses paralizada, mentres non se atope unha alternativa. O Goberno central sabe que ten as competencias para, a través da fiscalidade, establecer mecanismos de compensación, tal e como están establecendo o resto de países a nivel europeo. Por iso, solicitamos a eliminación do céntimo verde ao carbón tal como se fixo o pasado ano co gas, a redución da fiscalidade á produción da xeración eléctrica do carbón ou a solicitude de pagos por capacidade para as centrais térmicas; e correspóndelle ao Goberno acometer as medidas que garantan esta reactivación inmediata da planta.

Por suposto, e en paralelo, precisamos artellar novos mecanismos que nos axuden a anticiparnos ao futuro con planificación. Neste sentido, a Xunta de Galicia solicitou ao Goberno que poña en marcha a anunciada Estratexia de transición xusta 2019-2021; unha iniciativa do Goberno, no marco da política enerxética, destinada ás centrais en proceso de transición para que se poidan atopar as medidas que reactiven, desde o punto de vista socioeconómico, as zonas onde están instaladas estas centrais. Unha estratexia que cando a crearon, curiosamente, se deberon esquecer de quitar a camiseta do partido. O propio goberno recoñeceu na reunión que están a preparar e tendo conversacións con todas as comunidades autónomas afectadas, agás Galicia e Andalucía; a pregunta é ¿por que? Unha vez máis, o Goberno Sánchez está deixando a nosa comunidade á marxe, sen ter en conta as dúas centrais térmicas galegas, está amosando a súa falta de sensibilidade con Galicia, está discriminando a Galicia establecendo comunidades de primeira e de segunda, e iso, dende logo, Galicia non o vai aceptar.

Dende a Xunta de Galicia solicitamos que o Goberno asine coa Xunta de Galicia un acordo de colaboración para que, igual que o resto das comunidades autónomas, poidamos contar coas axudas para unha estratexia de transición xusta porque a Comisión Europea implantará mecanismos e fondos específicos a partir do ano 2021 e Galicia quere estar con esa transición xusta, Galicia quere estar colaborando co Goberno, colaborando con Endesa para, precisamente, impulsar este tipo de iniciativas.

Adicionalmente, a medio e longo prazo, solicitamos tamén ao Goberno que Galicia pase a formar parte da Plataforma europea de rexións mineiras en transición; unha plataforma na que o Goberno tampouco tiña incluído a Galicia —outra curiosidade que nos traslada o Goberno dende Madrid—, unha plataforma que nos permitirá acceder a fondos europeos, e unha proposta que o propio alcalde das Pontes fixo súa en Bruxelas a semana pasada.

Todas estas propostas, señorías, non son froito da improvisación, son froito dunha reflexión profunda feita en colaboración cos diferentes axentes, e o que agardamos hoxe é, precisamente, que todos os partidos desta Cámara se sumen a estas medidas porque son medidas que nos parecen xustas, son medidas que defenden a posición dos traballadores, son medidas que defenden a posición enerxética de Galicia e son medidas que defenden a posición do noso país dende o punto de vista do posicionamento industrial e enerxético. Por iso, señorías, agardo que hoxe os partidos desta cámara apelen con nos ao espírito do diálogo e ao espírito da cooperación; o mesmo espírito do diálogo e da cooperación que onte demostraron o presidente da Xunta de Galicia e o alcalde das Pontes. (*Aplausos.*) Porque aquí, señorías, non hai cores nin siglas políticas, aquí hai unha visión de país, unha visión pensando nos traballadores, unha visión pensando na nosa política industrial. Por iso, a pregunta que eu lle traslado é se se van alinear coas Pontes e coa Xunta de Galicia en que é preciso defender



unha transición xusta e ordenada que garanta a viabilidade e o futuro da comarca e o emprego das 750 familias afectadas. Pregúntolles tamén se se van alinear coas Pontes e a Xunta de Galicia en que é preciso buscar outra materia prima que se poida empregar na central para, paulatinamente, ir diminuindo as toneladas de carbón por outros combustibles; se se van alinear coa Pontes e coa Xunta de Galicia en que é preciso crear unha mesa técnica entre administracións e a empresa para validar o cambio de modelo cara á transición enerxética. E o que lles traslado é se o resto dos partidos desta Cámara sen van unir a esa fronte común que teñen aberto o Concello das Pontes e a Xunta de Galicia.

Señorías, garántolles que a Xunta de Galicia non moverá unha coma na súa defensa da central das Pontes. (*Aplausos.*) Temos unha posición firme, e trasladámoslles unha invitación para que se sumen a esta posición común, porque, sumando todos, seguro que seremos máis fortes. E, dende logo, dende a Xunta de Galicia poñeremos á disposición todos os instrumentos de apoio que están na nosa man, nas nosas competencias, como Comunidade Autónoma. Investimentos en I+D+i para implantar medidas que favorezan a innovación; o financiamento para impulsar liñas de crédito que faciliten o desenvolvemento de proxectos; e as medidas de carácter laboral para ofrecer a formación necesaria que permita contar con persoal cualificado dende o punto de vista industrial.

A Xunta de Galicia, señorías, é optimista e, sobre todo, construtiva porque non estamos pedindo imposibles. O único que solicita Galicia é poder competir coas mesmas regras de xogo que os nosos veciños europeos. Non pedimos máis, non pedimos máis.

A transición enerxética é un camiño que temos que percorrer todos xuntos, non é unha carreira que debamos gañar. España non vai recibir ningunha medalla por ser a primeira en pechar todas as súas centrais. De seguir así, o único no que seremos primeiros é no desmantelamento do nosos sector enerxético e na destrución do emprego, e o caso de Galicia é unha grande incoherencia.

Galicia, nos últimos anos, foi altamente excedentaria na produción de enerxía a través das súas centrais térmicas, sabémolo todos; de feito, exportou un terzo da súa produción o pasado ano. Señorías, sen As Pontes e sen Meirama Galicia pasará a ser hoxe deficitaria. Conclusión: importamos enerxía procedente de países como Marrocos, que utilizan a mesma tecnoloxía que o Goberno está empeñado en eliminar aquí pero sen estar sometida a ningún tipo de control medioambiental, como marca a Unión Europea.

Botémoslle un ollo a Europa. Oito países teñen o foco no 2030, cun plan de transición específica de once anos para eliminar o carbón. Falo de países como Austria, Dinamarca, Finlandia, Francia, Irlanda, Italia, Países Baixos e Portugal; once anos para eliminar a produción a carbón. Outros dous países, o Reino Unido e Suecia, eliminarán gradualmente o carbón sen prazos concretos. E once países máis, entre eles Alemaña, Grecia, Croacia, Polonia ou Hungría non renunciarán antes do 2030 ao uso do carbón. No caso de Alemaña, ademais, conta con centrais nucleares, e fará un orzamento de 45.000 millóns de euros para implantar enerxías limpas que dean un xiro á súa industria. ¿Alguén do Goberno en Madrid me pode explicar por que España ten que pechar todas as súas centrais térmicas, a contracorrente do que están facendo os países da Unión Europea? ¿Alguén o pode explicar?



Isto, señorías, non é unha transición xusta e, sobre todo, non é unha solución para todos. Estannos dando un problema para unha parte da poboación, e están xerando un problema en Galicia onde non hai un problema en Europa.

Señorías, finalizo. Se o resto de Europa está apostando por manter activas as súas centrais térmicas mentres traballan nunha solución para o futuro, e se Endesa ten realizado investimentos por máis de 200 millóns de euros para ser unha central homologada, realizando unha adaptación que garante a súa continuidade, ¿por que esta teima do Partido Socialista de pechar centrais térmicas como a das Pontes e de levar as zonas afectadas a un apagamento industrial irrecuperable? ¿Por que?

¿Quen vai garantir un prezo eléctrico estable cando pasemos a depender exclusivamente das enerxías renovables e do gas natural? ¿Quen o vai garantir para poder competir en igualdade de condicións, dende o punto de vista do prezo eléctrico, co resto de países europeos?

Señorías, o Goberno ten nas súas mans poñer en marcha medidas, de xeito inmediato, que nos dean máis tempo a Endesa e ás administracións para preparar a transición. É o que pedimos. Pedímolo en nome das mil familias das que o seu futuro depende do que decidamos agora. *(Aplausos.)* Igual que Endesa tamén ten a súa responsabilidade. Endesa ten a responsabilidade de reactivar a actividade mentres busca alternativas coas que suplir o uso do carbón.

Señorías, se hai en España unha central con futuro, esa é As Pontes; se hai en España unha comarca comprometida coa súa central, esa é As Pontes; se hai en España uns traballadores que non se dan por vencidos, eses son os da central das Pontes, os das empresas auxiliares e os transportistas; e se hai en España unha comunidade autónoma que vai defender ata as últimas consecuencias as súas centrais térmicas, esa é Galicia. Galicia non se rende.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Comezamos coa rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Boa tarde.

Boa tarde tamén a todas as persoas que están na tribuna.

Señor conselleiro, efectivamente, transición xusta, claro, evidentemente. Pero a transición xusta é aquela que non regala o territorio ás grandes eléctricas do oligopolio e ás empresas de amigos, como se Galicia fora o oeste americano de principios do século XIX. Non sei se vostedes saberán como se consegue unha licenza de parque eólico. Un chega coa bandeira, pon alí a bandeira, presenta un proxecto que fai unha enxeñería en Madrid sen mirar sequera o territorio... É así, si, si, xa lles pasarei os informes, véndenos a 2.500 euros. E iso é para sempre, desenvólvese o parque ou non, porque a maioría nin sequera pensan desenvolver o



parque, o que pensan é venderllo a outro para que o desenvolva el e facer cartos só por especular.

¿Que riqueza ou beneficio aportan estes parques eólicos á cidadanía dos territorios afectados? ¿Que riqueza aportan a Galicia? Se as cousas se fixeran ben e pensando na cidadanía, Galicia tería unha moi potente industria das enerxías renovables e podería financiar esa transición xusta. E non temos tempo, díxoo vostede, ¡claro que non! Non o temos desde que pecharon as minas que alimentaban as centrais. E ¿que fixeron vostedes nestes doce anos? Nada. ¿Que fixo o alcalde das Pontes? Que eu saiba, pouco.

Vostede falaba de que en Alemaña, Polonia e noutros países non as ían pechar de maneira inmediata. Pero é que escondeu un dato: todas esas centrais teñen unha mina alí, a pé de central. Claro, é diferente. Se no ano 2007 se pensara que todas as centrais que non teñen mina ao lado están pechando, empezaría a traballar.

As propostas que vostede segue facendo eu pensei que xa as ían esgotar e lles ían dar para atrás, igual que a ocorrencia do outro día, de que se ía alimentar unha central de 1.400 megavatios con biomasa forestal. *(Interrupcións.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* A ocorrencia. Non, vostede non o dixo, o señor Tellado si o dixo o outro día e moita xente tamén... Despois xa sei, unha semana despois fixéronse os cálculos e cambiaron de opinión.

Pero pretender pagar a Endesa por emitir gases de efecto invernadoiro suprimindo a fiscalidade ecolóxica, ou por estar parado. Á xente fálalle de pagos por capacidade e non saben que é iso. O pago por capacidade é pagar por estar parado. ¿en que beneficia iso aos sectores industriais das Pontes, aos camioneiros etc.? En nada, ¡é regalarlle cartos a Endesa! *(Interrupcións.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

E os plantexamentos que se seguen a desenvolver, de que con biocombustibles... Pero ¿quen no seu san xuízo, se coñece un pouco a realidade do que é unha central de 1.400 megavatios, pode pensar que con restos de aceituna ou tal se pode alimentar unha central destas? Poderase alimentar unha central de 10 megavatios, de 30, ao mellor, nun caso límite, de 50 megavatios, pero de 1.400 megavatios, ¡iso é enganar! A verdade é que no pasado pleno sorprendeunos moito o voto favorable do PSdeG a esa proposta que facía o PP, e sorprendeunos moito máis o voto favorable do BNG, a verdade non o entendemos.

E non nos veña con que Endesa fai un gran esforzo, ¡200 millóns!, bueno, ¡terrible! Pódeno amortizar en moi pouco tempo, cun pouco que funcione a central nos próximos anos, despois de levarse miles de millóns dunha mina que era propiedade dos veciños das Pontes. Pero ¿que esforzo?

Efectivamente, dicía vostede que non hai cores. Non, non hai cores, hai cálculos electorais. O abrazo do oso de onte do señor Feijóo ao alcalde das Pontes debería de avergoñar a moita xente, sobre todo aos señores do Partido Socialista. De verdade, non vaian por aí, non vaian por aí. Non vaian por aí, ¡non participen desa escalada de engano! ¿De verdade pensan que unha central que emite o 30 % dos gases de efecto invernadoiro de Galicia, unha das vinte máis contaminantes de Europa, sen mina de carbón para alimentala e tendo que traer o car-



bón de Indonesia, de Sudáfrica etc., ¿ten por diante un longo futuro? Saben que non, e sábeno desde hai moito tempo, desde que a mina pechou, pero non dixeron nada. ¡Doce anos sen facer nada!

Fala vostede doutros países europeos, e xa lle comentei a situación desas centrais. E non é verdade que Alemaña non empece. No ano 2022 van empezar a pechar centrais, das 86 que teñen, jesa é a diferenza! Levamos moito tempo advertíndoo e sempre nos chamaron alarmistas, e agora vese cal é a realidade.

Veñen aquí mentirlles ás veciñas e veciños das Pontes por un puñado de votos. ¡A ver que din a partir do 11 de novembro! Porque, claro, agora danlle catro semanas de traballo aos camioneiros, buscan outras alternativas, contan historias... ¡a ver que din a partir do 11 de novembro!, en vez de traballar en orzar no que verdadeiramente podería garantir o futuro das hipercomarcas de Ferrolterra-As Pontes-Eume-Ortega, Cerceda-Ordes, Terra de Melide-Arzúa etc.

Hai que traballar na liña do que se está a facer na maioría de rexións europeas afectadas pola transición enerxética, que están a demostrar, coa creación de máis emprego e de máis calidade, que traballar polo futuro é traballar pola transición ecolóxica e enerxética. O camiño é o *Green New Deal* en Galicia, ese é o camiño. Imos tarde, pero aínda hai tempo para facelo se se empeza xa. Sobre todo, hai inxentes orzamentos europeos, e previsiblemente tamén estatais, para conseguilo. Miren o exemplo de Alemaña —citouno vostede—, 50.000 millóns de euros ao ano; ou o exemplo de Francia, 45.000 millóns de euros ao ano.

¿E que lles responde aos gobernos das rexións europeas que queiran estar á vangarda da transición enerxética e, polo tanto, ser destinatarios destes investimentos masivos? Pois estar nesa liña, porque saben que poderían ser realizables nun curto e medio prazo de tempo.

Na pasada Comisión de Industria, e ante unha longa emenda que fixen para dar ideas acerca do desenvolvemento do sector automobilístico do futuro, o portavoz do Grupo Popular, señor Tellado, dixo con moita ironía e xocosidade: «é que vostede ten solucións para todo». Non, a verdade é que non teño solucións para todo, fago propostas, pero gustaríame que vostedes fixeran outras que demostrasen que as miñas son ocorrencias. Pero non, as propostas son darlle cartos a Endesa por contaminar e presentar iniciativas que son irrealizables, e vostedes sábeno.

Aínda que pensen que son ocorrencias, voulles dicir no tempo que me quede, e se non na réplica, o que habería que facer segundo o noso criterio, que o poden rebater. O primeiro xa o saben, porque parece ser que agora nos están a facer caso despois de dicir que desenvolver o mapa da transición sostible de Galicia coa participación das sociedades galegas era unha ocorrencia, e parece que agora xa están cambiando de opinión. Poñer en marcha a aplicación inmediata deses plans de desenvolvemento da transición sostible nas comarcas das Pontes e Cerceda. E sobre todo, por favor, fágano coas universidades galegas —coa participación desta xente que está hoxe na tribuna—, coas asociacións sociais, cos sindicatos, cos concellos; e non llo encarguen a algunha desas consultoras amigas que teñen, que fan uns PowerPoint moi bonitos pero sen obxectivos concretos e avaliábeles nin estratexia.



Despois ¿en que gastar os cartos? Os cartos van chegar —non me vai dar tempo, porque tiña tamén a proposta de como se ía financiar todo isto—, e vostede sábeo: as decenas de millóns que se deixaron de gastar no Plan Miner porque o señor Rajoy os bloqueou, os novos millóns de euros que estaban establecidos nos orzamentos de 2018 —do señor Rajoy, por certo—, que están na disposición centésimo oitava dos orzamentos e que non se implementaron en absoluto —outras decenas de millóns de euros—. Pois todo iso, máis moitas cousas máis: participación nos ingresos por dereitos de CO2. Pois si, o resto da cidadanía española que se beneficiou dos bens que se sacaban da comarca das Pontes e de Meirama, que levaron a enerxía para que se puidera desenvolver a industria en Madrid, en Cataluña e no País Vasco agora teñen que responder. E cos 1.000 millóns de euros que se recadan ao ano de dereitos de CO2, parte deses cartos terían que volver como solidariedade coas zonas que posibilitaron a industrialización de todas esas comarcas e de todas esas cidades.

¿Por onde hai que empezar? Evidentemente, pola formación, porque investir máis en infraestruturas —en pontes, noutras carreteras e tal— non ten sentido. As empresas neste momento o que buscan é formación profesional, o que buscan son traballadores formados, capacitados e produtivos. Formados no que vai ser o novo modelo enerxético, no que vai ser o novo modelo produtivo, (*Murmurios.*) e infraestruturas de comunicacións. As empresas o que queren é chegar a un sitio e non que lles poñan un parque industrial, iso xa o farán, facer unha nave é moi fácil, o difícil é ter persoas formadas, é ter comunicacións de telecomunicación, é promocionar actividades locais tamén deslocalizables, recoñecer a paisaxe como elemento fundamental. No caso das Pontes hai que poñer en valor xa ese valor ecolóxico que hai onde eran as escombrecas. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CASAL VIDAL: De aí poderíanse xerar moitos postos de traballo medioambientais, turísticos, de ocio, de deporte...

Quédanme como dezasete propostas que dicirlles, pero como non me dá tempo, só vou resumir.

Señores do Partido Popular e do Goberno da Xunta de Galicia, aposten polo que de verdade pode ter futuro para estas comarcas e non regresen ao pasado. Non queiran de novo regalallos cartos ás eléctricas, a unha empresa italiana (*Murmurios.*) que o único que vai facer é levar os cartos para Italia e non facer nada nas Pontes.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Boa tarde.

Eu quería dar tamén a benvinda aos nosos convidados e convidadas, aínda que teño que lamentar unha ausencia. O certo é que sorprende que, diante desa denominada crise industrial



da que vostede falou, señor Conde, non nos acompañe hoxe o presidente da Xunta de Galiza, *(Aplausos.) (Murmurios.)* tal e como demandamos os grupos parlamentarios. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Está en Alcoa facendo non sei o que, *(Murmurios.)* porque o propio señor Conde dixo... *(Protestas.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Calma. O tema é interesante. *(Murmurios.)* Silencio. Calma.

Señora Presas, cando queira.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ¡Non se alporicen! Foi o señor conselleiro de Economía, Emprego e Industria o que dixo que saíran hoxe pola mañá sen unha alternativa para Alcoa-San Cibrao, ¡asuman a responsabilidade e o fracaso do seu presidente! *(Aplausos.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Díxoo o señor Conde, así que... *(Murmurios.)* ...se queren, interrómpano a el que ten tempo ilimitado; pero eu, que só teño dez minutos, agradecería poder explicar a nosa posición.

Nós agradeceríamos que estivera aquí o presidente da Xunta de Galiza porque, se vostede vén coa boca pequena ofrecernos consenso, realmente debería estar aquí presente para escoitar o que temos que dicir dunha crise industrial que é profundísima. Meirama e As Pontes teñen un problema enorme, si, pero hai moitísimas outras cuestións das que teríamos que estar falando seriamente neste Parlamento: das dúas Alcoas; de que pasa no naval con Vulcano, con Barreras; de que está pasando hoxe mesmo nas auxiliares do naval de Vigo e do naval de Ferrol tamén; de que está pasando con Ferroatlántica, onde ten man directa a Xunta de Galiza e hoxe á tarde van volver estar concentrados os traballadores e traballadoras. Ou teríamos que falar tamén da defunción dunha empresa histórica como Isowat grazas á inutilidade da Xunta de Galiza. *(Aplausos.)* De todas esas cuestións é das que debería estar falando aquí hoxe o señor presidente da Xunta de Galiza.

En todo caso, vostede deunos un bonito discurso preelectoral, señor Conde. É unha mágoa que non aproveitaran esta segunda volta para facelo a vostede candidato, pero non teña desesperanza, que xa hai outro ex-conselleiro de Industria candidato.

Veu aquí dicirnos que tiñamos que abandonar as cores políticas e demais. Eu, se quere, dentro dunha hora e pico facemos borrón e conta nova, pero o certo é que antes temos que facernos unha pregunta. Temos que preguntarnos como chegamos ata aquí, como chegamos a unha crise deste calado e con tantas ramificacións. E aí nin Xunta nin Estado son inocentes; nin o Partido Popular nin o Partido Socialista son inocentes. *(Aplausos.)* E diso imos facer memoria primeiro, antes de falar das alternativas, señor Conde. Porque non podemos vir falar da situación das Pontes e ignorar que Endesa foi no seu día unha empresa pública e que hoxe en día é unha empresa pública pero italiana, e iso grazas ao papel de señores como o señor González ou o señor Aznar, que deron a estocada final á privatización dun sector que é enerxético. *(Aplausos.)*



Esta fin de semana eu lía abraiada como o alcalde das Pontes recoñecía que era un erro histórico esa privatización. Eu doulle a benvinda, espero que outros cargos do Partido Socialista e do Partido Popular o sigan; pero o certo é que co paso do tempo vimos para que valía esa privatización do sector enerxético. Vexo a algún deputado do Partido Popular alporizado, pero vaise alporizar máis porque, mire, para isto nos valeu: Felipe González, 127.000 euros ¿de que?, de Naturgy, que vai pechar as portas en Galiza. «Endesa contrata a Aznar como asesor por 200.000 euros.» *(Aplausos.)* ¡Esta é a vergonza, señores do Partido Popular!, *(Aplausos.)* e non que teñan que escoitalo aquí.

A cuestión é quen pagou este proceso. ¿Quen o paga? Páganos os galegos e galegas, estámolo pagando agora, porque a día de hoxe a Endesa impórtalle un pito o que pase nas Pontes, igual que a Naturgy lle importa un pito o que pase en Meirama. Nós temos que asumir agora esas consecuencias e vemos que o único que lles importa a estas empresas son as regras do mercado e son os seus beneficios. Por iso Endesa acaba de adiantar o peche, polas consecuencias de cuestións como a subida do CO₂. E por iso vemos como Endesa está a dar tamén outras estocadas como a dos beneficios sociais, que debatemos tamén neste Parlamento, e tamén a eles e a elas, aos traballadores e traballadoras pasivos de Endesa, queremos enviarlles hoxe o noso apoio.

En resumidas contas, hai que poñer negro sobre branco como chegamos a esta situación. Un factor é esa privatización do sector enerxético. Outro factor é a falta de previsión do Estado e tamén da Xunta de Galiza, e volvo dicir aquí —non sei se teñen que volver ler os artigos do Estatuto de autonomía, señor Conde— que teñen competencias en planificación económica e en planificación industrial, pero vostedes estiveron todo este tempo vivindo do curtopracismo, ¡Levan vostedes unha década na Xunta de Galiza!, *(Aplausos.)* a Directiva de emisións non naceu onte, *(Aplausos.)* e a día de hoxe non teñen vostedes unha folla de ruta máis alá de cuestións que xa temos votado neste Parlamento ou de xeneralidades, porque, entre outras cousas, este país —malia a que o pedimos unha e outra vez desde o BNG— non ten un plan galego para a transición enerxética. Iso non existe porque vostedes non fixeron os deberes.

E non me veña vender consenso e participación nunha estratexia contra o cambio climático que sacaron da gorra o xoves pasado no Consello da Xunta; non me fale de participación cando os grupos parlamentarios non fomos consultados. *(Aplausos.)* Polo tanto, a privatización do sector enerxético e a falta de previsión da Xunta e do Estado leváronnos ata aquí, pero tamén un modelo enerxético que hai que dicir e recordar que foi imposto, colonial e alleo ás nosas necesidades. Eu quero recordar aquí que hai dúas centrais térmicas neste país non porque medraran como esporas, senón porque foi decisión do posfranquismo poñelas neste territorio e especializalo en produción de enerxía sen nada a cambio, foi unha decisión política. E vostedes neste tempo foron coniventes con que iso fora así.

Foi o Partido Popular quen regulou o sector eléctrico do Estado español, e foi o Partido Popular na Xunta e no Estado, coa axuda do Partido Socialista no Estado, quen non desenvolveu unha política industrial neste país. Polo tanto, hoxe vivimos esas consecuencias mentres esas empresas ven como os seus beneficios aumentaron: Endesa, beneficio neto ordinario de 1.500 millóns en 2018. Poderíamos tamén dar os datos de Naturgy, que está ofrecendo un



plan ridículo de investimentos, de 80 millóns, en compensación. Polo tanto, nós dicimos: si, hai que exixirlles ás empresas compensacións, pero hai que facelo coa boca grande, señor Conde, e aí teranos ao seu lado cando decidan facelo.

Quería comentar tamén outra cuestión que nos parece determinante e que hai que poñer sobre a mesa, e é como chegamos a este punto, é o agravio que demos a este país nos últimos anos en canto a recursos económicos. Porque este debate sobre a acción do carbón non é novo; o debate sobre as consecuencias para as comarcas galegas nas que existiu extracción do carbón tampouco é novo, e quero recordar que foi o señor Rajoy quen no 2011 incumpriu o 50 % do Plan carbón. (*Aplausos.*) Eu quero recordar que no 2012 seguiu así, (*Aplausos.*) Eu quero recordar que no Plan carbón 2013–2018 excluíuse a Galiza por unha decisión política, supoñendo un furto de recursos que poderían estar investidos en desenvolvemento industrial.

Claro, ¡agora vimos aquí á chuvia de ideas! ¡Veña!, ¿como podemos substituír a térmica nas Pontes por outras cuestións? Miren, ¡é que non é serio! Estamos falando dun concello que, entre outras cuestións, ten un problema importantísimo de falta de chan industrial, que perdeu durante anos recursos e recursos económicos porque non lles deixaban a uns e a outros, desde Madrid, reivindicalos e que se puideron investir en cuestións coma esa. Polo tanto, hai que recordar estas cuestións.

Porque non sería indiferente para as Pontes ter un grao de desenvolvemento maior noutro tipo de industria alén da enerxética; non sería indiferente para enfrontar esta situación. Entón, que de repente agora o Partido Popular descubra a discriminación do Estado con Galiza (*Aplausos.*) e estea disposto a loitar por corrixila, parécenos estupendo. Nós imos estar aí, señor Conde, nós imos estar aí, pero polo menos deberían desculparse polos silencios desta última década.

E dixo vostede: Galiza non merece isto. Efectivamente, aí estamos de acordo. Entón, se queren, facemos borrón e conta nova de quen son os responsables de chegar a esta situación, pero, desde logo, mal pinta cando o único que ofrece hoxe vostede é o mesmo discurso encasillado destas última semanas, en modo precampaña electoral.

Hai que dicir que chegamos aquí con debilidades por unha política centralista, cun modelo enerxético que non foi avaliado para as nosas necesidades e tamén polo seu escaso peso político. ¿Non se dá conta de que cada vez que nos recorda que levamos quince meses esperando por un estatuto de electointensivas, iso di moito —e moi malo— do Goberno central, aí estamos de acordo, pero tamén do seu pouco peso político. (*Aplausos.*) ¡Que levemos tres meses esperando a que vostede, que como Goberno galego se reuniu cos tres sindicatos deste país, consigan unha reunión con Endesa, tamén di moito do seu pouco peso político como Xunta de Galiza! Polo tanto, ¡póñanse as pilas!

En todo caso, queríamos falar destas cuestións do pasado para ver como chegamos a este punto e para aprender dos erros, pero hoxe temos que falar de futuro, porque a todas as persoas que están pendentes deste debate lles debemos ofrecer unha alternativa de futuro. E nós aí tendemos a man para que haxa diálogo, para que haxa exixencia e para que haxa unha alternativa. Eu fágolle unha proposta moi concreta...



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Remato, pero déixeme explicarme, que antes non me deixaron falar...

O señor PRESIDENTE: Non se preocupe, ten vostede outro segundo turno para explicar o que sexa necesario.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Querémoslle pedir unha cuestión moi clara, señor Conde. Nós facémoslle a proposta de que, visto que nesa mesa de ámbito estatal non nos toman en serio, fagamos unha mesa de traballo aquí, galega, cos sectores sociais implicados. Decidamos desde As Pontes cal é o futuro das Pontes. ¿Está vostede disposto ou non a abrir ese foro de traballo e a trasladar unha posición unánime de Galiza ao Goberno central, exixindo aquelas cuestións que son claras para nós? ¿Si ou non? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas. Rematou o seu tempo.

Polo Grupo Común da Esquerda ten a palabra o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boa tarde. E boa tarde tamén a toda a xente que veu das Pontes a seguir este debate.

Señor conselleiro, aliñarse coas Pontes non é abandonar a previsión e planificación necesarias dun goberno. Aliñarse coas Pontes non é privatizar Endesa a prezo de amigo e deixar nas súas mans o futuro dun concello e dos traballadores. Aliñarse coas Pontes non é vir aquí dar o que parecía máis un mitin electoral que a comparecencia dun conselleiro dun goberno responsable; un mitin que trata de desviar a atención sobre todo o que vostedes non fixeron nos últimos anos. Esa sobreactuación vén derivada da pouca actuación previa que vostedes tiveron con este asunto, señor conselleiro.

Digo eu, señora Presas, artigo 30.1 do Estatuto de Galicia: Competencias exclusivas en planificación da actividade económica de Galicia. E o señor conselleiro veu aquí botarlles as culpas de todo aos demais e non asumir ningunha responsabilidade da situación o Goberno galego. E cando ante un tema tan transcendente coma este un lle bota as culpas de todo aos demais, reconece implicitamente a súa inutilidade como gobernante. *(Aplausos.)*

Prever, planificar e actuar en función do interese xeral son as funcións e as obrigas dun goberno, e nada diso fixeron vostedes. O que nos gustaría saber hoxe, é por que o seu Goberno nun contexto mundial de peche das térmicas de carbón, con acordos a nivel europeo e mundial para a descarbonización, para a loita contra o cambio climático, ou ante a reforma no 2017 do mercado dos dereitos de emisión de CO₂, non tiñan previsto un calendario de transición.

Porque vostede veu aquí a falar agora da transición xusta, pero nunca antes falaram da transición xusta. Nós si falamos desa transición, e eu pregunto, ¿como estaría mellor As Pontes ou Cerceda hoxe en día? ¿Tendo unha planificación ordenada do que hai que facer nos vin-



deiros anos para que os traballadores non sexan os damnificados desta transición, ou cun goberno que non fixo os deberes e non planificou nada, señor conselleiro? (Aplausos.)

Xa hai unhas directrices marco da Organización Internacional do Traballo, dende o ano 2015, que indican que hai que ter especial atención ás zonas onde existe un monocultivo industrial, como son Cerceda e, en maior medida, As Pontes. Para iso hai que tomar medidas, participadas cos axentes sociais e con todas as administracións, para que ese cambio non sexa dañino, senón que sexa unha oportunidade para esas sociedades.

Vostedes, en cambio, practicaron o desleixo e adócanse agora a desviar a atención. Repiten constantemente que Endesa se comprometeu aos investimentos necesarios para adaptarse á directiva europea das emisións contaminantes, e é certo, pero vostede sabe e o señor Feijóo sabe que non ten nada que ver coas emisións de gases de efecto invernadoiro, e aínda onte o señor Feijóo tratou de confundir con este asunto. As adaptacións de Endesa eran para dióxido de xofre ou dióxido de nitróxeno, non para o CO₂. Entón preguntámonos, se vostede agora acusa ao Goberno do Estado de decidir pechar as Pontes —cosa que non é certa, aínda que o Goberno socialista de Pedro Sánchez ten a mesma responsabilidade ou máis que o Goberno da Xunta de Galicia por esa mesma falla de previsión e de planificación—, ¿que é o que pasa con Cerceda e Naturgy, que xa anunciou hai tempo que vai pechar? ¿Onde está ese plan de transición para Cerceda, señor conselleiro? Tampouco o temos.

A responsabilidade do Goberno socialista é semellante á súa: non ter traballado nesta transición para As Pontes, para formular de xeito participado coas administracións e cos axentes sociais, a propia cidadanía, un horizonte económico e social, como xa dende hai anos se traballa noutros niveis, noutros países e mesmo noutras comunidades autónomas do Estado español, que están en mellores condicións para afrontar esta transición.

Porque aquí o que se pode perpetrar agora é o final do espolio por parte de Endesa, espolio que creo que contou coa súa colaboración, porque é recoñecido que As Pontes foi clave na evolución enorme do negocio de Endesa no Estado español, unha Endesa que no primeiro semestre do 2019 tivo 10.000 millóns de ingresos e que reparte miles de millóns de euros de dividendos todos os anos, descapitalizando a empresa que vostedes privatizaron. E ese final do espolio non pode permitirse agora, deixando que a empresa, esa que fixo tanto negocio cos recursos naturais e coa forza de traballo galega, se vaia *de rositas*.

¿Onde estaban vostedes cando se aprobou o acordo de Río, cando se aprobou o acordo de París, cando se fixo a reforma do mercado dos dereitos de emisións? ¿Como é posible que vostedes non tomaran ningunha iniciativa xa para comezar a ter unha rede de seguridade para As Pontes?

E vostede vén aquí agora sen medidas concretas, mais que regalarlle millóns de euros a Endesa, que nin sequera garanten o traballo. Vostede está tan preocupado e tan sensibilizado coa xente que non deu aquí nin sequera unha solución para os camioneiros que levan cinco meses sen ingresar nada, despois de facer os investimentos que lles exixiu Endesa e que os deixou na estacada.



A vostedes non lles preocupan os camioneiros. ¿Cantos millóns lle teñen que pagar vía factura da electricidade ou vía exencións fiscais a Endesa para que siga funcionando? ¿Sábeo vostede? Porque se subiron nun ano o pago dos dereitos de emisións de 5 ou 6 euros tonelada, a 23,78 euros que están agora, iso significa, nunha industria que emite sete millóns de toneladas de CO₂, 150 millóns de euros. ¿A súa solución é darlle a Endesa 150 millóns de euros sen garantir traballo? ¿Sen garantir un horizonte económico cun plan de futuro? ¿Esa é a solución do Goberno galego? Porque o Goberno do Estado, evidentemente, non ten traballado nese plan de transición, e é un erro e sempre o criticaremos, pero ¿vostedes que fixeron? ¿Que lle plantexaron ao Goberno do Estado nesa reunión de hai uns días cando se sentaron con eles?

Baleares. Baleares aprobou un plan de transición enerxética. Acordou co Goberno do Estado e con Endesa o peche da térmica de Es Murterar para o ano 2025, sen que ninguén se fose á rúa e cun plan de reconversión industrial e económica. Euskadi fíxoo antes de 2014. Eses son gobernos que prevén, planifican e actúan en función do interese xeral. O seu agora é vir desviar a atención e botarlle a culpa ao Goberno socialista en exclusiva.

Polo tanto, ¿que facían vostedes cando coñecidos *think tank* como Carbon Tracker a principios do 2018 debuxaba un futuro inmediato no que a finais dese ano o prezo da tonelada de dióxido de carbono estaría nos 25 euros e seguiría medrando; para o período comprendido entre 2019 e 2023 estará entre os 35 e 40, o que acelerará o paso do carbón ao gas natural, como ocorreu no Reino Unido grazas a medidas aprobadas polo goberno de Teresa May. Nun recente informe, Carbon Tracker identificaba catro países nos que se pode producir unha rápida transición do carbón ao gas, o que suporía un importante aforro en emisións de gases de efecto invernadoiro nos próximos cinco anos. Trátase de Alemaña, Italia, España e Países Baixos.

¿Que facía o seu goberno mentres se daban estes sinais tan preocupantes nos últimos anos? ¡Nada! Non facía nada, señor conselleiro, e esa é a súa negligencia. Aquí non se discute, e por primeira vez vostede aquí xa non discutiu que é inevitable esa transición, despois de que nós o plantexáramos aquí xa dende o ano 2013, e se nós botaran enriba. Non discutiu vostede que é necesaria a transición. Pero nós o que dicimos é que, se é inevitable a transición, o que hai que escoller é que a lidere Endesa e o oligopolio eléctrico ou que a lideren vostedes, o Goberno galego, o público coa cidadanía das Pontes e coa cidadanía galega. E nós apostamos a que o liderado estea no público, que estea na cidadanía, e non vaíamos a rastras das decisións dunha multinacional, empresa pública italiana, que o único polo que vai tomar as súas decisións é pola súa conta de resultados, polos seus beneficios.

¡Iso foi o que fallou aquí! Agora temos que ir a rastras da decisión dunha empresa pola situación do mercado, polos seus beneficios económicos, e as institucións, as administracións públicas, nin a Xunta de Galicia nin o Goberno do Estado, teñen os deberes feitos, porque vostedes sempre se preocuparon máis de favorecer a Endesa que aos traballadores de Endesa.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Sánchez.



Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señor conselleiro.

Quero saudar tamén hoxe os nosos convidados, fundamentalmente supoño que afectados polo anuncio deste posible peche da empresa Endesa nas Pontes.

Como ve, señor conselleiro, hoxe poderíamos facer un Pleno só para falar da grave situación da industria en Galicia. Señor conselleiro, vostedes levan xestionando o Goberno galego dez anos ininterrompidamente, nos que, cando as noticias son boas, adícanse a facer fotos e a arrogarse triunfos, pero cando hai problemas e as cousas van mal, vostedes poñen o ventilar e a culpa neste caso, e en case todos, é de Pedro Sánchez. (*Aplausos.*)

Señor conselleiro, tristemente isto é unha desculpa infantil para un problema de país. Vostedes son o Goberno da fotografía. Deixen de buscar culpables, busquen solucións, que para iso teñen a responsabilidade de gobernar este país.

Vostedes levan gobernando este país ininterrompidamente dez anos, deberían coñecer a realidade industrial de Galicia e deberían tamén planificar o futuro industrial de Galicia.

Mire, en maio de 2016 vostedes aprobaban nesta Cámara o Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, e contemplaban no reto número 7 rebaixar as emisións de gases de efecto invernadoiro nun 35 % respecto do 2005. ¿Que medidas contemplaban para conquistar este obxecto? Porque non me quererá dicir que coas axudas de 1.000 ou 1.500 euros para a remuda de vehículos e para cambiar as ventás pretendían conquistar esta rebaixa nas emisións de gases efecto invernadoiro, ¿verdade que non, señor conselleiro? ¿Cal é o modelo enerxético da Xunta de Galicia? ¿Pódeme contestar? ¿Onde están publicadas as Directrices enerxéticas de Galicia que foron presentadas a bombo e platillo por vostede nesta Cámara en abril de 2018, e vostede mesmo anunciaba unha transición intelixente cara a un novo modelo enerxético sustentable e a creación de doce mil postos de traballo? ¿Dígame en que consisten?, ¿onde están?, ¿por que non as publican? ¿Contemplaban nesas directrices unha transición enerxética xusta para a central térmica de Meirama e para a central térmica das Pontes? Contésteme, por favor. Non me dirá vostede que descoñecía o Goberno galego que estas dúas empresas eran as que máis emisións de gases efecto invernadoiro tiñan no noso país. ¿Verdade que non, señor conselleiro? Seguro que non. Recoñézao, señor conselleiro, a central térmica de Meirama e a central térmica das Pontes nunca estiveron na axenda política da Xunta de Galicia gobernada polo señor Núñez Feijóo, (*Murmurios.*) ¡nunca!

Señor conselleiro, resulta cando menos curioso que corenta e un meses despois de aprobar o Plan estratéxico de Galicia e dezoito meses despois da presentación desas invisibles e inexistentes Directrices enerxéticas de Galicia, cando a central térmica de Meirama anuncia o seu peche e cando a central térmica das Pontes plantexa a súa discontinuidade, a Xunta de Galicia, no Consello da Xunta do xoves pasado, aprobe a Estratexia de cambio climático e enerxía 2050, no que o reto do Goberno galego é reducir a factura enerxética e concienciar



da necesidade de xuntar esforzos para diminuír as emisións de gases de efecto invernadoiro ao ambiente. A verdade é que resulta bastante curioso. Por certo, ¿está publicada esta estratexia e esas 170 medidas que vostedes anuncian? ¿Ou volverá ser un acto de publicidade e propaganda aos que nos teñen acostumbrados..., (*Aplausos.*) pedíndonos un acto de fe á oposición e á cidadanía? (*Aplausos.*)

Señor conselleiro, tamén é verdade que o Goberno galego defende seguir queimando hulla na central térmica, pero, ao mesmo tempo, no último contrato de subministración aprobado pola Consellería de Industria, exclúe o carbón como fonte primaria de enerxía. Explíquenos tamén, por favor, como se conxuga isto.

Señor conselleiro, voulle recordar a contribución do Goberno Feijóo á transición xusta sobre o cambio climático. En 2012, nada máis acceder ao Goberno o señor Mariano Rajoy, anulou dun plumazo 72 millóns de euros para Galicia correspondentes aos Fondos Miner, 72 millóns de euros que eran fundamentais para a recuperación económica e a recuperación social das comarcas afectadas pola actividade mineira en Cerceda, nas Pontes e nas súas contornas. Nese momento o goberno da fotografía, como non estaba o señor Pedro Sánchez no Goberno central, o Goberno Feijóo calaba. En 2014 apróbbase un real decreto de axudas para proxectos de infraestruturas e de restauración de zonas degradadas a causa da actividade mineira que contemplaba a actuación en dezaseis concellos galegos. Nese momento, o Goberno Feijóo non fixo ningunha xestión para a inclusión deses dezaseis concellos contemplados no real decreto, e como non estaba o señor Pedro Sánchez no Goberno central, o Goberno Feijóo tamén calaba.

O 31 de xaneiro de 2015 o consello de Gas Natural-Fenosa comprometeuse a acometer un investimento de case cen millóns de euros para adaptar a central térmica de Meirama ás exixencias medioambientais europeas e seguir funcionando máis alá de 2020. Entón, o presidente Feijóo e vostede tamén, señor conselleiro, fotografábanse nun acto bastante propagandístico na Cidade da Cultura con Salvador Gabarró, que era entón o presidente de Naturgy. Catro anos despois, cando Naturgy anuncia o peche en 2020 da central térmica de Meirama, que afectaba a uns cento oitenta postos de traballo, entón o presidente Feijóo, en vez de negociar con Naturgy o cumprimento deste compromiso acadado en 2015 nese acto propagandístico, tendo en conta as relacións societarias que ten a Xunta de Galicia con Naturgy, coa que comparte accionariado en varias empresas, atopa a desculpa perfecta: Pedro Sánchez é o culpable do peche da central térmica de Meirama. (*Aplausos.*)

Señor conselleiro, ¿teñen xa o plan de peche para a central térmica de Meirama? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Parece que está un pouco nervioso, señor presidente, por favor. (*Murmurios.*) ¿Teñen xa o plan de peche da central térmica de Meirama?

Señor conselleiro, Naturgy ten que saber que, despois de tantos anos explotando un recurso natural, ten obrigas co tecido social de Cerceda e da súa comarca. E a Xunta de Galicia debe exercer a competencia exclusiva que ten en fomento e planificación da actividade económica, ¡exerzan a competencia exclusiva de vostedes!

O mesmo acontece coa central térmica das Pontes, o maior grupo termoeléctrico con carbón de España, cunha potencia instalada de 2.400 megavatios e que dá emprego a unhas setecentas cincuenta persoas.



En marzo de 2018 Endesa presenta o seu Plan estratéxico 2018-2021, cunha folla de ruta que incluía os traballos de adaptación á Directiva de emisións industriais da Unión Europea, para o cal facía un investimento de 217 millóns de euros co obxectivo de reducir nun 80 % as emisións de dióxido de azufre e nun 60 % as de óxido de nitróxeno. Este plan estratéxico incluía tamén as indicacións aos empresarios de transporte do carbón para que adaptasen os seus vehículos, o que lles supuxo uns investimentos moi importantes, tendo en moitos casos que acudir a créditos. Daquela, o goberno da fotografía presentaba nesta Cámara tres iniciativas de autobombo, nas que se preguntaban a si mesmos que valoración fai o Goberno galego sobre o investimento de 218 millóns de euros anunciados por Endesa na central das Pontes.

O pasado 27 de decembro, no consello de administración de Endesa, comunicábase á Comisión Nacional do Mercado de Valores a promoción da discontinuidade da produción nas súas centrais térmicas das Pontes e de Litoral de Almería; unha decisión empresarial que responde fundamentalmente —e vostede sábeo perfectamente— á evolución recente dos prezos dos dereitos de emisión de dióxido de carbono, que se dispararon nun 50 % só no último ano, lastrando así a rendibilidade do negocio da empresa. Endesa toma unha decisión que afecta ao cadro de persoal da central, ás empresas auxiliares, ao tráfico do porto de Ferrol; afecta, polo tanto, á vida de toda unha comarca e afecta, señor conselleiro, á economía do noso país.

Vostede sabe perfectamente que a solución non é sinxela. E sabe perfectamente que este non é un problema soamente de Galicia, sabe que tamén se está producindo o peche de centrais de carbón en España e sabe tamén que se está producindo o peche de centrais de carbón en toda Europa. Sabe perfectamente que a consecución dunha solución máis ou menos satisfactoria vai depender da unión inequívoca de todos os actores implicados: o Ministerio para a Transición Ecolóxica, a Xunta de Galicia, Endesa...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...o Concello das Pontes, representantes dos traballadores, dos transportistas e das empresas auxiliares. Aí vainos ter sempre, *(Aplausos.)* ¡sempre!..., *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...porque a actuación do Grupo Parlamentario Socialista para a defensa dos intereses... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...da central térmica de Meirama e para a defensa dos intereses da central térmica...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...das Pontes foi sempre inequívoca...



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...e de futuro. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Tellado Filgueira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

Eu quero comezar a miña intervención saudando os veciños das Pontes que nos acompañan neste debate e pedirilles desculpas polo que acaban de escoitar, ante a falta de sensibilidade absoluta dos grupos da esquerda que compoñen esta Cámara coa situación que vive todo un pobo, toda unha comarca, e hai xente que está preocupada polos seus postos de traballo. Hai determinadas cousas que é moi duro escoitar e que a min me resulta especialmente sangrante porque eu son desa comarca. Polo tanto, non vale todo, e non se pode argumentar determinadas cuestións porque é faltarlle ao respecto aos veciños das Pontes.

Miren, nas Pontes levamos máis de corenta anos cunha central térmica que ten sido unha fonte de riqueza e de emprego para todas estas comarcas. ¡Unha fonte de riqueza e de emprego! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* O concello das Pontes é o segundo concello... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...de Galicia... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Perdón.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...coa renda per cápita... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Perdón.

Señor Tellado, desculpe. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Perdón. Recórdolle á xente que está no público que non pode intervir nin facer ningún tipo de comentario, se non, serán desaloxados da tribuna. Así que, por favor, silencio se queren permanecer na tribuna.

O señor TELLADO FILGUEIRA: As Pontes é o segundo concello de Galicia coa renda per cápita máis alta. O concello das Pontes é o concello coa pensión media máis alta de toda Galicia. ¿E grazas a que? Grazas a unha central térmica que ten sido fonte de riqueza e de emprego.

Señora Presas, o presidente da Xunta de Galicia non está aquí porque está en Alcoa, reunido co director de Alcoa España. Está en Alcoa, por iso non está aquí, pero está o conselleiro do



ramo. ¿Sabe onde vai estar en breve a ministra de Industria, acompañada polo señor Gonzalo Caballero? No Concello de Lugo, facendo un mitin no concello e firmando no libro de ouro. (*Protestas.*) ¡Esa é a realidade! (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Rinse de nós. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

O señor TELLADO FILGUEIRA: ¡Rinse de nós! (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio! (*Murmurios.*)

Non, non, perdón... ¡Silencio!

O señor TELLADO FILGUEIRA: Señora Presas, a Estratexia do cambio climático da Xunta...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio. ¡Silencio!

Na anterior tamén era igual. Silencio. ¡Silencio!

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...que se aprobou a semana pasada saíu a exposición pública o 8 de marzo no DOG e tamén no Portal de transparencia da Xunta de Galicia. ¿Que fixo o BNG? ¿Presentou algún tipo de aportación e de alegación? Dígollo eu, ¡non! (*Murmurios.*) Non, esa é a realidade. Polo tanto, se non fixeron aportacións, foi porque non quixeron. (*Murmurios.*)

Eu teño que contrarrestar determinadas críticas que son francamente lamentables. Resulta, señor conselleiro, que se lle critica á Xunta de Galicia non estar preparada no ano 2019 para o que tiña que pasar no ano 2045, ¡esa é a realidade! A falta de previsión da que se lle acusa a este Goberno é por non ter solucións no ano 2019 para o que ía pasar no ano 2045, (*Aplausos.*) que cando chegaron os socialistas adiantaron ao ano 2030 e agora resulta que precipitan para que aconteza no ano 2020, ¡esa é a realidade! Polo tanto, escoitar leccións de quen ten xerado este problema, francamente é lamentable. Nós unímonos ao discurso do conselleiro. Galicia non se rende, e as comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal tampouco.

Eu quixera facer o relato dos feitos para non esquecer por que estamos nesta situación e por que hoxe falamos do que estamos falando.

A finais de 2016, Endesa anuncia un investimento de 217 millóns de euros na central das Pontes para ampliar a súa vida útil ata o ano 2045 —insisto, 2045—. Polo tanto, claro que estabamos adaptándonos para cumprir coas directivas comunitarias, non só coas que están en vigor agora, senón coas que o van estar nos próximos anos; e podería alongar a súa vida útil ata o ano 2045. En marzo de 2018, o Consejo Asesor para la Transición Ecológica de la Economía, del Partido Socialista —liderado por unha señora que daquela non coñecía case



ninguén, que se chamaba Teresa Rivera —, presenta un documento no que se di claramente que esas centrais debían pechar no ano 2025, en xuño dese mesmo ano, e logo de prosperar esa moción de censura, Pedro Sánchez nomea a esa señora —que afortunadamente non coñecía ningunha e agora coñece demasiada xente— ministra da intransixencia ecolóxica; (*Murmurios.*) non da Transición Ecolóxica, non, non, da intransixencia. Ademais, non ocultou as súas intencións, porque nas primeiras entrevistas falou «*de cierre del carbón y las nucleares y del impuesto al sol*». Polo tanto, o 5 de xuño do ano pasado xa falaba do peche das centrais, isto non é novo.

En outubro de 2018, o Goberno decide retirarlle o chamado céntimo verde ás térmicas que funcionan a través de gas pero non ás térmicas de carbón, e esa decisión tráenos a esta situación. Si, si, tráenos a esta situación, unha decisión que expulsa do mercado, pola vía dos feitos, as centrais térmicas e fainas menos competitivas.

Unhas semanas despois, en novembro, o secretario de Estado de Enerxía, José Domínguez Abascal, realiza unhas declaracións nas que lle pon data de peche ás catorce centrais térmicas de carbón españolas. Na súa intervención, o número dous da ministra da intransixencia ecolóxica di que as térmicas deben pechar en xuño de 2020, e as restantes arredor do 2025 ou do 2030. (*Murmurios.*) Polo tanto, de golpe, quince anos menos, vinte anos menos, ¿e por quen?, polo Goberno socialista. ¿E que fixeron os representantes do Partido Socialista aquí en Galicia en todo este tempo? Pois o que sabe moi ben facer o señor Caballero: calar ou aplaudir. Cando Pedro Sánchez anunciou que quería pechar todas as centrais térmicas do país antes de 2025, Caballero, chitón. Cando se lle quitou o céntimo verde ás centrais de gas e non ás centrais de carbón, Caballero, chitón. Cando se decretou por parte do goberno que a central das Pontes tiña quince ou vinte anos menos de vida útil de forma arbitraria, sen falalo con ningunha, Caballero, chitón. ¿E que fixo o señor Caballero cando se anunciou o peche definitivo da central? ¿Caballero, chitón? Non, chitón non, foi a Madrid. ¿A que? A un mitin, a aplaudirlle ao señor Sánchez o mesmo día que coñeciamos a noticia. Esa é a gran mentira do posicionamento do Partido Socialista con este asunto.

Os socialistas queren presentar este debate como unha falsa dicotomía e dinnos que hai que elixir, que hai que elixir entre o respecto ao medio ambiente e o emprego. E non é certo, non é certa esa falsa dicotomía que vostedes queren plantexar, ¡é que non é certo! A Xunta está a demostrar que se pode estar preocupado polo cambio climático e a transición ecolóxica e defender os postos de traballo que dependen da central térmica. Por iso se investían eses 217 millóns de euros. Non é certo que non se fixera nada, estábbase facendo. Estábanse investindo os recursos necesarios para alongar a vida útil da central. ¿Que fixeron vostedes? Cargarlle vía impositiva para imposibilitar a continuidade da central térmica. Esa é a diferenza, o que nos diferencia a nós de vostedes, (*Aplausos.*) unha Xunta que goberna, unha Xunta que planifica, unha Xunta que estuda os temas, e un Goberno central que vive a golpe de titular do que toque cada día, pase o que pase e aféctelle a quen lle afecte.

Dende a década dos noventa, as emisións de CO₂ en Galicia baixaron un 5 % e no conxunto do Estado incrementáronse un 12 %. Galicia está cumprindo os compromisos medioambientais e os compromisos para loitar contra o cambio climático. Esa dicotomía é falsa, non é real ese discurso que vostedes manteñen. Por iso hoxe somos a segunda comunidade autó-



noma con máis produción eléctrica procedente de fontes renovables, pola aposta dun goberno durante todo este tempo. Polo tanto, vostedes están mentindo.

É un insulto que veña o señor Pedro Sánchez a Vigo e que a única referencia que faga ao problema das Pontes sexa: «Estamos pensando en ellos». ¿Estannos tomando o pelo? ¿Realmente nos están tomando o pelo? (*Murmurios.*) Mire, ese «Estamos pensando en ellos», ¿a que se refire? ¿Acaso tamén pensaban neles, en nós, cando a ministra lle pediu a Endesa que pospuxese o anuncio do peche da central das Pontes para despois do 10 de novembro? (*Murmurios.*) ¿Acaso pensaban...? Non o digo eu, saíu publicado na prensa, na prensa nacional. *El Mundo: Rivera pidió a Endesa que esperara al 10-N para el plan de cerrar la central térmica de As Pontes.* Pero ¿non lles dá vergonza? Pero ¿non lles dá vergonza xogar coa xente e xogar con toda unha comarca? (*Aplausos.*)

Mire, señor Caballero, a min interésanme pouco as miserias internas do seu partido. Eu non sei se vostede non fai ruído porque lle vén ben politicamente este golpe ao señor Formoso e o quere prexudicar. Eu non sei se o señor Formoso quere diferenciarse de vostede porque quere o seu posto. A min os seus problemas internos tráenme absolutamente sen coidado. Como galego e como veciño da comarca de Ferrolterra, a min o que verdadeiramente me preocupa é que unha decisión arbitraria do Goberno socialista castigue unha comarca castigada de forma reiterada e continuada por gobernos socialistas, que lle chamaban reconversión naval e foi o desmantelamento do sector naval. E detrás de todas as reconversións navais estaba sempre o seu partido, o Partido Socialista.

¿Sabe que lle digo? As decisións políticas teñen consecuencias humanas, as decisións políticas teñen consecuencias nas vidas das persoas. Cando hai tres anos Endesa anunciou un investimento que garantía a actividade da central ata o ano 2045, boa parte dos transportistas —preto de douscentos— que se dedicaban a isto decidíronse a renovar a frota de camións. De media, cada vehículo custa arredor de 140.000 euros, ¡140.000 euros!, non é unha broma. Hoxe, tres anos despois, eses transportistas que a vostedes lles traen sen coidado, e o demostran cada vez que falan coa frivolidade coa que falan, non teñen traballo, pero non o teñen xa dende o mes de abril, dende o mes de abril. ¿Saben que é o que teñen? Teñen medo, teñen medo ao futuro, teñen medo ao paro, teñen medo a perder a casa porque a casa é moitas veces o aval que precisaba o banco para darlle ese préstamo dos 140.000 euros. Polo tanto, tratemos a cuestión con rigor e con seriedade. Estes son os efectos dunha política irresponsable e dunha política intransixente, esa é a realidade.

E as Mareas, as dúas, ou as tres, ou as que sexan, están felices. ¿E felices por que? Porque conseguiron o que querían. As Mareas de Podemos foron as primeiras que viñeron aquí... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...pedir o peche da central térmica das Pontes. Agora pelexen entre vostedes... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, señor Sánchez.



O señor TELLADO FILGUEIRA: ...por saber de quen foi a iniciativa..., (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...pero a primeira vez que veu aquí o peche das Pontes... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...propuxérono as Mareas de Podemos. (*O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, señor Sánchez.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Pedírono cando se chamaban AGE, Alternativa Galega de Esquerda. Pedírono cando se chamaban En Marea. (*O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Sánchez, silencio. Remate.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Cando se chamaban Galicia en Común, e pídeno agora que se chaman Común da Esquerda.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Nós imos seguir traballando para defender os postos de traballo de toda unha comarca, e gustaríanos que os grupos da oposición non fixeran... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas...

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...de palmeiros dun Partido Socialista irresponsable, que castiga a nosa comunidade.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: E, dende logo, na comarca de Ferrolterra non merecemos esta [...]. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Tellado.

Para o turno de réplica ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.



Señorías, vimos falar hoxe aquí dunha cousa moi concreta: da situación que estamos a pasar en Galicia por unha decisión inxusta do Goberno que está provocando o peche abrupto dunha planta térmica que tiña un proceso claro, unha vez que a empresa fixo un investimento de 200 millóns de euros, e que vai en contra de todos os principios que se están establecendo na Unión Europea precisamente para favorecer a transición enerxética. Galicia está en contra e posiciónase claramente en contra desta decisión inxusta do Goberno.

O que vén plantexar aquí a Xunta de Galicia é o apoio dos grupos parlamentarios para as 750 familias porque non merecen unha decisión inxusta, política e ideolóxica do Goberno. *(Aplausos.)*

Vimos, señorías, cunha proposta moi clara e moi sinxela, que ten o consenso e o acordo do Concello das Pontes e da Xunta de Galicia, e é solicitarlle ao Goberno a reactivación inmediata da planta mentres non se atope unha alternativa.

É moi sinxelo. Estamos a favor ou estamos en contra. O Goberno téndelles a man porque, se sumamos todos, seremos máis fortes, e, polo tanto, podemos facer unha fronte común ante unha decisión que está tomando o Goberno Socialista en Madrid. *(Murmurios.)* O plantexamento é sinxelo, agora respostarei a todas as intervencións dos grupos parlamentarios, pero simplemente lles traslado que Galicia non merece o trato que está a trasladar o Partido Socialista en materia de política enerxética, e, dende logo, creo que temos a responsabilidade neste Parlamento de unirnos ás 750 familias que están pasando por unha situación inxusta, que, dende logo, é unha situación sobrevida ante a cal o Goberno ten que responder.

En calquera caso, señor Casal, o Goberno ten recoñecido que foi unha situación sobrevida, precisamente por iso hai unha dobre responsabilidade para que tome medidas. O que lle estamos a plantexar é o que di a Unión Europea. A Unión Europea o que di é que os gobernos teñen os mecanismos fiscais axeitados para poder afrontar a reactivación da planta. Non estamos pedindo nada en contra do que están facendo outros países ou do que permite a propia Unión Europea. Polo tanto, aquí non hai nin cores nin partidos, aquí o que hai é unha posición clara de como dar unha resposta ante unha situación á que claramente España ten que responder.

Señor Casal, en Europa hai 149 centrais térmicas en funcionamento, ¡149! ¿Alguén me pode explicar por que as temos que pechar todas en España? Este non é un tema de loita contra o cambio climático, non, non. Nós non estamos a favor, nós estamos a favor do cambio climático, non estamos a favor de manter ininterrompidamente as centrais de carbón. *(Murmurios.)* Claro que non, claro que este goberno non defende o funcionamento ao longo do tempo das plantas de carbón, ¡claro que non! Europa está plantexando unha transición enerxética, ¿por que non podemos nós participar nesa transición enerxética igual que o resto dos países? ¿Por que o Goberno nos traslada paro a Galicia sen alternativas?

En Alemaña, señor Casal, importaron o ano pasado 44,5 millóns de toneladas de carbón. Digamos os datos, están aí, están aí os datos. *(Murmurios.)* Claro que Alemaña tamén importa carbón, igual que España. Non é un tema do recurso, é un tema, simplemente, da decisión de como afrontar unha transición enerxética. *(Murmurios.)*



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Desculpe, conselleiro, un segundo só.

Señora Vilán, o seu grupo ten designada a unha deputada para ser portavoz nesta área ou neste asunto en concreto, e ten un turno a continuación. Prégolle que garde silencio, e se ten que facer comentarios, como todo o mundo, pódeos facer pero máis baixo, porque leva así toda a intervención. Se non, tereina que chamar á orde. Cando vostede vén aquí, gústalle que o resto de deputados dos outros grupos estean calados. Así que, por favor, imos pedir o mesmo... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) A todos, a todos, por favor, a todos, señora Rodríguez Rumbo. A todos.

Continúe.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Dúas cousas máis, señor Casal. Fágolle unha pregunta moi sinxela, se está de acordo coa reactivación inmediata da planta, porque na súa proposta o que nos traslada é algo que nós consensuamos onte co alcalde das Pontes, que é precisamente constituír unha mesa técnica entre todas as administracións, contando tamén, loxicamente, coa colaboración das universidades, dos centros tecnolóxicos, todo aquilo que poida aportar unha solución, unha alternativa, para deixar de queimar carbón pero manter a produción enerxética.

Creo, sinceramente, que a proposta que vostede traslada está incluída nese concerto entre o Concello e a Xunta de Galicia, polo tanto, pediríalle ese posicionamento e que sumara esforzos o seu grupo parlamentario; creo que hoxe temos unha oportunidade, realmente, para facer esa fronte común.

Señora Presas, eu non sei por que elude o debate. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non sei por que elude o debate.

Temos que deixar unha cousa clara porque é bastante sinxela. A política enerxética é unha competencia exclusiva do Goberno. O réxime económico do sistema eléctrico é unha competencia exclusiva do Goberno de Madrid. (*Murmurios.*) Polo tanto, se temos que afrontar aquí, que é do que vimos falar, de como lle podemos dar unha resposta á central das Pontes e aos traballadores das Pontes, témonos que remitir aos instrumentos vinculados co réxime económico do sistema eléctrico. E ese réxime económico do sistema eléctrico é unha competencia exclusiva do Goberno de Madrid. Así llo trasladei á ministra. Preguntoume que vai facer Galicia. Pero ministra, son as túas competencias. Tes ti os instrumentos fiscais, igual que tes ti o instrumento do mecanismo do CO₂, que supón un ingreso. ¡Oia, asuma as súas responsabilidades e así poderemos entendernos!

Polo tanto, pregúntolle, señora Presas, onde se quere situar. ¿Situáse con Galicia ou situáse intentando apoiar o Goberno de Madrid, como ten feito no pasado e como ten feito cando o Goberno Zapatero quixo introducir as renovables a un custo que nós non podíamos asumir, e alí estaba o Bloque Nacionalista Galego apoiando a Zapatero? ¿Onde se quere posicionar? ¿Apoiando a Sánchez ou apoiando a Galicia? Teñen que decidir dunha forma moi sinxela. (*Murmurios.*) Teñen que decidir. Por unha vez creo que o Bloque ten a oportunidade, dende logo, de defender os intereses dos galegos e, sobre todo, de defender os intereses das Pontes.



Señora Presas, hai unha posición unánime, precisamente, para ver como podemos facer esa fronte común, e creo que é bastante representativa. Está todo o concello das Pontes detrás en defensa da central das Pontes. Está a Xunta de Galicia detrás da defensa da central das Pontes, ¿onde se sitúa o Bloque Nacionalista Galego?, ¿ao lado de Pedro Sánchez e do Partido Socialista, como no pasado estiveron apoiando a Zapatero, ou está realmente con Galicia e os intereses dos galegos?

Señor Sánchez, aclárese, porque a súa intervención é de *Diario de Sesións*. Eu non sei con quen está. escoitei moi atentamente a súa intervención e non me quedou claro con quen está, se está defendendo a central térmica das Pontes ou está preparando algún cargo en Madrid co novo goberno. Non o teño nada claro, seguramente co segundo. Realmente, é curioso ver como na súa intervención se aliñou co Goberno do Partido Socialista, ¡curioso! Utiliza, coma sempre, o recurso das grandes empresas, das multinacionais, pero, realmente, non concreta onde se quere posicionar.

Señor Sánchez, eu non vin aquí acusar a ninguén. Isto non é cuestión de buscar culpables, non, non. Isto é cuestión de asumir responsabilidades e de tomar decisións, nada máis. Non veño culpar a ninguén nin falo do pasado, falo do presente e do futuro. Polo tanto, ao único que vimos é a trasladar e pedir esa responsabilidade.

Preguntaron varios representantes dos grupos, ¿que fixo Galicia? Creo que Galicia —díxeno na miña intervención— é verde e Galicia o que quere é ser máis verde. Pero Galicia é verde cos feitos, porque Galicia leva moitos anos apostando polas enerxías renovables, ¡moitos anos! Cando ninguén falaba das enerxías renovables, aí estaba Galicia.

É certo que as directrices enerxéticas do ano 2018-2020 nos están a permitir desenvolver un papel determinante neste proceso de transición enerxética, e, efectivamente, imos rematar o ano 2020 con preto de 8.000 megavatios renovables, dos que 4.000 serán eólicos, señorías.

Fálase dos eólicos que se queren desenvolver para o ano 2030. En Galicia, a pesar da oposición que están desenvolvendo moitos grupos parlamentarios para que Galicia poida liderar esa transición a través do sector eólico, estamos sendo pioneiros. E recórdolles —dato que creo que é importante— que somos a segunda comunidade con máis potencia e máis produción eléctrica procedente de fontes renovables. O 66 %, señorías, o 66 % da potencia eléctrica instalada en Galicia xa é renovable. ¿Como que Galicia non fixo os deberes? A media de España está no 38 %, Galicia, o 66 %, e moi por riba doutros estados da Unión Europea. Galicia 66 %, Francia, 19 %. Galicia 66 %, Alemaña 35 %. Galicia 66 %, Italia 39 %. ¿Como que Galicia non fixo os deberes?

E por suposto que aprobamos unha estratexia de cambio climático e de enerxía 2050, ¡claro que si! Señora Rodríguez, tiveron dous anos para facer achegas; 690 axentes fixeron achegas, sete mesas traballando nesta estratexia. ¿Onde estaba o Partido Socialista? ¡Oia! aquí estamos para propoñer, ¿ou estamos simplemente para estar aí sentados e criticar? Hai unha estratexia de cambio climático, ¿onde están as propostas do Partido Socialista? (Aplausos.)



Señorías, esta estratexia de cambio climático e enerxía que está impulsando a Consellería de Medio Ambiente está situando a Galicia como referencia na loita contra o cambio climático, esa é a realidade. En España tan só hai outras tres comunidades, como son Cantabria, País Vasco e Navarra que teñen unha planificación semellante, ninguén máis. Catro comunidades autónomas en España, entre elas Galicia. ¿Como que Galicia non está liderando a transición enerxética e a loita contra o cambio climático?

Un dato, un dato que tamén é importante, porque cando se planifica, e se planifica con rigor, despois queda nos documentos. Esta estratexia de cambio climático, señorías, non contempla o peche da central das Pontes. Non está contemplado porque o Goberno non contemplaba que se pechase a planta das Pontes. (*Aplausos.*) Polo tanto, terá que vir aquí o Partido Socialista explicarnos, efectivamente, por que a quere pechar. E por certo, señora Rodríguez, ¿como que non é compatible defender a continuidade da central das Pontes con medidas orientadas á transición enerxética? Pero ¿como me pode criticar vostede que o Redesga utilice o cen por cento de enerxía procedente de renovables? Pero ¿que ten que ver a transición enerxética e a reactivación da planta das Pontes con que tamén haxa unha aposta pola transición enerxética? ¿Falamos en serio ou vimos aquí falar simplemente para pasar un expediente?

Por certo, magnífica intervención como avogada defensora do Partido Socialista Obreiro Español, ¡magnífica intervención! Seguramente está vostede facéndose con moitos votos para ter unha traxectoria en Madrid. Pero o que nos importa aquí é Galicia, impórtannos os traballadores das Pontes, señora Rodríguez, non nos importa cal é a axenda do Partido Socialista porque, lamentablemente, a axenda do Partido Socialista é someter a Galicia á nada. Aí non terá a este Goberno, aí non terá a este grupo parlamentario e, dende logo, aí non terán aos galegos. (*Aplausos.*) Vostedes saberán onde se queren situar.

Señora Rodríguez, veu vostede falar aquí de todo e de nada. Aquí vimos falar da central das Pontes. Se quere falar de política industrial, a favor. Hoxe veu aquí unha ministra, sorprendentemente, despois de quince meses, a non dar ningún tipo de solución. É máis, pedímoslle un estatuto, do cal levan falando meses de que teñen un borrador, pedímoslle que nolo ensinen para ver se realmente ese borrador vai na dirección axeitada, e non, non, non. Non o imos ensinar porque as eleccións son o 10 de novembro, ¡non vaia ser! Pero podo dicirlle unha cousa, o presidente de Alcoa, o comité de empresa de Alcoa e a Xunta de Galicia quedamos enormemente preocupados polo futuro de Alcoa San Cibrao precisamente porque non hai un goberno que sexa transparente, que sexa claro e que estea determinado a dar un prezo eléctrico e unha posición competitiva á planta de Alcoa. E eses son, señora Rodríguez, dous mil empregos industriais en Galicia.

Se quere falar vostede de política industrial, falamos de política industrial, pero se quere falar das Pontes, entón falamos de política enerxética, e a pregunta é ¿onde está a política enerxética do Partido Socialista?

Fala vostede dos investimentos das Pontes, ¡claro que si! De se Meirama e As Pontes estaban na axenda da Xunta de Galicia. ¡Oia!, ¿vostede que cre que estaba nas reunións que tivo a Xunta de Galicia con Endesa? Nada máis que que se fixeran os investimentos que marcaba a directiva de emisións industriais precisamente para darlle continuidade á planta das Pontes



a partir do ano 2020. E Galicia conseguiu que se fixeran eses investimentos. ¿Quen pode explicar que agora veña un goberno, un ano antes, a pechar a central? Pero ¿en que país estamos? ¿Cren no Partido Socialista que poden legislar co dedo? Aquí estamos falando de emprego, estamos falando de familias e estamos falando de futuro, polo tanto, non podemos aceptar que convenceramos entre todos a unha empresa para que fixera un investimento de 200 millóns de euros para cumprir unha directiva europea que marcaba xuño do ano 2020 para ter feitos eses investimentos e continuar coa actividade, e que no ano 2019 veñan vostedes aquí e digan que en vinte e catro horas haxa que pechar esa planta. *(Aplausos.)* Pero ¿que broma é esa?

E con respecto ás súas alusións a Naturgy, mire, este goberno só ten un obxectivo, que é Galicia, e, polo tanto, vai defender ese posicionamento ante calquera empresa. Xa lle temos dito por activa e por pasiva, neste parlamento e fóra deste parlamento, que Naturgy e o Goberno teñen que asumir a responsabilidades de pechar a planta das Pontes e, polo tanto, teñen a responsabilidade de dar unha alternativa á comarca dende o punto de vista industrial porque así o marca o propio proceso de transición enerxética e así o marca a autorización que ten que dar o Goberno para o peche da planta. Porque vostede sabe que o Goberno non pode dar autorización do peche sen que presente Naturgy unha alternativa industrial que poña un futuro a esa comarca. Polo tanto, veremos.

Dende logo, a Xunta de Galicia vai estar exixindo a Naturgy e ao Goberno que se cumpra precisamente cos condicionantes dese peche, e eu espero que o Partido Socialista deixe a súa militancia nacional e defenda os galegos, e, polo tanto, estea tamén defendendo o posicionamento de Meirama. *(Aplausos.)*

Fálase aquí do que tiña que estar preparado. Pero con tranquilidade, señorías. Os fondos da Unión Europea para a transición enerxética e, polo tanto, os fondos que contemplaron en Europa para axudar as comarcas en transición estarán dispoñibles a partir do ano 2021. Pero ¿falamos en serio ou non? Os fondos da Unión Europea para a transición enerxética incluíranse no marco presupostario 2021-2027, por iso o alcalde das Pontes está pedindo, xunto coa Xunta de Galicia, estar na plataforma de rexións europeas en transición, porque son plenamente conscientes o alcalde das Pontes e o presidente da Xunta de que a partir do ano 2021 haberá fondos na Unión Europea precisamente para rexións en transición. ¡E vén o Goberno socialista dicirnos que pechemos no ano 2019! Pero ¿onde estamos?, ¿onde estamos, señorías?, ¿onde estamos? *(Aplausos.)*

Señorías, finalizo. Eu, honestamente, só espero que non caiamos no erro do pasado. O Partido Socialista está proponendo unha política enerxética sen ningún tipo de planificación, á marxe da normativa europea, á marxe dos propios fondos que se van establecer na Unión Europea, á marxe do posicionamento que teñen os países. Eu lembro aquí hoxe o Goberno Socialista de Rodríguez Zapatero, que foi apoiado... *(Murmurios.)* Sei que non lles gusta escoitar isto, sei que non lles gusta, pero a política enerxética de Rodríguez Zapatero foi apoiada polo Bloque Nacionalista Galego e a esquerda, e aí está o *Diario de Sesións*, eu non invento absolutamente nada.

O señor Zapatero quixo ser o primeiro do mundo en implantar enerxías renovables cando non estaban maduras, sabémolo, e iso xerou —sábeno perfectamente— un déficit tarifario



de 30.000 millóns de euros que tivemos que pagar, señorías, que tivemos que pagar. E hoxe o Partido Socialista parece ser que quere volver ser o primeiro, outra vez apoiado polo Bloque Nacionalista Galego, apoiado por En Marea e apoiado polo Grupo Común da Esquerda. Eu pido por favor a este Parlamento que realmente lles deamos unha resposta aos traballadores e non cometamos un erro que non tería ningún tipo de retorno.

A proposta é sinxela, moi sinxela. Estamos pedindo a reactivación inmediata da planta central das Pontes mentres non haxa unha alternativa que permita dar continuidade á produción eléctrica nas Pontes. Pedimos que se constitúa unha mesa de traballo entre as administracións e a propia empresa para traballar nesas alternativas. E, por suposto, que Galicia poida estar na plataforma europea que lle permita acceder aos fondos europeos que estarán dispoñibles a partir do ano 2021.

Eu pídolles encarecidamente que nas súas intervencións se posicionen sobre se realmente queren os grupos da oposición facer unha fronte común co Concello das Pontes e coa Xunta de Galicia, porque cremos honestamente que as 750 familias das Pontes merecen este apoio, merecen esta loita, e, dende logo, non merecen o trato que nestes momentos lles está a trasladar o Goberno de Madrid.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Rolda especial de aclaracións.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Casal

O señor CASAL VIDAL: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, xa lle digo desde hoxe mesmo que estamos dispostos a participar nesos traballos, como xa vimos reclamando desde hai tempo, e, por suposto, estaremos aí. Iso si, que sexan realmente participativos.

Falou vostede do investimento de Endesa. Efectivamente, Endesa investiu 200 millóns de euros sabendo perfectamente que tiña o risco de que, se o CO₂ seguía subindo, se podía chegar a unha situación en que a central non sería rendible a curto prazo. ¿Por que seguiron co investimento de 200 millóns de euros e, en cambio, por exemplo, Naturgy non?

Parece que xa contaba con poder recuperalos coas propostas que hoxe vostedes trouxeron aquí. Se as recuperamos coa central funcionando, perfecto, uns miles de horas máis, fenomenal, fenomenal, rendementos para todos. E se non é rendible... Porque a central está pechada non porque o ordenara o señor Sánchez ou porque o ordenara a Unión Europea, a central está pechada porque non é rendible para Enel, jesa é a realidade! Entón, se non era rendible e tiñan o risco de perder os 200 millóns, ¿por que fixeron o investimento? Pois porque contemplaban que alguén ía reclamar que se lles pagaran os cartos con exencións fiscais e pagarlles durante varios anos, ao mellor cinco, seis, ata o ano 2025, incluso ata o 2030,



por ter a central parada, mediante os pagos por capacidade que vostedes reclaman. Esa non é unha alternativa, iso non é investir no futuro das Pontes.

E a central das Pontes, como xa mencionei, péchaa Endesa, péchaa Enel, non a pecha nin o señor Sánchez, nin a Unión Europea, nin o conselleiro de Industria, nin ningún deputado ou deputada desta Cámara. A central péchaa Enel porque non lle é rendible. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, por ningunha decisión. Os dereitos de CO₂ non dependen do señor Sánchez, non veñan aquí contar milongas, ¡por Dios!

O tema é que unha central con carbón importado, cos custos de poñer o carbón a pé de mina, máis dereitos de CO₂, cun prezo de venda nestes momentos de 52 euros megavatio/hora, non é rendible, e a empresa decide pechar.

Agora hai dúas alternativas: ou darlle cartos á empresa para que siga producindo de maneira deficitaria, ou dedicar estes cartos ao futuro da comarca das Pontes. Centos de millóns de euros habería que pagarlle a Endesa para que esa central seguira funcionando de maneira deficitaria. Porque os dereitos de CO₂ non van baixar, iso é evidente, a tendencia é que sigan subindo; cada vez máis cartos. Ao mellor, dámoslles agora 100 millóns e traballan durante seis meses. E dentro de seis meses dirán: oe, que o CO₂ subiu outro 20 %, dáme outros 100 millóns. ¿Iso de verdade é a política dun goberno serio e responsable? Nós pensamos que non.

Evidentemente, hai que ter un plan provisional. Ao mellor hai que agardar un tempo para poder adaptar todo e hai que facer propostas concretas, pero é que non vemos nada, non vemos ningunha proposta concreta. Se vostedes se meten en Internet e miran o proceso de transición da mina de Andorra en Teruel, de Endesa, encontrarán centos de referencias, do Goberno de Aragón e da propia Endesa, con propostas concretas do que vai aportar para a recuperación desas zonas.

Miren a ver se encontran algunha proposta de Endesa ou algunha proposta do Goberno da Xunta de Galicia de como se vai recuperar a comarca das Pontes. Estudos serios, onde se diga que se vai investir nisto, que se vai recuperar desta maneira, que se vai investir, este é o proxecto. Pois pouco, eu non encontrei nada, e de Teruel, da central de Andorra, hai decenas de ficheiros xa colgados en Internet.

Efectivamente, señor conselleiro, ten vostede razón, está ben documentado, os fondos europeos empezan no ano 2021. ¡Claro, e os exames son en xuño, pero os estudantes empezan a estudar en setembro, non esperan a xuño! Falta un ano —un ano e tres meses— para que a Unión europea empece a soltar os cartos. Pero para soltar os cartos, o primeiro que hai que ter é o mapa da transición sostible, que xa o teñen vinte e cinco rexións de Europa afectadas. E en Galicia, ata hai dúas semanas que eu o mencionei aquí, todo o mundo preguntaba ¿que é iso do mapa de transición sostible? Xa sei que agora se están poñendo as pilas, xa sei que están contando coa universidade para desenvolvelo. Fenomenal, felicitoos. Pero, xa digo, que sexa de maneira participada. E dentro de ano e medio —un ano e tres meses— ten que haber xa proxectos, e, mentres tanto, alternativas concretas. Por exemplo, conselleira de Medio Ambiente, unha alternativa concreta. Sabe vostede que o 1 de xaneiro do



ano que vén, se se aproban os orzamentos, debería poñer en marcha xa a renaturalización da ría do Burgo. Aí hai medio millón de toneladas de lodos tóxicos. Pois en vez de encapsulalos, como está no proxecto inicial —que non sei quen o fixo, a verdade—, ao mellor o tema era que os transportistas das Pontes levaran ese medio millón de toneladas, a partir de xaneiro do ano que vén, do ano 2020, a Sogarisa, que lamentablemente xa non é un unha empresa pública da Xunta de Galicia, senón que lla regalaron a un amigo. Ao mellor esa é unha solución, é un ano de traballo para os camioneiros das Pontes; o mesmo que os lodos de Pontevedra.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CASAL VIDAL: Hai moitas alternativas. Evidentemente, non é... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pódese facer, pódese facer...

O señor PRESIDENTE: Non dialoguen, non dialoguen...

O señor CASAL VIDAL: ...é moito mellor sacalos...

O señor PRESIDENTE: Non dialoguen, se non...

Remate, por favor.

O señor CASAL VIDAL: ...que encapsulalos onde...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CASAL VIDAL: Bueno, resumindo.

Señor conselleiro, perfecto, estamos dispostos a ir a iso, pero propostas, e, sobre todo, avaliación. Canto hai que pagarlle a Endesa para que a central siga funcionando, e se é mellor gastar eses cartos noutras alternativas. Analicémolo, estamos dispostos a colaborar.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Boa tarde de novo. Volveu insistir o señor Conde en que non valera de nada a reunión con Alcoa hoxe, entón eu reafirmome: o señor Feijóo non está aquí porque vetou a comparecencia da súa persoa por covardía política, (*Aplausos.*) para non dar a cara e que a dean outros no seu nome, e punto.

E non me traia fotos, señor Tellado, que entón teño que empezar a sacar todas as fotos do conselleiro prometéndonos a adaptación de Naturgy e non me dan os minutos de réplica para constatar os seus fracasos estrepitosos. Así que, por favor, non insista por esa vía.



Achega á estratexia do cambio climático. Home, señor Tellado, cando teñan a ben enviado ao Parlamento galego, se o tramitan por aquí, faremos achegas. Agora ben, que non sexan trapalladas como as directrices enerxéticas de tres páxinas que tramitamos nesta Cámara. *(Aplausos.)*

Porque vir con esas falsidades para tentar dar aquí unha falsa imaxe de que vostedes son os únicos que planifican neste planeta cando son os que menos o fan, non deixa de ser pouco serio. Igual que o xogo que fan coas datas, cando saben que neste mesmo Parlamento temos debatido unha e outra vez sobre a posibilidade da fin do carbón antes de 2045 e a propia Endesa cifraba as súas cifras para antes do 2045. Polo tanto, ¡non veñan con esas historias!

Eu véxoo un pouco confundidos. Están acusándonos ao Bloque Nacionalista Galego de defender unha gran coalición co Partido Socialista e son vostedes e o señor Feijóo quen o está defendendo. *(Aplausos.)* Eu, por primeira vez, e seguramente por última vez na miña vida, vou facer miñas unhas declaracións do señor Casado e dicirlles ¡déixense de caralladas!, pero déixense de caralladas para tomar este país en serio. *(Aplausos.)*

Porque miren, vostedes moito choran, pero quen tivo que traer a esta Cámara unha e outra vez a reclamación da débeda do Plan carbón do Partido Popular e do Partido Socialista foi o BNG. Aínda o pasado 21 de xaneiro acadamos un acordo para demandar que o señor Pedro Sánchez incluía Galiza no actual Plan carbón. Vostedes votan a favor, ¿cal é o problema? Que despois non executan o seu peso político, non conseguiron que iso fose así. Polo tanto, non temos nada que ter como cargo de conciencia.

Como tampouco respecto dos fondos europeos. ¡Pois claro que estamos a favor, señor Conde, de que reclamen que Galiza estea en pé de igualdade nos fondos europeos! Pero hai quince días vostede, que é deputado neste Parlamento, votou en contra no debate do estado da nación. *(Aplausos.)* Nós pedimos que Galiza fora incluída nos fondos europeos. ¡Teñan un pouco de seriedade!

Eu insisto en que o nacionalismo galego non se casa con ninguén e sempre está do lado de Galiza, e así o estivo coas comarcas carboeiras deste país. E unha cousa é a competencia e outra a incompetencia, volvemos ao debate de sempre. Se vostedes para unhas cousas están tan aceirados para defender o noso país, fagan iso extensivo ao modelo enerxético. ¿Estame dicindo entón, polo tanto, que vostedes non teñen nada que facer máis alá de queixarse de que o Goberno central é malísimo? Pois entón, non sei, igual deberían regalar parte do que nos custa este Goberno para o desenvolvemento industrial destas comarcas e sería moito máis útil que telos a vostedes queixándose todo o día.

En todo caso, eu quixera concretar unha cuestión. Aclare vostede que quere dicir con iso de mesa técnica, de mesa de diálogo etcétera. Eu fíxenlle unha proposta moi concreta: se non están a tomalos a vostedes en serio desde o Goberno central, se non nos podemos fiar deles —porque pode pasar o mesmo que co estatuto de electrointensivas—, entón o que temos que facer é ter unha mesa de ámbito galego para que sexan eses señores e señoras das Pontes os que poidan decidir sobre o seu futuro, para que estean integrados todos os organismos socialmente relevantes deste país e para que estean as administracións locais, a Xunta, o Estado e se exixa tamén a presenza de Endesa. *(Aplausos.)*



Porque, desde logo, se confiamos en que desde Madrid decidan o que vai ben ou non vai ben para este país, ¡mal nos vai ir!, como nos foi na última década. Polo tanto, diga claramente se vostede vai exercer poder político e liderar esa mesa de traballo galega ou non, ou se simplemente vai esperar que decidan por nós.

Eu quixera simplemente dirixir as últimas palabras do Bloque Nacionalista Galego a todas as persoas das Pontes e tamén de Cerceda que neste momento están preocupadas e que seguramente estean decepcionadas polo resultado desta comparecencia.

Pola nosa banda, poremos o posible de nós mesmas para que esta situación vaia adiante; este país ten pasado xa por moitas. Temos que lembrar —vós coñecedes mellor ca nós— a loita colectiva que nos ten levado a conquistar moitos dereitos sociais nestas partes do país. Sabemos que houbo xente que fixo folgas de fame, que recibiu malleiras, que aturou os golpes nas manifestacións e que estivo (*Aplausos.*) loitando polos dereitos de toda unha comarca e de toda unha clase. (*Murmurios.*)

Temos ese legado ás nosas costas e iso ten que estar por riba de todos os intereses que estamos a ver agora. Estamos convencidas de que este pobo volverá saír adiante, de que haberá futuro tamén na comarca das Pontes.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo Común da Esquerda, señor Sánchez. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Tranquilidade, temos invitados arriba. Por respecto a eles, por favor, e por respecto todos. Diríxome a todos os deputados e deputadas: por respecto aos invitados que temos na tribuna, imos ao que imos, que é o tema que lles interesa a eles. Grazas.

Señor Sánchez, cando queira.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Grazas.

Señores do Partido Popular e do Goberno galego, pensei que viñan falar en serio deste tema, pero notóuselles moito a montaxe que viñeron preparar aquí; unha montaxe que significaba sobreactuación, mentir, enganar a xente ou tratar de enganar a xente en vez de asumir as responsabilidades como goberno dun país que ten competencias plenas en planificación económica.

Hoxe fixeron unha montaxe que se lles notou moito. Mire, eu xa sinaléi que tanta responsabilidade ten o Goberno galego como o Goberno español por non ter preparado este país para o cambio que vai acontecer inevitablemente, os dous. Eu non son coma vostedes: «Pensa o ladrón que son todos da súa condición». Eu non vin aquí eximir o Goberno socialista de responsabilidades, vin falar coa verdade, e a verdade foi que Endesa comunicou esta nova situación nestes termos: «Durante o ano 2019 produciuse unha profunda modificación nas condicións de mercado que afectan ás centrais térmicas de carbón, derivadas funda-



mentalmente do prezo internacional dos *commodities* e a efectividade dos novos mecanismos de regulación dos mercados de dereitos de emisión do dióxido do carbono, que desprazan as centrais de maior volume de emisións en beneficio doutras tecnoloxías.»

Isto non é ningunha decisión de ningún goberno, isto é algo previsible e planificable que vostedes nin previron nin planificaron. Porque houbo unha reforma dos mercados dos dereitos de emisión, no 2017, precisamente para que subiran os prezos de emisión de CO₂. Gústelles ou non lles guste, en Europa houbo esa reforma no 2017 e había xente que estaba alertando de que ían subir ata os 25 euros, como así foi. A iso chámase previr e planificar, que é o labor dun goberno. *(Aplausos.)*

Cando unha central emite 7 millóns de toneladas de dióxido de carbono e lle soben 20 euros cada tonelada, iso significa 150 millóns de euros de diferenza no balance, por iso non é rendible producir con carbón. ¿Verdade? E iso non é previsible que cambie.

Polo tanto, vostedes sobreactúan e menten, e repiten mil veces a mesma mentira para ver se se converte en verdade. Primeiro, privatizaron Endesa. Se tan importante e estratéxica é Endesa para As Pontes, e tanto vostede perde o tempo en falar da sensibilidade coas familias, ¿por que a privatizaron, e deixaron en mans dunha empresa privada a vida desas persoas? *(Aplausos.)* ¿Por que?

Evidentemente, porque utilizaron As Pontes para lanzar unha empresa que hoxe en día reparte dividendos millonarios. Pasou por alí o señor Pizarro —¿lémbrese?—, do Partido Popular, o señor De Guindos, o señor Aznar, o señor Martín Villa... Esa é a corrupción, a gran corrupción do Partido Popular, que entregou o sector eléctrico a catro empresas para que lles subiran o prezo da luz aos cidadáns e para que agora deixen na estacada os traballadores e os camioneiros, ¡e esa responsabilidade pesa sobre vostedes!

Segundo, porque non fixeron os deberes, porque non planificaron esta situación nin a previron. Cando nós dicíamos xa hai anos que había que facer un plan ante un eventual peche das térmicas, porque isto podía pasar, vostedes botábanse enriba nosa. ¿Como estaría mellor este país, cun plan de diversificación económica, de reindustrialización, ou simplemente sen nada, cun goberno que elude todas as responsabilidades e desvía as responsabilidades a outros? Se todos os demais teñen a culpa e vostedes ningunha, están recoñecendo que son inútiles para este país, *(Aplausos.)* que son incapaces de darlle solucións.

E terceiro, teñen que sobreactuar e mentir sobre As Pontes e faltarlle ao respecto á xente, a esa xente á que vostede apela cinicamente, moi cinicamente, á que vostede e o señor Tellado, moi cinicamente, apelan. Vostedes terían que ser capaces de xerar alternativas de futuro, e un goberno que non é capaz de dar solucións a R, a Vulcano, a Barreras, a Isowat, a Meirama, ás Pontes e a un longo etcétera, ese goberno é impotente á hora de ofrecer oportunidades de futuro. Un goberno que destruíu 22.000 empregos industriais en dez anos. Dez anos nos que, un de cada tres empregos industriais destruídos no Estado español era galego.

Vostedes son os subcampións de todo o Estado en destrución de emprego industrial. Non poden xerar expectativas de futuro para este país. Por iso, por estas tres razóns vostedes vi-



ñeron aquí facer unha montaxe e faltarlle ao respecto á cidadanía, aos traballadores e aos camioneiros.

Vostede dicíame, ¿de que lado está? Mire, vostedes saben ben de que lado están, vostedes están do lado de Endesa, pero non dos traballadores de Endesa, porque vostedes nas súas medidas queren regalarlle millóns de euros a Endesa...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...por certo, para seguir subindo a factura da luz, unha das facturas da luz máis caras de Europa, pero non deu aquí ningunha solución para eses camioneiros, que son os que precisan unha solución máis perentoria.

¡Menos mentira, menos sobreactuación, menos mitins e máis goberno para todos e non para o oligopolio eléctrico!

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

De verdade, señor conselleiro, ¿vostede pode seguir dicindo aquí que o Goberno de Pedro Sánchez pechou a central térmica das Pontes? Se esa afirmación a fai un conselleiro que forma parte do Goberno da Xunta de Galicia, todo o demais que diga queda descualificado, (*Aplausos.*) ¡absolutamente todo!

Vostede sabe perfectamente que non pode vir a este Parlamento de Galicia e mentir. Sabe que non o pode facer. E sabe que non pode mentirnos a nós nin ás persoas que están aí escoitándoos. Están mentindo, absolutamente mentindo.

Vostede sabe perfectamente que esta é unha decisión da empresa, de Endesa, e sabe perfectamente que o prezo dos dereitos de emisión do dióxido de carbono, que se incrementaron en máis dun 50 % neste último ano, lastra a rendibilidade desta empresa. ¡Sábeo perfectamente! E a propia empresa ten manifestado que, aínda que o Goberno elimine o céntimo verde, segue sen ser rendible a empresa. (*Aplausos.*) ¡Sábeo perfectamente! Non minta, non engane, non é de recibo que unha persoa que forma parte do Goberno galego veña mentir. ¡Non é de recibo, señor conselleiro! (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

Logo hai outros turnos. Respectémonos todos.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Por certo, señor conselleiro, ¿fixeron algunha xestión co señor Arias Cañete, comisario de Enerxía na Unión Europea e que ademais pertence ao Par-



tido Popular? ¿Fixeron algo? Porque iso si que sería interesante sabelo, iso si que sería interesante que nolo comentara aquí.

Señor conselleiro —insisto—, vostedes teñen a obrigaón de planificar a política industrial deste país, teñen a obrigaón. Contésteme, ¿cal é o modelo enerxético da Xunta de Galicia? Contésteme, ¿onde están publicadas as directrices enerxéticas de Galicia? Contésteme. Contésteme se en 2016 vostedes poñen o reto de rebaixar as emisións de gases de efecto invernadoiro un 35 % das de 2005. Contésteme, ¿onde están?, ¿cales son esas medidas? Creo que o señor Tellado falaba dun 5 %, pero é que teñen que baixalas un 35 %. E queremos saber cal é a planificación da Xunta de Galicia, cal é a planificación do Goberno galego. *(Murmurios.)*

Señor presidente, creo que hai alguén que quere vir aquí á tribuna. Por favor, invítea se é posible, e, se non, por favor, que cale a boca. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Agora está vostede no uso da palabra.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Estou eu no uso da palabra. Pois, por favor, pídlle silencio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Señor conselleiro, vostede fala da estratexia de cambio climático que vostedes tramitan como un decreto, que non traen a este Parlamento como un proxecto de lei para ser debatido, *(Aplausos.)* ¿e ten a cara —perdoe que lle diga— de dicir que non fixemos ningunha achega? ¡Por favor! Paréceme un insulto, é un insulto o que nos está dicindo hoxe aquí. ¡É un insulto o que nos está dicindo hoxe aquí!

Mire, señor conselleiro, nós, o Grupo Parlamentario Socialista, temos un compromiso inequívoco coas dúas centrais térmicas. Respecto da central térmica de Meirama, recién iniciada esta lexislatura —esta X lexislatura— fomos nós os que trouxemos a primeira iniciativa sobre a perda dos fondos Miner. *(Aplausos.)* ¿Sabe cal foi o voso voto, incluído o seu e incluído o do presidente militante de Galicia? ¿Sabe cal foi o voto? En contra, ¡en contra foi o voto de vostedes! Esa foi a vosa aposta por recuperar os 72 millóns de euros dos fondos Miner que o señor Mariano Rajoy anulou dun plumazo. *(Aplausos.)*

Mire, señor conselleiro, foron varias e moitas as iniciativas que aquí o Partido Socialista temos presentado e que o rodillo do Partido Popular impediu que saísen adiante. Presentamos tamén unha proposta de resolución no debate do estado da Autonomía, no anterior pleno, e vostedes volveron votar en contra. E unha PNL que foi traída aquí no anterior pleno polo Partido Popular, defendida polo señor Tellado, que non entendía que nós iamos votar a favor, tamén a votamos a favor, ¡tamén a votamos a favor! Polo tanto, a nosa aposta é totalmente inequívoca.

Ademais, presentabamos unha emenda, señor conselleiro, que ía no mesmo senso do que vostede nos pedía hai un momento, e dicíamos: «Que se constituía á maior brevidade posible un grupo de traballo interministerial, no que se integren as comunidades autónomas, cos



seguintes fins: analizar o modelo de transición enerxética máis razoable, sustentable ambiental e economicamente, e no que teñan cabida as centrais térmicas máis eficientes, entre elas as de Meirama e As Pontes. Elaborar o Plan de desenvolvemento industrial co horizonte 2030 para a transición ecolóxica e a descarbonización, que permita maximizar as oportunidades, mellorar a competitividade da industria e crear emprego de calidade. Por último, que a Xunta de Galicia traballe conxuntamente con Endesa para permitir que a empresa entre no esquema da economía circular.»

¿Sabe que votaron vostedes? En contra.

Non teño nada máis que dicir. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Grupo Parlamentario Popular, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

Dicía a señora Rodríguez Rumbo: nós temos un compromiso coas centrais térmicas de Galicia. Efectivamente, pechalas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ese é o seu compromiso: ¡pechalas! *(Aplausos.)*

Mire, señora Rodríguez Rumbo, a vostede, que é de Cerceda, teño que dicirlle que me gustaría que o seu discurso fose similar ao que ten o alcalde das Pontes, tamén socialista. Lástima que o seu discurso estea aliñado de forma incondicional co señor Gonzalo Caballero e co señor Pedro Sánchez, en contra dos intereses de Galicia e en contra dos intereses do seu propio concello. Eu laméntoo profundamente.

Mire, aquí o discurso é claro, nós somos moi claros: pedimos, reivindicamos, exiximos que se reactive a central térmica das Pontes de forma inmediata. Esa é a nosa postura, iso é o que pedimos. ¿Cal é a súa postura? ¿Cal é a postura dos grupos da oposición? Indefinición, non din nada, e que os traballadores se fastidien. Esa é a realidade, vostedes non teñen un plan, non teñen unha proposta.

¿A nós de que se nos acusa? ¿De querer que a central reabra? Por suposto, ¡queremos que a central reabra de forma inmediata! *(Aplausos.)*

¿Acúsasenos de que non estamos preparados no 2019 para o que tiña que pasar no ano 2045? Efectivamente, efectivamente, non estamos preparados para facer no 2019 o que había que facer no 2045. Pero ¿por que estamos facendo agora o que había que facer no ano 2045? Por decisión directa do Goberno Socialista. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Esa é a realidade.

O señor PRESIDENTE: Señora Rodríguez Rumbo, por favor, silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Mire, falaba o voceiro das Mareas do prezo dos dereitos de emisión. É que outros países están tomando medidas para evitar os peches das súas centrais



térmicas. ¿E aquí en España que facemos? Asfixialas aínda máis dende o Goberno, esa é a realidade.

Pero o seu discurso é normal, ¡se vostedes veñen aquí pedir o peche de todas as empresas que se poñen por diante! Vostedes están en contra de Ence, xa conseguiron pechar Elnosa, están en contra de Reganosa, están en contra de Meirama, están en contra da ampliación de PSA-Citroën e están en contra das conserveiras, que se verán afectadas polas medidas que pretenden facer contra Ence. (*Murmurios.*) Están en contra da eólica, están en contra da minería. Pero ¿vostedes están a favor de algo? ¿De algo? Non, non. (*Murmurios.*)

¿Nós que lle pedimos ao Goberno? A eliminación do céntimo verde e o pago por capacidade, medidas fiscais que se están establecendo noutros países. ¿Para defender que? Para defender o emprego na nosa comarca. (*Aplausos.*)

Señor conselleiro, non predique no deserto. Cando vostede lles falaba aos socialistas de unidade de acción, de fronte común, de defender os intereses de Galicia, estalles falando en chino. Estamos sós, estamos sós, o grupo maioritario da Cámara e o Goberno galego, cos veciños das Pontes, e iso a nós é o único que nos importa. Aí hai un culpable, aí hai uns colaboradores necesarios, e nós, dende logo, non imos estar de acordo con esa política. (*Aplausos.*)

No debate do estado da Autonomía o señor Caballero deixou algo nesta tribuna. Eu non sei se vostede se deu conta, pero deixou algo. Pasaron vinte días, ¿vostede non botou nada en falta? ¿Non lle falta nada? Mire aí no escano, ¿non lle falta nada? Mire ao PSOE, señor Caballero, ao PSOE caeulle o «O» de obreiro. (*Risos.*) Vostedes xa non defenden os traballadores, (*Aplausos.*) vostedes non defenden o emprego, (*Aplausos.*) vostedes son unha ameaza certa, unha ameaza real, para a industria e para o emprego. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Vostedes sempre foron os maiores destrutores de emprego... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...deste país..., (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...cando gobernaron en España e tamén cando gobernaron en Galicia. Iso é o único que saben facer. Vostedes xa non son o PSOE, son o «psah!», (*Risos.*) ¡esa é a realidade! De obreiro, nada; de defender o emprego, nada. Vostedes, ademais, son hipócritas, ¡hipócritas! Esa é a hipocrisía socialista: «España compra agora enerxía de carbón en Marruecos tras cerrar minas y térmicas». Ese é o Partido Socialista ao que vostede representa, ao que vostede defende. (*Aplausos.*)



¿Sabe que lle digo? Eu estou seguro de que se o seu grupo estivera dirixido polo señor Leiceaga, hoxe os socialistas galegos estarían defendendo precisamente o contrario, non estarían defendendo o que hoxe están defendendo. Dende logo, o Grupo Socialista dirixido por Leiceaga estaría defendendo os traballadores das Pontes ao lado do Goberno galego. (*Murmurios.*) Pero Leiceaga foi relevado polo señor Caballero, e así estamos.

Mire, eu si quero celebrar a actitude do alcalde das Pontes..., (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...o socialista Valentín González Formoso. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. ¡Silencio!

O señor TELLADO FILGUEIRA: Eu quero celebrar a súa actitude e o seu discurso, o seu compromiso. Vostede podía imitalo, vostede podía ser Valentín, pero vostede é covardín. (*Risos.*) (*Murmurios.*) Vostede é covarde na defensa dos intereses de Galicia. Señor Caballero, díxenllo o outro día de secretario a secretario: o alcalde das Pontes está defendendo os seus veciños e pode saír á rúa defendendo coa cabeza alta o que está a facer, e a min non me doen prendas en dicilo a pesar de ser doutro partido. Está facendo o que ten que facer. ¡Pero vostede non!, vostede está do lado dos que queren pechar As Pontes e van conseguilo. Dende logo, non conten con nós. Nós imos dar a cara, nós imos dar a batalla e, dende logo, nós non imos ser cómplices da súa...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...covardía política.

Mire, Ferrol, a cidade onde eu nacín, é un parque temático da destrución que deixa o socialismo ao seu paso. Testemuña da traizón permanente a Galicia en aras da defensa doutros intereses, xeralmente intereses partidistas. Durante décadas chamáronlle reconversión naval e era o desmantelamento de todo un sector; agora chámalle transición ecolóxica e non ten nada de transición nin tampouco ten nada de ecolóxica.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Achatarramento das centrais térmicas...,

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...iso é o que vostedes pretenden.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Dende logo, non conten con nós...



O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...para que colaboremos... (O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo. (O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Grazas. (O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Grazas. (O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Grazas. Terminou o tempo, señor Tellado. (O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

¡Terminou o seu tempo! Grazas. (O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Grazas.

(O señor Fernández Leiceaga pide a palabra.)

Señor Leiceaga, ¿para que quere a palabra? (Protestas.)

Teño que preguntarlle para que quere a palabra e con base en que artigo a pide... É o normal, ¿non?

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: En relación con dúas cuestións. A primeira é saber se a partir de agora é posible utilizar o atril desde onde se fala para colgar calquera tipo de documentación na Mesa. (Protestas.)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Si, si, si... (Protestas.)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! (Protestas.)

¡Por favor! (Protestas.) ¡Por favor! (Protestas.) ¡Por favor! (Protestas.) (O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.) ¡Por favor, señor Pazos! (Murmurios.) Creo que quen lle ten que responder é o presidente, que el faille a pregunta ao presidente. (Risos.) (Murmurios.) Claro, ¡por favor!, estame facendo a pregunta a min. Xa lle responderei eu.

¿Segunda cuestión?

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: A segunda cuestión é que eu creo que non é unha boa práctica, relativa ao decoro que vostede di defender, o uso que fai o portavoz do Partido Popular...



O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ...en relación con deputados que non están presentes no debate. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Sobre as dúas cuestións. Sobre a primeira, uso de camisetas..., (*O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.*) ¡Por favor! (*O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.*) Por favor, señor Pazos, déixeme falar a min porque, se non, non me deixa... (*Murmurios.*) ...Sempre que non sexan ofensivas, xa dixemos que si. Son as normas. Non está permitido arriba. É a norma que lles trasladei a todos vostedes, polo tanto, mantéñoa. Se non son ofensivas, os deputados poden... e sempre pasou aquí. Polo tanto, non creo que estea dicindo nada do outro mundo, sempre foi así.

Segunda cuestión. Eu non vou entrar no que digan os deputados porque teñen todo o dereito a falar e son libres. Pídolles moderación a todos, ese é o meu papel, pero eu non vou entrar no que cada deputado libremente poida dicir. ¡Alá cadaquén!, esa é a cuestión.

Nada máis.

Para pechar esta comparecencia, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, lamento profundamente que ningún partido da oposición se sumase á fronte común do Concello das Pontes e a Xunta de Galicia. Creo que perderon vosdes unha oportunidade, dende logo, para sumarse aos intereses de Galicia, aos intereses das Pontes e aos intereses dos traballadores das Pontes. Saiban que nós imos seguir buscando solucións, medidas concretas e, desde logo, imos seguir traballando conxuntamente con todos aqueles grupos políticos, administracións e institucións que por riba de cores políticas e por riba de partidos veñan defender aquí, realmente, unha posición que entendemos que é xusta: defender o futuro da central térmica das Pontes e o futuro dos traballadores das Pontes. (*Aplausos.*)

Dicíao antes e reitéroo: Galicia é verde e Galicia quere ser máis verde, esa é a realidade. E, dende logo, ser máis verde é totalmente compatible cunha transición enerxética xusta na que se garanta o mantemento dos postos de traballo. É perfectamente compatible, e niso é onde entendemos que a Xunta de Galicia, o Concello das Pontes, os traballadores e todos os grupos políticos temos que participar. Dende logo, o que non merece Galicia é a transición enerxética radical, inxusta e desordenada que está provocando nestes momentos o peche das dúas centrais. Galicia non merece unha transición enerxética que poña en cuestión o futuro da súa produción enerxética, pasando de ser excedentarios nestes momentos a ser deficitarios. Galicia non merece unha transición enerxética na que se poña en xogo o emprego de preto de mil familias. En definitiva, señorías, Galicia non merece unha transición ener-



xética que poña en perigo o futuro das Pontes, o futuro de Ferrolterra e o futuro do norte da provincia de Lugo. Non, señorías, ¡Galicia non o merece!

O que merece Galicia, dende logo —e por iso temos que traballar—, é unha transición enerxética que sexa xusta, unha transición enerxética ordenada; que garanta, por suposto, a continuidade da central térmica e que deixe o tempo necesario, que é o que estamos a pedir. Estamos a pedir tempo para buscar alternativas que permitan substituír con éxito o carbón. En definitiva, Galicia merece unha transición enerxética que pense no futuro das familias e no futuro da comarca.

Señorías, a Xunta de Galicia non defende o mantemento do carbón. A Xunta de Galicia defende o mantemento dos postos de traballo. Ese é o traballo que estamos desenvolvendo, por iso non hai tempo que perder; e, dende logo, non hai excusas por parte de ninguén. Por iso temos que traballar todos xuntos, porque, fronte á ruptura enerxética que nos está plantexando o Goberno socialista, Galicia defende que os traballadores non sexan os que paguen as consecuencias da transición en España, que é o que nos están a plantexar. E fronte á paralización total da empresa, Galicia defende a reactivación da central mentres non se atopen os mecanismos que garantan a súa viabilidade e o emprego, alternativas que nestes momentos o propio Goberno e a propia empresa recoñecen que non existen. Polo tanto, temos que seguir traballando nesa defensa para que, sen condicións, sexamos aliados das Pontes e sexamos aliados dos traballadores.

Por iso, agardamos que o Goberno, que Endesa e que o resto dos partidos desta Cámara se sumen á fronte común, a esta alianza que onte puxemos en marcha tanto a Xunta de Galicia como o Concello das Pontes; unha alianza que busca traballar xuntos á marxe das cores políticas e dos partidos, precisamente en busca desa reactivación a curto prazo da central térmica a través da fiscalidade e de medidas de ámbito nacional, que é o que permite a Unión Europea, a través da eliminación do céntimo verde do carbón, da redución da fiscalidade á produción de xeración eléctrica, ou a través da solicitude de pagos de capacidade para as térmicas; unha alianza que simplemente busca a viabilidade a medio e a longo prazo da central das Pontes e onde temos que traballar todos xuntos.

Por iso necesitamos que o Goberno, señorías, teña sensibilidade con Galicia, teña sensibilidade cos traballadores e poña á disposición de Galicia, da central térmica das Pontes e da central térmica de Meirama, a estratexia de transición xusta da que nos teñen excluídos tanto a Galicia como a Andalucía ata este momento. E, dende logo, seguiremos demandando que Galicia forme parte das comunidades autónomas afectadas polo proceso de descarbonización que teñen dereito a esas axudas europeas, e que, como xa teño dito, estarán dispoñibles a partir do ano 2021.

Entendemos que esta é a única maneira de evitar en Galicia o caos enerxético ao que nos aboca o Goberno de Madrid se non cambia de actitude. E, dende logo, é a única maneira de evitar que Galicia pase de ser excedentaria a ser deficitaria a nivel enerxético. E, dende logo, é a única maneira de evitar que Galicia perda postos de traballo, que iso é o que nos ten que unir para evitar que Galicia importe enerxía e exporte emprego, que nestes momentos é a proposta que temos enriba da mesa.



En definitiva, a Xunta de Galicia insistirá todas as veces que sexa preciso para defender o futuro das Pontes, para defender o futuro dos traballadores da central térmica, para defender o futuro dos traballadores das auxiliares e dos transportistas. E iso pasa por unha única estratexia, que é traballar todos xuntos. Se traballamos todos xuntos, seguro que o podemos conseguir, e, dende logo, ese é o camiño que temos marcado co Concello das Pontes.

Eu agardo que hoxe saiamos todos desta Cámara con ese obxectivo común, que non é outro que a defensa dos postos de traballo, dunha transición enerxética xusta, dunha transición enerxética que nos permita que Galicia sexa máis verde. Así o entenden os traballadores das Pontes, así o entende no Concello das Pontes o seu alcalde, así o entende a Xunta de Galicia. Seguiremos traballando e, dende logo, Galicia seguirá traballando para un futuro máis verde, pero sobre todo para un futuro cunha transición enerxética que permita garantir o traballo e que permita garantir o futuro da comarca das Pontes.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Suspendemos o pleno durante cinco minutos. Serán avisados os deputados e deputadas mediante sinal acústico; ou sexa, timbre.

Suspéndese a sesión por uns minutos.

Retómase a sesión.

O señor PRESIDENTE: Continuamos.

Interpelación de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e D. Abel Fermín Losada Álvarez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa oferta de solo empresarial e a implantación e fixación de empresas en Galicia

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Boas tardes de novo, señor conselleiro.

Como ve, señor conselleiro, seguimos a falar de industria, da crise industrial que está a padecer o noso país, unha crise derivada da falla de planificación industrial durante os dez anos de goberno do señor Núñez Feijóo na Xunta de Galicia.

Señor conselleiro, recórdolle unha vez máis que a Comunidade Autónoma galega ten atribuída a competencia exclusiva sobre o fomento e a planificación da actividade económica de Galicia, mediante o seu artigo 30 do seu Estatuto de autonomía, unha competencia exclusiva que, ademais, quero sinalar, porque a Xunta de Galicia do presidente Núñez Feijóo



sempre aplica o ventilador, esquece unha e outra vez a súa obriga de gobernar e buscar culpables da súa propia incompetencia.

En 2016 a Consellería de Economía puxo en funcionamento a Oficina Doing Business Galicia. En outubro de 2017 a Xunta de Galicia e a Fegamp asinaron un protocolo de actuación para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa Concellos Doing Business Galicia.

O protocolo establece unha serie de deberes aos concellos: simplificación administrativa e axilización dos trámites, modificación do réxime xurídico para as licenzas de apertura e licenza de obras municipais, modificación do réxime fiscal durante tres anos —que conleva a bonificación que pode chegar ata o 95 % do IBI, do IAE e do ICIO—, eliminación das taxas pola prestación de servizos urbanísticos ou equivalentes e pola apertura de establecementos e fixar prezos competitivos nas parcelas de solo empresarial establecendo bonificacións. É dicir, unha vez máis, como dicía un compañeiro, que vostede vai recordar seguramente, a Xunta invita e os concellos pagan.

A cambio disto, é dicir, a cambio de renunciar a unha parte dos ingresos máis importantes que teñen os concellos, a Xunta de Galicia bonificará os concellos que se acollan a esta iniciativa aplicando unha discriminación positiva cun mínimo dun 20 % no baremo de puntuación en determinadas subvencións, como son obradoiros de emprego, contratación de axentes de emprego, programas integrados de emprego, apoio aos parques empresariais, viveiros industriais e axudas para mercados excelentes e espazos activos de emprendemento.

Tamén, a cambio diso, integrarían o solo industrial da súa titularidade, dos concellos, no Observatorio de Solo Empresarial da Xunta de Galicia e, ademais, crearían unha marca territorial como plataforma de colaboración para reducir as cargas administrativas.

Por certo, son unhas medidas incluídas na propia Lei 5/2017, de fomento da implantación de iniciativas empresariais de Galicia, que foi aprobada en 2017 e respecto da que dende a súa aprobación a evolución en constitución de sociedades mercantís en Galicia ten evolucionado negativamente e moi preocupantemente. Así, no ano 2016, constituíronse en Galicia 4.571 empresas e no ano 2018 constituíronse 509 empresas menos. E a verdade é que desde xaneiro de 2019 os datos que temos agora mesmo —que non vou dar— parece que van ser aínda moito peores.

Así, os concellos tiveron que aplicar inmediatamente as condicións impostas pola Xunta de Galicia se querían ser beneficiados por estas achegas económicas convocadas polo Goberno galego, mentres que o Goberno galego, fiel á súa forma de gobernar, é dicir, a esa forma de gobernar de publicidade e propaganda e no que fan que fan, anuncia en marzo de 2017 o nacemento do Observatorio de Solo Empresarial de Galicia, entre cuxos obxectivos está facer a avaliación das necesidades do sector, facer propostas de actuación e emitir informes periódicos.

Un nacemento que a verdade é que semella a xestación dun elefante, posto que en febreiro deste ano, vinte e catro meses despois do anuncio do nacemento, vostedes mesmos anuncian



que a Xunta elaborará un censo para saber de canto solo industrial se dispón en Galicia. E no mes de setembro, é dicir, hai un mes, trinta meses despois do anuncio deste Observatorio de Solo Empresarial de Galicia, o Goberno galego respóndenos a unha pregunta formulada polos socialistas que o Observatorio de Solo Empresarial, que dependerá do IGVS, está actualmente en fase de constitución. O Consello da Xunta celebrado o 23 de maio de 2019 autorizou o inicio da tramitación do anteproxecto do decreto polo que se regulará o censo de solo empresarial de Galicia, que ten como finalidade coñecer o solo empresarial realmente dispoñible e o grao de ocupación das áreas empresariais, co obxecto de que sexa un instrumento de avaliación, planificación e actualización das necesidades do solo empresarial.

¿Cantas veces máis nos van encher de publicidade enganosa, señor conselleiro?, ¿cantas veces máis? Os socialistas concordamos en que para o fomento e a planificación da actividade económica de Galicia é necesaria a colaboración entre a Xunta e os concellos galegos. É absolutamente necesario o traballo conxunto, porque é o importante, o reto que temos por diante, porque levamos dez anos nos que a Xunta de Galicia preferiu ser un goberno de fotografía, un goberno de publicidade e propaganda no lugar de ser un goberno de planificación para os novos retos da Galicia do futuro.

Señor conselleiro, o balance de dez anos de falla de política industrial da Xunta de Galicia déixanos que somos 97.000 persoas menos en Galicia, que perdemos 240.000 persoas menores de 40 anos, que non temos recuperado o nivel de ocupación do ano 2009; en Galicia baixa un 4,7 %, mentres que no conxunto do Estado se incrementaron en 3,4 %. Non temos recuperado o nivel de ocupación na industria do ano 2009; do segundo trimestre de 2009 ao segundo trimestre de 2019 temos perdido 19.400 ocupados menos na industria galega.

No índice de produción industrial de media no que vai de ano Galicia é a segunda peor evolución de todas as comunidades autónomas, cunha taxa anual negativa de -6,2, mentres que no conxunto do Estado é positiva, dun 0,4.

O volume exportado neste primeiro semestre de 2019 respecto do mesmo período de 2018 dinos que Galicia ten baixado nun 10 %, mentres que no conxunto do Estado a evolución é positiva nun 1,7 %, co agravante, señor conselleiro, de que as caídas máis importantes son precisamente nos sectores que máis peso teñen dentro da nosa economía: a confección e a automoción, que representan preto do 50 % do volume total exportado; a confección cae en Galicia un 9,1 % e a automoción cae en Galicia un 19,7 %.

No investimento en I+D+i, na partida 56.1.A, que é Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica, no ano 2018 só executaron o 63,4 %, no ano 2017 só o 67,4 % e no ano 2016 só o 60 %; é dicir, nesta décima lexislatura deixaron sen executar case 94 millóns de euros dos 258 millóns de euros orzados para esta partida de investigación, desenvolvemento e innovación.

No propio Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 o reto número 3 di: duplicar o gasto en I+D e elevar ao 40 % do PIB o nivel de exportacións. Non parece, señor conselleiro, que no ano 2019, a piques de rematar —pronto entraremos no 2020—, vaíamos acadar estes obxectivos que vostedes mesmos procuran.



Así, nas prioridades de actuación, na prioridade A.1.2, de fomento de actividade empresarial e comercial, impulso da competitividade e internacionalización das empresas e dos autónomos, entre os resultados pretendidos que vostedes mesmos poñían atópanse o aproveitamento axeitado do solo empresarial e os outros elementos básicos da competitividade.

Como pode ver, señor conselleiro, os datos son preocupantes para a industria galega e, ademais, son corroborados tamén por un informe presentado hai uns días polo Foro Económico de Galicia.

Os socialistas consideramos que o apoio ao solo empresarial é fundamental para conformar o futuro dunha política industrial galega solvente con novas alternativas. Pero, fronte a isto, as actuacións da Xunta de Galicia no solo empresarial foron unhas drásticas rebaixas no gasto público autonómico adicado a tal obxectivo. Así, o volume efectivamente investido polo IGVS en solo industrial foi, no 2016, 42 millóns de euros...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...—remato xa, señor presidente—, no 2017 rebaixouse a 10 millóns de euros e no 2018 descendeu a 870.000 euros, é dicir, un 98 % menos. E en 2018 a partida inicial presentada polo Goberno e aprobada neste Parlamento polo grupo maioritario, o Partido Popular, era de 7.473.000 euros, dos que deixan sen executar 6.800.000; é dicir, poñen unha cantidade inicial da que deixan sen executar o 91 % do crédito inicial.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Ben, para esta primeira quenda, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Réplica do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Rodríguez, eu agradézolle enormemente que vostede traia aquí, efectivamente, a política industrial deste goberno, porque, efectivamente, estamos a desenvolver no eido das nosas competencias diferentes iniciativas precisamente para converter Galicia nun polo industrial e para converter Galicia nun polo de atracción de investimentos e, polo tanto, xerar novas oportunidades no eido da nova economía, no eido da dixitalización, no eido da Industria 4.0, no eido da innovación.

Efectivamente, a Xunta de Galicia ten desenvolvido iniciativas tanto dende o punto de vista normativo como dende o punto de vista de incentivos ao tecido industrial. Dende o punto de vista normativo, xa que me fala dun balance, podíalle trasladar como no ano 2013 este goberno aprobou a Lei de emprendemento, a través da cal se eliminaron todas as licenzas mu-



nicipais en Galicia, e que, polo tanto, foi un cambio significativo dende o punto de vista da facilitación de todas aquelas obras que se desenvolven nos concellos que non sexan de obra maior. Polo tanto, un avance importantísimo no eido da simplificación administrativa, que tivo a súa continuidade, efectivamente —vostede nomeouno—, coa aprobación da Lei de implantación industrial no ano 2017, unha lei absolutamente clave para a simplificación administrativa, para o desenvolvemento de sectores importantes, como o sector eólico e o sector forestal, e que permitiu desenvolver unha alianza cos concellos de Galicia e, polo tanto, facer unha alianza en Galicia para favorecer o desenvolvemento industrial.

Eu non lles pido nada aos concellos que non sexa da súa competencia, e nós autoexixímonos exactamente o mesmo que lles pedimos aos concellos, porque iso é unha alianza. A Xunta de Galicia tan só ten un imposto vinculado coa actividade empresarial, un: os actos xurídicos documentados. O que fixo este goberno no ano 2018, en xaneiro de 2018, foi eliminar ese imposto en Galicia. Polo tanto, máxima implicación dende o punto de vista fiscal nas competencias que ten a Xunta de Galicia. E o que lles trasladamos aos concellos é que no eido das súas competencias, da fiscalidade, do imposto de bens inmobles, do imposto de construción e obras e do IAE, do imposto de actividades económicas, puideran introducir bonificacións fiscais precisamente para facer máis atractivo e para facer un maior incentivo ao desenvolvemento industrial.

E o que lles ofrecemos foi unha alianza nese sentido. Trasladámoslles a prioridade da Xunta de Galicia nos seus investimentos naqueles concellos que están facendo un esforzo en materia fiscal. Parece razoable. Iso é unha alianza, traballar conxuntamente entre a Xunta de Galicia e a Administración local para atraer novos investimentos dende o punto de vista industrial, dende o punto de vista económico aos cidadáns galegos.

E está funcionando. Cento vinte e cinco concellos téñense subscrito ao convenio Doing Business. Eu o que lle pediría ao Partido Socialista galego é que, igual que o Concello de Santiago xa ten iniciada a súa tramitación para ser concello Doing Business, vostedes lles trasladaran a todos os concellos que se uniran á alianza coa Xunta de Galicia, porque así sumamos todos.

E, polo tanto, non se trata de eludir responsabilidades, trátase de sumar e, polo tanto, poder compartir esa capacidade que temos para beneficiar dende o punto de vista fiscal, para beneficiar dende o punto de vista do acceso ao solo empresarial e para facilitar dende o punto de vista da simplificación administrativa, o que están facendo outros países para traer investimentos. E creo que nese contexto é onde temos que seguir traballando, e, polo tanto, esa Lei de implantación empresarial supón unha oportunidade para seguir desenvolvendo e para facilitar os investimentos en Galicia.

Ademais, fixemos outro paso, que foi aprobar a figura das iniciativas empresariais prioritarias. Calquera investimento que supere un millón de euros en Galicia ou que xere vinte empregos ten prioridade de despacho na Xunta de Galicia e a redución dos prazos á metade. ¿Por que? Porque queremos facilitar o investimento en Galicia. E eu espero que os concellos tamén no eido das súas competencias introduzan figuras similares precisamente para favorecer a tramitación administrativa, porque é o que nos están pedindo os empresarios, nin



máis nin menos: máis facilidades administrativas, menor presión fiscal e maior acceso ao solo empresarial. E nese contexto é onde hai que enmarcar esa alianza que a Xunta de Galicia ten xa con cento e vinte e cinco concellos, que espero que poidamos seguir sumando.

A Xunta de Galicia ten as competencias en materia de política industrial, sen dúbida, pero tamén precisamos a colaboración da Administración xeral do Estado, ¡como non! Isto é unha suma de todos, de todas as administracións. Eu o que lle pediría ao Ministerio de Fomento é que abaratase o prezo do chan nos parques empresariais do SEA, do Solo Empresarial Atlántico, eses parques que están en Galicia, que, igual que nós estamos reducindo cunha bonificación do 50 % e facilitando o dereito á superficie, o Ministerio de Fomento nos parques empresariais que ten en Galicia faga a mesma política.

Pediríalle ao Ministerio de Industria que volvera reverter as axudas ao Plan Ferrol a través do Plan Reindus, que tiñan unha reserva de crédito precisamente para favorecer os investimentos en Ferrolterra, e chegou o Goberno de Pedro Sánchez e eliminou esa discriminación positiva para Ferrol. ¿Como non lle vou pedir colaboración ao Ministerio de Industria? Claro que si. Estamos para sumar, señor Rodríguez, estamos para sumar tamén co Ministerio de Transición Ecolóxica, claro que si.

¿Como podemos falar de industria da produción de aluminio primario se o Ministerio de Transición Ecolóxica non pon un prezo competitivo para producir aluminio primario en España? ¿Por que en España o prezo eléctrico é un 40 % máis elevado que a media dos países europeos que producen aluminio primario? En España non poderemos producir, seguir producindo aluminio primario se o Goberno non colabora con nós e establece un prezo competitivo. Por iso claro que temos que contar coa axuda do Ministerio de Transición Ecolóxica.

En definitiva, señora Rodríguez, isto é un sumar entre todas as administracións e, polo tanto, o que lles estamos a pedir aos concellos é que se sumen a esta alianza. Están a sumarse e temos casos de éxito. Benteler valorou a súa implantación en Portugal e aquí houbo unha administración, a Xunta de Galicia, e unha administración local que sumaron esforzos, estableceron bonificacións fiscais, facilitaron o acceso ao solo empresarial, facilitaron a tramitación administrativa e vinte millóns de euros que se están investindo coa creación de douscentos postos de traballo en Mos. Iso é traballar conxuntamente, iso é sumar esforzos entre administracións.

Creo que o Ministerio de Industria lle debería de pasar ben os argumentarios. Porque, claro, hoxe sae o IPI de agosto, é certo, e o IPI de agosto sae cun descenso do 6 % en Galicia e do 0,5 % en España, certo. Pero quítelle o impacto da produción enerxética, quítelle o impacto do peche da central de Meirama, quítelle o impacto do peche durante cinco meses da central das Pontes; sáelle automaticamente un crecemento do índice de produción industrial en Galicia do 3,1 %. Iso é industria, señora Rodríguez.

Polo tanto, creo que temos simplemente que non buscar responsables, non buscar culpables, simplemente sumar, é o que estamos intentando facer cos concellos.

E estamos facilitando investimentos en Galicia, claro que si, señora Rodríguez. ¿Como que non podemos falar do sector automoción? Pero se estamos desenvolvendo dous modelos gra-



zas ao investimento de PSA co apoio da Xunta de Galicia, e precisamente estamos sendo un polo de referencia, dende o punto de vista da produción do sector da automoción en Galicia.

¿Como non podemos destacar que Galicia está liderando a construción naval, sendo a segunda carteira de pedidos en toda Europa, a metade de España?

¿Como non podemos falar dun novo sector, como o sector aeroespacial, que aglutina trinta empresas, que están facturando cento trinta millóns de euros, e que estamos desenvolvendo un polo espacial de Galicia de avións non tripulados, coa participación de multinacionais, señora Rodríguez? En Galicia estamos sendo capaces de atraer multinacionais tamén a investir, como Boeing, como Indra ou como Babcock.

En definitiva, a aposta pola industria, señora Rodríguez, é unha aposta da suma das administracións. A Xunta de Galicia está exercendo as súas competencias dende o punto de vista normativo, coa Lei de implantación empresarial, buscando a colaboración dos concellos, e tamén coa implantación de medidas, dende o punto de vista industrial, coa Axenda Industria 4.0, co apoio á innovación a través dos investimentos, co Plan Galicia innova e por suposto tamén a través da formación, favorecendo a formación e, polo tanto, a empregabilidade do noso tecido produtivo.

En definitiva, Galicia está tendo unha aposta pola industria e eu o que vou seguir reclamando é o apoio do Partido Socialista en Galicia para que o Partido Socialista en Madrid apoie a industria en Galicia. Isto non se está a producir. O Partido Socialista en Madrid está penalizando, está discriminando a industria en Galicia e, así, sen colaborar dende o punto de vista enerxético e no eido das competencias da Administración xeral do Estado, non podemos ter resultados positivos. E a obriga que ten, señora Rodríguez, como galega, como membro dun partido aquí en Galicia, é precisamente colaborar co seu goberno para que en Galicia poidamos seguir atraendo investimentos. E iso significa tamén non só colaborar cos concellos, como establece a Lei de implantación empresarial, senón tamén pedir a colaboración leal da Administración xeral do Estado e, polo tanto, dos diferentes ministerios que teñen tamén competencias e influencias en materia de política industrial para colaborar coa Xunta de Galicia no desenvolvemento dunha Galicia máis industrial.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Señor conselleiro, a verdade é que me fai un pouco de graza o seu discurso —non mo o tome a mal—, pero vostede ao principio di que non hai que buscar culpables, que hai que buscar aliados, que hai que traballar conxuntamente cos concellos e de repente a culpa de todo volve ser de Pedro Sánchez. A verdade é que é un pouco curioso, é un pouco cómico despois da súa intervención.

Mire, vostede fala de converter Galicia nun novo polo industrial. Pois, á vista dos indicadores, parécese que deben mudar o xeito que teñen, ou polo menos os indicadores dinnos que non



nos estamos convertendo en ningún polo industrial, que non nos estamos convertendo en ningún polo atractivo do investimento de empresas de fóra de Galicia; non estamos, señor conselleiro, e vostede coñece perfectamente cales son eses indicadores.

E tamén nos fala de que a lei era clave. A verdade é que a min me segue parecendo bastante curioso, porque xa lle dicía antes, cando lle estaba dando os datos, que na creación de sociedades mercantís de antes da aprobación da lei a agora pois temos un resultado negativo de 509 empresas e sociedades mercantís menos que se constitúen en Galicia no 2018. E xa lle dixen ante que no 2019 —non vou dar dato pechado, porque non sería xusto— teño sospeita de que vai ser aínda bastante peor.

Vostede fala do eido das competencias dos concellos e de que teñen que facer bonificacións, que supoñen renuncias, e que tamén renuncia a Xunta de Galicia aos seus ingresos. Pero mire, vostedes estallles pedindo aos concellos que renuncien aos seus ingresos máis importantes, e vostede sabe perfectamente que as arcas municipais precisamente xa teñen un raquitismo importante, durante moitos anos. E sabe perfectamente que os concellos o que están a pedir é maior financiamento para poder desenvolver as súas competencias e para poder desenvolver todas aquelas competencias que a Xunta de Galicia lles leva ano tras ano trasladando e para as que non lles trasladan o financiamento necesario para poder levalas a cabo.

Mire, señor conselleiro, antes quedoume un dato por darlle, que lle vou dar neste momento, e é a xestión levada a cabo pola empresa pública Xestión de Solo de Galicia-Xestur, S. A., que tampouco se pode considerar que as súas cifras sexan moi satisfactorias. Así, en 2018 a cifra de negocios en venda de parcelas en solo empresarial foi practicamente a metade do que obtivo no ano anterior. No ano 2017 eran 27 millóns de euros mentres que no ano 2018 caeu nun 42 %, cando as propias previsións eran moi superiores, xa que o obxectivo marcado na propia memoria orzamentaria que presenta o Goberno de Galicia era acadar os 22,6 millóns de euros, polo tanto quedando un terzo por debaixo desta previsión.

E en tema de investimentos tamén quedaron moi por debaixo da previsión inicial, posto que vostedes tiñan previsto executar 17,5 millóns de euros e só executaron 9,6 millóns de euros, é dicir, un 45 % por debaixo da previsión inicial.

Voulle trasladar as pregunta que lle trasladabamos na nosa iniciativa, na nosa interpelación, pois para ver se vostedes, se vostede ten algo que responder ante ese Observatorio de Solo Empresarial, que a día de hoxe entendemos que aínda está en fase de nacemento.

¿Que avaliación fixo o Goberno galego das necesidades do sector elaboradas polo Observatorio de Solo Empresarial de Galicia, ese que naceu en marzo de 2017? ¿Cal foi a actividade do Observatorio de Solo Empresarial, creado pola Xunta de Galicia e que parece que aínda non está totalmente culminado? ¿Cales son as propostas de actuación nos distintos parques empresariais de Galicia elaboradas polo Observatorio de Solo Empresarial de Galicia? ¿Onde están publicados eses informes periódicos que tiña que elaborar o Observatorio de Solo Empresarial de Galicia? E, por último, ¿cal foi a actividade da marca territorial asociada á Oficina Doing Business que se propoñía como plataforma de colaboración para reducir as cargas ad-



ministrativas ás empresas funcionando a modo de xanela única? Espero que non fora outra vez unha actuación de publicidade e propaganda, como nos ten acostumado o Goberno galego en todos estes anos.

Pola miña banda, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Peche da interpelación, conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Rodríguez, vostede fai unha interpelación e faime unha serie de preguntas e despois na interpelación fálame doutras cousas distintas e quere que lle conteste a todo; voulle contestar a todo, pero esta técnica xa é moi antiga e sería bo que nos concentráramos na propia interpelación.

En calquera caso, creo que ten que revisar ben o contido da lei. Aos concellos a Xunta de Galicia non lles pide que renunciem a ningún ingreso fiscal, a ningún. O que lles pide a Xunta de Galicia é que, no caso de que haxa un novo investimento, durante tres anos faga as bonificacións fiscais correspondentes a ese investimento, pero non lles pide que renunciem a ningún ingreso fiscal que xa teñen dende o punto de vista da súa actividade. Polo tanto, parece razoable que os concellos e que a Xunta de Galicia compartan ese esforzo, e ademais nós trasladámoslles unha serie de investimentos nos cales estamos desenvolvendo e facilitando tanto o solo empresarial como outro tipo de actividades vinculadas ao emprego.

Fálame vostede da importancia de Galicia e da súa capacidade de atracción de investimentos. Galicia é a segunda comunidade autónoma que máis está crecendo na captación de investimentos no primeiro semestre do ano 2019 —tiña que ter o dato—: 607 millóns de euros. E, se fala de emprego industrial, tiña que constatar que o emprego industrial en Galicia é do 14,3 %, fronte ao 11,9% en España, dous puntos e medio superior en Galicia que en España.

Polo tanto, claro que estamos desenvolvendo un esforzo importante, que, ademais, ten realidades, señora Rodríguez. Podemos falar dos 600 millóns de euros que está investindo PSA no desenvolvemento da fabricación da fábrica intelixente. Poderíamos falar do investimento que está deseñando a nova fábrica de Albo na PLISAN; poderíamos falar dos 50 millóns de euros que están investindo Boeing, Babcock e Indra en Rozas para investigar en drones de sistemas non tripulados; poderíamos falar dos 100 millóns de euros de Estrella Galicia para a súa ampliación na Coruña; ou do investimento da planta de biomasa de Greenalia, de 129 millóns de euros.

Se quere, podemos falar do sector forestal; entón, falaríamos do 75 millóns de euros que está investindo Finsa en Santiago. Ou do investimento no sector agroalimentario: Inleit, 100 millóns de euros para as súas instalacións en Curtis, xunto cos 26 millóns de euros de Coren para reforzar a súa aposta pola innovación. Se quere, falamos de investimentos no aeronáu-



tico e, polo tanto, falaríamos dos 25 millóns de euros que está investindo Delta Vigo en Porto do Molle. Ou, se quere, falamos do sector TIC e, polo tanto, falamos dos 23 millóns de euros que está investindo Televés.

Señora Rodríguez, dous mil millóns de euros que se están investindo neste momento en Galicia, porque en Galicia hai un Goberno solvente, porque en Galicia hai unha política industrial, porque en Galicia hai unha política de incentivos e, polo tanto, porque aquí sabemos como atraer investimentos a pesar de que non temos o apoio nin do Partido Socialista de Galicia nin tampouco, neste caso, da propia Administración central.

Fálame vostede do IGVS. Falemos con datos, claro que si. Primeiro, estamos facendo bonificacións do 50 % para que non sexa un obstáculo aos investimentos en Galicia. Estou esperando o seu comentario, o apoio que eu lle estou pedindo aos parques empresariais que ten o Ministerio de Fomento en Galicia. ¿Cando o Ministerio de Fomento, nos parques que ten en Galicia, vai favorecer o investimento con bonificacións como está establecendo a Xunta de Galicia a través de Xestur?

Temos 97 parques, 12 millóns de metros cadrados, e temos adxudicado, coa política de incentivo de solo empresarial, en Xestur, máis de 2,8 millóns de metros cadrados de parcelas, dende o ano 2015, dedicando preto de 62 millóns de euros ao estímulo da actividade empresarial en Galicia por esta vía. Estes son os datos de Xestur, señora Rodríguez.

E, polo tanto, hai unha aposta clara para que se poidan desenvolver os investimentos e que se poidan seguir creando empregos. De feito, este solo industrial que temos adxudicado vai permitir un investimento superior a 375 millóns de euros declarados polos propios investidores e a creación de máis de seis mil postos de traballo.

Polo tanto, seguimos nesa vocación de sumar por parte das diferentes administracións e, sobre todo, no eido das nosas competencias.

E claro que temos un Observatorio de Solo Empresarial —¡como non!—, para identificar cal é a tendencia do mercado, e, polo tanto, estamos desenvolvendo informes vinculados aos criterios de localización de empresas, sobre normas e políticas de promoción de solo empresarial nas comunidades autónomas, sobre a demanda de solo por parte das empresas e tamén un estudo concreto de satisfacción das empresas dos parques. Polo tanto, é na páxina web onde se poderán acceder a estes informes, se poderán consultar, e, polo tanto, teremos unha guía clara de como evoluciona esa demanda de solo empresarial, de como evolucionan as demandas das empresas e, polo tanto, intentar responder ao que nos solicitan as empresas.

Polo tanto, colaboración entre as administracións, incentivos a través das nosas políticas industriais e de innovación e unha clara referencia en Galicia, que ten, neste momento, dous mil millóns de euros de investimento que se están desenvolvendo, precisamente grazas a esa política industrial, grazas a esa planificación e, sobre todo, grazas a un goberno solvente que outorga seguridade xurídica e confianza aos investidores.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor PRESIDENTE: Antes de continuar coa seguinte interpelación, comunicar o aprazamento, á sesión de hoxe, da pregunta que figuraba, en concreto a 52365, que é a número 6105, pregunta da señora Presas Bergantiños. Comuníquese o aprazamento.

Interpelación de D^a Paula Quinteiro Araújo e dous deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar as actuais condicións laborais no sector de telemárketing, así como para evitar a deslocalización e a perda de postos de traballo

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

Moi boa tarde, conselleiro.

Ben, pois este é un tema recorrente. Volvemos preguntarlle pola precariedade que atravesamos o sector do telemárketing, e facémolo con preocupación, porque a realidade, dende xa hai moitos anos, está caracterizada pola deslocalización progresiva do emprego fóra do noso país e pola aparición de maneira recorrente de conflitos laborais por parte de abusos por parte das empresas, e, ante todo isto, o único que vemos por parte do Goberno galego é inacción; nin sequera reciben as traballadoras en moitas ocasións; cando as reciben é tarde, e para darlles largas moitas veces. E tampouco están pondo ningunha medida ata o de agora para solucionar este problema, que é estrutural no conxunto do sector.

Estanse perdendo xa postos de traballo e, ademais, o emprego que está quedando no sector cada vez é máis precario. A situación que viven as traballadoras é de salarios moi baixos, moitas non chegan aos 700 euros mensuais, a maioría traballan con xornadas parciais, vinte e cinco horas, vinte horas. Hai unha alta elevada taxa de rotación, extremos niveis de control por parte da empresa, totalmente desproporcionados, e a ameaza do despido é unha constante por mor da deslocalización.

Por iso hoxe volvemos preguntarlle pola situación xeral do sector do telemárketing, pero tamén por un conflito concreto que apareceu, que é o das subcontratas de R Cable, que, como saben, leva meses mobilizándose, aínda que parece que non o saben, porque tardaron moito tempo en recibilas. E continúan sen escoitalas e sen tomar nin unha soa medida, a pesar de que falamos de que están en risco máis de mil postos de traballo só na área da Coruña. A súa resposta está sendo totalmente insuficiente, discursos baleiros de defensa do emprego, pero —como digo— nin unha soa medida.

Non foron capaces de convocar unha xuntanza coas partes implicadas a pesar de que se comprometeron a isto hai meses. A secretaria xeral de Emprego comprometeuse, tamén se aprobou unha iniciativa neste mesmo Parlamento e non foron nin sequera capaces de convocar unha mesa para falar coas partes implicadas.



A nós parécenos especialmente grave o que está acontecendo e o que xa aconteceu con R Cable, porque falamos dunha empresa que foi desenvolvida con diñeiro público. O 30 % desta empresa era propiedade dunha caixa de aforros pública e recibiu durante moitos anos enormes subvencións e enormes cantidades de diñeiro público. E, cando no ano 2015 se decide vender a Euskaltel, a Xunta de Galicia non tivo absolutamente nada que dicir, non dixo nada daquela, tampouco di nada nestes momentos. Naquel momento houbo un compromiso verbal de que se ían manter os postos de traballo e que se ía manter a carga de traballo en Galicia. Isto é evidente que non está acontecendo. A perda de postos de traballo dende que foi mercada é constante. Acabamos de ter un exemplo moi recentemente, que é entregar a subcontrata a ZTE, con sede en Asturias, a xestión dos servizos de mantemento, e a Xunta de Galicia tamén continúa sen dicir nada.

As intencións da empresa están quedando bastante claras. Se lemos ou escoitamos as opinións dos directivos, dámonos conta. A pesar de que utilizan eufemismos, como dicía, quedan bastante claras. Falan de flexibilización e cambios aos que se teñen que adaptar os traballadores, como se desprazarse fóra de Galicia fora unha flexibilización asumible, ou falan agora estes días da posibilidade de venda total ou parcial das súas redes de cable. Esta noticia, lanzada polo maior accionista de Euskaltel, Zegona, está evidenciando cal é o camiño que pretende levar a empresa. E a única consecuencia que vai ter no noso país é a perda de máis empregos.

Entendemos que é unha situación grave, e a Xunta de Galicia —como digo— permanece sen facer absolutamente nada, non sabemos cal é a posición da Xunta. Teñen un relato de defensa do emprego; hoxe mesmo tivemos que escoitalo en numerosas ocasións, pero despois as políticas públicas que levan adiante non se corresponden con esta suposta defensa do emprego, senón máis ben todo o contrario; o único que conseguiron nos últimos anos de políticas públicas do Partido Popular é que teñamos cada vez máis emprego e o emprego que temos cada vez é moito máis precario.

E, ademais, o caso de R non é un caso illado. Son moitas as empresas que recibiron millóns de subvencións públicas sen que se fixera ningún tipo de control, ningún tipo de seguimento de para que se utilizaban estas subvencións. Así, temos o caso de Vulcano, temos o caso de Isowat, temos moitísimos casos onde foron empresas que recibiron moitos millóns de euros públicos sen que despois a Xunta de Galicia fixera un seguimento de que se mantiveran os postos de traballo, de que se melloraran as condicións laborais dos traballadores, absolutamente nada. E están permitindo que empresas que están aumentando a súa facturación —porque son empresas que están aumentando a súa facturación— despracen fóra do país o emprego para abaratar aínda máis uns custos que xa de por si son moi baratos, porque —como dicía— os salarios e a precariedade que hai no sector é moi elevada.

Só no último ano Euskaltel conseguiu 23 millóns de euros en beneficios netos, e a maioría destes beneficios netos proceden de R Cable. E, a pesar destes beneficios, grazas ás súas políticas, conseguen que a empresa poida facer o que lle dea realmente a gana, a pesar de que —como dicía— levaron moito diñeiro público galego; cando a venderon non dixeron nada, e agora o único que temos é un mercado laboral onde cada vez os salarios son máis baixos, cada vez aparecen novas figuras como a dos falsos autónomos.



Isto está acontecendo no sector do telemárketing. Existe xente contratada como falsos autónomos, existen moitas traballadoras que son incapaces de chegar a fin de mes con ese único traballo. E non é algo puntual, porque hoxe traemos a situación que viven as traballadoras das subcontratas de R Cable, pero, como sabe, xa lle preguntamos noutras ocasións e xa manifestaron noutras ocasións as traballadoras de Bosch, as traballadoras de Unitono, é un problema recorrente do sector, non é un caso puntual destas empresas concretas, é a situación que atravesamos o sector.

E a pesar de que vostedes son un cliente preferente, de que teñen unha capacidade de negociación evidente por ser un cliente preferente, e por ter dado esas subvencións de diñeiro público, o único que están facendo é quedar calados. Quen está realmente defendendo o sector, as únicas persoas que están defendendo o sector son as traballadoras e os traballadores. Porque a Xunta de Galicia o único que ten é compromisos baleiros, pero despois, na realidade, non vemos nin unha soa medida, nin unha soa, nada que acompañe esas palabras que repiten cada vez que lle preguntamos sobre esta cuestión. E —como digo— non é novo, levamos moito tempo con este tema.

Esquecen deliberadamente as traballadoras, por moito que despois veñan aquí utilizar con fins electoralistas cando lles interesa determinados sectores de traballadores e traballadoras. Na realidade, de todas as políticas públicas que se fixeron nos últimos anos os únicos que saíron beneficiados foron as grandes empresas e, dende logo, a clase traballadora non saíu beneficiada, en absoluto, das políticas do Partido Popular. Esa é a realidade, por moito que repitan outra, esa é a realidade. Non poden mentir e enganar a xente traballadora que traballa no noso país, que ve como cada día hai menos emprego, como cada día os salarios son máis baixos e vir aquí dicir que cada vez temos máis emprego e que Galicia cada vez vai mellor, pois é totalmente mentira.

E, no conflito que abordamos hoxe, teñen unha responsabilidade directa, porque —como digo— teñen moita capacidade de presionar —son un dos clientes prioritarios—, e parece que non o comprenden, porque —como digo— levan meses os traballadores e traballadoras mobilizándose e vostedes tiveron unha xuntanza con eles, tardaron en responder, dixeron que ían convocar esa xuntanza con todas as partes e a día de hoxe, meses despois, non puideron nin sequera facer esa mínima xestión. Pois obviamente non nos parece aceptable.

As medidas sobre as que lle preguntamos hoxe pois son moi claras: ¿que medidas tomaron a día de hoxe para rematar coa precariedade no sector do telemárketing? ¿Van convocar esa xuntanza coas partes implicadas? E, se a van convocar, queremos saber cando a van convocar, porque non ter feito nin sequera iso pois amosa a súa incompetencia. Levan meses os traballadores e traballadoras exixíndolles que fagan algo con esta cuestión e —como digo— xa no 2015 tiveron que tomar medidas, porque naquel momento xa se podía prever o que ía acontecer. Vostedes dixeron que non pasaba nada e que o emprego se ía manter. Unha vez que se ve que isto é falso, que o emprego se está perdendo e que se está derivando fóra de Galicia, ¿por que continúan tamén sen dicir absolutamente nada?

Entón, nós hoxe queremos que sexan claros, que non volvan mentir e que demostren realmente cal é o compromiso do Partido Popular, porque realmente vir aquí dicir, como se dixo



hoxe e como repetiu tantas veces, que apoian a nosa industria, tal e como está o noso país nestes momentos, a min paréceme que é un insulto ao conxunto de traballadores e traballadoras e ao conxunto de galegos e galegas, que saben perfectamente como está o noso país en materia de industria, e que, por moito que veñan aquí falsear datos e manipular, non van enganar a ninguén.

Nada máis polo de agora. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Señor presidente.

Señora Quinteiro, moitas grazas pola súa interpelación, pero eu pediríalle un pouco de prudencia, que cando suba a este estrado teña un pouco de prudencia con determinadas afirmacións, ou polo menos antes pregunte, porque se pregunta ao mellor non cometería os excesos verbais que ten cometido na súa intervención.

En primeiro lugar, porque, cando vostede di que nós non recibimos os traballadores e as traballadoras, simplemente o que ten é desinformación, simplemente. Co cal, a partir de aí é unha expresión que queda moi ben, e, igual que cando vostede di que nós utilizamos os traballadores, debería cando menos explicar por que o di.

Pero, sobre os traballadores e en concreto as traballadoras que solicitaron reunións ao longo deste ano, nós tivemos máis de dez reunións co sector de telemárketing, con múltiples contactos bilaterais, e, polo tanto, exercendo as nosas competencias como Administración.

Eu entendo, cando vostede vén a esta tribuna e lle traslada ao Goberno unha serie de medidas, que llas está pedindo no marco do ordenamento xurídico español e galego e que, polo tanto, non lle está a pedir ao Goberno que non cumpra a lei. Polo tanto, non lle está a pedir ao Goberno que utilice ningún tipo de actuación contra o propio ordenamento xurídico comunitario, español ou nacional.

Debería de saber que, cando se fala de telemárketing, estamos falando dunha actividade de ámbito estatal, e simplemente o convenio colectivo e as condicións de traballo que se pactan cos sindicatos son de ámbito estatal, e, polo tanto, é un dato que nós temos que, lóxicamente, ter en conta cando queremos impulsar determinadas medidas, e, polo tanto, a autoridade laboral é o Ministerio de Traballo. A partir de aí seguramente poderíamos enfocar, como estamos enfocando por certo cos traballadores e traballadoras que desenvolven a súa actividade no sector de telemárketing, as diferentes medidas.

Nós temos solicitado ao Estado —claro que si— reforzar a inspección laboral e témoslle pedido ao Estado que dedique máis medios humanos precisamente a este labor de inspección, igual que lle temos solicitado unha maior protección dos datos da cidadanía, aspecto que



vostede non mencionou pero que é absolutamente relevante neste sector, que se evite calquera tipo de transferencia de datos a países externos da Unión Europea, que é unha das preocupacións que teñen os traballadores e traballadoras e que nós estamos atendendo, e sobre o que lle temos solicitado ao Estado que sexa especialmente coidadoso. Por certo, nas dúas medidas, tanto no reforzo da inspección laboral como na protección de datos, sen resposta polo momento por parte do Estado.

En calquera caso, a nosa obriga, loxicamente, é defender todos os postos de traballo; é así, señora Quinteiro; e nós actuamos loxicamente independentemente da situación que se plantea para atender as súas necesidades e sobre todo para defender os seus dereitos, pero os dereitos de todos, e, polo tanto, entendendo a actuación no eido do ordenamento xurídico.

Fálame vostede das traballadoras, e debería saber que en Galicia hai case xa máis de quíntas mil mulleres afiliadas, que representan practicamente a metade do total; son máis mulleres que nunca as que están traballando en Galicia; máis de sete de cada dez asalariadas teñen un contrato indefinido, o 72 %; no sector servizos, o 71 %. O mesmo sucede coas ocupados a tempo completo, que temos un 77 % no total, e nos servizos, o 74 %.

Polo tanto, cando falamos de precariedade laboral, temos que remitirnos aos datos, que nos indican que, efectivamente, en Galicia estamos traballando para un emprego de calidade, cun emprego indefinido, cun emprego a tempo completo e tamén cun emprego no que haxa menor desigualdade. Todos os índices así o están a reflectir, tanto o índice de equidade de xénero, que nos marca que estamos en Galicia moi por riba da media de España.

En definitiva, creo que deberían de revisar o seu relato. É certo que aínda hai moitos aspectos que mellorar, sobre todo no eido da igualdade, pero tamén é certo que temos avanzado. Este goberno e a sociedade en xeral seguimos traballando, porque nós non nos conformamos, pero hai que concretar loxicamente as diferentes medidas.

Nese sentido, trasládame vostede a situación de diferentes empresas vinculadas co telemárketing, e neste caso coa empresa R e Euskaltel. Nós estivemos ao lado das traballadoras e dos traballadores de Bosch en Vigo, que, como sabe, xa teñen recuperados servizos, ademais de diversificar a súa carteira de clientes. Estivemos ao lado dos traballadores e traballadoras de Unitono, en San Cibrao das Viñas, que sabe que xa están recolocadas cunha mediación recoñecida polo comité de empresa por parte da Xunta de Galicia e cos que seguimos colaborando para dar novos pasos, que eu ademais lles quero agradecer a todos os compoñentes do comité de empresa de Unitono a súa disposición a establecer un diálogo coa Xunta de Galicia e coa Secretaría Xeral de Emprego, precisamente para mellorar a situación do sector de telemárketing en Galicia.

E por suposto tamén estamos ao lado dos traballadores e traballadoras que prestan servizos en Galicia, neste caso en Euskaltel directamente, ou ben a través de empresas subcontractadas, cos cales tamén nos temos reunido. Témonos reunido cos traballadores, co comité de empresa de Comfica, estivemos identificando cal é a súa situación, e dende logo loxicamente nós imos seguir mantendo todos os contactos con todas as empresas implicadas para defender os dereitos dos traballadores, porque a Xunta de Galicia non ten ningún tipo de dúbida



no caso de R, de exixir que se ofrezca un servizo de calidade, que se manteñan intactos todos os dereitos laborais dos seus traballadores. Esa é a nosa responsabilidade, e nós non daremos un paso atrás na defensa deses dereitos laborais, e, como xa lle temos transmitido tamén aos traballadores, pódolles asegurar que nin R nin as empresas de telemárketing van ser unha excepción.

Por iso, eu agradezo a colaboración neste caso aos traballadores, e seremos especialmente vixiantes para que o conxunto das empresas cumpran coas súas obrigas, respectando os seus dereitos, pero loxicamente defendendo a posición dos traballadores, nun sector que ten tido un crecemento moi importante en Galicia, no que temos un sector moi competitivo dende o punto de vista dos servizos que se establecen por parte dos traballadores e traballadoras das empresas de telemárketing, que seguiremos defendendo, que temos demostrado como nos conflitos que xurdiron en Bosch e en Unitono de forma concreta estivemos ao lado dos traballadores, e no labor de mediación obtivéronse resultados positivos, e que seguiremos traballando, como estamos a facer cos diferentes traballadores e traballadoras, precisamente para mellorar as medidas dun sector, o sector de telemárketing, importante en Galicia, e que temos que intentar mellorar precisamente a través das medidas que estamos consensuando e que imos implantar a través da propia Secretaría Xeral de Emprego.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Ben, igual non escoitou ben a miña intervención. Eu dixen que ás veces non reciben as traballadoras e traballadores e que moitas veces as reciben tarde, e, de feito, xa sei que as recibiu, e pode ler o *Diario de Sesións*. Dixen que na reunión que mantiveron coa secretaria xeral de Emprego en agosto comprometéronse a unha cuestión: a facer unha mesa con todas as partes implicadas, e iso non o fixeron. ¿Por que non o fixeron ata o día de hoxe? Pasaron meses, aprobaron o outro día unha iniciativa, pasaron dúas semanas, pero é que un goberno ten que responder con urxencia ás situacións urxentes, non pode continuar postergando, seguir esperando, deixar pasar semanas. ¿Ata cando van seguir esperando? ¿Cando van tomar medidas directas no conflito de R?

Porque aproveitou aquí a súa intervención para falar de todo, para vir aquí darnos un mitin, a súa resposta foi o esperable (*Murmurios.*); si, un mitin como o que levamos escoitando toda a tarde. Porque a verdade: hai que ser moi cínico para vir aquí falar de emprego feminino, para vir falar de emprego feminino cando a precariedade que atravesan as mulleres é unha barbaridade neste sector especialmente, cando temos unha taxa de pobreza feminina cada vez máis elevada, cando temos as mulleres cunha fenda de xénero elevadísima. E vostedes veñen aquí alabar ¿que?, ¿realmente que? ¿A situación das mulleres no mercado laboral? ¿Que cada vez hai máis mulleres traballando? ¿De que maneira hai mulleres traballando? ¿Compatibilizando os coidados na casa e traballando fóra a media xornada? ¿Traballando fóra cobrando quíntos euros, seiscentos euros? ¿Traballando sen poder conciliar?



Esa é a realidade laboral das mulleres galegas, esa é a realidade, traballando e seguindo sendo pobres, con pensións cada vez máis baixas; esa é a realidade. Sobre vir aquí facer un titular de que cada vez traballan máis mulleres en Galicia pois eu dígo: se quere falar do traballo feminino, fale de como é o traballo das mulleres, como é, que porcentaxe de precariedade hai no traballo das mulleres en comparación co traballo dos homes.

Outro dato. Veu aquí presumir de que o 71 % do traballo é estable. ¿Iso quere dicir que presume de que o 29 % do emprego en Galicia é precario, a taxa máis elevada de Europa? Porque iso é o que deixou, dunha maneira moi evidente, na súa intervención. O único que vén aquí facer é falar de todo menos... Utilizou na súa intervención un minuto ou dous minutos para falar do problema de R Cable; o resto, para vir aquí facer propaganda das maravillosas políticas de emprego do Partido Popular.

Non planificaron absolutamente nada cando se vendeu R Cable, absolutamente nada, no ano 2015, non dixeron absolutamente nada despois de darlle millóns e millóns de euros públicos a esta empresa. E di vostede que a Xunta vai asumir a responsabilidade de defender os postos de traballo e vai defender que se manteñan as condicións laborais. Pero é que iso xa non é así, e non están facendo nada, é que non é un futuro, non é unha cousa que vaia acontecer. Obviamente, o risco que temos enriba da mesa é maior, están en risco máis de mil empregos na área da Coruña, pero é que xa se destruíron postos de traballo, xa se deslocalizaron servizos fóra de Galicia. Díxenlle un exemplo concreto, a empresa ZTE Asturias, pero non é o único. Este é o máis recente.

Acabamos de ver como se anunciaba a posible venda das infraestruturas. ¿Disto non ten absolutamente nada que dicir? Anúnciase que é posible que se vendan as infraestruturas, coa consecuente perda de postos de traballo, e vostede, por moito que veña aquí que van defender os postos de traballo, se non di nin unha palabra de como van evitar esta venda, pois a verdade é como dicir absolutamente nada.

E vén aquí falar da competitividade do sector, e dun sector que é un sector fundamental para Galicia. É un sector fundamental para Galicia que o están defendendo os traballadores e as traballadoras e é un sector que está condenando á precariedade as persoas que traballan nel, con salarios de miseria, con xornadas que na maioría non chegan á xornada completa, que moita xente ten que estar compatibilizando este traballo con outro emprego, e que sobre todo —como lle dixen— teñen a ameaza constante de despedimentos. E hai xente traballando para as subcontratas das subcontratas, como lle dixen, de falsos autónomos; iso é unha realidade. ¿Por que se permitiu que R Cable se vendera —como digo— despois de darlle millóns e millóns de euros públicos? ¿E por que se permite que a xente que está traballando no sector moita o faga nestas condicións?

E vén falar de Comfica. ¿Por que se mantiveron os postos de traballo? Pola defensa que fixeron os traballadores e as traballadoras, non en absoluto pola mediación que exerceu a Xunta de Galicia. Que a Xunta de Galicia dende que empezou este conflito laboral o único que fixo foi mirar para outro lado. Só faltaba que en dous meses e medio non se reuniran unha vez cos traballadores e traballadoras, ¡só faltaba! Pero o que tiñan que facer eran dez reunións de todo o sector, como se fora a mesma situación o que pasa en Unitono ou o que



pasa en Bosch. É que non, é que no problema de R ata que se atope unha solución a Xunta de Galicia tiña que ter contacto directo coa representación dos traballadores e das traballadoras e contacto directo coas empresas. Eu de verdade que non vexo tanta dificultade en convocar unha mesa —se hai vontade política— coa empresa e cos representantes das traballadoras e traballadores. ¿Para que se comprometen verbalmente a facer algo que despois son incapaces de levar á práctica?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Comprometéronse vostedes hai meses. Hai dúas semanas ratificaron ese compromiso na Comisión de Industria. Ben, pois eu pídolle que hoxe aquí nos dea unha data orientativa, que se vai ser dentro dunha semana, dentro de quince días ou dentro dun mes. Pero os traballadores e as traballadoras obviamente precisan que o Goberno sexa áxil e dea solucións de maneira rápida, non esperando cinco meses máis ata que se resolva o problema e dunha maneira que seguramente non sexa positiva.

Nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

O señor PRESIDENTE: Peche desta interpelación, conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas.

Señora Quinteiro, insisto na prudencia. Non se pode subir aquí e dicir que a Xunta de Galicia non fixo nada no caso de Comfica, non se pode facer iso. (*Pronúncianse palabras que non se perciben desde a tribuna de invitados.*) Non se pode facer iso.

O señor PRESIDENTE: Por favor. Pero, ¡por favor!

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Eu simplemente...

O señor PRESIDENTE: ¡Oia, por favor! Perdoe un momento, conselleiro. Creo que lle deron un documento de cal é o comportamento que deben ter os invitados na tribuna. E, ademais, non sei se sabe vostede que con isto prexudica os grupos que os invitaron, porque na próxima sesión non poden ter invitados. Entón, pídolle por favor que se comporte. E, se non quere comportarse, pois pode saír libremente, non hai ningún problema.

Prosiga, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Eu trasládolle todas as xuntanzas que ten tido este goberno no sector de telemárketing, todas neste ano 2019: mes de febreiro, comité de empresa de Vodafone; mes de abril, comité de empresa



de Bosch; mes de abril, día 10, comité de Unitono; 11 de abril, representantes de Bosch; 25 de abril, representantes de Unitono; 9 de maio, reunión deste conselleiro, xunto coa secretaria xeral de Emprego, co comité de Unitono; 12 de xullo, director de Unitono; 1 de agosto, representantes de industria de Comisións Obreiras e dos traballadores, Comisións Obreiras e CIG, de R, Euskaltel, Comfica e Indra; 4 de novembro, comité de Unitono; 5 de setembro, avanza a formación.

Señora Quinteiro, este goberno está onde ten que estar, cos traballadores, defendendo os seus dereitos e traballando polo impulso do sector do telemarketing. *(Aplausos.)*

E, se me permite, señora Unitono, *(Risos.)* o emprego feminino... *(Risos.)* —perdón—...

O señor PRESIDENTE: Hai unha confusión, quería falar de Unitono. Entendémolo todos.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Perdón, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Entendémolo todos.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Señora Quinteiro, ¿vostede compréndeme, non? *(Murmurios.)*

Señora Quinteiro, o emprego feminino é unha prioridade para este goberno. E claro que este goberno quere falar de emprego feminino e quere falar da calidade do emprego feminino. Son case medio millón de mulleres afiliadas, que representan case a metade do total, son máis mulleres que nunca traballando en Galicia; sete de cada dez son asalariadas e teñen un contrato indefinido. E o mercado laboral galego, se o comparamos co mercado español, ten mellores resultados para as mulleres que no conxunto de España: temos menor taxa de paro, maiores taxas de actividade e de emprego e menor taxa de parcialidade. E temos incentivos para as mulleres, trinta e cinco mil mulleres recibiron axudas do Plan de emprego en feminino, con máis de sesenta mil servizos de orientación e promoción laboral. E estamos co emprego en feminino e seguiremos apoiando a muller, porque estamos convencidos de que ese é o camiño para que o noso mercado laboral sexa cada vez máis competitivo e teña cada vez máis calidade. E nese contexto loxicamente seguiremos apoiando o sector de telemarketing. É certo que o convenio é estatal, pero non é menos certo que a tutela e o seguimento o estamos a desenvolver dende a Inspección de Traballo.

E —como lle trasladei— estamos escoitando e colaborando cos representantes de telemarketing en Galicia, claro que si. E estamos intentando resolver situacións de moita dificultade, con moito diálogo e con moito realismo, porque estamos falando de empresas que loxicamente teñen as súas obrigas e teñen os seus dereitos. E, polo tanto, nós temos que defender os dereitos dos traballadores tendo en conta todos os elementos.

E, por suposto, estamos para abordar o futuro do sector e estamos preparando cambios que xa están acontecendo. Imos impulsar medidas no eido da formación. Imos impulsar medidas co sector no eido da prevención de riscos e tamén impulsaremos campañas de formación. E, polo tanto, estaremos traballando co sector de telemarketing e seguiremos así.



E, por suposto, con R non me diga vostede que o Goberno ten a obriga de impedir unha venda. Pero ¿de que me está a falar exactamente? ¡Concrete! Outra cousa é que vostede me diga que temos que garantir os dereitos de todos os traballadores, temos que garantir a calidade do servizo en R e temos que garantir a competitividade dun sector importante para Galicia como é o sector das telecomunicacións. E aí estaremos e non daremos un paso atrás, e xa llo temos trasladado a R, que seremos absolutamente exixentes, absolutamente, cos dereitos dos traballadores, e, polo tanto, faremos unha tutela de todas as actuacións que se desenvolvan en Galicia, tanto de forma directa como a través das súas subcontratas.

Polo tanto, señora Quinteiro, estamos co sector de telemárketing, estamos defendendo os traballadores e estamos defendendo os comités de empresa, e, por suposto, estamos sendo moi exixentes coas empresas, tanto do sector de telemárketing como coa propia R e as súas subcontratas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Interpelación de D^a Julia Torregrosa Sañudo e D^a Paula Quinteiro Araújo, do G. P. de En Marea, sobre as políticas de emprego que vai poñer en marcha o Goberno galego

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Torregrosa.

A señora TORREGROSA SAÑUDO: Grazas.

Boa tarde, presidente. Boa tarde, señor conselleiro.

A evolución do emprego é o indicador máis preciso do fracaso da xestión económica do seu Goberno, un fracaso absoluto porque, se na economía foi unha década perdida, en emprego foi moito peor, non porque non avanzáramos —aínda peor— senón porque fomos cara a atrás. Hoxe hai menos persoas traballando en Galicia que hai dez anos, cando Feijóo ocupou a presidencia da Xunta. Demóstrano os datos da enquisa de poboación activa (EPA) elaborada polo INE, que reflicten que no segundo trimestre de 2019 traballan en Galicia 1.100.000 persoas, fronte a 1.154.000 persoas que o facían no mesmo trimestre de 2009, cando Feijóo empezou a gobernar. Nos dez anos de Goberno Feijóo perdemos entón 54.000 empregos; é un resultado desastroso, un balance tan negativo que descualifica un gobernante; case tres lexislaturas nas que non só non se crea emprego senón que se destrúe.

Iso non sucedera nunca antes na historia recente do país. Nos dous anos de Goberno de Laxe o emprego aumentou en 11.000 persoas; nos dezaseis do Goberno de Fraga creáronse 70.000 empregos; cando Touriño deixou o Goberno en 2009, había 37.000 empregos creados en catro anos. Feijóo vai pasar á historia por ser o único presidente que vai deixar o Goberno con menos empregos dos que había cando chegou, a pesar de ter maioría absoluta e a pesar de gobernar con esta maioría absoluta durante tres lexislaturas, doce anos. Un balance que é desolador e que non pode xustificarse pola recesión, porque Galicia é a peor comunidade autónoma coa peor evolución do emprego na última década, nos anos do Goberno de Feijóo;



non entre as peores, a peor das dezasete comunidades autónomas, do conxunto do Estado español.

Dende o segundo trimestre de 2009 ata o mesmo trimestre de 2019 o emprego aumentou en 651.000 persoas no conxunto do Estado, mentres que en Galicia perdemos e caeron 54.000 postos de traballo. Para que se entenda mellor, mentres que no resto das comunidades autónomas o número de persoas con traballo aumentou en 700.000, aquí destruíronse 54.000 postos de traballo; unha diferenza enorme que fai de Galicia o territorio coa peor evolución de todas as comunidades autónomas.

Este é un dato fundamental, porque é o que serve para valorar a responsabilidade dun goberno autonómico, xa que o diferencial da evolución do emprego no seu territorio ten que compararse co resto das comunidades autónomas. O ciclo económico e do emprego ten unha elevada sincronía no conxunto do Estado, polo que a responsabilidade de cada goberno autonómico son as diferenzas entre territorios. Das dezasete comunidades autónomas que conforman o Estado español só cinco destruíron emprego nos últimos dez anos, e Galicia ten o triste privilexio de encabezar esta lista negra, por diante de Asturias e de Castela-León. Mentres que en Andalucía o emprego medrou o 7 %, en Cataluña e Navarra o 4 % e nas Canarias e Baleares o fixo no 18 %, en Galicia perdemos un 5 % do emprego que había en 2009, cando Feijóo empezou a gobernar.

A destrución de emprego en Galicia nesta década ten, ademais, características moi preocupantes. Por exemplo, case a metade dos postos de emprego destruídos —22.500 postos de traballo, exactamente— son industriais, o que pon de manifesto o gravísimo problema de desindustrialización que estamos a sufrir.

Pero tamén temos un grave problema coa idade das persoas que traballan no noso país, porque o mercado laboral está cada vez máis envellecido. O número de persoas menores de 35 anos con emprego en Galicia sufriu un gravísimo devalo. Hoxe hai 118.000 persoas novas con emprego menos que en 2009; isto quere dicir unha caída do 40 %; perdemos catro de cada dez persoas menores de 35 anos das que había cando Feijóo comezou a gobernar. Unha destrución de emprego que afecta tanto persoas asalariadas como, sobre todo, autónomos.

Fronte ao falso discurso do emprendemento, a realidade é que en Galicia hai 40.000 autónomos menos que en 2009. A responsabilidade do seu Goberno, do Goberno Feijóo, sobre este comportamento tan negativo do emprego faise evidente cando se analiza a súa evolución temporal. Os peores anos de destrución de emprego foron o 2010, pero sobre todo o período 2012-2013, cando Feijóo xa levaba catro anos de goberno, comezando a súa segunda lexislatura; é dicir, estes empregos perdéronse cando toda a responsabilidade caía no seu Goberno; en 2010, 51.000 empregos; e no bienio negro, 2012-2013, outros 85.000. Obviamente, non se pode dicir que outros teñen a culpa disto; despois de catro anos —repetimos—, toda a responsabilidade é súa.

E neste caso tampouco vale a historia de botarlle a culpa ao Goberno de Madrid. O Goberno central non ten a culpa, era o Goberno amigo de Rajoy, que neses anos aplicaba con enorme dureza unha reforma laboral con gravísimas consecuencias no emprego e nos dereitos la-



borais. Son culpables por partida dobre, porque tiñan a maioría absoluta no Estado, en España, e en Galicia, pero a política económica orzamentaria que aplicaron provocou recaída na segunda recesión.

En termos de emprego o balance é demoledor. Na fase recesiva da economía Galicia foi a comunidade autónoma que máis emprego destruíu e na fase expansiva, a partir de 2014, estamos entre as que menos emprego crean. O resultado: Galicia é o territorio con peor evolución no emprego entre 2009 e 2019, na década do Goberno Feijóo.

A Xunta gábase de que hoxe hai menos paro que en 2009, é verdade, pero o que non explica son as razóns de como é posible que destruíndo 54.000 empregos netos o número de persoas en paro se reduza en 26.000. Na explicación desta aparente contradición —menos desempregados a pesar de que hai menos xente con emprego— agóchase o drama que ameaza o presente, pero sobre todo o futuro da sociedade galega. Dende 2009 a poboación activa caeu en 80.000 persoas. Isto significa que o paro non baixa porque a xente atope un emprego, senón porque cada vez hai menos persoas buscando traballo.

Nun só dato pódese sintetizar o drama demográfico e laboral que estamos a denunciar constantemente. Galicia apenas ten o 6 % da poboación activa española, pero entre 2009 e 2019 o 50 % da caída dos activos en España correspóndese co noso país, 1 de cada 2; cifras que son evidentemente, señor conselleiro, moi negativas, a pesar dos cinco anos de crecemento económico, e que xeran unha lóxica e enorme preocupación.

Diante do cambio de fase do ciclo económico que está a chegar, vemos que aínda non recuperamos o nivel de emprego, e xa temos enriba outra vez a ameaza da desaceleración económica, do crecemento débil e da destrución de emprego.

Un só dato pon en evidencia o nefasto balance da década Feijóo no sector industrial. Hoxe hai 22.000 ocupados industriais menos que cando comezou a gobernar. No 2009 a industria galega daba emprego a 199.000 persoas; no 2019, a 177.000. En dez anos destruíronse 22.500 empregos, o que supón perder 1 de cada 10 postos de traballo na industria.

O problema é que este proceso de desindustrialización está sendo máis negativo no noso país que no resto do Estado. Galicia é a segunda comunidade autónoma con peor evolución no emprego industrial na última década, con valores moito peores que na gran maioría das comunidades autónomas, que apenas sofren de perda de emprego industrial. En todo o Estado perdéronse 65.000 empregos industriais, dos cales 22.000 corresponden a Galicia; é dicir, 1 de cada 3 postos perdidos na industria corresponden ao noso país, que apenas ten un 6 % de todo o emprego industrial. Soportou o 33 % da destrución de postos de traballo na última década.

E, xa para rematar, é fácil e sinxelo formularlle unha pregunta que vostede debería responder: ¿por que se perderon 54.000 empregos na década que levan gobernando, facendo de Galicia a comunidade autónoma con peor evolución no emprego entre as 17 que conforman o Estado? Creo que isto ten que facerlles reflexionar sobre o tipo de políticas que están a facer e o tipo de solucións que queren proñoer.

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Torregrosa.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Torregrosa, se lle parece, imos ordenar un pouco o debate, porque vostede fala na súa interpelación do inicio da crise, de estafa económica do ano 2007. Iso é o que vostede recolle na súa interpelación, e ademais dá os datos de como varía o emprego por comunidades autónomas.

Eu recórdolle que no ano 2007 quen gobernaba en Madrid era o Partido Socialista, e gobernaba en Madrid co apoio de Izquierda Unida e do Bloque Nacionalista Galego, e que no ano 2007 o que gobernaba en Galicia era o Partido Socialista tamén. Polo tanto, no ano 2008 todos vostedes, todos —vostedes tamén—, negaban a crise económica.

Eu trasládolle o que dicía o presidente Zapatero no debate do estado da nación no ano 2007: «*La próxima legislatura lograremos el pleno empleo en España. No lo quiero con carácter coyuntural, lo quiero definitivo, y eso requerirá nuevos cambios en las condiciones estructurales de nuestra economía. Solo lo quiero y así lo formulo en la línea de nuestra última etapa —el empleo estable—. Estamos en condiciones de comprometer un objetivo: la reducción de la temporalidad hasta situarla en el 25 %*». Felipe González, 3 de julio del año 2007.

Pero ese mesmo ano o presidente Touriño, no debate do estado da autonomía, dixo o mesmo aquí, neste Parlamento: «Galicia dispón» —dicía o presidente Touriño— «neste momento do maior volume de emprego, do máis activo mercado laboral de toda a súa historia. Medrou o número de activos, lideramos en España a creación de postos de traballo e rebaixamos a taxa de paro en dous anos en 3,6 puntos, o que nos permite abrigar fundadas esperanzas de conquistar o pleno emprego nun tempo razoable.» *Diario de Sesións do Parlamento de Galicia* do 2 de outubro do ano 2007.

¿De que falamos, señoría? ¿Exactamente de que política económica e de que política industrial falamos que sentou a base da recesión máis importante que tivemos que afrontar dende o ano 2009–2010 por parte deste goberno e a partir de decembro do ano 2012 por parte do presidente Mariano Rajoy en España? ¿De que estamos a falar?, ¿dos 50.000 empregos que perdía o Bipartito no ano 2009? ¿Estamos a falar diso? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Ou estamos a falar das medidas que tivemos que implementar, precisamente, para corrixir a perda de empregos que se produciu en España e en Galicia? Recórdolle que España, a partir dese discurso do presidente Zapatero, perdeu 3 millóns de afiliados e afiliadas á Seguridade Social. Ese é o dato, igual que o dato é que despois do discurso do presidente Touriño —outubro do 2007—, aventurando igualmente o pleno emprego, Galicia perdeu 53.577 afiliacións á Seguridade Social. Se quere, falamos de datos. Polo tanto, paréceme que temos que ordenar o debate se realmente queremos facer un debate serio, rigoroso e intentando interpretar as diferentes medidas que se poden impulsar. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)



Porque, se quere, falamos de medidas que incentiven o emprego. Claro, vostedes no seu grupo teñen unhas propostas interesantes dende o ano 2009: pechar Elnosa, (*Risos.*) van pechar Meirama, pide o seu grupo parlamentario pechar As Pontes, Ence e Reganosa. (*Murmurios.*) Opóñense a todo proxecto eólico ou mineiro, opóñense a construír barcos militares, (*Murmurios.*) opuxéronse ao polo aeroespacial de Rozas, descualifican a empresarios e a empresas que dan emprego a milleiros de persoas como PSA ou Inditex. ¿Cal é o seu modelo?, ¿vir aquí dar estatísticas? Agora vou dar eu datos tamén, pero creo, honestamente, que se queremos ordenar o debate teremos que centralo de forma exacta. (*O señor Lago Peñas pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Señor Lago, por favor, vostede non está no debate, está a señora Torregrosa.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Falemos dos datos da EPA.

Os datos da EPA do segundo semestre do ano 2019, que xa están publicados, poñen de manifesto que Galicia ten 21.200 ocupados máis que a media do ano 2018, que son os datos que vostede está utilizando na súa interpelación —21.200 ocupados máis—. Polo tanto, temos recuperado o 92,1 % do emprego que había no ano 2007 e non o 90,3 %. É claramente insuficiente, señoría, sabemos que nos queda moito traballo por facer, pero, loxicamente, temos que ser coherentes co que queremos trasladar coas cifras e coas políticas que propoñen os diferentes grupos.

Permítame tres datos máis da EPA. O primeiro: en Galicia 617.100 fogares teñen todos os seus activos ocupados; é dicir, 8 de cada 10, o 82,5 %; en España 3,2 puntos menos, o 79,3.

O segundo: En Galicia 2 de cada 3 asalariados teñen contrato indefinido a tempo completo, o 64,7 %, o mesmo que a media de España.

O terceiro: en Galicia a taxa de paro é do 11,3 %, 2,7 puntos menos que a medida española, que é do 14 %; é a oitava comunidade autónoma con menor taxa de paro en España.

¿Acaso lle parece que os datos non están a reflectir os esforzos que estamos facendo en materia de política económica e en materia de política industrial e o esforzo que están facendo os empresarios, precisamente, para facer fronte primeiro, no seu momento, á crise e agora, ao contexto de desaceleración económica, na que nos estamos encontrando precisamente coa inacción e coa inestabilidade que está xerando o Goberno de Madrid? Señora Torregrosa, a realidade non se resume nun só dato, non veña aquí intentar reflexar toda unha realidade de política industrial, de política económica, de política en materia de emprego e de política en materia de formación.

Vou trasladar algo. Estes días celebrouse en Galicia un evento moi importante, no que Galicia foi referente nos debates dende o punto de vista da visión atlántica. Celebrouse na Toxa hai uns días. E o seu presidente, o galego Amancio López Seixas, dicía o seguinte —que xa lle traslado que eu comparto—: «A resposta aos cambios tan profundos que estamos a vivir



a través da revolución tecnolóxica, a globalización, a economía verde, unha nova desaceleración, non pasa pola volta atrás que propoñen nacionalismos e populismos de todo tipo.» (O señor Lago Peñas pronuncia palabras que non se perciben.) «Non hai que temer as transformacións, hai que conducilas...»

O señor PRESIDENTE: Señor Lago...

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): «...para recobrar a confianza no futuro».

Nese contexto é onde estamos, e ofrecemos a man tendida pero, dende logo, con propostas de negación do emprego e da industria en Galicia, así, loxicamente, é moito máis difícil.

Sabe que a Xunta de Galicia ten unha axenda de emprego, a Axenda 20 para o emprego, que é unha planificación concreta para acompañar os axentes económicos e sociais nestes desafíos, e hai compromisos concretos. Marcámonos como obxectivo polo menos xerar 80.000 postos de traballo; levamos nesta lexislatura creados máis de 61.000 e máis de 128.000 dende o peor momento da crise; é dicir, dende xaneiro do ano 2014. E, de feito, hoxe temos máis de 1.029.000 galegos e galegas que están cotizando á Seguridade Social, como había en abril do ano 2009.

Eses son os datos, señoría, do esforzo que estamos facendo en Galicia e que eu teño que poñer en valor, porque nos está permitindo que, efectivamente, deamos unha resposta clara ás necesidades que ten o noso tecido produtivo. E estámolo a facer con políticas concretas, dándolle flexibilidade á formación, permitindo que os empresarios poidan ofrecer a formación que demandan. Por primeira vez en Galicia os empresarios poden deseñar a súa formación, implementar a que realmente necesitan e non estar sometidos á que simplemente non lles é útil.

Estamos impulsando o emprego feminino, estamos impulsando o emprendemento, estamos impulsando a innovación, estamos impulsando tamén as políticas vinculadas co emprego autónomo.

En definitiva, señoría, estamos apoiando, a través das políticas de emprego, a creación de emprego a través da formación, a través da política económica, da política industrial, e eu o que pido é coherencia, non vir aquí dar un dato; pido coherencia porque a política de emprego ten que vir acompañada dunha política industrial que aposte pola industria, que aposte pola innovación, e aí ata este momento non está, lamentablemente, o seu grupo parlamentario.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Torregrosa.

A señora TORREGROSA SAÑUDO: Moitas grazas.



Señor conselleiro, é decepcionante a súa resposta, evidentemente, porque non parece un conselleiro; quero dicir, non é unha persoa que estea a contarnos novas responsabilidades que lle competen e que contraste os datos e os problemas que estamos aquí a denunciar.

As cifras que lle demos dende o meu grupo son do 2009 ao 2019, entón, non vaia dicirme que a culpa de toda a situación de dez anos de goberno de maiorías absolutas en Galicia e no Estado, en Madrid, do señor Feijóo e do señor Rajoy, é o que pasou no 2007 e que vostedes son incapaces en dez anos de modificar estas tendencias económicas, porque, verdadeiramente, se o que queren dicir é iso, é moito máis dramático que o que veño eu de denunciar; é para saír correndo.

De feito, existe unha elevada sincronía no ciclo do emprego en Galicia e no resto do Estado, pero o que estamos a denunciar é que aquí funciona todo moito peor, é que a evolución foi moito peor e que as cifras son moito peores; tan peores que estamos na cola do Estado. Entón, isto é o que estamos denunciando. E o que vostede tería que dicirnos é como pensan solucionalo e de onde veñen esta serie de erros nas súas políticas que nos levan a estar hoxe en día nesta precaria situación.

Entón, dende o noso punto de vista, e non só o noso —non será do Foro ou do simposio A Toxa, pero si de diferentes outros foros, máis técnicos que políticos, sobre economía, como pode ser o Foro de Economía Galega, o Consello de Economía, os estudos da Fundación Abanca—, hai tamén unha serie de consellos nos que todos coinciden sobre cales son os erros e as fallas que hai nas estratexias económicas galegas e en como deberían solucionarse. Parece que vostedes non queren escoitar a ningún deles.

Pero, bueno, o fracaso é evidente que está provocado, en primeiro lugar, polo esgotamento do modelo produtivo do noso país, que non queren modificar, definido pola debilidade dos sectores tradicionais e a falta de diversificación e novas actividades de futuro. Tampouco teñen un proxecto de cara a modificar todo iso. Por iso medramos menos que a media e xeramos menos emprego.

En segundo lugar, podemos dicirlles que a política de austeridade que vostedes levaron a cabo todos estes anos foi terrible, está comprobado. Os recortes no gasto son os responsables en gran medida dun devalo nas políticas de emprego da Xunta. De 2009 a 2018 caeu o orzamento inicial, pero sobre todo deixouse de gastar unha parte significativa dos recursos destinados a fomentar o emprego e a empregabilidade das persoas, que é o que vostedes din que queren facer agora despois de dez anos, como se acabaran de chegar aquí. Se comparamos o gasto, efectivamente, executado en 2009 e o de 2017 en termos reais, ponse en evidencia a dureza do recorte. Os recursos das políticas de emprego recortáronse nun 58 %, máis de 200 millóns de euros en valores absolutos. Hai unha incapacidade —e segue habéndoa hoxe en día— de chegar a acordos no diálogo social. Negáronse absolutamente a chegar a este tipo de acordos cos empresarios, cos sindicatos e a impulsar políticas de emprego, rachando cunha longa tradición de acordos entre os axentes sociais e a Xunta, con todos os presidentes anteriores. Quero dicir que creo que teñen que rematar xa de facer políticas de escapatate, políticas de campaña, políticas que non fagan ningún balance dos erros que cometeron nas súas políticas de goberno con maioría absoluta de doce anos, co seu go-



berno, o Goberno do señor Feijóo, mentindo e agochando a realidade. Non poden continuar así, enganando a cidadanía.

Non se pode enganar a xente toda a vida. Non poden esquecer o servizo que teñen que facer á xente que os votou e pola cal vostedes están aquí. Empobrecer os galegos e as galegas é deixar morrer Galicia. Estas políticas non poden crer que sexan só de incapacidade de mellor xestión do territorio. Creo que, verdadeiramente, hai unha mala vontade política detrás de toda esta desfeita, destes doce anos, que, lamentablemente, nin vostedes queren recoñecer nin, polo tanto, queren solucionar.

Nada máis e moita grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Torregrosa.

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Torregrosa, insisto na coherencia. Vostede fala dun esgotamento do modelo produtivo. Permita que lle lea uns titulares: «En Marea ve innecesario modificar a Lei do solo para os proxectos que urxe PSA». «En Marea denuncia o uso militar do aeródromo de Rozas e que nel non se creou nin un só posto de traballo». «En Marea asegura que a creación da Axencia Galega da Industria Forestal evidencia que o PP entende o monte só desde a esfera produtiva». «*Unidos Podemos empuja al Gobierno para que cierren todas las térmicas en 2025*». «*En Marea insta al Gobierno a revisar la prórroga de Ence*». «*Yolanda Díaz pide paralizar la planta de Reganosa*». «*En Marea pide paralizar las obras del parque eólico de Mourinhos*». «*En Marea pide la paralización de dos parques eólicos en Paradela e Serra das Penas por ser un abuso más sobre el rural*».

¿Onde estamos, señora Torregrosa? ¿Onde estamos?, ¿na paralización de todo ou no apoio a un modelo produtivo baseado na industria 4.0, na innovación e nos novos sectores estratégicos de Galicia? (*Aplausos.*) ¿Onde estamos?

Señora Torregrosa, a Xunta de Galicia está impulsando a Axenda 20 para o emprego, estamos ofrecendo e poñendo en marcha novos servizos dixitais, levando a cabo a modernización das oficinas de emprego, activando o novo Plan de formación para o emprego 2019-2020, que prevé chegar a máis de 28.000 galegos e galegas, apoiando tamén o emprego feminino, o emprego xuvenil, o emprego inclusivo e o emprego autónomo. Hoxe poñiamos en marcha un novo programa de formación, precisamente formación dual, adicado ás persoas con capacidades diferentes, cunha formación plurianual de tres anos adaptada, precisamente, á inclusión. E estamos traballando tamén cos propios sindicatos e coa propia Confederación de Empresarios de Galicia no eido do diálogo social.

Estamos actuando cunha política de emprego activa, con axudas á formación. No anterior Plan galego de formación beneficiamos a 23.000 persoas a través dunha oferta de máis de



3.500 cursos, e o obxectivo que temos é formar a máis de 50.000 galegos e galegas precisamente no próximo plan, destinando case 135 millóns de euros.

Estamos destinando, señoría, cada ano 200 millóns de euros a través das políticas activas de emprego; orzamento que, ademais, estamos executando. En 2018 a Xunta de Galicia comprometeu preto do 85 % do orzamento vixente, e precisamente a capacidade de execución da Xunta de Galicia é unha das razóns polas cales Galicia se sitúa na terceira posición na avaliación do Plan anual de política de emprego que ten o Ministerio de Traballo. E non o di a Xunta, dío o Ministerio de Traballo, que somos unha das tres comunidades autónomas que temos a maior avaliación neste Plan anual de política de emprego.

En definitiva, son políticas que están permitindo que en Galicia xeremos emprego e sobre todo que poñamos á disposición da política industrial e da política de innovación o mellor capital humano posible. Sabe que temos unha Axenda Industria 4.0 e que Galicia, xunto co País Vasco, está sendo pioneira e está situándose na vangarda, precisamente, para favorecer a pequena e mediana empresa a introducir as novas tecnoloxías e os seus procesos de dixitalización.

Temos mobilizado 935 millóns de euros, axudando a 9.000 empresas, e no próximo plan 2019-2022 destinaremos 350 millóns de euros a novas medidas clave precisamente para favorecer a dixitalización. Igual que temos unha axenda de innovación coa que a Xunta está a impulsar unha nova industria, máis punteira, de maior valor engadido, e sobre todo que estea traballando na súa diferenciación e no coñecemento, mobilizando preto de 1.300 millóns de euros e prevendo chegar a preto de 1.800 millóns de euros de mobilización.

Temos política industrial, temos política de innovación, temos unha política activa de emprego que está atendendo as necesidades das empresas e temos, en definitiva, un tecido produtivo competitivo que está sabendo responder ás necesidades do mercado, incrementando as súas exportacións. O único que lle pedimos é que deixen a negación e que se sumen, precisamente, aos esforzos que están facendo os empresarios e a propia Xunta de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Estaba preguntando se suspendiamos dous minutos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Suspendemos dous minutos e logo continuamos co pleno. Avisamos polo timbre.

Suspéndese a sesión ás oito e trinta e tres minutos da tarde e retómase ás oito e trinta e oito minutos.

Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Se lles parece, reanudamos a sesión.

Quero, de todos os xeitos, agradecer tamén ao conselleiro de Industria o esforzo desta tarde. Algunhas iniciativas eran do anterior pleno, e como creo que mañá ten que saír a Bruxelas houbo que facer esta acumulación na tarde de hoxe.



Así que pasamos de novo a unha alteración na orde do día, e imos ás preguntas ao Goberno.

Pregunta de D. José Manuel Lago Peñas e D^a Julia Torregrosa Sañudo, do G. P. de En Marea, sobre a valoración que fai o Goberno galego dos datos do investimento estranxeiro en Galicia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Torregrosa.

A señora TORREGROSA SAÑUDO: Grazas.

Señor conselleiro, os últimos datos coñecidos de 2019 sobre a captación de investimento estranxeiro directo son tan negativos como preocupantes. ¿Sabe vostede cal foi a cifra para Galicia? Dígolla eu: 6,7 millóns de euros, menos de 7 millóns en tres meses, apenas dous millóns de euros ao mes. Un fracaso absoluto do que xorde unha pregunta: ¿señor conselleiro, a que vai a Polonia?

O dato do primeiro trimestre de 2019 non é unha anécdota nin consecuencia da desaceleración da economía europea. No ano 2018, Galicia só captou 65,4 millóns de euros de investimento estranxeiro directo, apenas cinco millóns ao mes. Esta cifra tan baixa supón que Galicia só foi capaz de captar o 0,1 % de todo o investimento estranxeiro en España; non o 1 %, non, o 0,1 %, o valor máis baixo dende hai máis dunha década.

Señor conselleiro, o fracaso —de novo— neste tema é absoluto. Galicia supón o 5 % do PIB estatal, pero só capta o 0,1 % de investimento; isto é, 50 veces menos que o peso económico de Galicia —¡50 veces menos!— Xa sei que o investimento estranxeiro se concentra na capital do Estado e que esta incapacidade para atraer investimento é un problema histórico de Galicia. O problema é que cada ano que pasa non fai máis que agravarse. O ano 2018 merece unha atención especial, porque é o primeiro exercicio completo de vixencia da súa lei estrela para fomentar o investimento, a Lei de implantación de iniciativas empresariais, da que vos tedes falan todo o tempo. O resultado de 2018 é tan malo que pon en cuestión a estratexia do seu goberno. En 2018 captáronse 65 millóns de euros, unha cifra que apenas é a metade da conseguida en 2017, exactamente un 42 % menos. Un fracaso absoluto.

En 2018 o investimento estranxeiro acadou un máximo histórico en España, case 50.000 millóns de euros, case o dobre que en 2017; pola contra —tal e como se dixo aquí— foron 65 millóns, case a metade de 2017, unha enorme diferenza que pon de evidencia o fracaso absoluto do Goberno do señor Feijóo e da Xunta de Galicia.

Por iso lle formulamos unha pregunta para que poida ter ocasión de explicar e responder —por favor esta vez— este fracaso do seu goberno na captación de investimento estranxeiro.

Señor conselleiro...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora TORREGROSA SAÑUDO: ...—xa remato— voulle facer aínda máis fácil a resposta para que non teña que complicarse citando o Bipartito, citando o que pasou en 2007...



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora TORREGROSA SAÑUDO: ...ou o que lle sucedeu a calquera das comunidades autónomas do Estado.

O seu partido leva dez anos gobernando...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora TORREGROSA SAÑUDO: ...e daría por contestada a pregunta se vostede —remato— fora quen de citar cinco proxectos empresariais...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora TORREGROSA SAÑUDO: ...de carácter industrial, de máis de 100 empregados, que supuxeran a instalación de novas factorías, non a compra de empresas xa existentes...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora TORREGROSA SAÑUDO: ...nos dez anos que levan gobernando.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Nas preguntas, saben vostedes que xeralmente somos máis xustos. Por favor, adáptanse ao tempo, porque, se non...

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Torregrosa, doulle un dato do investimento estranxeiro: o investimento estranxeiro en Galicia no primeiro semestre do ano 2009 foi o segundo que máis creceu con respecto ao mesmo período de 2018 en toda España, exactamente 607 millóns de euros. Ao mesmo tempo, España está reducindo un 60 % o seu investimento estranxeiro, ¿Con que dato nos quedamos?, ¿co do ano 2018 ou co do primeiro semestre do ano 2019?

Señoría, vostede sabe perfectamente que os datos de investimento estranxeiro precisan de moitas puntualizacións, de moitas, non só sobre como se computa por comunidades o investimento que realizan con fondos xerais por parte das filiais locais. Vostede sabe que esta estatística, ademais, está influenciada por grandes operacións que se realizan unha vez e logo non se repiten, pero que permanecen no territorio. Sabe perfectamente que non é o mesmo falar de investimento produtivo que de investimento non produtivo, como poden ser as vendas de carteiras de ladrillo tóxico, que fan as entidades financeiras, entre outros. E sabe perfectamente que estes datos non teñen en conta onde se realiza, efectivamente, o investimento, senón a sede social da empresa.



Polo tanto, intentar vir aquí para dar a imaxe de que Galicia non é capaz de atraer investimento estranxeiro grazas á súa política industrial e económica é simplemente non querer ver a realidade e non abrir o ángulo de análise, realmente, á política industrial, á política económica que está facendo o Goberno.

Vostede sabe que nestes momentos —xa o teño trasladado na miña comparecencia anterior— se están desenvolvendo en Galicia máis de 2.000 millóns de euros de investimento e que hai empresas, como é PSA, que están creando 1.200 empregos grazas aos apoios da Xunta de Galicia; que Benteler abriu unha segunda fábrica, cun investimento de 20 millóns de euros, creando 200 empregos; que se está desenvolvendo un investimento para crear unha central de biomasa forestal en Curtis; que se está facendo un investimento por parte de Inleit de máis de 90 millóns de euros, etcétera, etcétera, hasta 2.000 millóns de euros. Esa é a realidade.

Polo tanto, creo que, se quere falar en serio da política económica e industrial, fagamos un debate en serio, pero non veña aquí cun dato illado para intentar desprestixiar toda unha política que existe de favorecer o investimento estranxeiro directo en Galicia.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para a réplica ten a palabra a señora Torregrosa.

A señora TORREGROSA SAÑUDO: Grazas, señor conselleiro.

Vexo que non puido respostarme á pregunta. Xa non lle pido cinco, pídolle tres, pídolle algunha, pídolle que dea datos concretos do que pasa exactamente co investimento estranxeiro no noso país, porque, verdadeiramente, parece que todo isto que me está contando non ten nada que ver cos valores reais.

Bueno, aquí mirando por riba o último trimestre do Foro Económico, vemos que no último trimestre semella confirmarse o cambio do patrón de crecemento agregado ao PIB da economía galega, que nos últimos cinco trimestres presenta tan só achegas positivas de demanda interna.

Pola contra, a demanda externa detrae 1,3 puntos o crecemento do PIB no segundo trimestre do ano, o que contrasta coa achega positiva de sete décimas no conxunto de España, un punto segundo a última revisión.

Dende o ano 2005 Galicia non encadeaba cinco trimestres consecutivos con achegas negativas do sector exterior. O cadro macroeconómico reflicte que por terceiro trimestre consecutivo se contraen tanto as explotacións como as importacións, descendendo as vendas fóra



de Galicia un 8,6 % e as compras, un 6,6 %. Se se consideran tan só as relacións comerciais con terceiros países, vemos que as exportacións descenden no segundo trimestre un 10,5 %, impulsadas pola caída do 30,7 % no sector do automóbil e do 41,6 % no enerxético.

É dicir, non sei de que datos me está a falar, sinceramente. Entón, creo que igual que, máis que eu cinguirme a algunha cousa que estou a preguntar —que é unha pregunta moi sinxela—, que vostede responde.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Torregrosa.

Para o turno de réplica, por parte do Goberno, ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas.

Señoría, eu dou datos, pero, loxicamente, creo que hai que seguir o debate. Eu fállolle de datos de investimento no sector da automoción: 600 millóns de euros de investimento de PSA, creando 1.200 empregos novos; e dun investimento de 20 millóns de euros de Benteler, creando máis de 200 empregos.

Fállolle de forma concreta do sector aeronáutico: 50 millóns de euros investidos por Boeing, por Indra e por Babcock, que están creando no seu conxunto, no polo aeronáutico de Rozas, preto de 500 empregos. Fállolle dos 25 millóns de euros que está investindo Delta Vigo en Porto do Molle. Fállolle, no sector forestal, de 75 millóns de euros que está investindo Finsa. Fállolle, no sector agroalimentario, dun investimento comprometido recentemente por parte de Eurosérum, un grupo chinés que está investindo en Monforte de Lemos. Fállolle de 100 millóns de euros de Inleit para as novas instalacións en Curtis. Fállolle da nova fábrica que está deseñando Albo na PLISAN, ou dos 100 millóns de euros de Estrella Galicia.

Fállolle, no sector enerxético, de 125 millóns de euros dunha planta de biomasa, de Greenalia; de 200 millóns de euros que Endesa investiu, e esperamos que o Goberno non impida a súa continuación. E fállolle de 470 millóns de euros que se están investindo nestes momentos en Galicia para desenvolver 18 parques eólicos que van entrar en funcionamento o 31 de decembro do ano 2019. (Aplausos.)

Señora Torregrosa, esta é a realidade de Galicia desde o punto de vista do investimento, esta é a realidade desde o punto de vista da creación de emprego.

Efectivamente, temos unha lei de implantación empresarial que, dende o punto de vista normativo, está favorecendo os investimentos, porque permite reducir os prazos á metade, mantendo as garantías, permite favorecer o solo empresarial e permite, cos concellos emprendedores, reducir tamén a fiscalidade.



Estamos desenvolvendo unha política de acceso ao solo empresarial bonificando o 50 % do prezo do solo e permitindo o desenvolvemento do dereito á superficie cun canon anual de tan só o 1,5 % do prezo da parcela durante os dous primeiros anos. Estamos permitindo flexibilizar o desenvolvemento dos polígonos por parte dos concellos, impulsando e mellorando os incentivos fiscais.

Señoría, hai unha política industrial de incentivo dos investimentos, de atraer novos investimentos e de favorecer a innovación. Esa é a realidade de Galicia, e, sobre todo, o mérito é dos empresarios que están apostando por Galicia, dos traballadores e do seu coñecemento, que están permitindo que hoxe Galicia teña un (*Intelixible*.) en política industrial e en política de innovación.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta, a 7.5.

Pregunta de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para evitar os efectos en Galicia da deslocalización de servizos de provisión e xestión de rede da empresa de telefonía R Cable

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, non sei se se decatou dende a súa torre de marfil multicolor coa que nos acaba de ilustrar nas anteriores preguntas, pero o certo é que as e os traballadores que traballan para empresas que fornecen de servizos a R no noso país levan mobilizándose moito tempo, moi preocupados e preocupadas polos seus postos de traballo; xa dende o verán. Representan un exemplo claro de a onde nos ten conducido a perda de galeguidade do noso sector empresarial e do noso tecido económico. Representan tamén o fracaso desa fusión das caixas, xa que trouxo un desinvestimento dun sector clave, o das telecomunicacións, no que hoxe poderíamos ser vangarda.

Eu quero recordar hoxe aquí que R, que naceu como unha empresa galega, foi comprada primeiro, nun 70 %, por un fondo luxemburgués no ano 2010, e posteriormente o 100 % por Euskaltel. E, deses polvos, estes lodos. A día de hoxe Euskaltel acordou entregar á chinesa ZTE os servizos de operación e os servizos de mantemento da rede, que ata agora fornecía desde Galiza, a través de diferentes empresas, como Comfica, Colabora, Indra ou Plexus. E o risco que representa esta operación, manifestado na posible perda de 1.000 empregos na área metropolitana da Coruña, indica que está a levar servizos pouco a pouco, pinga a pinga, cara a outras latitudes do Estado.



Quere dicir isto que estamos diante dunha situación que é tan grave que xa nin sequera falamos de postos de traballo que se destrúan e que deixen de existir, senón que son postos de traballo que podería haber en Galiza e que vai haber, polo mesmo custo, en Asturias ou en Euskadi. Eu teño aquí a proba do algodón (*A señora Presas Bergantiños amosa un documento.*): un anuncio para buscar teleoperadores con lingua galega en Euskadi, para fornecer estes servizos para R, que a día de hoxe se están a dar no noso país; postos que se manterán en Asturias ou en Euskadi, custando exactamente o mesmo para esta empresa. Polo tanto, é unha decisión política e que require dunha reacción política por parte da Xunta de Galiza, que non a está a haber.

Nos meses de verán tivemos tamén medo, particularmente por unha serie de empregos de Comfica. Grazas ás mobilizacións destes traballadores e á negociación que eles acometeron en solitario, puideron parar ese primeiro despedimento. Pero iso non quere dicir que a situación estea resolta, nin moito menos que estea resolta nas demais empresas, afectadas moitas delas tamén por outras derivadas do telemárketing, de atención ao cliente e demais.

Polo tanto, nós dende o BNG hoxe o que queremos pedirlle é un compromiso. Ten arriba na tribuna traballadores destas empresas. Pode aproveitar esta tarde tan intensa que o acompañe para comprometerse con eles a constituír o que este Parlamento xa demandou de forma unánime a semana pasada e o que eles xa pediron o 1 de agosto cando foron recibidos pola secretaria xeral de Emprego, que é que haxa unha mesa galega de negociación e que a Xunta sente con R, cos traballadores e traballadoras, e que lle exixa que estes postos queden no noso país.

¿Que máis ten que pasar, señor conselleiro, para que abandone a súa torre de marfil e faga isto, que é tan sinxelo?

Nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Señora Presas, lamento sinceramente que non prestase ningunha atención ao debate coa señora Quinteiro, máis que nada porque foi un debate creo que enriquecedor. Seguramente se prestase máis atención, non trasladaría algunha das cuestións na súa pregunta.

Está claro que non lle interesan as explicacións do Goberno, e seguramente aquí se trata simplemente de quen se quere colgar unha medalla, non sei moi ben para que. O que si lle podo dicir é que, dende logo, os traballadores de R, os traballadores das subcontratas, todos os traballadores e traballadoras de telemárketing non precisan ningún tipo de interlocución directa a través de ningún grupo parlamentario, porque a teñen directamente coa Xunta de Galicia, e así o estamos a demostrar con todas as reunións que temos desenvolvido, non só cos traballadores, senón tamén coas empresas, porque, loxicamente, o labor ten que ser ese.



Seguramente vostede debería de preocuparse tamén sobre o que fan os gobernos nos que participa o Bloque Nacionalista Galego. Debería, porque seguramente aí se atoparía tamén con que os traballadores das contratas de Euskaltel lles están a solicitar intervención. Seguramente debería de ocuparse alá onde participa e colabora co Partido Socialista.

En calquera caso, nós estamos actuando con total transparencia e con total interlocución cos traballadores, escoitando cales son as súas necesidades, garantindo o cumprimento de todos os seus dereitos e, dende logo, promovendo o diálogo coas empresas, cos traballadores, para atopar solucións. Estamos atopando solucións, e así seguiremos.

Dende logo, a Xunta comparte a preocupación dos representantes dos traballadores, e a Xunta vai adoptar esa posición activa na defensa dos postos de traballo en Galicia; tamén, loxicamente, para todas as empresas que prestan servizos a Euskaltel. Saiba que nós nos reunimos en agosto cos representantes dos traballadores, entre eles tamén co comité de empresa de Comfica, e saiba que estamos traballando para atopar unha solución, porque somos os primeiros en querer solucionar os problemas. É que parece que aquí o Goberno está para crear problemas. Non, señora Presas, estamos para solucionar problemas e traballamos para solucionarlos.

Dende logo, nós imos seguir mantendo os contactos, imos ser moi firmes exixindo o servizo de calidade das empresas, imos ser moi firmes con R e con todas as empresas de telemárketing para que cumpran e garantan os dereitos dos traballadores, e, dende logo, os traballadores saben que estará a Xunta de Galicia para garantir o cumprimento de todos os seus dereitos e para que se respecten. Dende logo, actuaremos con firmeza con todas as empresas, porque hai unha responsabilidade, loxicamente, na súa vinculación co territorio.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para a réplica ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, atendín jeh!, créame que atendín. Se quere, pode chamarme a min «señora Unitona», que me ten contenta vostede coa cuestión de Unitono. (*Aplausos.*) Xa llo direi cando volva ao meu posto de traballo, se é que segue existindo.

Mire, quen non atendeu debeu ser vostede. Eu entendo que leva moitas horas enclaustrado neste pleno, pero fun eu quen lle volveu repetir ese dato de que recibiron estes traballadores e traballadoras o 2 de agosto. ¡Pero é que pasaron dous meses!, e non os volveron recibir nin asumiron o compromiso que adquiriron verbalmente a semana pasada no Parlamento galego e durante estes dous meses en concellos como o da Coruña, como o de Oleiros e en toda a área metropolitana da Coruña. Non houbo en ningún momento unha reunión Xunta-traballadores-empresas, jen ningún momento! Non me conte milongas, señor Conde, porque iso non existiu. Nós o que queremos é facer presión para que iso exista, porque, mentres vos-



tedes din para o aire que están buscando solucións, o certo é que ata o momento a única solución que veu foi para un caso puntual e pola forza mobilizadora dos traballadores e traballadoras, non por ningunha xestión da Xunta de Galiza.

Explíquenme vostedes que éxitos se están colleitando coa cuestión de R, cando estamos vendo —eu mesma llelas ensinei— ofertas de traballo de Euskadi buscando teleoperadores e teleoperadoras en galego para atender servizos de R, e cando ademais sabe vostede que extralimita a cuestión do telemárketing o que estou dicindo, porque estamos falando de traballadores que dan servizos de provisión de todo tipo, entre eles servizos á propia Xunta de Galiza. ¿Vai a Xunta de Galiza non dialogar co seu provedor R, mentres está levando os postos de traballo que deberían velar por servizos da Administración pública a outra comunidade autónoma, a outro país? ¡Home!, desde logo, moi normal a nós non nos parece, señor Conde. Polo tanto, menos vir aquí cos discursos prefabricados de que están preocupadísimos e traballando moitísimo e máis sentarse a facelo. Eu, insisto, ten arriba os traballadores...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...pode concertar agora mesmo unha cita para o día que mellor lles veña a eles e a vostedes, e a partir de aí exixirille á empresa.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

Para a réplica do Goberno ten a palabra o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): ¡Home!, está ben este discurso de lugares comúns aos cales vostede nos ten habituados nas súas intervencións, nos que non dá ningún tipo de información nin concreta ningún tipo de medida. (*A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.*) En calquera caso...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): ...nós, señorías, somos absolutamente transparentes e somos absolutamente claros cos traballadores, absolutamente. Polo tanto, nós non trasladamos ningún tipo de expectativas que non podamos cumprir, e todos os compromisos que adquirimos con eles levámolos xa feito.

O que non me pode atribuír, ou non lle pode atribuír á Administración galega, é o control das empresas privadas. Espero que non lles queira trasladar aos traballadores que a Administración ten un control efectivo sobre unha empresa privada. Espero, espero, salvo que vostede pense, no seu concepto, que todo ten que ser público, e que pretenda nacionalizar todas as empresas.

Espero que tampouco lle pretenda atribuír á Administración galega a facultade de rescindir contratos a axudas segundo conveña. Espero que vostede non estea intentando trasladarlles



aos traballadores que unha administración responsable pode facer iso. E espero que non pretenda trasladar a ninguén que a Xunta de Galicia pode saltar a legalidade. Espero, espero.

Polo tanto, señoría, eu creo que cando falamos dun tema tan importante e tan relevante, onde, como sabe perfectamente, a normativa laboral en moitos casos se está desenvolvendo segundo os diferentes convenios, temos que dicir que nós temos que velar polo cumprimento deses convenios e, ao mesmo tempo, temos que velar por identificar como se poden ir solucionando.

Por iso, eu aos representantes aquí presentes invítoos a seguir confiando na Xunta de Galicia, porque a Xunta de Galicia vai estar con eles, e a Xunta de Galicia vai identificar calquera medida que, loxicamente, poida garantir o mantemento do posto de traballo.

Dende logo, seremos, como xa lle trasladei, absolutamente contundentes na defensa dos dereitos dos traballadores de R, de Comfica..., porque aquí parece que a Xunta de Galicia se inhibe. Non, estivemos cos traballadores e estivemos coas empresas, e estamos identificando e mediando para solventar solucións e sobre todo para garantir os postos de traballo.

Polo tanto, debería de consultar máis no seu partido o que están a facer nos concellos nos que están cogobernando e seguramente a partir de aí poderíamos intercambiar información relevante.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Conde.

A seguinte pregunta, a 7.6, foi aprazada a petición dos seus autores. Pasamos á seguinte, á 7.7.

Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que vai desenvolver a Xunta de Galicia para afrontar a crise da empresa Barreras na comarca de Vigo

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Señor Conde, ¿vostede dorme tranquilo pola noite? (*Risos.*) Asegúrolle que hai centos de traballadores de Barreras e de Vulcano que non dormen tranquilos pola noite, e hai centos de traballadores das auxiliares do naval de Vigo que non dormen tranquilos polas noites, señor Conde. (*Aplausos.*)

Igual no mundo de Yupi da súa consellería, do seu goberno, e da «Galiza vai ben», da «Galiza calidade», están e viven tranquilos, pero na comarca de Vigo, non; no naval de Vigo, non. E en moitas comarcas do país non viven e non dormen tranquilos pola situación que están atravesando, señor conselleiro.



Nós vimos aquí facerlle preguntas e tamén pedirlle que dea a cara, que non se esconda, señor conselleiro, diante da gravísima, da dramática situación que se está vivindo en dous esta-
leiros de Vigo que foron emblemas da construción naval deste país, que son Barreras e Vul-
cano.

Queremos que dea a cara, porque vostede é o conselleiro de Industria deste país, e vostede
negouse a recibir o comité de empresa de Vulcano, que viñeron camiñando de Vigo ata Com-
postela para pedirlle unha entrevista, e non tivo a decencia de recibilos.

En cambio, vostede si que foi moi espelido para facerse fotos, señor Conde. Mire, mire para
aquí. *(O señor Bará Torres amosa unha fotografía.)* Señor Conde, por favor..., *(Risos.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* a foto. *(O señor conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Conde López, mira a fotografía que mostra o señor Bará Torres.)* Vostede daquela facía este tipo
de fotos con estes prófugos da xustiza, con estes señores que son auténticos delincuentes,
buscados pola xustiza mexicana. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, esta banda
de cuatreiros que están aquí co señor Feixóo e co señor Conde. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor BARÁ TORRES: ¿Que pasa?, ¿que non lles gusta que lles ensinen as fotos? *(Protestas.)*
Si, están buscados e perseguidos pola xustiza estes señores cos que se facían fotos o señor
Conde e o señor Feixóo. *(Aplausos.)* Estas eran as amizades perigosas.

Miren, vostedes son corresponsábeis desta situación. Se esta historia fose unha película, ti-
tularíase *Corrupción en Pemex, Corrupción en Miami* ou *Corrupción en Barreras*. Vostedes son
responsábeis e cómplices por actuar como testaferreros e avalistas de Pemex, por mentir e
por enganar para obter réditos electorais —con conexións en directo da Televisión Galega
incluída—, por embarcar a Barreras nunha aventura ruinosa ao fiasco de Pemex... *(Protestas.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor BARÁ TORRES: ...si, si, por apoiar unha dirección inepta que levou o barco ás pedras,
por apoiar empresarios irresponsábeis amigos do Partido Popular. Están vendendo o país a
cachos, estánllelo vendendo a fondos de investimento, a fondos voitre. Por iso, ante esta si-
tuación dramática, o que lle pedimos á Xunta é que interveña e que haxa unha intervención
pública para crear un grupo empresarial público, un servizo público capitaneado por Vulcano
e por Barreras.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

¡Silencio!

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.



O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Os mundos de Yupi do Bloque Nacionalista Galego é un bo título para unha película. Eu o que lle pediría é un pouco de respecto, de respecto ao Goberno, de respecto a este Parlamento, (Pronúncianse palabras que non se perciben.) e sobre todo un pouco de prudencia nas súas afirmacións.

Con toda tranquilidade lle digo que o venres pasado este conselleiro estivo reunido co comité de Vulcano, e tiveron ocasión de escoitar a súa situación, como tiveron ocasión de escoitala en moitas ocasións durante estes últimos anos, e dende logo a Xunta de Galicia estivo e estará sempre co comité de empresa. Non veña aquí levantar un falso testemuño. *(Aplausos.)*

En calquera caso, vostedes seguen co seu manual de resistencia. Esta é a política parlamentaria do Bloque Nacionalista Galego: todos contra o PP. Moi sinxelo: ¿que se trata dunha decisión do Estado? A responsable, a Xunta de Galicia. ¿Que se trata dunha decisión empresarial? A responsabilidade, da Xunta de Galicia. ¿Que se trata dunha opinión non contrastada? Dá igual, a responsable sempre é a Xunta de Galicia.

Vostedes confunden, señor Bará, a oposición á Xunta coa oposición a Galicia. ¡Non ten nada que ver! Pero vostedes, ¿por que están en contra de Galicia? ¿Por que están en contra do sector naval? ¿Por que están en contra da industria? ¿Por que queren que permanentemente lle vaia mal a Galicia? ¿Por que? ¿Que pensan?, ¿que Galicia é a súa burbulla independentista? *(Murmurios.)* Non, non.

Respecto de Pemex, se este goberno non tivera promovido que Pemex investira en Galicia e encargara dous floteis, hoxe non estaríamos falando de Barreras. *(Aplausos.)* A partir de aí podemos empezar a falar do que vostede queira. E a realidade é que se construíu 1 flotel en Barreras e que se construíu 1 flotel en Navantia, e iso permitiu unha transición clave para que hoxe o sector naval galego sexa a segunda rexión que máis contratos ten en toda Europa. Esa é a realidade.

E a realidade é que, efectivamente, Barreras desenvolveu unha carteira de pedidos de 900 millóns de euros. ¿Acaso Pemex non avalou eses contratos? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Acaso non os avalou? ¿Acaso non existen eses contratos? Oia, se hai unha situación agora de dificultade dende o punto de vista da situación accionarial, dende o punto de vista do desenvolvemento da carga de traballo, a Xunta de Galicia estará aí, como estivo no ano 2012 con Vulcano e como estivo con Vulcano no 2017, apoiando o sector naval. Lamento que o Bloque Nacionalista Galego siga en contra de Galicia, en contra do sector naval e en contra dos traballadores. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para a réplica ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Señor Conde, nós non vimos aquí botarlle o botafumeiro, nós vimos aquí pedir responsabilidades, facer unha oposición crítica e exixente. E, desde logo, se vos-



tede recibiu os traballadores de Vulcano, supoño que lles daría algunha saída diante da súa situación desesperada. (*Murmurios.*) Porque vostedes lles dixeron: colaborade para acabar o barco, que despois nós buscaremos un investidor. E agora a Xunta deixounos tirados no camiño. Esa é a forma de actuar da Xunta con respecto á industria naval e con respecto á industria deste país. ¡E non nos vai dar a nós leccións de defender este país, señor Conde! (*Murmurios.*)

Mire, vostedes son responsábeis do fiasco e do fracaso da operación Pemex, que foi un auténtico fiasco, e vostedes non o queren recoñecer. ¡É a realidade! Vostedes prometeron 24 barcos, ¿e que houbo dos 24 barcos? ¡Construíron 2! E agora están neste auténtico marasmo no que os meteron as súas xestións, igual que as súas xestións en Miami. Esas son as operacións de «conseguidores» que fan vostede e mais o señor Feijóo.

E agora, por riba, temos a ameaza dun fondo especulativo, dun fondo voitre, que quere tamén apropiarse do estaleiro. E vostedes estanlle poñendo a alfombra porque vostedes son uns vendepatrias... (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Tranquila! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Escoiten! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Protestas.*) Se non lles gusta, pois bótenlle azucre. (*Protestas.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor BARÁ TORRES: ¿Para que serven os fondos voitre? Señor Conde, ¿sabe como actúan? O que fan é aproveitar as dificultades das empresas para entrar no accionariado a baixo custo para despois, a miúdo, forzando quitas e axustes laborais, vendelos con plusvalías. Iso é o que están facendo. Por certo, están entrando a saco na industria e en grandes empresas da área de Vigo e de toda Galiza. Iso é o que están vostedes promocionando.

E nós o que lle dicimos aquí é que ten que haber unha intervención pública...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...porque a Xunta puxo moitos cartos en Barreras e ten que capitalizar...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: ...ese investimento para facer un grupo empresarial público...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas. Xa acabou o seu tempo.

O señor BARÁ TORRES: ...ou semipúblico...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor BARÁ TORRES: ...que faga que teña... (*O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.*)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Xa rematou o seu tempo, señor Bará. Moitas grazas.

(Aplausos.)

Para a réplica do Goberno ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Señor Bará, debería revisar a súa intervención porque jé tal despropósito...!, (Murmurios.) tal despropósito, que non é, de verdade, merecente deste Parlamento dígollo sinceramente. Ou vén falar aquí en serio dos traballadores de Vulcano e de Barreras, (Aplausos.) ou vén aquí facer demagogia que non vai a ningures. (Aplausos.) Porque, dende logo, señor Bará, a súa intervención non vai resolver ningún problema nin un só traballo nin de Vulcano nin de Barreras, ningún.

A partir de aí, se quere, falamos de Vulcano. Eu funlles totalmente transparente aos traballadores de Vulcano dende o primeiro momento. Dende o primeiro momento a Xunta de Galicia, no ano 2017, impulsou unha estrutura financeira que permitiu a finalización do ferry, e concedulle un préstamo a Vulcano para que se puidera finalizar ese ferry. E a Xunta de Galicia colaborou e fixo unha tutela dende o punto de vista técnico. Oia, a partir de aí, ¿onde está a responsabilidade? Digo eu que será do estaleiro, ¡digo eu! O estaleiro presenta unhas débedas de 200 millóns de euros. ¿A quen quere imputar esa responsabilidade? (Murmurios.) ¿A quen? (Murmurios.) Eu funlles totalmente sincero aos traballadores.

Con esta situación, loxicamente, é moi difícil. ¿200 millóns de euros de perdas? ¿Que quere?, ¿que o nacionalicemos?, (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.) ¿quéreo? Ao mellor... (Pronúncianse palabras que non se perciben.) ¿Quere iso? Non. Aquí hai unha responsabilidade porque nós xestionamos os recursos dos galegos e de todos os sectores produtivos. (Aplausos.) E a partir de aí, señoría, se en Vulcano hai un investidor que estea disposto, no plan de liquidación, a darlle continuidade e hai un proxecto solvente apoiáremolo. E se non hai un proxecto solvente, loxicamente, non lle pida unha irresponsabilidade, como, por certo, vostedes fixeron con Alfacame, ¿recorda? 32 millóns de euros de quebranto ás finanzas públicas. (Murmurios.)

A partir de aí, se quere, falamos de Barreras. Oia, nós xa lle trasladamos ao armador e ao estaleiro que non imos admitir ningunha solución parcial. E, loxicamente, imos apoiar calquera tipo de proposta que permita desenvolver a carga de traballo, porque hai unha responsabilidade do sector e hai unha responsabilidade tamén co impacto que ten na industria auxiliar. Estaremos con Barreras, como estivemos con Vulcano e como estivemos co sector. Eu recórdolle aquí quen foi o Goberno que propuxo as solucións no problema do *tax lease*, recórdolle quen colaborou na busca de carga de traballo e recórdolle quen destinou 50 millóns de euros —este goberno— precisamente a medidas vinculadas coa innovación e a formación. Señor Bará, leccións sobre o sector naval, ningunha.

Eu o que espero simplemente é que as súas propostas non teñan que desenvolverse por parte de ningún goberno da Xunta de Galicia porque, lamentablemente, non lle van servir a ningún. (Aplausos.)



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Conde.

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.


Suspéndese a sesión ás nove e dezaseis minutos da noite.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Porrit Lueiro, María Teresa	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Prado del Río, Paula	(P)
5. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	43. Prado Patiño, Jesús Miguel	(P)
6. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	44. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
7. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	45. Puy Fraga, Pedro	(P)
8. Burgo López, María de la Concepción	(S)	46. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
9. Caballero Míguez, Gonzalo	(S)	47. Quintero Araújo, Paula	(GCE)
10. Cal Ogando, Marcos	(GCE)	48. Rey Varela, José Manuel	(P)
11. Calvo Pouso, Diego	(P)	49. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
12. Casal Vidal, Francisco	(M)	50. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
13. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	51. Rodríguez Arias, Marta	(P)
14. Chao Pérez, Luca	(GCE)	52. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
15. Conde López, Francisco José	(P)	53. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
16. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(GCE)	54. Rodríguez Estévez, David	(M)
17. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	55. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
18. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	56. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
19. Fernández Macías, Jackeline Elisabeth	(P)	57. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
20. Fernández Prado, Martín	(P)	58. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
21. García Míguez, María Ángeles	(P)	59. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
22. Gómez Salgado, Carlos	(P)	60. Salorio Portal, María Soraya	(P)
23. González Vázquez, José	(P)	61. Sánchez García, Antón	(GCE)
24. Jove González, Xan Xosé	(GCE)	62. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
25. Lago Peñas, José Manuel	(GCE)	63. Santos Queiruga, Carmen	(GCE)
26. Mato Otero, Beatriz	(P)	64. Solla Fernández, Eva	(GCE)
27. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	65. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
28. Mouriño Villar, Antonio	(P)	66. Torrado Quintela, Julio	(S)
29. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	67. Torregrosa Sañudo	(GCE)
30. Novo Fariña, María Isabel	(P)	68. Trenor López, Gonzalo	(P)
31. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	69. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
32. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	70. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
33. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	71. Vázquez Verao, Paula	(M)
34. Otero Rodríguez, Patricia	(S)	72. Vega Pérez, Daniel	(P)
35. Oubiña Solla, Rosa	(P)	73. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
36. Pazos Couñago, José Alberto	(P)	74. Vilar Chento, Óscar	(S)
37. Pérez Seco, José Manuel	(S)	75. Villares Naveira, Luis	(M)
38. Pierres López, María Luisa	(S)		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

